


Tomo II

PARLAMENTARIOS
DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS
E SENADORES (1810 - 2003)

Parlamento de Galicia
Real Academia Galega



DE GALICIA


DE GALICIA


DE GALICIA

DE GALICIA

56 43226-V







PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIENHECHURAS DE DEPUTADOS
E HONORARIOS (1810 - 2003)



PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS
E SENADORES (1810 - 2003)

R.16026

Publicacions de RAG, 2003



PARLAMENTARIOS
DE GALICIA

BIOGRAFIAS DE DEPUTADOS
E SENADORES (1810 - 2003)

PARLAMENTARIOS
DE GALICIA

PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS
E SENADORES (1810 - 2003)

Coordenador Xeral:

Xosé R. Barreiro Fernández

2ª Edición, corrixida e aumentada

PARLAMENTO DE GALICIA E REAL ACADEMIA GALEGA
Santiago de Compostela 2003

INSTITUTO VENEZOLANO DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS Y TECNOLÓGICAS

LABORATORIO DE INVESTIGACIONES

DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS Y TECNOLÓGICAS

INSTITUTO VENEZOLANO DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS Y TECNOLÓGICAS

E ZENADOBES (1810 - 2002)
BIOSFERAS DE DEPTADOS

DE CALICIA
PARLAMENTARIOS



ÍNDICE

PARLAMENTARIOS DE GALICIA

PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS E SENADORES (1810 - 2003)

Investigadores e Redactores do texto:

Xosé R. Barreiro Fernández

Beatriz López Morán

Xosé Luis Mínguez Goyanes

Investigadores:

María Xesús Souto Blanco

Xosé M. Amado López

PARLAMENTO DE GALICIA E REAL ACADEMIA GALEGA
Santiago de Compostela 2003

PARLAMENTARIOS
DE GALICIA

PROGRAMA DE DEPUTADOS
(2003)

© Xosé R. Barreiro Fernández
Beatriz López Morán
Xosé Luis Mínguez Goyanes

REVISIÓN LINGÜÍSTICA
VOLUME I

Carme Cambre García
Xosé Luis Martínez Allegue
M^a Dolores Sánchez Palomino
M^a Dolores Sánchez Vales

VOLUME II
Purificación Toba Quintáns

EDITA

Parlamento de Galicia
Real Academia Galega

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Brétema Comunicación

IMPRIME

Sertrico, S.L. A Coruña

ISBN

Tomo I: 84-87987-25-7
Tomo II: 84-87897-26-5
O.C.: 84-87987-27-3

DEPÓSITO LEGAL
C-1847-2003

ÍNDICE

PARLAMENTARIOS DE GALICIA

BIOGRAFÍAS DE DEPUTADOS
E SENADORES (1810 - 2003)

TOMO II

- 13 Asembleístas da Asemblea Nacional (1927-1929)
- 19 Deputados nas Cortes da II República (1931-1939)
- 81 Procuradores en Cortes (1943-1977)
- 143 Deputados e Senadores (1977-2003) (Congreso dos Deputados,
Senado e Parlamento de Galicia)
- 325 APÉNDICES
- 327 As circunscricións electorais
- 335 Relación de Deputados e Senadores por lexislaturas (1810-2003)
- 483 ÍNDICE ONOMÁSTICO
- 509 FONTES E BIBLIOGRAFÍA
- 531 ÍNDICE XERAL

INDICE

PARLAMENTARIOS DE GAUJA

BOGALINŠKIĀS

1992-1993

GAUJA

NUMURS	VIETA	PĀRSTĀVĀJUMS	PĀRSTĀVĀJUMS
1	1	1	1
2	2	2	2
3	3	3	3
4	4	4	4
5	5	5	5
6	6	6	6
7	7	7	7
8	8	8	8
9	9	9	9
10	10	10	10
11	11	11	11
12	12	12	12
13	13	13	13
14	14	14	14
15	15	15	15
16	16	16	16
17	17	17	17
18	18	18	18
19	19	19	19
20	20	20	20
21	21	21	21
22	22	22	22
23	23	23	23
24	24	24	24
25	25	25	25
26	26	26	26
27	27	27	27
28	28	28	28
29	29	29	29
30	30	30	30
31	31	31	31
32	32	32	32
33	33	33	33
34	34	34	34
35	35	35	35
36	36	36	36
37	37	37	37
38	38	38	38
39	39	39	39
40	40	40	40
41	41	41	41
42	42	42	42
43	43	43	43
44	44	44	44
45	45	45	45
46	46	46	46
47	47	47	47
48	48	48	48
49	49	49	49
50	50	50	50
51	51	51	51
52	52	52	52
53	53	53	53
54	54	54	54
55	55	55	55
56	56	56	56
57	57	57	57
58	58	58	58
59	59	59	59
60	60	60	60
61	61	61	61
62	62	62	62
63	63	63	63
64	64	64	64
65	65	65	65
66	66	66	66
67	67	67	67
68	68	68	68
69	69	69	69
70	70	70	70
71	71	71	71
72	72	72	72
73	73	73	73
74	74	74	74
75	75	75	75
76	76	76	76
77	77	77	77
78	78	78	78
79	79	79	79
80	80	80	80
81	81	81	81
82	82	82	82
83	83	83	83
84	84	84	84
85	85	85	85
86	86	86	86
87	87	87	87
88	88	88	88
89	89	89	89
90	90	90	90
91	91	91	91
92	92	92	92
93	93	93	93
94	94	94	94
95	95	95	95
96	96	96	96
97	97	97	97
98	98	98	98
99	99	99	99
100	100	100	100

ASSEMBLEA NACIONAL (1927-2003)

Comisión de Historia de Galicia

INTRODUCCIÓN

La Asamblea Nacional de Galicia es una institución que ha sido fundamental para el desarrollo político y social de la comunidad gallega. Su creación en 1927 marcó un hito en la historia de Galicia, al ser el primer organismo de representación política de la región. Desde entonces, ha desempeñado un papel clave en la defensa de los intereses gallegos y en la promoción de su cultura y economía.

Este libro pretende ser una herramienta de consulta para conocer la trayectoria de esta institución a lo largo de su historia. Se divide en dos tomos, siendo este el segundo, que recoge la información sobre los diputados y senadores gallegos desde 1927 hasta 2003. El primer tomo, que no se incluye aquí, trata sobre la historia general de la Asamblea y sus antecedentes.

TOMO II

DEPUTADOS E SENADORES DE GALICIA 1927 - 2003

DE CΥTICIV 1833 - 2003
DEPTADOS E ZENYDOVES

TOMO II

ASEMBLEA NACIONAL (1927-1929) (Dictadura de Primo de Rivera)

INTRODUCCIÓN

A Asemblea Nacional inaugurouse o 10 de outubro de 1927 no Palacio do Congreso, asistindo Alfonso XIII e o presidente da mesma, Yanguas, pronunciou o discurso de rúbrica. A que foi cualificada como "remedo de institución parlamentaria" desenvolveu languidamente as súas sesións, con escaso interese por parte do público. A asemblea non tiña un carácter democrático senón corporativo, e constituiu un vano intento de lava-la cara do réxime de Primo de Rivera nos últimos tempos do mesmo.

A Asemblea compoñíase de tres grandes núcleos de representantes: os representantes do Estado, as provincias e os municipios; os representantes das "actividades" e, finalmente, os designados pola Unión Patriótica, o movemento que inspirara Primo de Rivera. Á vista deste esquema, a representación territorial de Galicia artéllase ó redor de tres campos: representación dos municipios, das deputacións provinciais e os xefes provinciais da Unión Patriótica. Había xa que logo doce asembleístas que representaban a Galicia.

Coñecemos os nomes de nove destes representantes galegos: Álvarez Vicente, Dacal Rodríguez e Ginzo Soto, que representaban ós municipios de Pontevedra, Lugo e Ourense; Cao Riguera, Fraga Aguiar e Tenreiro, representantes respectivamente das deputacións de Lugo, Pontevedra e A Coruña; Fraga Rodríguez, Salgado Biempica e Sota Valdecilla, xefes provinciais da Unión Patriótica da Coruña, Ourense e Pontevedra respectivamente.



ÁLVAREZ VICENTE, Manuel

Naceu na Garda (Pontevedra) en 1858. Foi xerente do primeiro banco fundado en Porto Rico. Alcalde da Guarda durante a Dictadura. Durante a súa etapa como alcalde acometeu a apertura de rúas, empedrado de camiños e reforma de escolas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista en representación dos municipios de Pontevedra.



CAO RIGUERA, Alfredo

Naceu en Merille (Lugo) en 1892. Doutor en Medicina. Exerceu a súa profesión dende moi novo, ocupando diferentes postos. Foi condecorado pola Mariña de Guerra pola súa actuación en época de epidemias.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista en representación da Deputación provincial de Lugo.



DACAL RODRÍGUEZ, Antonio

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1885. Cursou a carreira de Medicina na universidade de Madrid. Alcalde de Monforte durante a Dictadura. Levou a cabo obras de pavimentación e amortizou a débeda municipal.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista en representación dos municipios de Lugo

FRAGA AGUIAR, Daniel

Naceu en Ourense en 1877. Cursou varios cursos de teoloxía no seminario de Ourense. Licenciado en Filosofía e Letras. Foi profesor de instituto. Exerceu como catedrático de latín no instituto de Huesca e despois no de Pontevedra. Vocal da xunta provincial de primeira ensinanza. Foi deputado provincial e vicepresidente da Deputación de Pontevedra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista pola Deputación de Pontevedra.



FRAGA RODRÍGUEZ, Enrique

Naceu na Coruña en 1868. Catedrático da Escola Profesional de Comercio da Coruña dende 1893, da que foi director durante os anos vinte. Foi consignatario de buques, importador de carbón e representante de diversas compañías de seguros. Foi secretario da Cámara de Comercio da Coruña (1901-1905) e vicepresidente (1906-1912) e presidente (1912-1914) desa entidade. Foi directivo de varias sociedades de recreo: secretario da Unión Recreativa e Instructiva de Artesanos (1900-1904), vicepresidente do Sporting Club (1916-1920). Políglota, publicou artigos sobre temas relacionados coa facenda, economía pública e lexislación de aduanas.



Non participou en política ata a chegada da Dictadura. A Asociación de Consignatarios nomeouno o seu representante ó constituirse o Comité de la Unión Patriótica de La Coruña, do que será elixido presidente.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista como xefe da Unión Patriótica da provincia de Coruña. Era vocal da sección 4ª (Política arancelaria).

GINZO SOTO, Marcial

Naceu en Ourense en 1885. Director do diario *La Región* dende 1913. Licenciouse en Dereito Civil e Canónico en 1925. Exerceu a avogacía dende esa data. Concelleiro en Ourense por elección popular en 1914-1918 e por nomeamento gubernativo dende 1924. Deputado provincial entre febreiro e novembro de 1926. Alcalde de Ourense dende novembro de 1926. Durante esta etapa emprendeu actuacións de urbanización e saneamento da cidade: ampliación do abastecemento de augas, rede de sumidoiros, construción dunha nova praza de abastecementos e un matadoiro. Despois de cesar como alcalde incorporouse o seu despacho de avogado. Despois da guerra civil non desenvolveu actividade política. Faleceu en Ourense o 22 de outubro de 1974.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista en representación dos municipios de Ourense.



SALGADO BIEMPICA, Arturo

Naceu en Lobeira-Bande (Ourense) en 1882. Cursou Humanidades e Filosofía no seminario de Ourense. Con posterioridade cursou a carreira de profesor mercantil. Dende 1901 dedicouse ós traballos mercantís e foi xerente de diversas empresas en Ourense, entre elas os almacens "Felipe Santiago" nos que comezou como tenedor de libros e chegou a ser socio. Dedicouse tamén ó xornalismo e fundou o semanario *Ecos de Orense*. Foi un dos impulsores do Círculo Católico de Obreros de Orense. Foi un dos fundadores do Monte de Piedad y Caja de Ahorros de Ourense. Foi presidente do Círculo Maurista de Ourense. En 1924, durante a Dictadura, foi nomeado gobernador civil de Murcia. Con posterioridade foi director xeral de Petróleos, delegado do Rei en Fronteiras e, por un breve lapso de tempo, gobernador civil de Ourense. Hai que indicar que Salgado Biempica separouse da súa muller a fins da dictadura de Primo de Rivera e casou en segundas nupcias durante a República, o que foi motivo de non pouco escándalo dada a súa ideoloxía fondamente conservadora.

Estaba vinculado politicamente con Calvo Sotelo, co que tiña amizade persoal. Participou na formación de Renovación Española. Pouco despois do asasinato de Calvo Sotelo trasladouse cun grupo de correligionarios á finca de González Bueno, preto de Segovia, co fin de analiza-los acontecementos e trazar estratexias. Alí sorprendeu o alzamento mentras a súa muller e filla quedaron en Madrid, que era a cidade onde vivía. O seu domicilio foi saqueado e a súa familia perseguida. A súa dona foi violada e varios parentes seus foron fusilados por ser falanxistas.

Pasou os primeiros tempos da guerra en Burgos como presidente da Comisión de Hacienda da Junta Técnica, que foi a primeira entidade gubernativa que formaron os sublevados. Sentíndose indisposto trasladouse a Segovia, cidade onde unha sobriña súa dirixía unha clínica e alí falecerá o 16 de abril de 1937.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista como xefe provincial da Unión Patriótica de Ourense. Era vocal de sección B^a (Sistema tributario).

SOTA VALDECILLA, Daniel de la

Naceu en Ceceñas (Santander) o 9 de xuño de 1877. En 1895 ingresou como alumno da Academia Militar de Ingenieros. En 1901 pasou a prestar servizos como 1º tenente de enxeñeiros en Logroño. En 1906 foi destinado a Pontevedra. Realizou traballos topográficos en Ferrol e Pontedeume. En 1907 foi promovido a capitán de enxe-

ñeiros. En 1907 foi destinado á Coruña. Con posterioridade estivo destinado en África. En 1920 é comandante en situación de supernumerario sen soldo. Foi presidente da Deputación provincial de Pontevedra durante a dictadura de Primo de Rivera. Durante esta etapa acometeu entre outras realizacións a repoboación forestal da península do Morrazo. Tiña as Cruces de 1ª Clase del Mérito Militar e a de San Hermenegildo. Faleceu en Pontevedra cara a 1967.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista como xefe provincial da Unión Patriótica de Pontevedra.

TENREIRO ARIAS-URÍA, Horacio

A vogado e propietario. Durante a Dictadura foi tenente de alcalde do concello da Coruña. Foi presidente da Deputación provincial da Coruña do 16 de outubro de 1926 ó 14 de febreiro de 1929. Nunha viaxe a Madrid, onde tiña á súa dona internada nun sanatorio por problemas psiquiátricos, foi detido e encarcerado. Foi fusilado probablemente nos primeiros días de iniciada a guerra civil. Era curmán de Ramón Mª Tenreiro Rodríguez, deputado da II República.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Asembleista en representación da Deputación da Coruña.

DEPUTADOS NAS CORTES DA SEGUNDA REPÚBLICA (1931-1939)

— A —

ABAD CONDE, Gerardo

Naceu en Ordes (A Coruña) o 8 de agosto de 1881. Era fillo do comandante do posto da Garda Civil desa localidade. De moi novo foi a Cuba, de onde volverá en 1889. Cursou a licenciatura de Dereito e exerceu como avogado na Coruña. Catedrático de lexislación mercantil e marítima na Escola de Comercio desa cidade e por algún tempo na de Vigo. Foi director da Escola de Náutica da Coruña. Figurou como notable orador e figura destacada do republicanismo coruñés. En 1908 é secretario do Partido Republicano Autónomo. Na década dos anos dez consúmase a entrada do radical lerrouxismo en Galicia e Abad representará esa tendencia na Coruña. Foi concelleiro da Coruña en varias etapas. En 1917 foi encarcerado pola súa participación na folga xeral dese ano. Foi alcalde da Coruña en 1918-1919. En 1930 participa no pacto de Lestrove. Pertenceu á masonería.



Ó proclamarse a República era o xefe do Partido Radical na provincia da Coruña e foi nomeado axiña subsecretario do ministerio de Comunicacions. Durante toda a República estivo enfrontado con Casares Quiroga e co outro paladín do radicalismo galego, Emiliano Iglesias, que tiña influencia na Galicia sur. Nas eleccións constituíntes de xuño de 1931 queda sen acta na Coruña e sae elixido finalmente na repetición das mesmas en Lugo. En xullo de 1933 foi elixido vocal do tribunal de Garantías Constitucionales. Presentouse ás eleccións de novembro de 1933 pero non saíu elixido deputado. A fins dese ano foi nomeado presidente do Consello de Estado. Entre fins de xaneiro e principios de abril de 1935 foi ministro de Mariña nun goberno de Lerroux. En agosto de 1935 foi nomeado por concurso de méritos catedrático de Filosofía do dereito na Universidade da Laguna, aínda que renunciou a este posto ante as protestas suscitadas por este nomeamento. En febreiro de 1936 preséntase ás eleccións polo Partido Radical na Coruña, pero non sae elixido. Pese a ser fervente republicano morrerá asasinado na madrileña prisión de Porlier o 10 de setembro de 1936, onde estaba detido dende pouco despois de comezada a guerra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo Partido Radical en 1931.



ALONSO RÍOS, Antonio

Naceu en Silleda (Pontevedra) o 15 de agosto de 1887. Cursou os estudos de Maxisterio en Santiago. En 1908 marchou á Arxentina, onde exerceu como mestre na zona de Mendoza. Figurou entre os fundadores da Federación de Sociedades Gallegas en 1921. Dirixiu alí o xornal *El Despertar Gallego*, órgano da Federación. Colaborou tamén na prensa galega. Foi un dos organizadores da ORGA en Bos Aires en xuño de 1930. En 1931 retorna a Galicia e traballará como mestre na escola de Tomiño. En maio dese ano coñece a Castelao co que manterá relación ata o falecemento deste, compartindo con el a ideoloxía republicana e galeguista de esquerdas. Asiste á asemblea fundacional do Partido Galeguista en Pontevedra en decembro de 1931, en representación da Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires xunto con Suárez Picallo. Presidiu a asemblea celebrada na Coruña para o estudo dun anteproxecto de estatuto galego. Colabora coas escolas dos emigrantes galegos e coas sociedades agrarias galegas, polas cales foi elixido deputado en 1936 pola provincia de Pontevedra. Actuou como propagandista durante a campaña pro Estatuto de Autonomía.

Cando estalou a guerra andivo oculto por distintos puntos de Galicia, chegando a traballar como criado. En agosto de 1938 consegue escapar a Portugal, ata que por fin en xuño do ano seguinte chega á Arxentina. Nese país traballará como axente comercial e colabora coas sociedades galegas en innumerables actos. Secretario do Consello de Galiza dende a súa fundación en Bos Aires en 1944. Á morte de Castelao sucedeo na presidencia desa entidade, que detentará ata o fin dos seus días. Foi un dos organizadores do Congreso da Emigración Gallega celebrado en Bos Aires en agosto de 1956. Autor de varias novelas e ensaios, fundamentalmente de temática galega. Morreu en Bos Aires en 1980.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola Federación Agraria en 1936.



ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Basilio

Naceu en Ourense o 10 de agosto de 1877. Cursou o bacharelato no instituto da súa cidade natal. Fixo a carreira sacerdotal no seminario de Ourense. Despois da súa ordenación alenta o círculo católico ourensán e colabora con *El Heraldo Gallego*, xornal fundado e dirixido por Lamas Carvajal. En 1907 pasa a vivir en Madrid, onde é capelán dos marqueses de Urquijo. Vincúlase ós medios galegos da capital de España, singularmente ó Centro Gallego, chegando pronto a ser coñecido como fogoso propagandista. En 1908

dirixe a revista *Galicia*, acercándose ás posturas antiforistas do Directorio de Teis. Dende 1910 anima en Madrid o grupo de Acción Gallega. Participa nas campañas políticas de Alfredo Vicenti en Becerreá e de Portela Valladares na Fonsagrada. Secretario da Liga Agraria Redencionista, primeiro intento de partido agrario en Galicia. Participa na fundación de *El Debate* en Madrid, que chega a dirixir. Funda a revista mensual *La Zarpa* en Madrid, que posteriormente traslada a Ourense e a converte en diaria. En 1912 abandona *El Debate* e acepta o traslado á fegresía de Beiro, na diocese de Ourense. En agosto de 1912 asina o Manifiesto de la Liga de Acción Gallega, pronunciando mitins en contra do caciquismo. Viaxa a Cuba por este tempo. Sufre un proceso de radicalización progresiva e o bispo Ylundain expulsao da parroquia de Beiro. Apartado do sacerdocio, cursa a licenciatura de Dereito en Murcia e Madrid. Ó seu remate abre un bufete na capital de España, aínda que segue vinculado á loita agraria en Galicia.

Coa chegada da Dictadura de Primo de Rivera pasa por un proceso de moderación ideolóxica. Neses anos preside a Casa de Galicia en Madrid, pronuncia moitas conferencias e reconciliase temporalmente coa Igrexa. Hacia 1928 ingresa no Partido Radical. Deputado nas primeiras lexislaturas da República. Foi vocal do Tribunal de Garantías Constitucionales. Quedou sen a acta en 1936 a causa de amaños electorais, que favoreceron a Calvo Sotelo porque se pensaba que o líder do Bloque Nacional sería menos perigoso dentro que fóra do Parlamento.

Cando comeza a Guerra Civil estaba en Madrid e púxose ó servizo da República. Pronto marcha a Cataluña e despois a Francia. Dende este país partirá para Bos Aires en 1937. Por esta época abandona definitivamente o sacerdocio. Na Argentina traballa como xornalista ata que é expulsado do país. Viaxa a Cuba, onde enferma e gracias á axuda de emigrantes galegos trasládase ós Estados Unidos, onde falecerá en Tampa (Florida) o 15 de novembro de 1943. Basilio Álvarez é unha complexa figura de crego, xornalista e axitador político. Autor de varios libros e opúsculos, sobre temas variados.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo partido Radical en 1931 e 1933.

AMADO REYDONAUD DE VILLEVARDET, Andrés

Naceu en Alacante o 14 de decembro de 1886. Era fillo dun militar que marchou destinado a Cuba. Despois da guerra de Cuba a súa familia volveu á Península. Licenciouse en Dereito na Universidade de Madrid con premio extraordinario. Ingresou no corpo de avogados do Estado. Estivo destinado nas delegacións de Hacienda de Sevilla e Madrid e na dirección xeral do Contencioso. Foi xefe da asesoría xurídica do ministerio da Gobernación. Exerceu tamén a avogacía en Madrid. Director xeral do Timbre, Cerillas y Explosivos con Calvo Sotelo -do que era



amigo- como ministro de Hacienda, durante a dictadura de Primo de Rivera. En función deste cargo foi membro da Asamblea Nacional a fins da dictadura.

Visitou Galicia varias veces durante a guerra, participando en mitins de apoio ó novo réxime. O 5 de outubro de 1937 foi nomeado presidente da Comisión de Facenda da Junta Técnica de Burgos. O 31 de xaneiro de 1938 é nomeado ministro de Facenda no primeiro goberno de Franco. Cesou neste posto o 8 de agosto de 1939. Faleceu en Madrid en 1964.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense por Renovación Española en 1933 e pola mesma circunscrición por Renovación Española/Bloque Nacional en 1936.

APERRIBAY PITA DA VEIGA, Ángel

Naceu na Coruña o 22 de xuño de 1885. Cursou a licenciatura de Dereito na Universidade de Santiago. Desempeñou a súa actividade profesional como avogado na Coruña. Foi decano do colexio de Avogados da Coruña e directivo da Caixa de Aforros desa cidade. Foi presidente da Deputación da Coruña do 20 de febreiro de 1930 ó 23 de abril de 1931. Faleceu na Coruña o 16 de outubro de 1945.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado independente pola Coruña en 1933.

ARBONES CASTELLANZUELO, Eugenio



Naceu en Ponteareas (Pontevedra) en 1884. Fillo dun procurador relacionado coa familia Bugallal, de orixe ilerdense. Licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago. Cursará a especialidade de xinecología en Berlín, cidade á que acudirá case tódolos anos durante o resto da súa vida. Remata os estudos en Alemaña en 1909. En 1910 acada o doutoramento en Madrid. Instálase en Vigo onde exercerá como tocólogo, alcanzando prestixio en toda Galicia. Casou en 1912 e enviuvou dous anos despois, quedando cunha filla recién nacida. Exerceu no Hospital Municipal de Vigo e tivo consulta particular. Foi colaborador habitual do semanario *El Tea* dende a súa fundación en 1908. Este medio foi fundado polo seu parente Amado Garra Castellanzuelo. A partir de 1911 inclínase cara ó movemento agrarista, postura dende a que evoluciona ata o socialismo. En 1916 afíliase á Agrupación Socialista Obrera de Vigo da man de Araújo e Botana. Desa entidade chega a ser vicepresidente a fins dos anos vinte. Nos primeiros anos vinte alcanza o seu apoxeo como xornalista, escribindo habitualmente no *Faro de Vigo*. Foi concelleiro en Vigo. O seu irmán Maximiliano foi alcalde accidental de Vigo de novembro de 1922 a outubro de 1923 e

o seu primo Amando Garra Castellanzuelo, coñecido republicano vigués, foi alcalde desa cidade de decembro de 1931 ó mesmo mes de 1932.

Durante a República é un dos dirixentes do PSOE e da UGT viguesa. Foi un dos delegados galegos que asistiu ó congreso extraordinario do PSOE en 1931. Deputado en 1931 pola provincia de Pontevedra, non acada o escano nas eleccións de 1933. Colabora en 1934 con *Renovación*, voceiro dos socialistas de Pontearreas. Foi vocal no consello nacional do PSOE. Non compartirá a radicalización progresiva do PSOE a partir das eleccións de novembro de 1933. Saiu deputado nas eleccións de 1931, non conseguindo a acta en 1933.


Durante os primeiros días da Guerra Civil asistiu ós feridos no hospital municipal. Desoíu os consellos para que abandonase Vigo e ó pouco tempo é encarcerado, sendo asasinado nas aforas desa cidade, en Cabral, o 15 de setembro de 1936.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo PSOE en 1931. Non pertenceu a ningunha comisión parlamentaria.

AZPIAZU ARTAZU, Ubaldo de

Naceu en Lugo o 29 de xullo de 1875. Entre 1890 e 1891 cursou estudos no Colegio Preparatorio Militar de Lugo. En 1891 ingresa na Academia Militar. En 1897 é promovido a 1º Teniente de Enxeñeiros. En 1898 é destinado a Logroño. Nese mesmo ano realiza traballos fotográficos en Lanzarote (Canarias). En 1900 é nomeado Oficial de 3ª da Administración do Ministerio de Instrucción Pública e Bellas Artes. En 1916 pasa a prestar servicios no Instituto Geográfico e Estadístico. En 1920 é promovido ó emprego de Tenente Coronel de Enxeñeiros. En 1922 concedeselle a Cruz de 2ª clase del Mérito Militar pola publicación da súa obra *"Magnetismo Terrestre"*. A súa actividade política debeu de comezar nos últimos tempos da Dictadura de Primo de Rivera. Era íntimo de Lerroux, que o define como "amigo y correligionario" e tiña amizade co xeneral Sanjurjo, do que era compañeiro de promoción. Parece que foi idea súa que Sanjurjo se presentase deputado por Lugo, circunscrición pola que foi elixido aínda que rexeitou a acta. Incómodo no partido Radical, ofreceulle a Azaña organizar na provincia de Lugo o partido de Acción Republicana. Parece que pertenceu á masonería, nunha loxia de A Liña da Concepción. Visitou nalgunhas ocasións a Azaña, que o cita nas súas *Memorias*. Nunha desas entrevistas acompañou a un grupo de alacantinos que pretendían conseguir un transvase de augas do río Guadiana. Faleceu en Madrid o 4 de marzo de 1934.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo Partido Radical en 1931 e 1933.

— B —

BARROS DE LIS, Severino

Naceu en San Xurxo de Sacos-Cotobade (Pontevedra) en 1887. Avogado de profesión. Home influente na zona de Ponte Caldelas. Foi secretario de Sala do Tribunal Supremo. Cando comezou a guerra estaba en Madrid, de onde non saíu. Estivo oculto un tempo na casa duns familiares e máis tarde na embaixada de Chile. Finalmente foi detido e recluído nunha "checa". Morreu en Madrid o 9 de maio de 1939, pouco despois de rematada a guerra, como consecuencia dos malos tratos sufridos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola CEDA en 1933.

Pertenceu á comisión parlamentaria que informou sobre o chamado "escándalo Nombela" nesa lexislatura.

Deputado pola mesma formación e provincia en 1936.



BEADE MÉNDEZ, Ramón

Naceu en Touriño de Abaixo-Betanzos (A Coruña) o 7 de Abril de 1900. Era labrador de profesión e dirixente do PSOE e da UGT en Betanzos e comarca. Incorporouse ó PSOE en 1922, sendo fundador da Cooperativa Socialista Agraria e da Federación Regional de Trabajadores de la Tierra, da que foi secretario xeral.

Foi deputado en 1931 e non saíu elixido nas eleccións de 1933. Iniciouse na masonería en marzo de 1932 e pertenceu a dúas loxias, en Madrid e Betanzos. Foi un dos delegados galegos que asistiu ó congreso extraordinario do PSOE en 1931. Alcalde de Betanzos en 1933-34. Foi destituído como alcalde e detivo despois da folga proclamada en Betanzos durante a revolución de outubro de 1934, ingresando no castelo de San Felipe en Ferrol. Volveu a ser alcalde de Betanzos en 1936. Nese mesmo ano participou na campaña pro Estatuto de Autonomía.

Cando comezou a Guerra Civil foi acusado na Capitanía xeral da Coruña de se-lo instigador do incendio do convento de San Francisco en Betanzos o 22 de xullo de 1936, acto no que parece que non tivo intervención. Nun primeiro momento foi dado por morto e viviu oculto ata 1947. A partir dese ano saíu do seu encerro e comezou a ter contacto con outros dirixentes socialistas no exilio. En xullo de 1951 foi condenado a doce anos e un día de reclusión menor, téndose que presentar periodicamente á garda civil. Faleceu na súa localidade de nacemento o 3 de xullo de 1956.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo PSOE en 1931. Pertenceu ás Comisións de Economía y Agricultura e Reforma Agraria.

Deputado pola mesma circunscrición e partido en 1936. Nesa lexislatura pertenceu á Comisión de Agricultura.

BECERRA FERNÁNDEZ, Manuel

Naceu en Málaga en 1867. Cursou a carreira de enxeñeiro de camiños, canais e portos en Madrid. Entre 1897 e 1905 foi nomeado sucesivamente director dos portos de Melilla, Castellón e Xixón. En 1910 ingresou na dirección xeral de Obras Públicas. Foi director xeral de Ferrocarriles de 1910 a 1931. Foi deputado por Lugo nas tres lexislaturas da República. Pertencente ó partido radical, en 1935 adheriuse á política de Portela Valladares sendo desautorizado polo mesmo Lerroux. Fugaz ministro, en decembro de 1935, de Instrucción Pública e de Xustiza e Tránsito en sucesivos gobernos de Portela Valladares ata febreiro de 1936.



Cando comezou a guerra estaba en Pontevedra e adheriuse ós sublevados. Permaneceu na zona nacional durante toda a guerra, afastado da actividade política. Faleceu en Madrid en 1940.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo partido Radical en 1931 e 1933 e polo partido do Centro de Portela en 1936.

BILBATUA ZUBELDIA, Antonino

Naceu en Sarria (Lugo) o 23 de maio de 1894 no seo dunha familia oriunda de Guipúscoa. O seu pai atopábase circunstancialmente en Sarria como traballador na construción das vías do ferrocarril. Cursou os primeiros estudos e posiblemente o bacharelato en Madrid. Nesta mesma capital traballou na empresa Boeticher y Navarro. Ingresou no PSOE en Madrid en 1918. Vai despois a Vigo, onde o seu irmán Luis era o xefe de Telégrafos. Comezou a traballar como mecánico de Telégrafos, chegando a ser oficial dese corpo. Deu clases de física e química no colexio María Auxiliadora de Vigo. Foi o primeiro representante da Philips en Vigo. Varios dos seus irmáns eran destacados socialistas, chegando a súa irmá Margarita a ser concelleira de Vigo. Durante a República foi un dos máis destacados dirixentes do PSOE vigués.



Producida a sublevación do 18 de xulio intentou coordina-la resistencia nesa cidade, aínda que foi contrario á entrega de armas ó pobo. Xulgado e condenado a morte, foi fusilado o 27 de agosto de 1936 en Vigo xunto cos tamén socialistas Heraclio Botana e Ignacio Seoane. Poucos días antes os sublevados fusilaran a outros dous irmáns seus.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo PSOE en 1936. Pertenceu á comisión de Comunicacions e foi suplente da de Mariña.

BLANCO-RAJOY ESPADA, Benito (véx. Vol. I)**BOTANA, Enrique Heraclio**

Naceu en Pontevedra o 4 de decembro de 1871. Empregou sempre un único apelido. Era fillo natural de Juan Portela, pai de Manuel Portela Valladares. A súa nai era unha criada ó servizo desta familia pontevedresa. En 1883 ingresa no hospicio de Pontevedra, onde recibe formación en artes gráficas. En 1887 comeza a traballar como tipógrafo en imprentas de Pontevedra. Cara a 1896 instálase en Vigo e comeza a traballar no *Faro de Vigo*, parece que por mediación dunha irmá do seu pai. Vincúlase á actividade obreirista en Vigo, na que destaca axiña como líder. Coñeceu a Pablo Iglesias, do que sería amigo e fiel seguidor, nunha das viaxes que fixo por Galicia na última década do século XIX. Foi un dos impulsores da Casa del Pueblo de Vigo, xunto con Gómez Osorio. Con outros compañeiros impulsa en marzo de 1899 o nacemento do quincenario socialista *Solidaridad*, do que será director dende decembro de 1901 ata a súa desaparición en marzo de 1927. Foi o primeiro presidente da Agrupación Socialista Viguesa en 1900 e presidiu o I Congreso galego do PSOE en 1904. Impulsou a folga de tipógrafos de Vigo en 1905, polo que é encarcerado. En 1907 inspira a creación da Cooperativa Socialista Obrera de Vigo. Por esta época era xa un dirixente socialista recoñecido en Galicia, chegando a sufrir un atentado en 1909.

Foi candidato socialista nas eleccións municipais de 1905 no concello de Lavadores (Pontevedra) e nas eleccións de 1907 no concello da Coruña e non saíu electo en ningunha desas ocasións. Concelleiro de Vigo en 1913 polo PSOE. Preside o Comité Local de Trabaxadores da UGT de Vigo en decembro de 1914. Ingressa en prisión despois da folga xeral de agosto de 1917. En 1919 é designado delegado rexional agrario da UGT para Galicia. Foi de novo concelleiro de Vigo en 1922. Presidiu o XII congreso do PSOE celebrado en Madrid en xuño de 1928. Nos anos trinta contribúe á edición do semanario *Política*, sucesor de *Solidaridad*, que se edita nunha imprenta da súa propiedade, chamada "La Nueva Prensa". Dende este semanario abogase por unha liña moderada fronte ás teses comunistas. Colaborou tamén con *El Socialista*.

Botana foi un dos delegados galegos que asistiu ó congreso extraordinario do PSOE en 1931. Presidiu en Galicia a "Federación Regional de Colectividades Socialistas". Elixido deputado en 1931, non conseguirá a acta nas eleccións de 1933. Foi vocal titular por Galicia no Comité Nacional do PSOE de 1928 a 1936. Durante a República foi vocal da Comisión Paritaria do Instituto Nacional de Previsión e conselleiro da Caja Gallega de Previsión Social. Non compartiu a postura extremista que adopta parte do PSOE despois do triunfo das dereitas en 1933 e mesmo chega a pedi-la dimisión de Largo Caballero. Estivo detido con motivo da revolución de 1934. Co paso do tempo Botana, figura emblemática do socialismo galego, pasará por un proceso de moderación chegando a acusar a algúns deputados galegos do partido, entre eles

Guiance, Seoane e Bilbatúa, de extremistas e revolucionarios. Esta moderación fará que non chegue a ser designado candidato nas eleccións de 1936. Opúxose á entrega de armas ó pobo ante o levantamento do 18 de xullo. Detido o 24 do mesmo mes foi condenado a morte e executado o 27 de agosto de 1936 en Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola PSOE en 1931. Pertenceu ás Comisións de Presidencia, da que foi vicepresidente, e de Industria e Comercio.

— C —

CALVIÑO DOMÍNGUEZ, José

Naceu en Cambados (Pontevedra) a fins do século XIX. Licenciado en Dereito. Asentouse como procurador dos tribunais na Coruña, onde casou. De decembro de 1921 a xaneiro de 1923 foi secretario da xunta de goberno do Colexio de Procuradores da Coruña. Republicano de esquerda, participa no pacto de Lestrove en marzo de 1930, do que xorde a Federación Republicana Gallega un ano máis tarde. Pertencerá ó comité executivo desa entidade. Cando Casares Quiroga foi nomeado ministro de Gobernación en 1931 Calviño cultivou a súa amizade chegando a ser un dos seus homes de confianza. Era tamén amigo de Portela Valladares.



Foi gobernador civil de Lugo de abril de 1931 a agosto de 1932. Foi nomeado despois gobernador xeral no País Vasco. Levou a cabo unha política de contemporización co nacionalismo vasco que foi moi criticada polo republicanos locais. Foi nomeado director xeral de Administración Local por Casares Quiroga.

Cando comezou a guerra estaba en Madrid. Fixo unha fugaz aparición na constitución das milicias gallegas. Refuxiouse no sur de Francia, en Burdeos. Foi acusado por Indalecio Prieto de delatar a Julián Zugazagoitia e Francisco Cruz Salido, que foron entregados a España e fusilados. Volveu á súa localidade natal nos anos corenta e morreu pouco despois.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña por Izquierda Republicana en 1936.

CALVO SOTELO, José (véx. Vol. I)



CASARES QUIROGA, Santiago

Naceu na Coruña o 8 de maio de 1884. Fillo dun coñecido Navogado coruñés procedente de Santiago. Cursou os primeiros estudos no Colexio Dequidt na Coruña. No curso 1897-1898 ingresa na Escola de Comercio mentras prepara por libre o bacharelato, que aproba en 1900 no Instituto Eusebio da Guarda. Comeza Dereito en Santiago en 1904, aínda que ó ano seguinte trasládase a Madrid onde se licencia en 1910. Pouco despois doutórase na mesma disciplina. En novembro de 1911 inscríbese no colexio de abogados da Coruña; días despois sae elixido concelleiro pola Coruña. A fins de 1912 trasládase a Durtal (Francia) para cura-la tuberculose, da que arrastrará as súas secuelas ó longo da súa vida. En 1914 dirixe o diario republicano Tierra Gallega. En novembro de 1915 é reelixido concelleiro republicano pola Coruña. Formou parte do consello de administración dalgunhas empresas, entre elas "Seguros Mútuos" da Coruña, importante empresa aseguradora de incendios, da que é administrador-secretario de 1916 a 1930, sucedendo ó seu pai. Foi suspendido como concelleiro da Coruña en 1917, ó estar involucrado nunha protesta anticlerical na que resulta ferido pola garda civil. Nese mesmo ano iniciase nunha loxia da masonería madrileña. En maio de 1918 volve ó concello da Coruña. En abril de 1919 forza a dimisión de Abad Conde como alcalde da Coruña. En 1922 ocupa a vicepresidencia da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos na Coruña, que preside o doutor Enrique Hervada. En febreiro de 1926 adhírese ó manifesto do partido Alianza Republicana. En outubro de 1929 créase a ORGA na Coruña, da que Casares é o líder principal. En marzo de 1930 participa na reunión de Lestrove, na que se decide enviarlle como representante á reunión das forzas republicanas que se celebra de San Sebastián no mes de agosto seguinte. No chamado "Pacto de San Sebastián" fíxanse as directrices da futura República, que se albiscaba no horizonte. No seu papel de axitador republicano fracasa no intento de controla-la rebelión de Jaca en decembro de 1930, ingresando días despois no cárcere.

O 12 de abril de 1931 é elixido concelleiro pola Coruña pola Federación Republicana Gallega. Dous días despois é nomeado ministro de Mariña do goberno provisional da República, con Alcalá Zamora como presidente do goberno. Neste posto permanecerá ata outubro de 1931. En sucesivos gobernos de Azaña será ministro de Gobernación, dende o 14 de outubro de 1931 ó 11 de setembro de 1933. Gran amigo de Azaña, é unha das poucas persoas das que este fala ben nas súas Memorias. O 9 de outubro de 1932 participa en Lugo na asemblea na que se crea o Partido Republicano Gallego, do que é presidente. En abril de 1934 nace por inspiración de Azaña Izquierda Republicana, partido no que se integra Casares cunha facción dos republicanos galegos. En xaneiro de 1936 apoia a formación do Frente Popular. Con Azaña como presidente do goberno, Casares será ministro de Obras Públicas do 19 de

febreiro a maio de 1936. Alcanza o cumio da súa carreira política o 13 de maio de 1936, en que é designado presidente do goberno, desempeñando tamén a carteira de Guerra.

A súa presunta inactividade nas horas incertas do 18 de xullo de 1936 foi moi criticada e vese obrigado a presenta-la dimisión como presidente do goberno. Pouco despois son incautados os seus bens na Coruña. En novembro de 1936 marcha a París, retornando a España en maio do ano seguinte. En outubro de 1937 asiste á sesión das Cortes en Valencia. En novembro de 1938 volve a París e xa non regresará a España. En xuño de 1940 instálase en Dormers (Inglaterra) na casa de Negrín. En xullo de 1945 retorna a París, onde vivirá ata o seu falecemento o 17 de febreiro de 1950.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931. Deputado en 1933 pola Coruña polo Partido Republicano Gallego.

Deputado pola Coruña por Izquierda Republicana en 1936.

CASTELAO, Alfonso Daniel RODRÍGUEZ

Naceu en Rianxo (A Coruña) o 30 de xaneiro de 1886. Cursa os primeiros estudos na súa localidade natal. Vive entre 1895 e 1900 na Arxentina, onde emigrara o seu pai. Entre 1900 e 1902 cursa por libre o bacharelato. Licénciase en Medicina pola Universidade de Santiago en 1908. Cursa o doutoramento en Madrid en 1908-1909. En 1908 comeza a súa actividade artística presentándose a un certame en Madrid. En 1909 colabora na fundación de El Barbero Municipal en Rianxo. En 1912 fai a súa primeira exposición de pintura. Oposita ó corpo técnico do Instituto Xeográfico e Estatístico, sendo destinado a Pontevedra. Será ademais profesor auxiliar de Debuxo no instituto desa localidade. É un dos fundadores da revista Nos en 1920. En 1921 viaxa por Francia, Holanda e Alemaña, co fin de perfecciona-la súa arte. Ó ano seguinte aparece a súa primeira obra de carácter literario. Participa no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929.



En 1931 é elixido deputado. Por esta época colabora con El Sol. Despois da revolución de outubro de 1934 é desterrado a Badaxoz, onde vive de novembro dese ano a setembro de 1935. Sorpréndelle o comezo da guerra en Madrid, onde fora entregado texto do Estatuto de Autonomía. Durante a guerra residirá en Madrid, Valencia e Barcelona. En 1938 viaxa a Moscú e Nova York. Ó ano seguinte trasládase a Cuba e, ó remate da guerra, marcha a Nova York. En xullo de 1940 trasládase a Bos Aires, onde fixa a súa residencia e será o gran animador do galeguismo no exilio. En 1944 aparece en Bos Aires a súa obra máis emblemática, *Sempre en Galiza*. Preside en 1944 o Consello de Galiza, fundado en Bos Aires como órgano aliguticante dos deputados galegos no exilio, coa pretensión en certa medida de emular ó goberno vasco no exilio e á Generalitat de Cataluña. Sen embargo a situación era distinta, pois o estatuto gale-

go non chegara a entrar en vigor e as forzas que podían soste-lo galeguismo eran débeiles. De marzo de 1946 a xuño de 1947 é ministro do goberno da República no exilio, con Giral como presidente. Vivirá nese tempo en París. Caído Giral o seu sucesor, Llopis, prescinde de Castelao. Ante esta eventualidade volve de novo a Bos Aires onde permanecerá ata a súa morte, que tivo lugar o 7 de xaneiro de 1950. Durante o seu exilio viaxa por numerosas capitais do continente americano. Alternará o seu labor literario e artístico cunha incansable actividade política. Escribe contos e obras de teatro, publica libros de gravados, destaca como debuxante e pronuncia múltiples discursos e conferencias. Contribúe á publicación da revista *Galeuzca*. Acomete proxectos editoriais e dirixe unha fundación cultural, baixo o patrocinio económico do procer galego don Manuel Puente.

Castelao era profundamente demócrata e autonomista, aínda que non separatista. Fervente partidario do pluralismo político, sentía profundamente a Galicia e viviu para ela.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola FRG, como galeguista, en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Galeguista, na coalición do Frente Popular, en 1936.



CORNIDE QUIROGA, Luis

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1884. Cursa os primeiros estudos no Colexio dos Escolapios da súa vila natal. Cando morre o seu pai a familia trasládase á Coruña, sendo axudada por un parente que era maxistrado. Fai o bacharelato no instituto Eusebio da Guarda da cidade herculina. Licenciase en Dereito na Universidade de Santiago. Especializouse en Dereito penal, civil e financeiro. Ingresou no corpo de secretarios xudiciais, chegando a desempeña-la secretaría de Sala da Audiencia Territorial de Galicia na Coruña.

Tivo un bufete na Coruña e colaborou habitualmente con *La Voz de Galicia*. Home influente na Coruña, foi un dos fundadores e primeiro presidente do Real Club Deportivo, de marzo de 1906 a marzo de 1908. Foi fundador e primeiro presidente do Patronato de la Caridad, hoxe Residencia Padre Rubinos. Foi secretario xeral da "Liga de Amigos de La Coruña". Foi membro correspondente da Real Academia Galega. Participou na promoción da primeira zona residencial da Coruña, "La Ciudad Jardín". Presidiu o consello de administración das "Fábricas Coruñesas de Gas y Electricidad". A fin dos anos vinte foi nomeado secretario de goberno do Tribunal Supremo en Madrid. Membro da coruñesa Agrupación Social Republicana, fundada nos albores da República a partir de Derecha Liberal Republicana. Republicano conservador, foi deputado independente nas Cortes Constituíntes. Tivo actuación destacada na discursión do proxecto de lei de Ordenación bancaria. Nas Cortes trabou amizade con Indalecio Prieto.

Durante a campaña electoral de 1936 foi apuñalado nunha rúa coruñesa, parece ser que por elementos comunistas. Cando comeza a guerra estaba en Madrid e pasou momentos de perigo pola súa adscrición conservadora. Indalecio Prieto procurálle un salvoconduto para abandona-la zona republicana. Vivirá fóra de España e cando regresa, a mediados de 1938, inexplicablemente é xulgado por un consello de guerra. Estivo encarcerado no penal de El Dueso (Santander) preto dun ano. Posteriormente foi rehabilitado e viviu en Madrid. Á súa morte era secretario de goberno do Tribunal Supremo. Falece en Madrid o 6 de novembro de 1946.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado independente pola Coruña en 1931. Partenceu á Comisión de Facenda.

Deputado en 1936 pola mesma circunscrición e co mesmo carácter de independente.

— D —

DÍAZ y DÍAZ-VILLAMIL, José María

Nace en Cerdeiral-A Pontenova (Lugo) en 1898. Cursou os estudos de Maxisterio e foi mestre rural en Vilameá. Parelamente cursou a carreira de Dereito. Ingresou no corpo de inspección do ensino primario e foi inspector en Lugo. Exerceu tamén como avogado.

Participou no acto da fundación do Partido Republicano Gallego en Lugo en outubro de 1912. Participou no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929. Durante a República foi gobernador civil en Málaga e Lugo. En 1936 era o presidente provincial de Izquierda Republicana en Lugo.

Cando comeza a guerra estaba en Ribadeo. Escondeuse nun primeiro momento, pero foi detido o 12 de setembro de 1936 e levado preso a Lugo. Foi executado o 25 de setembro en Taramundi (Asturias). Os seus captores considerábano un dos principais dirixentes revolucionarios da provincia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo por Izquierda Republicana en 1936.

E

**ELOLA DÍAZ-VARELA, Francisco Javier**

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1877. Cursou o bacharelato na súa localidade natal. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. Trasládouse a Madrid, onde traballará como pasante no despacho de Pi y Margall ata 1901, ano da morte deste. Amosouse como activo republicano e pertenceu á redacción de *El País*. En 1904 ingresa na carreira xudicial. Foi xuíz de primeira instancia en Sarria; estivo destinado despois en Asturias. Foi tenente fiscal en Xirona e maxistrado en León. Foi maxistrado do Tribunal Supremo, antes da República. Fundador e presidente da

Unión Judicial. Autor de diversas obras xurídicas, foi home de prestixio entre os seus compañeiros de profesión.

En abril de 1931 foi nomeado fiscal xeral da República polo ministro de Justicia Fernando de los Ríos. Pouco tempo estivo no cargo pois dimitiu a fins do mes de xullo seguinte. Posiblemente tivo que dimitir pola anulación das eleccións de xuño en Lugo a causa de diversas irregularidades, eleccións ás que se presentara e fora criticado por iso. Foi o único candidato galego que fixo a campaña pola Agrupación al Servicio de la República nas eleccións constituintes. O 31 de xullo de 1931 participa na homenaxe que se tributou en Madrid ós deputados galegos recién elixidos. Nas Cortes participou activamente na discusión do proxecto de lei do Tribunal de Garantías Constitucionales. Hacia xullo de 1933 separouse do partido Radical, posiblemente porque nomearon a Abad Conde vocal do Tribunal de Garantías Constitucionales, posto ó que aspiraba Eloa. Exerceu como maxistrado en Barcelona durante a guerra. En 1939, despois da entrada das tropas nacionais, foi xulgado, condenado a morte e executado en Barcelona. Parece ser que foi advertido de que a súa vida corría perigo se non abandonaba España, cousa que non aceptou.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado par Lugo polo partido Radical en 1931.

ESPADA GUNTÍN, Luis (véx. Vol. I)

F

FÁBREGA COELLO, Luis

Naceu en Ourense o 5 de maio de 1874. Fillo dun empresario da construción de orixe catalá afincado en Ourense, que traballaba para a Compañía de Ferrocarriles del Norte de España. Cursou os primeiros estudos nesa cidade. Licenciouse en Farmacia na Universidade de Santiago en 1899. Fixo prácticas por un ano nunha farmacia en Arnedo (Logroño). Establécese en Monforte en 1902 e dous anos despois en Ourense. Foi concelleiro desa cidade. Foi un dos asinantes do chamado Pacto de Lestrove. Sae elixido nas eleccións municipais de abril de 1931 e é nomeado alcalde de Ourense, dimitindo o día seguinte para ser designado presidente da deputación provincial. Foi o primeiro presidente da Caixa de Aforros de Ourense, fundada durante a República. Presidiu a Federación Agraria Provincial de Ourense. Republicano visceral, pertencía ó Partido Radical. En outubro de 1931 foi elixido presidente do comité provincial do partido. No bienio negro abandona a política e non segue a Martínez Barrio na súa decisión de escindir-se do partido Radical. Foi detido xunto co seu fillo Luis o 27 de outubro de 1936 e pasou oito meses na prisión provincial de Ourense. Sufriu unha forte sanción económica e un expediente de incautación de bens. Falecerá na súa localidade de nacemento o 28 de decembro de 1960.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Ourense polo Partido Radical en 1931.

FÁBREGA SANTAMARINA, Luis

Nace en Ourense o 8 de agosto de 1906. Fillo do tamén deputado Fábrega Coello. Cursou o bacharelato en Ourense. Licenciouse en Farmacia na Universidade de Santiago cara a 1926. Estableceuse en Ourense. En 1932 é un dos dirixentes da Vanguardia Republicana Radical, as xuventudes, do Partido Radical que sae elixido deputado en 1933, abandonando a Lerroux con posterioridade. Nas eleccións de 1936 preséntase polos centristas de Portela Valladares, non obtendo escaño, o que provoca un escándalo a nivel local. Foi detido o 27 de outubro de 1936, ingresando na prisión provincial de Ourense. O 18 de outubro de 1938 foi conducido ó mosteiro da Santa Espina (Valladolid) e máis tarde foi trasladado a Rianxo, onde permaneceu.



ce preso ata o 25 de febreiro de 1942. Unha vez liberado trasladouse a Ourense. Ademais de sufrir prisión foi sancionado e o seu domicilio foi obxecto de diversos rexistros policiais. Durante o seu exercicio da actividade profesional como farmacéutico foi obxecto de frecuentes persecucións pola fiscalía de Abastos e outras instancias públicas. Presidirá durante moitos anos o colexio de farmacéuticos da provincia de Ourense. Falece en Ourense o 3 de novembro de 1968.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo Partido Radical en 1933.



FERNÁNDEZ MATO, Ramón

Naceu en Crespón-Boiro (A Coruña) o 15 de maio de 1889. Estudiu o bacharelato no colexio dos Escolapios de Monforte. Cursou a carreira de Medicina en Santiago. Cara a 1901 coñece a Castelao, co que publicará a revista *Galicia moza*, da que só saíron dous números. Doutorouse en Medicina en Madrid, aínda que non exerceu a profesión. Adicase ó periodismo e foi redactor do xornal madrileño *El Liberal* e colaborou con *Blanco y Negro*, *La Esfera*, *La Estampa* e outras revistas da época. En 1914 trasladouse a Bos Aires e escribirá en diversos xornais, entre eles *La Nación*; colaborou tamén con *Caras y Caretas* e *Correo de Galicia*. Publica ademais diversas pezas teatrais. En 1924 Portela Valladares encárgalle a dirección de *El Pueblo Gallego en Vigo*. En 1927 dirixe na mesma cidade o semanario *Los Deportes*. Liberal de pensamento, participa no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929.

Durante a República ocupa diversos cargos con Casares Quiroga e despois con Portela Valladares. Foi gobernador civil de Cidade Real, Málaga, Xaén e Cáceres. Foi ademais director xeral de Seguridade, membro da Junta Superior de Policía, comisario do Estado nos ferrocarrís e membro da Junta de Traspasos de Servicios a la Generalitat de Cataluña. Foi asesor do ministerio de Gobernación con Portela Valladares.

Despois da guerra civil exiliouse en Cuba, onde colabora con *El Diario de la Marina*. En 1943 trasladouse a Venezuela e logo a Santo Domingo, onde colaborou en distintos medios de comunicación. Participou nas sesións das Cortes republicanas reunidas en México en 1945 e nese mesmo ano participa no acto de homenaxe a Castelao. Volve de novo a Cuba e dirixe na Habana a revista *Raíz. España en América* e colabora con *Carteles y Prensa libre*. Despois do triunfo de Fidel Castro trasládase ós Estados Unidos. En 1965 regresou definitivamente a España. Autor dunha ampla gama de obras de carácter literario. Falece en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) en 1980.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo partido de Centro de Portela Valladares en 1936.

Pertencen á Comisión de Gobernación, da que foi vicesecretario, e como suplente ás Comisións de Actas e Guerra.

FERNÁNDEZ OSORIO-TAFALL, Bibiano

Naceu en Pontevedra o 3 de decembro de 1902. Empregou de feito o segundo apelido do seu pai (Tafall), e deste xeito será coñecido. Courseu os primeiros estudos e o bacharelato na súa cidade natal. En 1917 inicia os estudos de Farmacia en Santiago. En 1919 vai a Madrid, onde vive na Residencia de Estudiantes, e se licencia en Ciencias Biológicas. Doutórase en 1925 na mesma materia. Licenciase en Economía na universidade de Santiago entre 1925 e 1929. En 1927 é profesor de agricultura e tecnoloxía no instituto de Pontevedra. En 1930 é secretario da Misión Biológica de Galicia. En 1931 é profesor de ciencias naturais e director do instituto de Pontevedra. En 1930-31 amplía estudos en Berlín, diplomándose en xenética. Á volta de Alemaña amósase activo politicamente e participa no Pacto de Lestrove. Foi un dos fundadores en abril de 1931 do Centro Republicano de Pontevedra. Participou na fundación da Federación Republicana Gallega.



Foi elixido concelleiro de Pontevedra o 12 de abril de 1931, sendo nomeado alcalde da mesma cidade. Dimitiu no verán de 1932, posiblemente por desavenencias con Casares Quiroga. Pasou despois a ocupa-la presidencia da Deputación. Tivo grande participación na xestión do Estatuto de Autonomía de Galicia. Presidiu en 1932 a asemblea de concellos de Galicia, na que foi aprobado o proxecto de Estatuto. Presidiu as sesións co Comité Central da Autonomía de Galicia. Despois do triunfo do Frente Popular impulsou a celebración do plebiscito do Estatuto.

Foi subsecretario de Traballo e Previsión Social en febreiro de 1936 e de Gobernación a partir de mediados de maio. Partidario fervente do Frente Popular, apoiou a candidatura dun comunista por Pontevedra e posiblemente por este feito os comunistas déronlle o seu apoio para que fora nomeado subsecretario de Gobernación.

Unha vez iniciada a guerra, en outubro de 1936, encargouse da dirección de Política, o diario de Izquierda Republicana e ingresa como profesor de bioloxía no instituto Lope de Vega de Madrid. Durante a guerra achégase a Negrín e mesmo é nomeado por este comisario xeral do Exército en marzo de 1938. Asistiu ás sesións das Cortes celebradas en Figueras a principios de febreiro de 1939.

Ó remate da guerra exiliouse en Francia, marchou despois ós Estados Unidos e recalou finalmente en México. De 1941 a 1948 foi profesor da Universidad Autónoma e do Instituto Politécnico Nacional de México. En 1949 foi nomeado director da oficina rexional do occidente de América Latina da FAO con sede en Chile. A partir de 1959 serve nas Nacións Unidas dende importantes postos relacionados coa agricultura e a alimentación, en Indonesia e diversos países de África ata 1967. De 1967 a 1974 foi representante da ONU en Chipre. En 1974 retírase co rango de subsecretario xeral da ONU e volve a México, onde desempeña importantes cargos relacionados co desen-

volveremento rexional e a formación profesional.

Republicano e autonomista galego, co advenemento da democracia Adolfo Suárez quixo convertelo no Tarradellas galego. Sen embargo Tafall non aceptou este papel aducindo o seu apartamento dos problemas de Galicia por mor do seu longo exilio. Autor de máis de douscentos traballos científicos no campo dos recursos naturais e a relación das ciencias co desenvolvemento. Falece en México D.F. en 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola Federación Republicana Gallega en 1931. Pertenceu ás Comisións de Agricultura, Reforma Agraria e Industria y Comercio. Deputado en 1936 pola mesma circunscrición por Izquierda Republicana. Pertenceu ás Comisións de Estatutos, Gobernación e Traballo.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA LOMBÁN, Virgilio

A vogado de Castroverde (Lugo), de tendencia portelista. Pasou a guerra na zona Anacional e foi sometido a depuración.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo Partido de Centro de Portela Valledares en 1936. Pertenceu ás comisións de Pensiones e Presidencia. Foi membro suplente das Comisións de Gobernación, Guerra e Orzamentos.

FONTAÍÑA SARRAPIO, Luis



Naceu en Carballedo-Cotobade (Pontevedra) o 21 de xuño de 1900. O seu pai, galego que vivía en Madrid quixo que o seu fillo nacera en Galicia, trasladándose de novo a Madrid a familia cando este tiña dous meses de idade. Courseu o bacharelato no colexio dos Maristas de Madrid. Licenciouse en Medicina e Cirurxía na Universidade de Madrid en 1924. Courseu despois estudos na escola de Odontoloxía, onde se diploma no ano 1926. Exerce como profesor auxiliar na cátedra de próteses fixa. Estableceuse profesionalmente en Pontevedra en 1928.

Foi un dos fundadores do Partido Republicano Radical en Pontevedra. O 31 de decembro de 1935 foi proclamado presidente da Deputación provincial de Pontevedra.

Despois da guerra civil non desenvolveu actividade política. Foi presidente do Colexio de Estomatólogos da IX rexión de 1951 a 1964. Vicepresidente 1º do Colexio Médico de Pontevedra dende o 26 de xaneiro de 1946 ó 24 de xaneiro de 1964. Decano xefe da Beneficencia Provincial de Pontevedra dende o 9 de xullo de 1959 ó 21 de xuño de 1970. Faleceu en Pontevedra o 18 de novembro de 1974.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Radical en 1933.

— G —

GARCÍA BECERRA, Manuel

Avogado. Participou no acto de desagravio feito a Castelao en Madrid en 1935 a súa volta de Extremadura. Exiliouse en México despois da guerra civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo partido Radical Socialista, integrado na candidatura da Federación Republicana Gallega en 1931.

**GARCÍA RAMOS, Alfredo**

Naceu en Vila de Cruces (Pontevedra) en 1877. Cursou en Santiago o bacharelato e a carreira de Dereito, que remata en 1897. En 1906 ingresa como secretario de sala da Audiencia Territorial da Coruña. En 1922 é nomeado vicesecretario de goberno do Tribunal Supremo e secretario do mesmo en 1931.

Foi destacado propagandista católico-social galego durante o primeiro tercio do século XX. Escribiu en diversos xornais sobre a defensa do campo galego. Dirixiu *El Ideal Gallego* e foi presidente da Asociación da Prensa da Coruña en 1906. Autor de diversas obras xurídicas, singularmente no ámbito do dereito civil. Especialista en dereito consuetudinario, era partidario dun regionalismo de tendencia tradicionalista. Impulsou a idea de revitaliza-lo cultivo do liño en Galicia. Sendo parlamentario participou nas campañas en defensa da Misión Biolóxica de Pontevedra. Cando faleceu era deputado por Pontevedra e vocal do Tribunal de Garantías Constitucionales. Morre en Caldas de Reis (Pontevedra) en 1934.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra como independente en 1933.



**GARCÍA-RAMOS SEGOND, José**

Naceu en Santiago de Compostela o 17 de agosto de 1875. Cursou o bacharelato e a carreira de Medicina en Santiago. Era irmán doutro deputado, Alfredo García Ramos, con quen mantíña diferencias ideolóxicas aínda que sempre tivo con el boa relación. Era médico forense na Coruña. Fervente republicano e democrata, pertenceu á masonería.

Cando estala a guerra estaba na Coruña. Foi detido e pasou tres anos nos cárceres de Madrid, A Coruña, Porto de Santa María e Burgos. Foi inhabilitado como forense e tivo que vivir do exercicio libre da profesión na Coruña. Non foi repostado nunca no seu cargo. Escritor aficionado, nos anos cincuenta colabora coa revista *Lar* editada pola colectividade galega de Bos Aires. Falece na Coruña o 2 de outubro de 1970.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo Partido Radical en 1933 e pola mesma circunscrición por Unión Republicana en 1936.

GASSET ALZUGARAY, Ricardo (véx. Vol. I)**GIL CASARES, Felipe**

Nace en Santiago de Compostela o 16 de outubro de 1877. Fillo de Ramón Gil Villanueva, catedrático de Física da Universidade de Santiago e neto do célebre químico Antonio Casares Rodrigo. Licenciouse en Dereito en Santiago en 1898. Realizou o doutoramento na mesma disciplina ó ano seguinte en Madrid. En 1905 foi nomeado profesor auxiliar na Facultade de Dereito en Santiago. En 1911 acadou a cátedra de Dereito Civil na mesma universidade. Estivo nun primeiro momento próximo ós postulados das Irmandades da Fala. Foi alcalde de Santiago de outubro de 1930 a abril de 1931.

Foi un dos impulsores de Acción Nacional en Santiago. En xaneiro de 1933 aparece na xunta directiva da Unión Regional de Derechas, de Santiago. Deputado en 1933 e 1936, caracterizouse pola defensa dos intereses de Galicia dende a especificidade galega. Rector da Universidade de Santiago de 1936 a 1939. Cando faleceu era maxistrado do Tribunal Supremo. Morre en Madrid en 1953.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola CEDA en 1933 e 1936.

GÓMEZ JIMÉNEZ, Enrique

Era enxeñeiro de camiños, canais e portos. Foi alcalde de Lugo durante a ditadura de Primo de Rivera. Durante a República foi concelleiro por Lugo e un dos líderes do republicanismo conservador desa localidade. Despois da guerra pasou a vivir á Coruña, onde foi enxeñeiro xefe de Obras Públicas. Presidiu o R.C. Deportivo de La Coruña de maio de 1950 a xaneiro de 1952. Faleceu pouco despois de deixa-la presidencia desta entidade.


**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo pola Derecha Liberal Republicana en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Republicano Conservador en 1933 e 1936.

GÓMEZ OSORIO, José

Naceu en Vilar-Baleira (Lugo) o 14 de xaneiro de 1882. Pasou a súa xuventude en Vigo e Madrid, onde entra en contacto cos medios socialistas. Traballou como ebanista en Madrid ata que chega de novo a Vigo onde se vincula ó grupo de Botana. Comezou a traballar como ferroviario, axudando a crea-lo sindicato da compañía do ferrocarril de Zamora-Ourense-Vigo. Asinou o manifesto do 27 de marzo de 1917 chamando á folga xeral, que tería lugar en agosto dese ano. Despois desta folga emigrou a Portugal. Foi candidato socialista por Pontevedra nas eleccións de 1920 e non saíu elixido. Estivo despois ó fronte do sindicato ferroviario en Salamanca, xunto co tamén socialista Trifón Gómez.



Ó principio dos anos vinte era redactor do semanario socialista *Solidaridad*, dirixido por Botana. Foi presidente da Casa del Pueblo de Vigo, delegado rexional da central sindical e, en varias ocasións, presidente da Federación Local de Traballadores. Foi tamén vocal na comisión nacional do PSOE en representación de Galicia, onde despregou grande actividade. Foi un dos vocais que votou a favor da aceptación do posto de conselleiro de Estado de Largo Caballero, na reunión da comisión nacional do PSOE do 10 de decembro de 1924. En 1927 dirixiu en Vigo o semanario *El Obrero Ferroviario*. En 1928 foi vocal por Galicia no Comité Nacional da UGT.

Durante a República foi secretario-contador do Sindicato Nacional Ferroviario de UGT. Deputado por Pontevedra en 1931, foi candidato nas eleccións de 1933 pero non foi elixido. Sufriu prisión en 1934 pola súa protesta pola destitución do alcalde de Vigo e por facerse responsable da existencia dunhas pistolas aparecidas na sede do Sindicato Nacional Ferroviario.

Durante a Guerra Civil continuou a traballar no Sindicato Nacional Ferroviario en

Madrid. En 1938 foi nomeado gobernador civil de Madrid. Ligado a Besteiro, era contrario á influencia dos comunistas chegando a ser encarcerado por estes en El Pardo, ata que foi liberado polo coronel Segismundo Casado. Apoiou ó Consejo Nacional de Defensa creado por Casado nas últimas semanas da guerra e na última reunión das Federaciones Provinciales Socialistas, celebrada en Madrid a mediados de marzo de 1939, foi nomeado presidente da nova Comisión Ejecutiva Nacional do PSOE co fin de afrontar a difícil situación que se aveciñaba. Foi detido polos franquistas ó finaliza-la guerra e recluído na prisión madrileña de Porlier. Alí reuniuse traxicamente co seu fillo, o dirixente das Juventudes Socialistas de Madrid Sócrates Gómez Pérez, tamén detido e que anos despois, na democracia, sería senador e deputado socialista por Madrid. Parece que na véspera da súa execución o pai, como último presidente da executiva do PSOE, encargoulle ó fillo a reorganización do partido. Foi fusilado o 24 de febreiro de 1940 xunto cos tamén dirixentes socialistas Ricardo Zabalza Elorga, deputado por Badaxoz, e Serrano Batanero.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo PSOE en 1931. Pertenceu ás Comisións de Fomento y Obras Públicas e Trabajo.



===== GÓMEZ PARATCHA, Laureano

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 30 de agosto de 1884. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Estableceuse como médico en Vilagarcía hacia 1906. Trabou contacto cos Calderón, acaudalada familia madrileña que veraneaba en Vilagarcía, dos que pasou a ser médico. Hacia 1913-1914 vai a vivir a Madrid, como médico desa familia. Tan estreito chegou a se-lo contacto cos Calderón que mesmo ós acompañará en distintas viaxes arredor do mundo. Pouco antes da súa partida a Madrid fora alcalde de Vilagarcía e un dos fundadores do xornal *Galicia Nueva*.

Participou no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929. Foi deputado en 1931. Foi ministro de Industria y Comercio durante unhas semanas, do 12 de setembro ó 8 de outubro de 1933, nun goberno Lerroux. Presentouse ás eleccións 1933 pero quedou sen acta. Foi detido ó estala-la guerra e fíxoselle un consello de guerra. Estivo no cárcere case cinco anos, primeiro preto de Ourense, despois no mosteiro de Oseira, máis diante en Valladolid, para acabar finalmente de novo en Ourense. Foi excarcerado cara a 1941, parece que por influencia do conde de Rodezno. Unha vez en liberdade viviu en Madrid coa súa familia, que o mantivo ata a súa morte. Foille prohibido o exercicio da medicina, ademais de ser expulsado de diversas entidades culturais e recreativas ás que estaba vinculado en Madrid (presidencia do Aeroclub, membro do Casino, etc.) Fixo un intento de radicarse en Bos Aires en 1951, cidade onde tiña unha das súas fillas e un irmán, pero volveu a España ó cabo de ano e medio. Faleceu en Madrid en 1968.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola FRG en 1931.

GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio

Naceu no barrio coruñés de San Roque o 13 de novembro de 1903. Cursou os primeiros estudos en diversas escolas da súa cidade natal e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda entre 1914 e 1920. Estudiu a carreira de Dereito na Universidade de Madrid, rematándoa en 1926 con premio extraordinario. En xuño de 1924 coñece no Casino Republicano da Coruña a Casares Quiroga, con quen permanecerá vencellado a partir dese momento. Ingresa como oficial da Administración no Ministerio de Gracia e Xustiza en outubro de 1926. Nese mesmo curso de



1926-1927 cursa os estudos de doutoramento e comeza a súa actividade política como secretario xeral da recién creada FUE (Federación Universitaria Escolar). Amplía estudos en Munich, pensionado pola Universidade de Madrid, de outubro de 1927 a xullo de 1928. Á volta solicita o reingreso e é destinado á dirección xeral de Registros. Axiña solicita novamente a excedencia e adícase á docencia como axudante de clases prácticas na facultade de Dereito. Combatirá en Madrid á Dictadura de Primo e ó goberno do xeneral Berenguer e participa en diversas folgas universitarias. Non perde o contacto co republicanismo coruñés e será un dos fundadores da ORGA. Acada o doutoramento en 1929 e nese mesmo ano incorpórase como profesor adxunto da cátedra de dereito Penal da Universidade de Madrid en ausencia de Jiménez de Asúa, o seu valedor na Universidade. Catedrático de Dereito Penal na Universidade da Laguna en 1931. Catedrático en Salamanca (1932-1936), Oviedo (1936-1937) e Barcelona (1938).

Foi deputado nas tres lexislaturas da República. De 1931 a 1933 foi director xeral de Administración Local e Beneficencia. Participa no acto de desagravio feito a Castelao en Madrid en 1935, a súa volta de Extremadura. Co paso do tempo distánciarase de Casares Quiroga, o seu mentor político. Cando gaña o Frente Popular as eleccións é nomeado gobernador do Banco de Crédito Industrial e nese posto estaba cando estalou a guerra. A súa escasa simpatía polo Frente Popular foi a razón pola que lle deron este cargo, de pouco contido político.

Durante a guerra viviu en Valencia e Barcelona. En decembro de 1938 é nomeado cónsul xeral de España en Xenebra e secretario da delegación española na Sociedade de Nacións. Dende estes postos axudará ós exiliados republicanos proporcionando pasaportes ós fuxidos. Cesa neses cargos a principios de febreiro de 1939 e marcha primeiro a París e logo a Amberes, onde embarca para Nova York.

Incorpórase ó Hunter College de Nova York en 1940 como profesor de Literatura e Historia de España. De 1946 a 1971 ensina no colexio español de Middlebury College. Foi profesor visitante en diversos centros docentes norteamericanos. Participou na actividade dos medios galegos de Nova York e de hispanoamérica. Interveu no Congreso da Emigración Gallega celebrado en Bos Aires en 1956. Volveu a España por primeira vez en xullo de 1976, unha vez morto Franco. Con posterioridade e ata a súa morte visi-

tará o seu país en repetidas ocasións. En marzo de 1978 foi nomeado membro numerario da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación. Nos últimos anos da súa vida foi nomeado *doutor honoris causa* pola Universidade de Coruña e cronista do Reino de Galicia. Autor dunha abundante bibliografía, relacionada fundamentalmente coa historia de Galicia. Morreu en Nova York en 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931. Formou parte da comisión de Responsabilidades, e da subcomisión dos "sucesos de Jaca". Deputado en 1933 polo P.R.G. pola Coruña. Deputado en 1936 por Izquierda Republicana pola Coruña.

Nesta lexislatura pertenceu a tres das comisións parlamentarias máis relevantes:

Deputación Permanente das Cortes, Comisión de Gobierno Interior e Comisión Interparlamentaria, sección de Unión Interparlamentaria.



■ GUiANCE PAMPÍN, Amando

Naceu en Laxe (A Coruña) hacia 1891. Traballou como Nebanista en Pontevedra na moblería "Arturo Martínez". Ingresou na agrupación socialista de Pontevedra o 23 de maio de 1931, sendo elixido vicepresidente da mesma en xaneiro de 1932. Candidato nas eleccións de 1933, non saíu electo. Deputado en 1936, participou na campaña a favor do Estatuto de Autonomía nese ano. Foi detido en Pontevedra nos primeiros momentos da guerra. Condenado a morte o 16 de agosto de 1936, conmutóuselle a pena por unha condena de trinta anos de cárcere. Estivo preso ata 1946, primeiro na illa de San Simón e despois no cárcere de Pontevedra. Unha vez liberado pasou a rexentar un comercio de paquetería en Pontevedra. Falecerá nesa cidade en 1979.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo PSOE en 1936.

■ GUISASOLA DOMÍNGUEZ, Nicasio

Enxeñeiro agrónomo e xerente da Fábrica de Osixeno de Vigo. Elixido concelleiro de Vigo nas eleccións de febreiro de 1931 pola candidatura liberal monárquica. Foi un dos fundadores da Unión Rexional de Dereitas de Vigo en xaneiro de 1932. Era o principal dirixente desa entidade na provincia de Pontevedra cara a 1934. Deputado pola CEDA en 1933. Presentouse como candidato ás eleccións de 1936 pero non obtivo escano.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola CEDA en 1933.

GUZMÁN GARCÍA, Manuel

Naceu en Rentería (Guipúscoa) en 1878. Fillo dun carabineiro, pertenceu el mesmo a ese corpo durante doce anos. Estivo destinado en Bilbao e outras localidades e portos españois. Dedicouse posteriormente ós negocios e á actividade política. Entre outras actividades tivo unha consignataria de buques e negocios de compra e venda de fincas. Tiña amizade con Casares Quiroga, que foi o que o introduciu en política.



Cando comezou a guerra estaba na Coruña e pronto foi detido. Condenado a morte por un consello de guerra, foi fusilado o 31 de agosto de 1936 na Coruña. A súa familia sufriu unha forte sanción económica e un embargo dos seus bens, quedando no desamparo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña por Izquierda Republicana en 1936.

**IGLESIAS AMBROSIO, Emiliano**

Naceu en Ponteareas (Pontevedra) o 28 de xullo de 1878. Quedou orfo de moi novo. Cursou o bacharelato en Pontevedra. Mentras estudiaba foi redactor do xornal La Unión Republicana e xefe da xuventude federal de Pontevedra, o que lle custou persecucións e procesos. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi durante un tempo avogado en Pontevedra. En 1900 foi nomeado corresponsal do xornal El País. Dirixiu o diario republicano vigués La Justicia en 1903 e neste mesmo ano participa na organización da asemblea de republicanos galegos, onde destaca xa como elocuente orador e hábil político. En 1904 coñece a Lerroux nunha viaxe que este realiza a Galicia. Trasládase a Barcelona por indicación do mesmo Lerroux para traballar no seo do Partido Radical. Foi director do órgano El Progreso deste partido, que dirixiu durante moito tempo. En 1906 foi avogado defensor de Ferrer, co que consegue popularidade entre as esquerdas. En 1908, cando Lerroux marcha a Arxentina, fíxose cargo do Partido Radical e ó ano seguinte foi elixido concelleiro en Barcelona, obtendo a primeira tenencia de alcaldía. Con motivo da semana trágica de Cataluña foi detido e encarcerado durante tres meses. En 1910 foi elixido deputado a Cortes por Barcelona e acadou fama de fogoso polemista. Foi reelixido deputado ata o pronunciamento de Primo de Rivera.



Cando se proclama a II República ocupa o goberno civil de Barcelona, do que é expulsado polos anarquistas para instalar no cargo a Companys. Deputado nas Cortes Constituíntes por Pontevedra, foi acusado de manter relacións con Juan March. Será reelixido en 1933. Pouco despois é nomeado embaixador en México, posto no que permanece ata o triunfo do Frente Popular. Nas eleccións de 1936 preséntase por Pontevedra e non obtén a acta. Durante toda a República loitou con Abad Conde polo liderato do radicalismo galego. Mantivo unha singular posición na vida política local de Pontevedra, dirixindo a actividade republicana radical do sur de Galicia dende Barcelona. De acordo coa súa ideoloxía radical mantivo polémicas sonadas cos nacionalistas de Pontevedra, singularmente con Castelao e Bóveda. Faleceu en Madrid o 31 de outubro de 1941.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Radical en 1931. Deputado pola mesma circunscrición e partido en 1933.



IGLESIAS CORRAL, Manuel

Naceu na Coruña o 1 de xaneiro de 1901. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Estivo un curto período de tempo como emigrante en Cuba. Cursou a carreira de Dereito nas Universidades de Santiago e Valladolid. Desempeñou a súa actividade profesional como avogado na Coruña.

Saiu elixido concelleiro pola Coruña nas eleccións municipais de abril de 1931 pola candidatura republicana. Vocal da comisión que redacta o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Alcalde da Coruña de 1932 a 1933. Durante este tempo tratou ó xeneral Franco, que estaba destinado daquela na Coruña, o que lle sería de grande utilidade nos primeiros momentos da Guerra Civil. Foi vocal da comisión que redacta o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Deputado nas eleccións de 1933 pola Coruña polo Partido Republicano Gallego. Foi relator do Estatuto galego. Foi nomeado fiscal xeral da República por Portela Valladares o 1 de xaneiro de 1936, permanecendo no posto unhas poucas semanas.

Cando comeza a guerra consegue salva-la vida aínda que sufrirá unha sanción económica. Vivirá durante un tempo en Santiago, volvendo despois á Coruña.

Despois da guerra ocupa importantes postos en consellos de administración de diversas empresas. Foi decano do Colexio de Avogados da Coruña de 1963 a 1987. Rexentou un coñecido despacho profesional na Coruña, no que destacou como experto civilista e mercantilista. Foi presidente rexional de UCD, integrándose en Alianza Popular cando desapareceu aquela formación. Presidiu a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Foi membro do Consello General de la Abogacía e da Comisión General de Codificación. Autor de diversas obras de carácter xurídico. Faleceu na Coruña en 1989.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo Partido Republicano Gallego en 1933.

Senador pola Coruña na lexislatura constituínte (1977-1978) pola Candidatura Democrática Galega (PPG, PGSD, PSG, PSOE, PCG, MCG).

A mediados da lexislatura ingresou no grupo parlamentario de UCD o que foi moi protestado.

Senador pola mesma circunscrición na I lexislatura por UCD. Foi presidente da Comisión Constitucional do Senado.

Deputado no Parlamento de Galicia pola Coruña na I lexislatura por UCD e durante parte da II por Coalición Popular.

— L —

LAZCANO MORALES DE SETIÉN, Felipe (véx. Vol. I)

LIS QUIBÉN, Víctor

Naceu en Bos Aires en 1893 no seo dunha familia de orixe galega. Exerceu como médico en Pontevedra. Dedicouse ó estudo da etnografía e folclore galegos. Estudiu a medicina popular e o curandeirismo e foi autor de varias publicacións sobre esta materia. Publicou os seus traballos sobre medicina popular en diversas revistas, entre elas a mesma *Nos*. Colaborou coa prensa galega.



Elixido concelleiro de Pontevedra pola candidatura monárquica nas eleccións municipais de abril de 1931. Foi un dos fundadores de Unión Regional de Derechas de Pontevedra en decembro de 1931, da que foi secretario. Progresivamente foi acercándose a posturas máis dereitistas e hacia marzo de 1934 ingresa en Renovación Española. Parece ser que durante os primeiros tempos da guerra exerceu labores represoras na provincia de Pontevedra como xefe da Garda Cívica. Faleceu en Pontevedra en 1963.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola CEDA en 1933.

Deputado pola mesma circunscrición por Renovación Española/Bloque Nacional en 1936.

**LONGUEIRA PATIÑO, Pedro**

Naceu en Ferrol o 25 de novembro de 1905. Era metalúrxico. Traballou na Sociedad de Construcción Naval Española. Foi vicepresidente da Federación Comarcal de UGT de Ferrol en 1931. Foi vocal por Galicia no comité nacional das Xuventudes Socialistas de 1932 a 1934 e presidente desa entidade en Ferrol, que foi fundada en 1910. Partidario da liña reformista moderada, despois do triunfo das dereitas en 1933 sufriu un proceso de radicalización. Moveuse na esfera de influencia de Manuel Cordero, deputado socialista por Madrid de orixe galega. Quizais como froito da importan-

cia das Xuventudes Socialistas de Ferrol, foi elixido candidato socialista para as eleccións de febreiro de 1936 aínda que formalmente non pertencía ó PSOE. De feito presentouse na candidatura como "Independiente de Izquierdas", en lugar de Tomás López Latorre que era o candidato inicial.

Durante a Guerra Civil foi comisario inspector de Prisiones do Estado, vocal do Tribunal de Responsabilidades Civiles e membro do Patronato de Campos de Trabajo. Asistiu á sesión das Cortes celebrada en Figueras a principios de febreiro de 1939. Exiliouse en México ó remate da guerra. Asistiu ás sesións das Cortes reunidas en México D.F. en 1945. Faleceu nesa cidade o 10 de agosto de 1983.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo PSOE en 1936. Pertenceu ás Comisións de Mariña e Defensa Nacional. Foi membro suplente das comisións de Agricultura, Instrucción Pública e Orzamentos.

**LÓPEZ PÉREZ, Ángel**

Naceu en Lugo o 7 de marzo de 1873. Cursou a carreira de Dereito en Santiago. Abriu un bufete en Lugo e a súa actuación no foro déulle prestixio profesional.

En 1905 foi nomeado presidente do Círculo de las Artes. Alcalde de Lugo pouco despois, foi cesado en 1910. En 1913 volveu a ser alcalde. Por esta época pertencía ó partido liberal. Presidiu o Círculo de las Artes de Lugo de 1905 a 1907 e de 1911 a 1915. En 1916 volve a ser nomeado alcalde e ó ano seguinte é reelixido. Quere dimitir en maio de 1919 por unha campaña desatada contra el, pero non se lle admite a dimisión por presións populares. Nesta etapa emprenderá un ambicioso plan de pavimentación de rúas e a construción do Parque de Rosalía de Castro. En marzo de 1922 é reelixido outra vez alcalde, ata 1923 en que cesa como consecuencia da toma do poder por Primo de Rivera. Alcalde de novo de 1927 a 1930. En todos os seus períodos na alcaldía emprendeu moitas actuacións e deixou fama de eficaz alcalde. Tivo unha visión renovadora da cidade no aspecto urbanístico, aínda que emprendeu algunhas actuacións discutibles

no que afectou ó patrimonio artístico. Promoveu importantes infraestructuras como os hospitais de Santa María e San José e o Campo Municipal da Feira. Durante a República foi presidente da Unión de Derechas y Agrarios de Lugo, integrada na CEDA. Cando se declarou a guerra civil estaba en Barcelona, na clínica do doutor Arruga, pendente dunha intervención quirúrxica. Viviu oculto máis dun ano ata que fuxiu a Marsella nun cargueiro grego. Dende Francia pasou a San Sebastián ó entrar os nacionais na cidade.

Terminada a guerra continuou co exercicio da avogacía, que desempeñou case ata a súa morte a pesares de sufrir unha cegueira case total. Foi decano do Colegio de Abogados de Lugo durante varios anos.

Era alcalde honorario perpetuo de Lugo e tiña a medalla de Ouro da cidade. Estaba en posesión da Cruz de Beneficiencia, a Cruz de San Raimundo de Peñafort e a Medalla del Trabajo.

Faleceu en Lugo o 30 de marzo de 1964.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo pola CEDA en 1933.

LÓPEZ VARELA, José

Naceu en Tirimol, nas aforas de Lugo, o 19 de decembro de 1893. De humilde familia, cursou os estudos de Maxisterio en Lugo gracias á axuda dos señores ós que servía a súa nai. Cando rematou os estudos deu clase nas Escuelas Públicas del Arenal de Vigo e ingresou no corpo de inspección de ensino primario. Influido por Emiliano Iglesias ingresou no Partido Republicano Radical. Foi deputado en 1931, baixo a adscripción de "agrario radical", e en 1933. En 1932 foi nomeado director xeral de Trabajo.



En 1936 era subsecretario do ministerio de Instrucción Pública. A véspera do alzamento viaxou de Madrid a Vigo. Foi encarcerado en Vigo e en agosto de 1936 foi expulsado do corpo de inspectores de ensino. Cando saíu do cárcere, a principios de 1937, deu clase no colexio Labor de Vigo e cursou por libre os estudos de Dereito e Farmacia na Universidade de Santiago, nos que se licencia en 1940 e 1941 respectivamente. Foi acusado de pertenza á masonería, pois foi confundido cunha persoa que tiña os seus mesmos apelidos e si pertencía á mesma. Non se lle permite exercer como farmacéutico e inicia o exercicio da avogacía. En 1943 faise xestor administrativo e instala unha xestoría en Vigo que rexirá ata 1960. A partir dese ano adicase por enteiro á avogacía na mesma cidade, destacando como experto penalista.

En 1965 presentou un recurso contra a súa expulsión do corpo de inspección de ensino primario. O recurso foi fallado no seu favor polo Tribunal Supremo en 1967 e reingresou no citado corpo. Exerceu como inspector na provincia da Coruña de 1967 a 1968, ano no que se xubila. Dende este ano ata o seu falecemento exerceu como avogado en Vigo. Faleceu en Madrid, cidade onde se atopaba circunstancialmente, o 8 de setembro de 1981.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Radical en 1931 e 1933.



LORENZO SANTIAGO, Edmundo

Naceu en Ferrol o 23 de agosto de 1893. Traballou nesa cidade como tipógrafo en *El Correo Gallego* e na imprenta Moliné. Foi director do xornal socialista ferrolán *El Obrero*. Defensor da liña centrista de Pablo Iglesias. Era un dos líderes carismáticos do PSOE de Ferrol, a agrupación socialista máis importante da provincia da Coruña. Foi un dos delegados galegos que asistiu ó congreso extraordinario do PSOE en 1931. Foi elixido concelleiro de Ferrol nas eleccións municipais de abril de 1931 e nomeado tenente alcalde. Foi deputado en 1931 e 1936; en 1933 era candidato pero non foi eli-

xido. Viviu a partir de 1934 en Madrid, onde traballaba na oficina parlamentaria socialista. Estaba próximo ó tamén deputado socialista Manuel Cordero. Participou na campaña a favor do Estatuto de Autonomía en 1936.

Cando comezou a guerra estaba en Madrid. Foi conselleiro do ministerio de Industria y Comercio na Sociedad Española de Construcción Naval e conselleiro tamén da Eléctrica Madrileña. Foi tamén encargado da oficina parlamentaria socialista en Madrid de 1936 a decembro de 1937; nesa data foi o responsable do traslado da citada oficina a Barcelona seguindo os pasos doutras institucións republicanas. Asistiu á sesión das Cortes celebrada en Figueras a principios de febreiro de 1939.

Exiliouse despois da guerra en México, onde exerceu como tipógrafo e escribiu en xornais da emigración. Asistiu ás sesións das Cortes que tiveron lugar nesa capital en 1945. Alí proclamouse galego antes que membro dun partido. Foi secretario xeral da Alianza Nacional Galega. Escribiu en xornais da emigración. Faleceu en Guadalajara [México] o 22 de febreiro de 1973.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo PSDE en 1931.

Pertencou ás Comisións de Mariña e Guerra. Deputado pola mesma circunscrición e partido en 1936.

Pertencou as Comisións de Mariña e Orzamentos.

Foi membro suplente das Comisións de Comunicacions, Estatutos, Defensa Nacional e Suplicatorios.

— LL —

LLADÓ VALDÉS, José (véx. Vol. I)

— M —

MADARIAGA ROJO, Salvador de

Naceu na Coruña o 28 de xullo de 1886. Cursa os primeiros estudos na súa localidade natal. A principios de século marcha a París, onde estudia o bacharelato. Gradúase nesa mesma cidade na escola Politécnica e na escola nacional de Minas en 1911. Nese ano volve a España e traballa como enxeñeiro na Compañía del Ferrocarril del Norte. Comeza axiña a colaborar coa prensa e frecuenta os medios intelectuais. En 1916 trasládase a Londres e ó ano seguinte será redactor e editorialista de *Times*.



En 1921 o goberno español noméao agregado técnico da delegación española na Conferencia do Tránsito, que organiza a Sociedade de Nacións en Barcelona. No mesmo ano ingresa na secretaría xeral dese organismo internacional. Durante seis anos desempeña a xefatura de sección de Desarme. En 1927 a Universidade de Oxford ofrécelle a cátedra de Lingua e Literatura española, recién creada.

En 1931 o goberno provisional da República noméao embaixador en Washington, posto no que está uns meses. Nas eleccións dese mesmo ano sae elixido deputado pola Coruña, por influencia de Casares Quiroga. En 1932 é nomeado embaixador en París. En marzo de 1934 é, durante pouco máis dun mes, ministro de Instrucción Pública nun goberno Lerroux, acumulando interinamente a carteira de Xustiza. Por este tempo enfríase a súa relación con Casares Quiroga, un dos seus primeiros valedores.

Ó comezo da guerra civil está a punto de morrer fusilado e sairá de España coa axuda do ministro de Estado, Augusto Barcia. Instálase de novo en Oxford e será colaborador da BBC durante nove anos, nunha emisión semanal para hispanoamérica. Foi

nomeado en 1947 presidente da recién fundada Internacional Liberal. Dirixiu a sección cultural do Movemento Europeo, que aparece na Haya en 1948, ata 1965 momento no que dimite. Impulsou a creación en 1949 do Colexio de Europa en Bruxas. En xuño de 1962 preside a delegación española no célebre congreso europeísta de Munich. En decembro de 1972 instalárase en Suiza. Nesta época acada a súa maior proxección europea, chegando a recibir en 1973 o Premio Carlomagno. Recibirá tamén o premio Goethe. Regresa a España en 1976 e ata a súa morte visitaría o seu país e localidade natal en varias ocasións. Liberal cosmopolita, pronunciará ó longo da súa vida multitude de conferencias e escribirá numerosos libros e artigos, destacando sobre todo no xénero ensaístico. Faleceu en Locarno [Suiza] o 14 de decembro de 1978.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola Federación Republicana Gallega en 1931.



■ MAREQUE SANTOS, José

Naceu en Cádiz o 14 de novembro de 1871. Carpinteiro de profesión, de orixes anarquistas. Trasládase a vivir a Santiago cara a 1890 e será presidente da Sociedad de Carpinteros. En 1894 foi nomeado censor de contas desta sociedade. Vocal da Sociedad de Curtidores en 1896. Formou parte doutras sociedades proletarias como a de Peones de Santiago e contorno en 1901. Coñece a Pablo Iglesias nas visitas que este realiza a Galicia e deixalle forte impresión. En 1903 casa cunha panadeira de Santiago e pasará a exercer esta profesión. Foi o presidente da Sociedad de Obreros Panaderos "La Espiga". A partir de 1909-1910 aparece entre os fundadores da organización ferroviaria en Galicia. En 1931 foi elixido tesoureiro da agrupación socialista local. Conseguiu a acta nas eleccións de 1931. Ó remate desa lexislatura quedou en Madrid, onde traballou no ministerio de Mariña.

Figurou nas xuntanzas do Comité Central da Autonomía en 1936, presidido por Osorio-Tafall. Cando comezou a guerra estaba en Madrid e nesa cidade faleceu o 24 de maio de 1937.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo PSOE en 1931. Non pertencen a ningunha comisión parlamentaria.

MARTÍNEZ-RISCO MACÍAS, Manuel

Naceu en Ourense en 1888. Licenciouse en Ciencias Físicas con premio extraordinario na Universidade de Madrid en 1908, acadando o doutoramento ó ano seguinte. Foi discípulo de Blas Cabrera e do premio Nobel holandés P. Zeeman. Traballou tres anos en diversas etapas na Universidade de Amsterdam. En 1914 obtén a cátedra de Acústica e Óptica da universidade de Zaragoza, e en 1919 a de Madrid. Foi presidente do Patronato de Óptica do Ministerio de Mariña. Mantivo estreito contacto coa Institución Libre de Enseñanza e desenvolve intensa actividade como membro de Acción Republicana. Ligado á presidencia do Ateneo de Madrid, presidirá a súa sección de Ciencias.



Abandona España ó remate da guerra e instálase en París. En Francia continua o seu labor docente e investigador. Despois da liberación de París comeza a dar ó prelo os traballos que realizara durante a ocupación alemá. Contou co apoio do "Centre National de la Recherche Scientifique", que o nomea mestre de investigadores. Asina un manifesto en marzo de 1950 esixindo a prohibición da bomba atómica. Os seus traballos científicos foron apreciados a nivel internacional. Falece en París o 3 de maio de 1954.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense pola Acción Republicana en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición por Izquierda Republicana en 1936.

Nas eleccións de febreiro de 1936 non saíu elixido nun primeiro momento.

Con posterioridade a Comisión de Actas anulou a proclamación de Justo Villanueva e proclamou deputado a Martínez Risco.

MAURA GAMAZO, Honorio

Nace en Madrid o 29 de outubro de 1886. Fillo de don Antonio Maura, varias veces presidente do consello de ministros en tempos de Alfonso XIII. Estudiu o bacharelato en Madrid no colexio dos xesuítas de Chamartín de la Rosa. Cursou a carreira de enxeñeiro químico industrial en Francia, Suíza e Alemaña. De regreso a España cursou en dous anos a licenciatura de Dereito na Universidade de Madrid. Ó pouco de remáta-la carreira marchou a México e logo á Arxentina, onde permanece durante catro anos dedicándose a negocios agrícolas e gandeiros. Volve a España en 1914 e comeza a escribir obras de teatro. En 1920 estrea a súa primeira comedia. Escribiu un total de vinte e catro comedias ó longo da súa vida, acadando fama como autor teatral na súa época.

Nos últimos anos da súa vida dedicouse enteiramente á política deixando a carreira literaria. Habitual comentarista político de ABC, desde as súas páxinas combatiu á República por razóns ideolóxicas e por amizade persoal con Alfonso XIII, pese a ser

irmán de Miguel Maura, ministro do goberno provisional da República. Foi deputado en 1933 por Pontevedra. Sorprendéulle o Alzamento en Zarauz (Guipúscoa). Estivo preso no cárcere de Ondarreta e pouco despois foi levado ó forte de Guadalupe en Fuenterrabía. Foi executado dun tiro na nuca o 4 de setembro de 1936, cando estaban as forzas nacionais a piques de conquistar esa localidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra por Renovación Española en 1933.



■ MÉNDEZ GIL-BRANDÓN, José María

Naceu no Carballiño (Ourense) o 27 de agosto de 1900. Os seus apelidos eran Méndez Gil, aínda que dende moi novo uniu de feito o segundo apelido do seu pai e deste modo será coñecido. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. En 1921 ingresa no Colexio de Avogados da Coruña. Desempeñara o seu labor profesional como avogado nesa cidade, aínda que actuará esporadicamente noutras localidades. Nas eleccións de xuño de 1931 presentouse como "republicano regionalista agrario", aínda que non saíu deputado. Declarado católico, as súas inquietudes relixiosas leváronlle a intervir en política. En 1932 únese á Unión Regional de Derechas da Coruña. Asiste en nome desta entidade ó congreso de derechas autónomas, entidades adheridas á CEDA de Gil Robles. En xaneiro de 1933 é elixido presidente da Unión Regional de Derechas de A Coruña. Entre 1935 e 1936 actúa como enlace entre as organizacións locais e a CEDA nacional.

En xullo de 1936 parece que se pretendeu atentar contra a súa vida na Coruña, aínda que se atopaba fóra desa cidade. Despois do Alzamento residiu esporadicamente en Portugal, ata que se instala definitivamente na Coruña. Despois da guerra acudiu a Estoril, asistindo ás reunións do entorno de Don Juan, pero co tempo apartouse paulatinamente de toda actividade política e dedicouse a súa actividade como avogado, aínda que sempre manterá a amizade con Gil Robles. Foi decano do colexio de avogados da Coruña de decembro de 1959 a marzo de 1961, en que cesou por enfermidade. Morreu na Coruña o 21 de setembro de 1963.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola CEDA en 1933 e 1936.

MILLÁN MARIÑO, Isidoro

Naceu en Pontevedra o 10 de agosto de 1890. Era fillo do director de *La Correspondencia Gallega* de Pontevedra. Cursou o bacharelato no instituto da súa localidade natal. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. Despois de remata-la carreira viviu en Madrid varios anos, traballando como avogado no despacho de Augusto González Besada, varias veces ministro durante a Restauración e que era amigo do seu pai. Instalouse despois en Pontevedra, onde abriu un bufete profesional. Foi seguidor de Melquíades Álvarez. Participou no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929.



Durante a República foi director xeral de Justicia y Prisiones en 1935 co ministro melquiadista Alfredo Martínez y García Argüelles. Foi tamén asesor no ministerio de Educación na etapa de Filiberto Villalobos. Liderou o Partido Liberal Demócrata en Pontevedra, reconversión republicana do vello Partido Reformista de Melquíades Álvarez. Durante a súa etapa parlamentaria foi un dos dirixentes da minoría liberal demócrata das Cortes, gozando da confianza de Melquíades Álvarez. Mesmo conseguiu a formación deste grupo parlamentario gracias ós bos oficios de Millán, que logra que o deputado liberal Matutes, vinculado a Juan March, se inscriba nese grupo. Ó principio da República, cando o financeiro foi encarcerado sen xuízo, Millán escribiu un artigo denunciando este feito como un atentado contra o Estado de dereito. Probablemente como consecuencia disto facilitaríase con posterioridade a formación do citado grupo parlamentario. No verán de 1935 tivo unha entrevista con Calvo Sotelo no balneario de Cuntis, na que este lle manifestou a necesidade da unión das forzas de centro e de dereita para opoñerse eficazmente ás esquerdas.

Despois do alzamento foi deportado durante seis meses a Arroyo del Puerco (Cáceres), máis tarde coñecido como Arroyo de la Luz. Parece ser que neste castigo pesou a acusación falsa de relación coa masonería. Con posterioridade estivo dedicado á súa profesión e permaneceu alonxado da actividade política. Foi colaborador asiduo do *Faro de Vigo*. Era membro de número da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación. Era Cronista Oficial de Pontevedra. Faleceu en Pontevedra o 31 de agosto de 1983.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Liberal Demócrata en 1933.

**MIÑONES BERNÁRDEZ, José**

Naceu en Corcubión (A Coruña) en 1900. Fillo dunha coñecida familia de tradición liberal da comarca de Corcubión. Cursou o bacharelato na Fundación Fernando Blanco de Lema, en Cee. Neste colexio forma un grupo de amigos que seran os seus incondicionais nas súas aventuras comerciais e políticas. En 1917 obtén o grao de profesor mercantil na Escola de Comercio da Coruña e comeza a traballar nos negocios bancarios e comerciais do seu pai, que foi alcalde de Corcubión de 1914 a 1920 e rexentou a "Banca Manuel Miñones Barros".

Entre 1918 e 1923 cursa por libre a carreira de Dereito nas universidades de Madrid, Oviedo e Santiago. Estivo vencellado ás actividades sociais e políticas de Corcubión e comarca e trabou contacto dende novo con Abad Conde. En 1920 fundou a revista *Nerio*, como órgano defensor dos intereses da comarca de Corcubión. Loitou polo ferrocarril, a redención dos foros, o agrarismo e a educación. Foi corresponsal de diversos xornais, entre eles *El Noroeste*, *El Financiero* e *El Sol*. Delegado en Corcubión da Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión en Bos Aires que se constituiu en 1922. No primeiro semestre de 1924 edita o semanario *Región Gallega*, seguido por outro titulado *Finisterre*.

En 1926 foi a Bos Aires enviado polo xornal *El Sol* para escribir sobre a Arxentina e recabar datos co fin de fundar unha "Bolsa de Trabajo" en Corcubión, auspiciada polo centro homónimo de Bos Aires. Viaxou tamén por Uruguay e Brasil. En 1927 preséntase á subhasta do primeiro tramo da liña de ferrocarril Baeza-Utiel. Ata 1930 vivirá en Úbeda (Xaén). Nesa localidade fundou a empresa "Hidroeléctrica de La Loma, S.A." Funda tamén o xornal *La Provincia*, que se edita en 1928-29 en Úbeda. De 1930 a 1932 vive en Madrid como adxudicatario do segundo tramo da liña do ferrocarril de Ourense á Puebla de Sanabria. Tiña tamén un despacho de avogado na Coruña. En setembro de 1932 constitúe "Electra Popular Coruñesa, S.A.", empresa á que pertencía o salto do Eume, que á súa morte foi absorbida por "General Gallega de Electricidad", FENOSA.

Durante a República loitará contra Benigno Blanco-Rajoy, líder dos conservadores de Corcubión. En 1933 sae elixido deputado polo Partido Radical como independente. No fondo latexaba a pugna con Blanco-Rajoy, dado que o Partido radical pactara coa CEDA. Meses despois intégrase en Unión Republicana xunto con García-Ramos. Foi reelixido en 1936 polo Frente Popular. Despois da victoria do Frente Popular rompe con Casares Quiroga. Durante os primeiros momentos do triunfo do Frente Popular desempeñou unha valente actuación en defensa de candidatos dereitistas e edificios relixiosos ante as turbas. Non asistiu ás sesións do Congreso en 1936, disconforme coa actitude do Frente Popular, singularmente cos socialistas e comunistas. Parece que pertenceu á masonería.

Foi detido a fins de xullo de 1936. Xulgado e condenado a morte, foi fusilado o 2 de decembro de 1936 na Coruña.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Coruña polo Partido Radical en 1933.

Pertencau ás Comisións de Orzamentos, Reglamente e Consello Ordenador da Economía Nacional.

Deputado por la mesma circunscrición por Unión Republicana en 1936.

MONTENEGRO SOTO, José María

Naceu en Mondoñedo (Lugo) en 1868. Cursou as carreiras de Filosofía e Letras e Dereito na Universidade de Deusto, licenciándose en ambas en Salamanca en 1891. Doutorouse en Dereito en 1892. En 1911 presidiu a "Liga de Amigos" de Lugo, antecedente da Cámara de la Propiedad Urbana. Director da Caixa de Aforros y Monte de Piedad de Lugo. Foi presidente executivo da Deputación de Lugo de xaneiro de 1924 a abril de 1925, en que renuncia ó cargo. Presenta a Gil Robles nun mitin celebrado en Lugo o 16 de decembro de 1931. Membro correspondente da Real Academia Galega. Autor de varias obras de tipo histórico. Faleceu en Lugo en 1934.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo por Renovación Española en 1933.

MORAL SANJURJO, José del (véx. Vol. I)

NÓVOA SANTOS, Roberto

Naceu na Coruña o 6 de xullo de 1885. Era fillo único dun sarxento 2º de Artillería, ó que sempre se sentiu moi unido. O seu pai era oriundo de Lalín e a súa nai de Culleredo. Cursou os primeiros estudos no colexio Dequidt e o bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda da súa cidade natal, con brillantes cualificacións. Nun primeiro momento quixo cursar enxeñería, pero desistiu por falta de recursos. No seu lugar cursará brillantemente Medicina en Santiago, cidade onde se trasladaran a vivir os seus pais. Acada a licenciatura en 1907. Fixo o doutoramento en Madrid en 1908 e ampliou estudos nunha breve estancia en Estrasburgo. Estableceuse durante un breve período en Ferrol e pasou a fins de 1909 á Coruña onde abre consulta na Rúa Real. En 1911 obtén a praza de profesor auxiliar de Patoloxía Xeral en Santiago, conseguindo a cátedra no ano seguinte.



Entre 1911 e 1927 desenvolve unha intensa actividade docente e científica en Santiago. Ademais da cátedra atende o Hospital de la Caridad e unha clínica privada

que pronto recibirá pacientes de toda Galicia e rexións limítrofes. En 1916 publica a súa célebre obra *Manual de Patología General*, que ve cinco edicións en vida do autor e causa sensación en España e Hispanoamérica, sendo unha obra clásica da medicina española. En 1927 gaña a cátedra de Patoloxía Xeral de Madrid e fixa a súa residencia nesa capital. Establece unha consulta en Madrid que será famosa en toda España. Vincúlase tamén á actividade do Ateneo de Madrid. De 1928 a 1933 céntrase na súa actividade clínica e docente e chega a formar un brillante equipo de colaboradores. Escribe gran número de artigos en revistas científicas españolas e estranxeiras e pronuncia innumerables conferencias tanto en España como fóra dela. Destaca a orixinalidade das súas investigacións, que dende a ciencia se introduce en camiños filosóficos. As claves do seu pensamento quedan definidas nos campos da antropoloxía, neuroloxía e psicoloxía.

Participou en política unicamente nos anos 1924 e 1931. Científico e intelectual, non tiña moito interese pola loita política. Foi deputado provincial interino en 1924 e candidato, por influencia de Casares Quiroga, nas eleccións constituintes de 1931. A súa intervención nas Cortes reduciuse a un discurso sobre o proxecto constitucional, que pronuncia o 2 de setembro de 1931. Falece en Santiago o 9 de decembro de 1933.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931.



O'SHEA Y VERDES-MONTENEGRO, Eduardo (véx. Vol. I)



OTERO FERNÁNDEZ, Alejandro

Nace en Redondela (Pontevedra) o 14 de decembro de 1888. Era fillo dun médico desa localidade. Licenciase en Medicina en Santiago en 1911. Tivo como mestre a Manuel Varela Radío, con quen mantivo sempre estreita relación profesional e que foi tamén deputado na II República. Acadou o doutoramento en Madrid e foi profesor auxiliar da Universidade Central. De novembro de 1912 a decembro de 1913 estivo becado en Berlín pola Junta de Ampliación de Estudios. En maio de 1914 consigue a cátedra de Obstetricia e Xinecoloxía da Universidade de Granada. En 1922 foi becado para estudar o cancro de útero en clínicas de Munich, Friburgo, Viena e Berlín. En setembro de 1923 inaugurouse en Granada o sanatorio de Nuestra Señora de la Salud, que era propiedade de Otero e doutro médico, con tódolos adiantos médicos da época. En 1924 foi nomeado membro de honra da sociedade xinecolóxica de Berlín.

En decembro de 1932 foi nomeado rector da Universidade de Granada e permanece no posto ata 1936. Durante a súa etapa rectoral activou a construción da nova facultade de medicina e o Hospital Clínico Universitario. Otero foi eminente xinecólogo, con fama en toda España como experto en determinadas técnicas operatorias da súa especialidade. Mantivo estreito contacto coa Institución Libre de Enseñanza. Fernando de los Ríos incorporouno ó PSOE de Granada e foi concelleiro nesa cidade. Persoa adíñeirada, foi o principal mecenas do PSOE en Granada. Era home vital e con fama de xeneroso, sobre todo se se trataba de persoas necesitadas, ás que frecuentemente atendía de balde.

Cando se proclama a República era un coñecido político de ámbito local en Granada. Era conselleiro da Caja de Previsión Social de Andalucía Oriental. Obtivo a acta de deputado en 1931 por Pontevedra e por Granada-provincia, renunciando a esta última. Non tivo moita actividade nas Cortes, reducíndose as súas intervencións no pleno practicamente a unha na que defendeu o proxecto de lei sobre expropiación de fincas rústicas. Foi candidato de novo en 1933 por Pontevedra pero non saíu elixido. Foi detido durante dous meses despois da folga revolucionaria de 1934. Renunciou a ser candidato nas eleccións de 1936 por problemas de saúde.

No principio da guerra presidiu unha comisión en París encargada da compra de armas para o exército republicano. En 1937 foi nomeado subsecretario de Armamento no goberno de Largo Caballero e máis adiante foi confirmado por Negrín. Indalecio Prieto obrigoulle despois a dimitir e según algúns viviu durante un tempo dedicado ó tráfico de armas como particular. O feito de ser cesado por Prieto non lle impediu manter amizade con este en México, país onde se exilou. Participará no servizo médico da JARE (Junta de Auxilio a los Republicanos Españoles) fundada o 26 de xuño de 1939. Os comezos de Otero en México foron difíciles pois non puido nun principio exercer a súa profesión tendo que traballar como soldador e despois como administrativo. Ó cabo duns meses de estar nesta situación puido por fin exercer como médico. Participa no acto de homenaxe a Castelao celebrado en México en 1945. Dirixirá a sala de maternidade do Hospital Español en México e impartirá cursos de posgrao na Sociedad Mexicana de Obstetricia e Ginecología ata a súa morte. Nos seus últimos anos e por mor do seu prestixio, parece que houbo un intento por parte do Réxime para que volvese a España. Otero sen embargo non quixo retornar mentras vivise Franco. Faleceu en México D.F. o 26 de xuño de 1953.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo PSOE en 1931. Non pertenceu a ningunha comisión parlamentaria.


OTERO PEDRAYO, Ramón

Naceu en Ourense o 5 de marzo de 1888. De familia fidalga e liberal, o seu pai Enrique Otero foi avogado, deputado provincial e presidente do Liceo Recreo Orensano entre 1900 e 1901. Cursa o bacharelato no instituto de Ourense entre 1896 e 1904. Cursa as carreiras de Filosofía e Letras e Dereito na Universidade de Madrid entre 1905 e 1912. Cara a 1918 aparece vinculado ó movemento das Irmandades da Fala e fai una fugaz aparición na escena política na campaña electoral dese ano. En 1919 ingresa no corpo de catedráticos de Xeografía e Historia de instituto. Acada o seu primeiro destino en Burgos, onde permanece un curso. Marcha despois a Santander e por fin en 1921 acada o destino en Ourense.

Inicia en 1922 unha actividade publicística que desenvolverá durante toda a súa vida. Durante a Dictadura de Primo de Rivera a súa actividade galeguista refuxiarase no ámbito cultural. En 1929 ingresa na Real Academia Galega. Participa no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929.

En 1931 sae elixido deputado a Cortes polo Partido Nazonalista Republicán de Ourense, pequena agrupación que contribuíra a formar en abril dese ano e da que é presidente. Nas Cortes Constituintes opoñeráse á lexislación laicista. Ingresa pouco despois da súa fundación no Partido Galeguista, sen embargo cando en 1935 se escora este á esquerda abandona a política aínda que continúa como simple militante. Manterá sen embargo a amizade con Vicente Risco, que abandona o partido. En 1935 é nomeado presidente do Seminario de Estudos Galegos.

É perseguido ó inicio da Guerra Civil e foi separado da súa cátedra en abril de 1937. Vivirá obscuramente entre Ourense e Trasalba ata 1946. Nese ano volve a escribir na prensa e emprenderá unha xira de conferencias pola Arxentina, invitado polo Centro Gallego de Bos Aires. É repostado na súa cátedra de Ourense en setembro de 1948. En marzo de 1950 gaña a cátedra de Xeografía na universidade de Santiago. Nesa cidade desenvolverá unha ampla actividade cultural, destacando como inspirador de xoves, singularmente os coñecidos como a xeración de La Noche. A súa figura serve de ponte entre os galeguistas do interior e do exterior. En marzo de 1958 xubilábase da súa cátedra e emprende unha segunda xira de conferencias por América. Foi fundador e presidente da editorial Galaxia. Nos seus últimos anos recibirá diversos premios e será obxecto de múltiples homenaxes. Falece en Santiago o 10 de abril de 1976.

Otero Pedrayo, coñecido como o Patriarca das Letras Galegas, era de ideoloxía liberal, católico e antimarxista. Polígrafo eximio, é autor dunha abundante obra que se plasma en case tódolos xéneros literarios e que ten a Galicia como obxecto.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo Partido Nazonalista Republicán, integrado na FRG, en 1931.

OURO VÁZQUEZ, Roberto

Naceu en Palas de Rei (Lugo) o 7 de xuño de 1900. Era fillo dun notario que tiña influencia social e política nesa localidade. Cursou a carreira de Dereito. Exerceu como avogado en Palas e Chantada.

Estivo detido nos días da guerra e a súa familia sufriu persecución. Foi desterrado en 1937 a Las Hurdes, onde pasou preto de tres anos. Morreu na Coruña o 30 de outubro de 1975.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo por Izquierda Republicana en 1936.

P**PARDO RODRÍGUEZ, José Benito**

Naceu en San Salvador de Balmonte-Castro de Rei (Lugo) en 1867. Cursou o bacharelato no Colexio dos Escolapios de Monforte. Licenciouse en Dereito en Santiago. Hacia 1897 inscribiuse no Colexio de Avogados de Lugo, do que será decano de 1917 a 1939. Viviu en Lugo a maior parte da súa vida e tivo un despacho de avogado coñecido en toda a provincia.

Tivo grande influencia política na provincia de Lugo, especialmente en Castro de Rei e parroquias cercanas, onde tiña extensas propiedades. Foi cofundador do xornal lucense *La Verdad*. Foi presidente da Deputación de Lugo de abril de 1901 a marzo de 1903, de decembro de 1909 a novembro de 1914, de maio de 1917 a xaneiro de 1924 e, por último, de marzo de 1930 a abril de 1931. Coñecido desde a Restauración como muñidor electoral. Pardo (ou Pepe Benito, como era coñecido) converteuse no principal protagonista da política da provincia durante moito tempo, designando deputados e senadores "como buñuelos" -segundo dicía Cambó-, tanto pola facilidade coa que saían como polo seu escaso peso específico.



Durante a República pertenceu á CEDA, da que foi un dos cofundadores, e manteivo amizade con Gil Robles. Nunha viaxe que realizou Azaña a Lugo entrevistouse con Pardo. A súa designación como candidato en 1936 foi obra de Gil Robles e tivo algún problema de aceptación entre os dirixentes cedistas locais.

Durante a Guerra Civil mantívo-se nun segundo plano, adquirindo maior protagonismo prohomies máis autoritarios que actuaron durante a Dictadura de Primo de Rivera. Durante a guerra contribuiu ós peditorios patrióticos. Tiña, entre outras condecoracións e distincións, a Gran Cruz del Mérito Militar, concedida por Alfonso XIII. Faleceu na súa localidade de nacemento en 1939.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo pola CEDA en 1936.



PAZOS CID, Ildefonso

Naceu en Ourense o 3 de febreiro de 1896. Foi coñecido sempre co nome de Alfonso. Cursou Maxisterio na escola normal de Ourense. Licenciouse en Dereito na Universidade de Oviedo. Matriculouse como avogado no colexio de avogados de Ourense, exercendo como tal ata xullo de 1936. En 1928 figura como presidente da Juventud Republicana Radical Socialista e xefe de redacción do semanario *La República* de Ourense. Durante a República colabora con *Escuela de Trabajo*, revista da Asociación de Trabaxadores de la Enseñanza de Orense (A.T.E.O.).

Cando comezou a guerra estivo escondido uns meses no domicilio paterno. Fuxiu despois a Portugal, para pasar a continuación a Francia. Regresa a España e permanece en Barcelona ata o remate da guerra. En Barcelona formou parte do Servicio de Evacuación de los Refugiados Españoles (S.E.R.E.), que tiña a súa sede en París. Asistiu á sesión das Cortes celebrada en Figueras a principios de febreiro de 1939.

Cando remata a Guerra Civil exíliase en México D.F., onde viviu ata o seu falecemento o 8 de marzo de 1978.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo Partido Radical Socialista, como independente, integrado na candidatura da Federación Republicana Gallega, en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición por Unión Republicana en 1936.

Nas eleccións de febreiro de 1936 non saíu elixido nun primeiro momento.

Con posterioridade a Comisión de Actas anulou a proclamación de Ramos Cerveña e proclamou deputado a Pazos Cid.

PELÁEZ CANELLAS, Laureano

Naceu en Verín (Ourense) o 30 de xuño de 1879. Fixo o bacharelato no colexio dos escolapios de Monforte. Cursou as carreiras de Dereito e Filosofía e Letras en Deusto, licenciándose en ámbalas dúas en 1898. Non exerceu a profesión derivada delas senon que se dedicou ós negocios familiares. Tivo notable influencia na vida política de Verín ata 1936, excepto no período da Dictadura de Primo de Rivera.



Permaneceu en Ourense durante a guerra e foi sancionado pola delegación de Orden Público por amosarse neutral. Parece que mantivo unha actitude exemplar ante a cruel represión dos primeiros momentos da guerra, froito da súa formación católica. Despois da Guerra Civil non ostentou cargos políticos. Morreu na súa localidade natal o 1 de decembro de 1955.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense pola CEDA en 1936.

PEÑAMARÍA ÁLVAREZ, Armando

Naceu na Fonsagrada (Lugo) hacia 1870. Era médico de profesión. Seguidor de Portela Valladares, para quen traballou politicamente na Fonsagrada. Durante a República foi gobernador civil de Murcia e despois de Pontevedra ata febreiro de 1936. Foi detido e perseguido por portelista e estivo no cárcere, parece que ata 1943. Viviu sempre na Fonsagrada, excepto nos períodos nos que desempeñou cargos públicos. Non tivo actividade política despois da guerra e adicouse á súa profesión de médico, na que adquiriu prestixio na zona de Fonsagrada. Era tío do procurador en Cortes Sergio Peñamaría de Llano. Morreu nesa localidade o 1 de febreiro de 1955.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo partido de Centro de Portela en 1936.

PITA ROMERO, Leandro

Naceu en Ortigueira (A Coruña) o 28 de setembro de 1898. Cursou os estudos de mestre na Escola Normal da Coruña. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. Exerceu a avogacía na Coruña e Madrid. Tiña influencia na comarca de Ortigueira, onde desenvolveu intensa actividade agrarista durante os últimos tempos da dictadura de Primo de Rivera. Impulsor do cooperativismo, foi presidente da Federación Agraria de Ortigueira e da Asociación Provincial de Gandeiros da Coruña. Na prensa local era presentado como republicano agrario e defensor



do galeguismo. Foi redactor do madrileño *El Liberal* e director do coruñés *El Orzán*. Foi secretario da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.

Actuou como avogado defensor do xeneral Berenguer no xuízo polas responsabilidades da Dictadura en 1931. Foi asesor do Banco de Crédito Local. Ministro de Mariña en outubro de 1933. Foi nomeado ministro de Estado a título persoal en abril de 1934 nun goberno Lerroux, parece que por influencia do mesmo Alcalá Zamora que non apoiou a candidatura de Madariaga, que era a persoa prevista para este posto. Continuou desempeñando este ministerio nun goberno Samper durante uns meses. Cando cesou foi nomeado embaixador na Santa Sé, co encargo de iniciar as negociacións dun concordato co Vaticano. Preparou un anteproxecto entre xuño e setembro de 1934, que non saíu adiante porque o Vaticano quería unicamente un "modus vivendi". A súa amizade con Alcalá Zamora posiblemente influiu para que fora nomeado ministro sen carteira o 3 de outubro de 1934. Poucos días despois, unha vez estalada a revolución de outubro, chamou ó ministro da Guerra, Diego Hidalgo, para pedirle que o xeneral Batet tomase pola forza Radio Cataluña, dende a que se estaban radiando proclamas separatistas. Cesou como ministro o 6 de xaneiro de 1935 e continuou un tempo como embaixador ante a Santa Sé. A pesar da intensa campaña que desenvolveu en 1936, como independente dentro da "Candidatura republicana de centro y coalición", non sae elixido deputado.

Cando comeza a guerra civil trasládase á Arxentina, onde se dedicou á avogacía e a escribir nos máis importantes xornais de Bos Aires. Desenvolveu tamén un notable labor como relator. Falece en Bos Aires o 25 de xuño de 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña polo FRG en 1931. Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Republicano Gallego en 1933.

PORTELA VALLADARES, Manuel (véx. Vol. I)



POZA COBAS, Celestino

Nace en Pontevedra o 22 de marzo de 1868. Fillo dun ebanista e constructor. Na súa xuventude exerceu distintos oficios, entre eles o de ebanista. Ós dezaoito anos comezou a estudar. Cursou o bacharelato en pouco tempo, fíxose mestre e foi profesor de Debuxo nun colexio de Pontevedra. Licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago. Exerceu como médico nun barco e viaxou por diversos países. Estableceuse en Filipinas, onde foi nomeado médico de Mindoro. En Filipinas chegou a ter unha plantación. Durante a Guerra da Independencia foi ferido. Retornado a España despois de 1898, exercerá como cirurxián en Pontevedra. En 1902 fundou un sanatorio, coñecido como Sanatorio Médico Quirúrgico Poza. Foi tamén director do hospital de Pontevedra. Dedicouse ademais a diversos negocios, entre eles unha empresa de

coches de liña no Morrazo e outra empresa de coches de alugueiro en Pontevedra. Pertenceu ó Partido Radical Socialista e máis tarde ingresou en Unión Republicana. En 1936 era o presidente desta formación en Pontevedra. Cando comezou a guerra estaba en Pontevedra. Foi detido, xulgado e condenado a morte. Conmutada a pena, pasou catro anos na prisión da illa de San Simón. Os sublevados fusilaron a un fillo e un xenro seus, ademais de impoñerlle unha forte sanción económica, que incluía a incautación de bens. Unha vez excarcelado exerceu a súa profesión de médico en Pontevedra. Falece nesta cidade o 8 de agosto de 1954.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra por Unión Republicana en 1936.

POZA JUNCAL, Joaquín

Nace en Pontevedra na última década do século XIX. Sobriño do tamén deputado Poza Cobas. Licenciado en Dereito, exerceu como avogado de Pontevedra. Exerceu tamén como xornalista, sendo director de *La Libertad*, diario republicano de Pontevedra. Colaborou tamén co xornal pontevedrés *El País*. Elixido concelleiro republicano de Pontevedra nas eleccións municipais de abril de 1931. Foi o primeiro gobernador civil de Ourense durante a República. Participou na asemblea de concellos de Galicia de decembro de 1932, convocada para aproba-la proposta de Estatuto de Autonomía. Pasou polo Partido Republicano Gallego e cara a abril de 1933 ingresa, xunto con Osorio-Tafall, en Acción Republicana. Pertenceu á masonería. Faleceu en Pontevedra cara a 1934.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo FRG en 1931.

Pertenceu á comisión parlamentaria que informou sobre os sucesos de Casas Viejas.

PRIETO RIBAS, Antonio

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Radical en 1933

— Q —

**QUINTANA PENA, Alfonso**

Naceu en Viveiro (Lugo) en 1897. Cursou o bacharelato no Instituto de Lugo. Licenciouse en Dereito. Fundou a agrupación socialista de Viveiro en 1922. Ingresou na Sociedad de Oficios Varios da UGT de Ferrol en 1930. Tiña un bufete profesional nesa cidade.

Foi un dos delegados galegos que asistiu ó congreso extraordinario do PSOE en 1931. Elixido concelleiro de Ferrol en abril de 1931, foi un dos que proclamou a República dende o balcón do concello. Deputado por Ourense en 1931, foi o único deputado socialista que tivo esa provincia durante a República. Foi secretario político do ministro da Gobernación Casares Quiroga. Foi candidato nas eleccións de 1933, pero non saíu elixido. Non compartiu a radicalización socialista despois do triunfo das dereitas en 1933. Secretario da agrupación socialista de Ferrol en 1933-1934. Tivo un consello de guerra na Base Naval de Ferrol en 1936 pouco antes da guerra.

Días despois de comezada a Guerra Civil tivo unha valente actuación defendendo en Ferrol a uns procesados nun consello de guerra. Deuselle por morto nun primeiro momento o que deu lugar a un artigo laudatorio de Margarita Neiken en *Claridad*. Pasou un tempo no cárcere. En 1942 escapou de España polos Pirineos. Foi recluído nun campo de concentración en Gurs (Francia) e pasou polo norte de África. Viviu durante trinta e nove anos en Puebla (México). Marchou despois a San Francisco (EEUU) onde vivía unha irmá súa. Regresou a España en outubro de 1986, falecendo o 17 de decembro dese mesmo ano en Viveiro. Colaborou coa revista do Centro Gallego de Uruguay.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo PSOE en 1931. Pertenceu á Comisión de Xustiza.

— R —

RAMOS CERVIÑO, Fernando (véx. Vol. I)

RECASÉNS SICHES, Luis

Naceu en Guatemala o 19 de xuño de 1903. Fillo de pais españois, que ós dous anos do seu nacemento retornan a España. En 1924 licenciouse en Dereito e Filosofía e Letras na universidade de Barcelona. Ampliou estudos en Italia, Berlín e Viena. Especializouse nesta última capital en Filosofía do Dereito. Doutorouse en Dereito en Madrid. Catedrático de Elementos de Dereito Natural da Universidade de Santiago en 1928 e 1929. A principios de 1930 trasladouse por concurso á Universidade de Salamanca. Vinculado a Ortega y Gasset, participou na agrupación de intelectuais ó servizo da República. Foi director xeral de Administración Local e Beneficencia, nomeado polo ministro de Gobernación Miguel Maura, de abril a outubro de 1931, sendo substituído por González López. Pasou despois a rexenta-la cátedra en Valladolid e posteriormente en Madrid. Deputado por Lugo en 1931 e 1933. Opúxose ó proxecto de lei de Imprenta de xuño de 1935.



En 1937 arribou a México, onde permanecerá como profesor da Universidad Nacional Autónoma ata o seu falecemento. Con outros colegas de exilio, entre os que destacan o mercantilista Joaquín Rodríguez Rodríguez e o procesalista Niceto Alcalá-Zamora, iniciou un movemento de renovación académica na facultade de Dereito de México D.F. Desde 1954 traballou tamén no Instituto de Investigaciones Filosóficas. Durante unha temporada traballou como investigador na Secretaría de Nacións Unidas en Nova York. Impartiu cursos en numerosas universidades europeas e americanas. A partir de mediados dos anos sesenta impartirá cursos anualmente na Universidade Complutense de Madrid. Autor de numerosas obras sobre filosofía do Dereito. Tiña prestixio internacional na súa especialidade. Morre en México D.F. o 4 de xullo de 1977.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo pola Derecha Liberal Republicana en 1931. Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Republicano Conservador en 1933. Pertenceu á comisión que informou sobre o asunto Nombela, sendo da opinión de que había implicación por parte do goberno.

REINO CAAMAÑO, José Bernardo

Naceu en Insua-Mazaricos (A Coruña) o 21 de abril de 1882. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1902. En 1908 foi nomeado xuíz de primeira instancia en Vilalba; en 1911 de Lalín e en 1915 de Betanzos. Solicitou a excedencia en 1916. En 1916 e 1917 foi proclamado deputado provincial polo partido de Negreira-Corcubián. Exerceu grande influencia na comarca de Negreira. Foi tamén liberal na monarquía.



A súa actividade política destaca durante a República.

Foi deputado en 1931 pola Coruña. Nas Cortes defendeu ás congregacións relixiosas. En 1933 volveu a ser deputado. Nese mesmo ano foi maxistrado da audiencia.

Unha vez comezada a guerra, en setembro de 1936, foi sonada a súa intervención defendendo a uns republicanos en Santiago. Esta valente intervención custoulle unha sanción económica. A partir de 1940 exerceu a docencia na facultade de Dereito de Santiago. Exerceu a avogacía nesa cidade e foi presidente da Caixa de Aforros y Monte de Piedad de Santiago. Foi decano do Colexio de Avogados de Santiago e asesor xurídico de varias entidades. Tivo actividade pública como relator. De xoven publicou poesías na prensa en galego e castelán. Faleceu en Cores-A Baña (A Coruña) o 2 de xaneiro de 1964.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña como independente en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Republicano Conservador en 1933.

RICO GONZÁLEZ, Gumersindo

Orixinario de Luarca (Asturias), naceu a fins do século XIX. Era fillo dun registrador da propiedade desa localidade procedente dunha familia liberal. Durante a República foi director xeral da Telefónica. Azaña indica nas súas "Memorias" que ese cargo posiblemente debeulle a Melquíades Álvarez, tamén asturiano e co que tiña relación. Parece ser que esta cita de Azaña estivo a punto de custarlle a vida durante a guerra civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo Partido Radical en 1933.

RODRÍGUEZ CADARSO, Alejandro



Naceu en Noia (A Coruña) o 21 de agosto de 1887. Fillo dun coñecido médico noiés, que foi alcalde desa localidade. Cursou o bacharelato en Santiago e a carreira de Medicina, na que se licencia en 1908. Foi un dos organizadores do Congreso Nacional de Ciencias Médicas, celebrado en 1909. Neste mesmo ano doutorouse en Madrid. Ata 1911 foi profesor auxiliar honorario de Anatomía en Madrid. En 1913 obtivo a praza como numerario. En 1916 obtén a cátedra de Técnica anatómica da universidade de Sevilla. A fins dese mesmo ano trasládase a Santiago como catedrático de Anatomía, praza de detentará ata a súa morte.

En marzo de 1930 é nomeado rector da Universidade de Santiago. En xaneiro de 1931 é nomeado presidente da Misión Biológica, cargo que deixará pouco despois ó sair elixido deputado. Home próximo á Institución Libre de Enseñanza, republicano e

galeguista. Desenvolveu un importante labor como rector da universidade de Santiago. Creou o Instituto de Estudos Rexionais e Portugueses e unha residencia de estudantes. Mantivo relación con científicos franceses e portugueses, sendo moi estimado nos ambientes científicos. Publicou os seus traballos en prestixiosas revistas españolas e estranxeiras, singularmente de Francia e Portugal. Creou unha escola de anatomía en Santiago e é considerado un precursor da anatomía contemporánea española. Destacou como notable orador.

Deputado en 1931 e de novo en 1933, sendo nestas eleccións un dos poucos sobreviventes galegos da conxunción republicano-socialista. Segundo Villar Ponte máis parecía un deputado da universidade de Santiago que da circunscrición da provincia da Coruña. Non era un profesional da política e dedicouse por enteiro á Universidade. Faleceu en Lubián-Sanabria (Zamora) o 15 de decembro de 1933, nun accidente de circulación cando ía a Madrid a pronunciar unha conferencia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Republicano Gallego en 1933.

RODRÍGUEZ PÉREZ, Antonio (véx. Vol. I)

RODRÍGUEZ DE VIGURI SEANE, Luis (véx. Vol. I)

ROMERO CACHINERO, Adriano

Naceu en Villanueva de Córdoba (Córdoba) o 11 de novembro de 1902. Asistiu á escola primaria, aínda que pronto tivo que abandonar os estudos para dedicarse ós labores do campo. Tivo unha formación autodidacta. Foi un dos fundadores da Xuventude Socialista en 1918. En maio de 1921 foi un dos impulsores da adhesión desta formación á III Internacional e axiña ingresa no denominado Partido Comunista Español. A fins dese ano este partido mailo chamado Partido Comunista Obrero Español fundan o PCE. En 1927 forma parte da dirección da Federación Local Obrera da súa localidade natal. Emigra despois a Sevilla. Debeu ser no III congreso do PCE (agosto, 1929) cando accede a cargos dentro do partido, figurando como secretario provincial de Córdoba. Preséntase ás eleccións municipais do 12 de abril de 1931 por Córdoba, aínda que non sae elixido. Propagandista obreiro, é detido en diversas ocasións. En outubro de 1932 é incorporado ó buró político do PCE, pasando a residir en Madrid aínda que pasa gran parte de 1933 en Moscú, na escola leninista internacional.



A partir de 1932 realiza unha serie de viaxes por Galicia, enviado polo comité cen-

tral do PCE para o que redacta informes sobre a situación dos comunistas galegos. Proposto como candidato polo PCE no mesmo febreiro de 1936, en lugar de quen estaba previsto que era Manuel García Fitgueira, concelleiro comunista de Pontevedra e despois alcalde. Foi o único deputado que saíu elixido polo Partido Comunista en Galicia durante a República. O seu escano explicase polas desavenencias internas dos comunistas galegos.

Durante a guerra civil figura como mando do exército republicano. Encarcerado ó remate da guerra, acóllese ós decretos de liberdade vixilada de 1946. Vive en Madrid, Málaga e Sevilla, ata que a fins de 1949 cruza definitivamente a fronteira de Francia. Non será ben recibido polo PCE no exilio, parece que por uns problemas que tivo cos seus compañeiros no cárcere. Vivirá modestamente en Francia como albanel e pica-pedreiro ata o seu falecemento. En 1977 realiza unha breve visita a España. Faleceu en París o 4 de xaneiro de 1979.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra na candidatura do Frente Popular polo PCE en 1936.

— S —

SABUCEDO MORALES, José

Naceu probablemente en Ourense hacia 1880. Era fillo de Heriberto Sabucedo, coñecido médico ourensán. Licenciado en Dereito. Exerceu como avogado de Ourense. Presidente do Círculo Conservador de Ourense en 1922. Deputado provincial por Carballiño-Ribadavia. Tiña autoridade persoal e habilidade política e foi home influente na provincia de Ourense. Durante a República foi a cabeza do calvosotelismo nesa provincia. Morrerá en Ourense de morte natural en 1936, pouco despois de iniciada a guerra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense por Renovación Española en 1933 e 1936.

SACO RIVERA, Manuel

Naceu en Sarria (Lugo) en 1906. Cursou o bacharelato en Lugo. Estudiu a carreira de Dereito por libre nas Universidades de Valladolid e Madrid. Exerceu en Sarria

como avogado no despacho do seu pai, que era home de grande influencia nesa localidade. Nas eleccións de 1933 foi elixido deputado como independente.

Vinculouse despois ó partido agrario de Martínez de Velasco, para recabar finalmente na CEDA. Participou nos preparativos do Alzamento, viaxando por Galicia, Marruecos e Lisboa e incluso parece que contribuiu ó financiamento do mesmo. En Lisboa, antes do Alzamento, coñeceu a Nicolás Franco, irmán do anterior xefe do Estado. En outubro de 1936 é nomeado subsecretario da Secretaría Xeral que desempeñaba Nicolás Franco. Parece que neste posto, no que estivo poucos meses, acumulou grande poder. Cando Serrano Suñer chega a Salamanca despraza a Nicolás Franco e Saco cae en desgracia. Despois dunha breve estancia en Burgos, onde non detentou ningún cargo político de relevancia, volveu á súa terra natal. Sentíndose inseguro, días antes da súa morte entrevistouse con Serrano Suñer, quen lle deu seguridades de que tería protección oficial. Foi asasinado en agosto de 1938 en Sarria por un garda municipal e o xefe local da Falange, nun escuro episodio nunca resolto no que influiron seguramente discrepancias de tipo político ou asuntos relacionados co seu posto na secretaría de Nicolás Franco.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado independente por Lugo en 1933.

SALGADO PÉREZ, Ramón

Naceu en 1893 en Carril (Pontevedra). Era fillo dun avogado e neto dun médico que se establecera nesa localidade. Cursou o bacharelato no colexio dos xesuítas de Camposancos (A Guardia). Cursou a carreira de Dereito en Santiago, que remata en 1916. Estableceuse primeiramente en Pontevedra como avogado. Hacia 1926 foi a vivir a Vigo, onde casou e instalouse definitivamente. Ademais do seu bufete foi durante un tempo delegado en Vigo dunha compañía de seguros. No que respecta á súa actividade política era republicano e pertenceu ó Partido Radical de Lerroux. Participou no pacto de Barrantes o 25 de setembro de 1929.



Cando comenzou a guerra estivo escondido nunha vivenda en Santiago, ata que un irmán seu conseguiu que o deportasen á Rúa de Petín para evitar que fora paseado. Permanecerá deportado na Rúa preto de dous anos, onde foi sometido a vixiancia e sufriu persecución. Regresou con posterioridad a Vigo, onde permanecerá ata a súa morte rexindo o seu bufete e alonxado da actividade política.

Faleceu en Vigo o 2 de decembro de 1972.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra como agrario radical en 1931.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Radical en 1933.



SEOANE FERNÁNDEZ, Ignacio

Naceu en Ribadavia (Ourense) en 1900. Viviu en Vigo e era panadeiro de profesión. En 1921 presidía as Xuventudes Socialistas de Vigo. En 1929 pasa a militar na Agrupación Socialista, da que será vicepresidente durante a República. Participou nos sucesos de Vigo co gallo da revolución de outubro de 1934 e ingresou no cárcere.

Cando comezou a guerra levaba un tempo retirado por motivos de saúde nunha pequena vila. Foi levado a Vigo e fusilado o 27 de agosto de 1936 xunto con outros destacados socialistas vigueses.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola PSOE en 1936. Pertenceu á Comisión de Comunicacións.



SIERRA MARTÍNEZ, Vicente

Naceu en Pontecesures (Pontevedra) o 21 de abril de 1900. Cursou o bacharelato no colexio dos xesuítas de Camposancos-A Guarda. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago, na que se licenciou con premio extraordinario. En 1925 ingresa no corpo de avogados do Estado, sendo destinado á delegación de Facenda en Córdoba. En 1927 trasládase á recién creada subdelegación de Facenda de Vigo. Membro do Partido Radical de Pontevedra, do sector de Emiliano Iglesias. En 1933 tivo unha polémica con Bóveda, o que lle deu a coñecer cara ás eleccións dese ano. En realidade Sierra non se opoñía a un réxime de autonomía para Galicia senón ó proxecto concreto de estatuto que se estaba a elaborar. Como parlamentario en 1933-1936 interviu na redacción de numerosas leis e conseguiu que o Estado cedese o monte do Castro á cidade de Vigo, tra-la aprobación no Congreso do correspondente proxecto de lei do que era primeiro asinante e defensor. Presentouse ás eleccións de 1936 e non saíu elixido, dedicándose en adiante ó seu labor profesional en Vigo. Faleceu nesa localidade o 20 de xuño de 1981.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Radical en 1933. Pertenceu á comisión de Facenda.

SOMOZA GUTIÉRREZ, Alfredo

Naceu na Coruña o 5 de abril de 1892. Proviña dunha familia de tradición democrática. Era fillo dun curmán de Castelao, librepensador e masón e un dos fundadores do Casino Republicano da Coruña. Cursou os estudos primarios nunha escola pública no coruñés barrio de Atocha. Estudiu despois na escola de Artes y Oficios e cursou tamén estudos de contabilidade. Traballa como capataz encargado de máquinas na fábrica de calzados de Ángel Senra, co que a súa familia tiña amizade, da que con tempo chegará a ser xerente ata que abandona o posto en 1934. Pertenceu á masonería. Participa na formación das Irmandades da Fala e colabora con medios galeguistas. Intima con Casares Quiroga e colabora con el na fundación da ORGA no outono de 1929 na Coruña.



Elixido concelleiro da Coruña en abril de 1931 pola FRG. Presidente da Deputación da Coruña en 1931, durante a súa presidencia proponse tres obxectivos: a mellora das comunicacións rurais -sobre todo nos arredores da Coruña, Santiago, Carballo e Ordes-, a recuperación e mellora dalgúns bens da Deputación e a mellora do Hospital Provincial, que foi renovado durante a súa etapa. Co paso do tempo irá afastándose politicamente de Casares Quiroga. En xullo de 1932 dimite da presidencia da deputación da Coruña. Casares Quiroga ofrécelle varios postos (director xeral de Administración local e os gobernos civís de Málaga e Zaragoza) para intentar limar as disensións con el.

Ó comeza-la guerra escóndese na Coruña e permanece oculto durante once anos. En outubro de 1947 consegue chegar a París. O 15 de maio de 1948 chega a Montevideo, por mediación do seu parente Castelao. Neza cidade vincúlase ós medios galeguistas e republicanos e reintégrase na masonería. É un dos fundadores en 1950 da audición Sempre en Galiza en Montevideo. Escribe no xomal *Lealtad de Montevideo*. Mantén unha interesante correspondencia con Casares -exilado en París- e con Castelao, en Bos Aires, ata a morte de ambos. Durante a enfermidade de Castelao substituírao en numerosas ocasións nos actos organizados polas entidades galegas. Faleceu en Montevideo o 29 de setembro de 1951.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña por Izquierda Republicana en 1936.

**SUÁREZ PICALLO, Ramón**

Naceu en Veloi-Sada (A Coruña) en 1894. Cursou os estudos primarios na súa localidade natal. Traballou despois nas faenas do mar. En 1912 emigrou á Arxentina, onde desempeña numerosos oficios. Home de formación autodidacta e lector empernado, colaborou con diversos xornais bonaerenses (*Adelante, La Argentina, Libertad*). Vinculouse á Federación de Sociedades Gallegas e tivo actividade sindical. A partir de 1926 defínese con claridade o seu galeguismo nacionalista. En agosto dese mesmo ano viaxa a Galicia. Foi invitado a participar na fundación da ORGA en Bos Aires en xuño de 1930, propugnando a incorporación dos galeguistas ó campo republicano.

Retorna a España en xuño de 1931, unha vez proclamada a República. Poucos días despois é elixido deputado, o único que saíu co cualificativo de "galeguista". Asiste á asemblea fundacional do Partido Galeguista en Pontevedra o 3 de decembro de 1931, en nome propio e en representación da Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires que comparte con Alonso Ríos. Asume o papel de líder da esquerda galeguista e destaca como fogoso propagandista. Cursa o bacharelato entre 1931 e 1932 no instituto de Lugo. Parece que estudou nesa localidade para non facelo na provincia por onde era deputado. Nas eleccións de 1933 foi derrotado. Cursou a carreira de Dereito en Santiago, rematándoa en 1935. Durante este período de estudante foi corresponsal en Santiago do xornal *El Pueblo Gallego*. Ó remata-los estudos instala un bufete na Coruña con outros avogados, mantendo relacións profesionais con outro bufete de Bos Aires. En 1936 volve a saír deputado pola provincia da Coruña. Nas Cortes ocupouse sobre todo de temas agrícolas e gandeiros e da cuestión da autonomía galega, da cal era fervente partidario. O comezo da guerra sorpréndelle en Madrid. Durante a mesma actúa como xurídico militar. Asiste á sesión das Cortes celebrada en Figueras a principios de febreiro de 1939. Ó remata-la guerra pasou a Francia e logo ós Estados Unidos. Despois dunha breve estada en Santo Domingo volve ós Estados Unidos e fixa por último a súa residencia en Santiago de Chile en 1940, onde exercerá o xornalismo durante dezaseis anos. Integrante dende a súa fundación en 1944 do Consello de Galiza. En 1956 intervéñe no Congreso de la Emigración Gallega celebrado en Bos Aires e instálase definitivamente nesa cidade. Actuou en innumerables actos políticos e traballa activamente na prensa. Foi redactor do xornal *La Hora* de Santiago de Chile e doutros periódicos. Desde maio de 1959 ata o seu falecemento dirixirá o xornal *Lugo* de Bos Aires, destacando sempre o seu talante galeguista e republicano. Faleceu en Bos Aires no sanatorio do Centro Gallego o 14 de outubro de 1964.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931. Foi membro da comisión de Trabajo y Previsión.

Deputado pola mesma circunscrición polo Partido Galeguista en 1936.

T

TABOADA TUNDIDOR, Antonio (véx. Vol. I)

TABOADA TUNDIDOR, Carlos

Naceu en Ourense o 8 de agosto de 1880. En 1896 ingresa como alumno da Academia de Administración Militar. En outubro de 1898 é nomeado auxiliar do Hospital Militar e da Comisaría de Transportes da Coruña. En xuño de 1890 obtén a praza de auxiliar da Comisaría de Guerra de Ourense. En 1907 licenciase en Dereito pola Universidad Central de Madrid. Hacia 1928 é comandante na reserva. Retírouse como tenente coronel por enfermidade. Tiña un bufete en Ourense. Autor de varias obras xurídicas. Influyente personaxe da CEDA de Ourense, a súa repentina desaparición causou un atranco nesta formación. Morreu na súa localidade natal en 1935.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense pola CEDA en 1933.

TENREIRO RODRÍGUEZ, Ramón María

Naceu na Coruña en 1879. Estudiu no colexio Eusebio da Guarda da súa cidade natal. Proviña dunha familia oriunda de Pontedeume, onde tiñan influencia. Era sobriño de Ricardo Rodríguez Pastor, un dos propietarios do Banco Pastor. Cursou a carreira de Dereito aínda que nunca a exerceu. Viviu en Madrid dedicado ó xornalismo. Autor de diversas obras de carácter literario e traductor. Publicou os seus primeiros traballos na revista madrileña *La Lectura*. En 1908 encargouse da crítica literaria de dita revista. Nese mesmo ano publicou a súa primeira novela. Estaba relacionado coa Institución Libre de Enseñanza. Foi conselleiro do xornal *El Sol*, posto dende o que chegou a ter notable influencia. O director de *El Sol*, Aznar, encargoulle a dirección política do mesmo. Estivo relacionado con Azaña. Foi incluído por Casares Quiroga na candidatura da ORGA, xunto con Novoa Santos, Rodríguez Cadorso e Madariaga, para darlle prestixio intelectual a este partido, pese a estar desvinculado do republicanismo galego. En novembro de 1932 é nomeado membro do Patronato de la Obra Pía de Jerusalén, co fin de divulgar a lingua e cultura españolas. Participa no acto de desagravio feito a Castelao en Madrid en 1935, á súa volta de Extremadura.



Cando estala a guerra estaba veraneando en Castro Urdiales (Santander). Despois de moitas vicisitudes consegue embarcar e chegar a San Xoán de Luz (Francia). En

xullo de 1937, sen bens e sen traballo, entrevistase con Azaña en Valencia. Froito desa entrevista, a fins dese mesmo mes, é nomeado segundo secretario da embaixada en Berna. Falece a mediados de xaneiro de 1939 en Berna, sendo ministro plenipotenciario da República española en Suiza.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931.

— V —



VARELA RADÍO, Manuel

Naceu en Pontevedra o 15 de decembro de 1873. Cursou o bacharelato en Pontevedra e Santiago, finalzándoo en 1887. Matricúlase en Medicina na Facultade de Santiago. Interrumpe eses estudos para viaxar polo estranxeiro. Despois desta viaxe continúa os estudos en Santiago, que remata en 1895. En 1898 acada o doutoramento en Medicina e Cirurxía en Madrid. Completa a súa formación en universidades alemáns, especializándose en xinecoloxía e cirurxía. En 1902 é profesor auxiliar da cátedra de Obstetricia e Xinecoloxía en Santiago. Acada a cátedra en 1905. En 1908 funda con Ángel Baltar un sanatorio ás aforas de Santiago. En 1919 obtén por concurso de traslado a cátedra de Obstetricia e Xinecoloxía da Universidade de Madrid. Amosouse moi activo na política interna da facultade, primeiro en Santiago e logo en Madrid. Participou na actividade do Ateneo de Madrid. Pertenceu ó movemento ó Servicio da República. Autor de diversas publicacións, foi unha figura eminente dentro do campo da xinecoloxía en España. Introducutor dos métodos da escola alemá e pioneiro de diversas técnicas dentro da súa especialidade. Faleceu en Madrid o 13 de decembro de 1962.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra pola FRG en 1931.



VÁZQUEZ CAMPO, Daniel María

Naceu en Chantada (Lugo) o 20 de febreiro de 1884. Fillo dun avogado republicano de Chantada. Cursou o bacharelato en Ourense. Cursou a carreira de Dereito en Valladolid. Exerceu como avogado en Chantada.

Foi un dos impulsores da ORGA na provincia de Lugo. Saiu elixido concelleiro pola candidatura republicana por Lugo e dende o balcón dese concello foi un dos que proclamou a República. Foi alcalde de Lugo durante un día, pasan-

do a ser designado presidente da Deputación provincial, cargo que exercería ata agosto de 1932. Pronunciou un discurso no acto de homenaxe a Castela celebrado en Lugo o 12 de xuño de 1932, por ter acadado o escano. Durante a República viviu en Madrid, sendo avogado da empresa Radial Argentina.

Permaneceu en Madrid durante a guerra, separado da súa muller e fillos que accidentalmente marcharan desa cidade días antes do inicio da mesma. Cando rematou a guerra volveu a Galicia e preferiu non vivir en Chantada para evitar posibles represalias. Pasou a vivir en Ribadavia (Ourense) onde tiña unha irmá e pensaba abrir un bufete. Faleceu nesa localidade o 14 de decembro de 1940.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo ORGA en 1931

VÁZQUEZ GUNDÍN, Eugenio

Naceu en Santiago o 27 de setembro de 1884. Cursou estudos no seminario de Santiago, onde se licenciara en filosofía e teoloxía, aínda que non chega a ordenarse. En 1910 licenciase en Dereito na Universidade de Santiago, con premio extraordinario. Posteriormente acadará o doutoramento na Universidade de Madrid. Foi rexistrador da propiedade en distintas localidades galegas, entre elas Ortigueira onde fixo labor como propagandista e organizador dos sindicatos católico-agrarios da comarca. Estivo destinado tamén en Andalucía e Cataluña. Máis adiante pedirá a excepción como rexistrador e oposita a secretario de Sala de Audiencia, sendo destinado en 1919 á Coruña. Tempo despois reintégrase na súa primitiva carreira de rexistrador, que desempeña na Coruña ata a súa xubilación en 1954. Con posterioridade foi secretario da sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña.



Foi un destacado propagandista do catolicismo social. Presidiu a Federación Católica Agraria da Coruña, unha das bases da CEDA nesa provincia. Será elixido deputado por esta formación en 1933. Nesta lexislatura será o deputado galego que máis intervirá en defensa da economía galega e destaca a súa preocupación pola agricultura e o campesiñado galegos. Presentouse ás eleccións de 1936 e quedou a poucos votos de conseguir de novo o escano. Con posterioridade á República abandonou a actividade política. Foi colaborador asiduo de *El Ideal Gallego*. Publicou diversas obras de carácter xurídico e, ó final da súa vida, de tipo literario en galego. Faleceu na A Coruña o 9 de maio de 1977.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola CEDA en 1933.

**VEGA BARRERA, Rafael de la**

Naceu en Zazuar-Aranda de Duero (Burgos) cara a 1889. Prestixioso cirurxián en Lugo, onde tiña gran relevancia política e social. Era director do hospital Santa María desa cidade. En abril de 1931 foi un dos que anunciou a chegada da República dende o balcón do concello de Lugo. Deputado en 1931 polo Partido Radical, máis tarde integrárase en Unión Republicana. Pertencía á masonería. En 1936 era o presidente de Unión Republicana de Lugo.

Foi detido unha vez iniciada a sublevación. Xulgado e condenado a morte foi executado en Lugo o 21 de outubro de 1936. A súa execución foi tomada como escarmento exemplar e mesmo chegouse a impoñer unha elevada sanción económica á súa familia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo polo Partido Radical en 1931

VEIGA GONZÁLEZ, Victorino

Naceu en Begonte (Lugo) o 23 de decembro de 1875. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Dedicouse á avogacía rexentando nun bufete na Coruña. Tiña amizade con Casares Quiroga.

Cando comezou a guerra estaba na Coruña. O seu domicilio foi saqueado e perseguida a súa familia. Foi sometido a un consello de guerra e estivo un tempo no cárcere. Posiblemente salvouse dunha condena a morte polos bos informes que se deron sobre el, algúns deles redactados por membros do clero. Na prisión coincidiu cun fillo seu e contraíu a tuberculose. Foi excarcelado a causa desta enfermidade, que o levaba á tumba. Faleceu na Coruña o 5 de xuño de 1945.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña por Izquierda Republicana en 1936.

**VIANA ESPERÓN, Alejandro**

Naceu en Pontearreas (Pontevedra) o 16 de maio de 1877. Cursou os primeiros estudos no Seminario Menor de Tui. Hacia 1891 marchou a Vigo onde traballou como dependente nos establecementos dos Arbones, coñecidos comerciantes ponteareáns. Foi un dos fundadores da Asociación de Dependientes del Comercio de Vigo. Con posterioridade comezou a traballar na empresa viguesa Gimeno y Compañía adicada á compra e venda de ovos, da que chega a ser accionista e, cara 1901, apoderado xeral. Home de ini-

ciativas empresariais, foi accionista de Tranvías Eléctricos de Vigo, S.A., da empresa editora de *El Pueblo Gallego*, do Banco de Vigo, etc. Hacia 1915 intenta sen éxito ser concelleiro en Vigo. Participou na creación da Liga de Defensores de Vigo, que se fará cargo en decembro de 1923 do concello de Vigo, despois do advenemento da Dictadura de Primo de Rivera aínda que co compromiso do respecto do ideario democrático dos seus membros. A fins de 1926 dimitirá como concelleiro.

Unha vez chegada a República convértese no presidente provincial de Acción Republicana, o partido de Azaña. Amigo de Castelao, participou no acto de desagravio feito ó líder galeguista en Madrid en 1935, á volta da súa deportación en Extremadura.

Estaba en Madrid cando comezou a guerra. No outono de 1936 marcha a Valencia e despois a Barcelona. Asistiu á sesión das Cortes celebrada en Figueras o 1 de febreiro de 1939. Fuxiu a Francia ó remate da guerra e en maio de 1939 comeza a traballar no SERE (Servicio de Evacuación de Republicanos Española). Despois de varias peripicias, en que está punto de caer nas mans da Gestapo, consegue embarcarse en Marsella o 15 de xaneiro de 1941 no "Alsina" e despois de numerosas vicisitudes, entre elas o cambio de barco, desembarca por fin en Veracruz (México) o 18 de novembro dese ano, case dez meses despois do seu primeiro embarque. Instalado en México D.F., merca unha farmacia e adícase a distribución de produtos farmacéuticos e mantén a actividade política. Mesmo participará no acto de homenaxe a Castelao celebrado en México en 1945. Falecerá no Sanatorio Español desta cidade o 30 de abril de 1952.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra por Izquierda Republicana en 1936.

VILLAMARÍN RODRÍGUEZ, Fernando

Naceu en Nande-Gondomar (Pontevedra) en 1880. Cursou o bacharelato en Vigo en 1895 no colexio San Agustín. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago. Exerceu como avogado en Vigo ata o seu falecemento. Foi concelleiro de Vigo entre 1914 e 1916 e máis tarde foi vicepresidente da Deputación provincial de Pontevedra. Foi elixido decano do Colexio de Abogados de Vigo a fins de 1932. Pertenceu ó Partido Republicano Conservador de Miguel Maura. Defensor dos intereses de Galicia e de Vigo, nos seus escritos destaca como experto civilista. Faleceu en Vigo o 16 de xaneiro de 1957.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra polo Partido Republicano Conservador, coaligado coa CEDA, en 1933.



VILLANUEVA GÓMEZ, Justo

Naceu en Corcubión (A Coruña) en 1893. Aínda que era de familia ourensá naceu en Corcubión polo destino do seu pai, xuíz de primeira instancia. Cursou o bacharelato en Ourense. Comezou a carreira de Dereito en Zaragoza e rematouna en Madrid. Fixo o doutoramento. Ingresou no corpo de avogados do Estado e estivo destinado en Cuenca. Exerceu pouco tempo como avogado do Estado. Conseguiu a cátedra de Dereito Administrativo da Universidade da Laguna e despois a de Dereito Político en Valladolid. En Canarias coñeceu a Lerroux, co que se vinculará politicamente. Tivo un importante bufete en Madrid. Foi subsecretario de Instrucción Pública nun goberno Lerroux. Foi deputado en 1931 e 1933. Nas eleccións de 1936 resultou elixido pero con posterioridade a Comisión de Actas proclamou deputado no seu lugar a Martínez Risco.

Marchou de España pouco despois do asasinato de Calvo Sotelo. Viviu en Lisboa, París e Niza ata principios de 1941 en que retorna a España. Foi expedientado e cesado nos seus cargos de avogado do Estado e catedrático. Dedicouse ó seu bufete en Madrid. Era tío do deputado no Parlamento de Galicia Manuel Ángel Villanueva. Faleceu en Madrid en 1952. Un mes antes de morrer foi repostado nos seus cargos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense polo Partido Radical en 1931.

Foi membro asesor da comisión Constitucional, que redacta a Constitución de 1931.

Deputado pola mesma circunscrición e partido en 1933.

Nesta lexislatura foi un dos vicepresidentes do Congreso e presidiu a Comisión de Orzamentos.



VILLAR PONTE, Antonio

Naceu en Viveiro (Lugo) o 2 de outubro de 1881. Iniciou o bacharelato no instituto de Lugo e rematouno no de Santiago. En 1901 licénciase en Farmacia pola Universidade de Santiago. Sendo estudante inicia a súa actividade política pro republicana e a colaboración coa prensa. Entre 1901 e 1906 viviu en Foz exercendo como boticario. Colaborou coa prensa de Lugo e Viveiro e con xornais republicanos da Coruña. Publica en 1905 *A Patria do Labrego*. Secretario dun comité republicano que presidía Leiras Pulpeiro en Mondoñedo. En 1906 marcha a Madrid onde colabora co xornal *El País* e cos círculos republicanos. Sen embargo a súa precaria situación económica impúlsao a La Habana, onde vive entre 1908 e 1910 dedicado ó xornalismo. Retorna á Coruña a principios de 1910 como corresponsal de xornais da Habana e entra como redactor en *La Voz de Galicia* en marzo de 1912, traballo que constituirá a súa principal dedicación a partir de agora. Traba contacto co rexionalismo coruñés

capitaneado por Murguía. Relaciónase tamén con Manuel Lugo Freire, que ten grande influencia na súa ideoloxía galeguista. Recibe tamén influencias de Risco. En maio de 1916 constitúese a primeira Irmandade dos Amigos da Fala, na Coruña, da que Villar é elixido presidente. O seu irmán Ramón foi uns dos principais inspiradores desa entidade. En novembro aparece o primeiro número de *A Nosa Terra*, que ten a Villar entre os principais redactores xunto con Luis Peña Novo e Manuel Lugo. A partir de agora volcase na nova organización, cun sentido cada vez máis nacionalista.

Nun principio acolle con esperanza o advenemento da dictadura de Primo de Rivera, esperando ese "ciruxián de ferro" anhelado por moitos. Admite incluso ser designado directamente concelleiro da Coruña. Sen embargo desengánase axiña do novo réxime e abre entre 1924 e 1929 unha paréntese na súa actuación política. Desvincúlase tamén de Risco e do seu nacionalismo tradicionalista. En setembro de 1929 funda a ORGA con Casares Quiroga e os galeguistas republicanos coruñeses. En 1931 é elixido deputado pola Coruña polas listas da ORGA. No Congreso defende unha postura federal da República española. Sen embargo vaise distanciando da ORGA e aínda que permanece fiel ós compromisos do partido en 1934 rompe con Casares e ingresa no Partido Galeguista. Nese ano ingresa na Real Academia Gallega. Defenderá a postura de Castelao de acercamento a Izquierda Republicana como medio para conseguir o Estatuto. En febreiro de 1936 forma parte das listas de Izquierda Republicana. Falece na Coruña o 4 de marzo de 1936, pouco antes de tomar posesión do seu escano como deputado.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña pola FRG en 1931.

Deputado electo na mesma circunscrición polo Partido Galeguista en 1936 aínda que non chega tomar posesión do escano.

VILLARINO DE SAA, Ramón

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) cara a 1890. Cursou o bacharelato en Celanova ou Ourense. Licenciouse en Dereito na Universidade de Madrid. Despois dun breve período no que traballou na Deputación de Ourense instalouse como avogado nesa cidade. Escribiu obras de teatro, algunha das cales mesmo chegou a estrear en Madrid.

Permaneceu en Ourense durante a guerra, publicando artigos de apoio ó novo réxime. Despois da guerra non volveu a intervir en política aínda que mantivo a relación con Gil Robles. Falece en Ourense en 1959.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense pola CEDA en 1936.

**VILLAVERDE REY, Elpidio**

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 4 de novembro de 1887. Despois de rematados os primeiros estudos traballou en negocios do seu pai. Emigrou á Arxentina e traballou en distintas oficinas comerciais. Á morte do seu pai retornou a España e dedicouse ós negocios. Foi presidente da Cámara de Comercio de Vilagarcía hacia 1922. Militou nas Irmandades da Fala e na ORGA.

Ó proclamarse a República foi elixido alcalde de Vilagarcía, cargo que exerceu ata 1934. No bienio 1934-1936 foi perseguido, pasando polo cárcere. Volveu a ser alcalde co triunfo do Frente Popular e deputado nas Cortes, cargo co que quedou renunciando á alcaldía.

Cando comeza a guerra atópase en Vilagarcía e intenta infructuosamente coordina-la resistencia. Logra fuxir e refúxiase en Portugal, onde colabora coa embaixada española en Lisboa ata a ruptura de relacións diplomáticas. Dirixiuse despois a Madrid e é un dos organizadores das denominadas Milicias Gallegas. Fixo frecuentes viaxes a Francia cumprindo misións do goberno. Estaba en París cando rematou a guerra. Marcha a Bos Aires, onde instala xunto co seu irmán Luis un restaurante que rexenta durante preto de catro anos. Con posterioridade foi socio dunha tenda de tecidos. Foi un dos fundadores do Consello de Galiza en 1944. Colaborou coa reunión das Cortes no exilio en México e co primeiro Congreso da Emigración Gallega celebrado en Bos Aires en 1956. Participará activamente na actividade dos medios galeguistas. Faleceu repentinamente en Bos Aires o 5 de outubro de 1962.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra por Izquierda Republicana en 1936.

PROCURADORES EN CORTES (1943-1977)

INTRODUCCIÓN

As Cortes Españolas creanse pola lei de 17 de xullo de 1942, como "órgano superior de participación del pueblo español en las tareas del Estado". As Cortes configuraríanse como unha cámara pretendidamente representativa dentro dun sistema denominado de "democracia orgánica". O preámbulo da citada lei dicía que a creación dun réxime xurídico, a ordenación da actividade administrativa do Estado e o encadramento da nova orde nun sistema institucional requería un proceso de elaboración do que non conviña que estivesen "ausentes representaciones de los elementos constitutivos de la comunidad nacional". Isa era a razón de ser das Cortes.

Coas Cortes pretendíase que se recolleran as distintas sensibilidades existentes, pero sempre dentro do Réxime. Calquera oposición ó mesmo quedaba non só excluída senon perseguida. A lei de creación das Cortes dicía que "el contraste de pareceres -dentro de la unidad del Régimen-, la audiencia de aspiraciones, la crítica fundamentada y solvente, la intervención de la técnica legislativa, deben contribuir a la vitalidad, justicia y perfeccionamiento del Derecho positivo de la Revolución y de la nueva Economía del Estado español". A expresión "contraste de pareceres", que fará fortuna, era exacta. Ninguén se podía chamar a engano: a máxima discrepancia permitida era simplemente iso, un contraste de opinións, sempre dentro do Réxime.

Era misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, aínda que quedaba claro que na Xefatura do Estado radicaría "la suprema potestad de dictar normas jurídicas de carácter general". É dicir en último termo a capacidade lexislativa radicaba no mesmo Franco. De tódolos xeitos sería un tema interesante para estudar se as Cortes actuaron nalgún momento como contrapoder, suavizando os aspectos máis estridentes dun réxime rixidamente autoritario.

A lei estipulaba que as lexislaturas destas Cortes terían unha vida de catro anos. Durante todo o réxime mantiveron esa cadencia temporal, a excepción da última lexislatura que foi prorrogada, como máis adiante veremos.

No artigo 2º da lei de 1942 especificábase a composición das Cortes, formadas por uns "procuradores" que o serían en función do seu cargo, é dicir natos, ou ben elixidos. A saber:

- Os ministros
- Os conselleiros nacionais de Falange Española Tradicionalista y de las JONS.
- O presidente do Consello do Estado, o do Tribunal Supremo de Xustiza e o do Consello Supremo de Xustiza Militar.
- Os representantes dos sindicatos nacionais, en número non superior á terceira parte do total dos procuradores.
- Os alcaldes das cincuenta capitais de provincia, os de Ceuta e Melilla e un

representante dos demais municipios de cada provincia designado a través da Deputación respectiva.

- Os rectores das universidades.
- O presidente do Instituto de España, os presidentes das Reais Academias que o cumprían e o Chanceller da Hispanidade.
- O presidente do Instituto de Enxeñeiros Cívís. Dous representantes dos colexios de Avogados. Un representante dos colexios de Médicos. Un representante dos colexios de Farmacéuticos. Un representante dos colexios de Veterinarios. Un representante dos colexios de Arquitectos.
- Aquelas persoas que "por su jerarquía eclesiástica, militar, administrativa o social, o por sus relevantes servicios a España" designase o xefe do Estado, en número non superior a cincuenta.

Este esquema mantívose con algunhas variacións durante todo o franquismo. É un esquema heteróxeneo, coa complexidade típica das cámaras orgánicas.

No presente traballo expóñense os rasgos biográficos principais dos procuradores en Cortes que representaron territorialmente a Galicia. Non se inclúen, xa que logo, os procuradores galegos que o foron por outros conceptos (ministros, representantes de colexios profesionais, designación directa do xefe do Estado, etc.).

Imos ver a continuación os diferentes tipos de procuradores, partindo da idea de que indicamos unicamente aqueles que tiñan a representación territorial de Galicia.

Durante a I lexislatura (1943-1946) os procuradores que entran neste ámbito son os seguintes:

- Alcaldes das capitais de provincia.
- Un representante dos demais municipios de cada provincia designado a través da Deputación respectiva. O Decreto de 14 de outubro de 1942 establecía que o pleno das Deputacións elixiría este representante entre os alcaldes e concelleiros de calquera municipio a excepción dos da capital da provincia.
- Os rectores das Universidades, que durante todo o franquismo serán membros natos das Cortes.

Na II lexislatura (1946-1949) inclúese una nova figura de procurador en Cortes: un representante de cada Deputación provincial e Mancomunidades interinsulares. Por lei de 9 de marzo de 1946 modifícanse algúns apartados da lei 17 de xullo de 1942 de creación das Cortes. O que nos afecta é que se inclúe entre os procuradores un representante de cada Deputación Provincial. Un Decreto de 15 de marzo de 1946 cambia o sistema de elección dos representantes dos municipios provinciais: serán designados mediante elección de segundo grado e polos compromisarios que nomeen ó efecto as respectivas corporacións municipais. Este novo esquema de representación territorial (alcaldes de capitais de provincia, representantes de municipios provinciais, representantes das deputacións, rectores das universidades) permanecerá durante a III lexislatura (1949-1952) e a IV (1952-1955).

Na V lexislatura (1955-1958) aparece outro novo tipo de procurador en Cortes: os conselleiros nacionais do Movemento elixidos polos militantes de cada provincia. O decreto de 3 de marzo de 1955 especificaba a forma de elección destes procuradores representantes de cada provincia, a excepción de Fernando Poo, Río Muni, Sahara, Ceuta e Melilla, que se incorporan ó grupo a partir da IX lexislatura.

Hai polo tanto cincuenta procuradores máis. Estes conselleiros coexisten cos conselleiros nacionais do Movemento que eran procuradores en razón do seu cargo. Este novo esquema (conselleiros nacionais do Movemento en representación das provincias, alcaldes de capitais de provincia, representantes de municipios provinciais, representantes das deputacións, rectores das universidades) persiste durante a VI (1958-1961), a VII (1961-1964) e a VIII (1964-1967) lexislaturas.

Na IX lexislatura establécese unha nova figura de procurador en Cortes: os representantes da Familia. Estes representantes nacían pola lei 26/1967, de 28 de xuño, de Representación Familiar en Cortes, que "completa el sistema de nuestra democracia orgánica y perfecciona el sistema representativo del Estado al procurar una mayor participación de los distintos sectores sociales en las tareas públicas". A elección destes procuradores verificaríase por sufraxio "igual, directo y secreto". Eran electores os cabezas de familia e mulleres casadas "que figuren inscritos en el censo electoral y se encuentren en pleno uso de sus derechos civiles y políticos". Para ser candidato era necesario, entre outros requisitos, ser natural da provincia e ter residencia habitual na mesma durante un período continuado non inferior a sete anos a partir dos catorce anos de idade e, ademais, ter "notorio arraigo" na provincia. Esta peculiaridade sería estimada polas xuntas provinciais do Censo. Ademais ningún candidato podería presentarse por máis dunha provincia.

Nesta mesma lexislatura modifícase a representación da Administración local. O Decreto 1485/1967, de 15 de xuño, establece as normas de elección e renovación de procuradores en Cortes en representación da Administración local. Establece dous tipos de procuradores, aínda que en realidade a Galicia afecta só un. En primeiro lugar, están os procuradores representantes dos municipios de cada provincia, que serían elixidos por compromisarios nomeados ó efecto polas respectivas corporacións municipais. En segundo lugar, os procuradores representantes dos municipios de máis de trescentos mil habitantes, circunstancia na que non se atopaba ningún concello galego.

O esquema que rexe na IX lexislatura (conselleiros nacionais do Movemento en representación das provincias, representantes de municipios, representantes das deputacións, representantes da Familia, rectores das universidades) persistirá durante a X lexislatura (1971-1977), a última do franquismo que será prorrogada polo decreto 1823/1975, de 31 de xullo. A lexislatura remataba o 15 de novembro de 1975 e por este decreto prórrogase ata o 15 de marzo de 1976. As circunstancias políticas fan que se decida unha nova prórroga, polo decreto 111/1976, de 27 de xaneiro, que pon o fin desta lexislatura no 30 de xuño de 1977.

1846-1847. Presidencia de la Diputación Provincial de Orense. Delegado de Hacienda en Galicia. Delegado de Hacienda en Asturias. Delegado de Hacienda en Vizcaya. Delegado de Hacienda en Navarra. Delegado de Hacienda en Cantabria. Delegado de Hacienda en Aragón. Delegado de Hacienda en Cataluña. Delegado de Hacienda en Castilla-La Mancha. Delegado de Hacienda en Castilla y León. Delegado de Hacienda en Extremadura. Delegado de Hacienda en Madrid. Delegado de Hacienda en Murcia. Delegado de Hacienda en Valencia. Delegado de Hacienda en Andalucía. Delegado de Hacienda en Aragón. Delegado de Hacienda en Cataluña. Delegado de Hacienda en Castilla-La Mancha. Delegado de Hacienda en Castilla y León. Delegado de Hacienda en Extremadura. Delegado de Hacienda en Madrid. Delegado de Hacienda en Murcia. Delegado de Hacienda en Valencia. Delegado de Hacienda en Andalucía.

1848-1849. Delegado de Hacienda en Galicia. Delegado de Hacienda en Asturias. Delegado de Hacienda en Vizcaya. Delegado de Hacienda en Navarra. Delegado de Hacienda en Cantabria. Delegado de Hacienda en Aragón. Delegado de Hacienda en Cataluña. Delegado de Hacienda en Castilla-La Mancha. Delegado de Hacienda en Castilla y León. Delegado de Hacienda en Extremadura. Delegado de Hacienda en Madrid. Delegado de Hacienda en Murcia. Delegado de Hacienda en Valencia. Delegado de Hacienda en Andalucía.

1850-1851. Delegado de Hacienda en Galicia. Delegado de Hacienda en Asturias. Delegado de Hacienda en Vizcaya. Delegado de Hacienda en Navarra. Delegado de Hacienda en Cantabria. Delegado de Hacienda en Aragón. Delegado de Hacienda en Cataluña. Delegado de Hacienda en Castilla-La Mancha. Delegado de Hacienda en Castilla y León. Delegado de Hacienda en Extremadura. Delegado de Hacienda en Madrid. Delegado de Hacienda en Murcia. Delegado de Hacienda en Valencia. Delegado de Hacienda en Andalucía.

1852-1853. Delegado de Hacienda en Galicia. Delegado de Hacienda en Asturias. Delegado de Hacienda en Vizcaya. Delegado de Hacienda en Navarra. Delegado de Hacienda en Cantabria. Delegado de Hacienda en Aragón. Delegado de Hacienda en Cataluña. Delegado de Hacienda en Castilla-La Mancha. Delegado de Hacienda en Castilla y León. Delegado de Hacienda en Extremadura. Delegado de Hacienda en Madrid. Delegado de Hacienda en Murcia. Delegado de Hacienda en Valencia. Delegado de Hacienda en Andalucía.

— A —

ABEIJÓN SÁNCHEZ, José

Naceu en Ordes (A Coruña) o 16 de novembro de 1913. Antes da guerra foi cobrador de contribucións. Alcalde de Negreira dende novembro de 1940 a xullo de 1967 e concelleiro con posterioridade. Deputado provincial e presidente da Comisión de Cooperación Provincial. Oficial da Administración do Estado excedente. Xefe local e comarcal da Falanxe en Negreira. Tiña amizade con Diego Salas Pombo, xefe provincial do Movemento que foi o seu valedor. Estaba en posesión da Medalla de Oro de la Orden de Cisneros, a Medalla de la Vieja Guardia e a Encomienda de la Orden del Mérito Civil. Faleceu na Coruña en xuño de 1972.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos Municipios de Coruña na IX Lexislatura (1967-1971).
Pertencen ás Comisións do Gobernación e Vivenda

ALÉS REINLEIN, Antonio

Naceu en Ourense o 29 de decembro de 1905. Cursou os primeiros estudos na súa localidade de nacemento. Acadou o título de arquitecto en Madrid cara a 1932. Dedicouse ó exercicio libre da profesión en Ourense e foi durante unha etapa arquitecto da delegación en Ourense do Ministerio da Vivenda. Foi presidente da Deputación de Ourense do 29 de agosto de 1959 ó 24 de marzo de 1970. Era marqués de Alta Gracia. Faleceu en Ourense o 4 de outubro de 1980.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Ourense durante parte da VI, a VII, VIII e parte da IX lexislaturas (decembro 1959-marzo 1970).

ALONSO-CUEVILLAS CRESPO, Enrique

Naceu en Ourense o 23 de xaneiro de 1898. Proveniente dunha familia de raigame ourensá, era fillo dun avogado do Estado. Ingresou na Academia de Infantería en 1913. En 1916 acada o seu primeiro destino como segundo tenente en Pontevedra e en 1917 pasa á guarnición de Ourense. De 1918 a 1921 está destinado en Marrocos, onde toma parte en distintas accións sendo distinguido. Retorna á guarnición de

Ourense e hacia 1926 volve de novo a Marrocos. Dende 1928 desempeña distintos destinos en Lugo e Ourense. Cando comeza a guerra está en Ourense onde se fai co mando do cuartel de San Francisco e marcha cara a Asturias. Pasa os primeiros meses da guerra combatendo en Asturias, onde resulta ferido. Durante 1938 e 1939 toma parte en distintas accións en Cataluña e Andalucía. Ó remate da guerra permanece de guarnición en Galicia. En 1946 é destinado a Barbastro (Huesca). De 1948 a 1955 permanece en Zaragoza. En 1955 pasa a Melilla ata 1958 en que é destinado a León. En febreiro de 1957 acada o grao de Xeneral de Brigada de Infantería. É gobernador militar de Pontevedra de febreiro a xuño de 1960. De xuño de 1960 a xaneiro de 1962 é gobernador militar de Lugo.

Foi alcalde de Ourense de xaneiro de 1962 a xaneiro de 1964. Durante esta etapa emprendeu diversas reformas urbanísticas. Ó cesar como alcalde pasou á situación de reserva no exército. Os seus últimos anos transcorren en Ourense, onde falece o 29 de setembro de 1976. Tiña a Gran Cruz de San Hermenegildo, a Gran Cruz al Mérito Militar e a Medalla de Marruecos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da VII lexislatura (abril 1962-setembro 1963).

ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, Benjamín

Naceu na Fonsagrada (Lugo) o 5 de decembro de 1905. Cursou os primeiros estudos na súa localidade natal e na capital da provincia. Foi procurador dos tribunais. O seu labor profesional desempeñouno sempre en Fonsagrada. Foi alcalde desa localidade de 1940 a 1946. Nos anos sesenta volvería a ser alcalde de Fonsagrada. Foi vicepresidente da Deputación de Lugo entre 1940 e 1947. Nesta etapa interesouse pola mellora e ampliación da rede de camiños da provincia e pola reforma do hospital provincial de San José e da Casa-Cuna. Faleceu en Lugo o 26 de febreiro de 1979.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Lugo durante a I lexislatura (1943-1946)

e como representante da Deputación da mesma provincia durante parte da II lexislatura (maio 1946-setembro 1947).

ÁLVAREZ MARÍN, Filiberto

Naceu en Lugo o 24 de xaneiro de 1927. Cursou o bacharelato no Colexio dos Maristas da súa cidade natal. En 1946 ingresou por oposición no corpo técnico de Correos, sendo destinado a Lugo. En 1952 foi nomeado administrador de Correos de Vilalba. Cursou por libre a carreira de Dereito en Santiago e Oviedo, licenciándose en 1957. De outubro de 1969 a abril de 1980 foi xefe provincial de Correos de Lugo. Dende este último ano e ata febreiro de 1988 foi subdelegado provincial de Comunicacións en Valladolid. No que respecta á súa actividade política, foi alcalde de Vilalba de febreiro de 1964 a outubro de 1969. Foi ó mesmo tempo deputado provincial polo partido xudicial desa localidade. Durante a súa etapa como alcalde de Vilalba construíuse o

Parador nacional da Torre dos Andrade, abríronse estradas en varias parroquias, construíuse o primeiro pavillón deportivo cuberto da provincia de Lugo, un instituto laboral e vivendas para profesores.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Lugo durante parte da VIII lexislatura (abril 1965-outubro 1967).

Pertenceu á Comisión de Asuntos Exteriores.

ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, Luis

Naceu en Ourense o 29 de novembro de 1915. Cursou o bacharelato no instituto da súa localidade natal entre 1930 e 1936. Participou na guerra civil como oficial provisional. Licenciouse en Dereito en Santiago en 1943, pasando a vivir en Ourense onde exercería a avogacía ata 1981. Foi presidente da Cámara Oficial de la Propiedad Urbana de Ourense durante catorce anos.



Foi presidente da Deputación de Ourense do 2 de febreiro de 1974 ó 7 de xaneiro de 1976. Durante esta etapa preocupouse polo desenvolvemento do polígono industrial de San Cibrán e foi un dos impulsores de SODIGA. Foi presidente do consejo de administración da Caixa de Aforros Provincial de Ourense. Foi un dos fundadores de Alianza Popular en Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Ourense durante parte da X lexislatura (xuño 1974-febreiro 1978).

Pertenceu á Comisión de Vivenda.

AMEIJIDE AGUIAR, Luis

Naceu en Lugo o 21 de xuño de 1911. Cursou os primeiros estudos na súa localidade natal. Estudiu na escola de Altos Estudos Mercantís. Combatiu na Guerra Civil como oficial de complemento. Director do Banco de La Coruña en Lugo. Foi presidente do Círculo das Artes desa cidade de 1947 a 1952. Foi alcalde de Lugo de 1952 a 1958. Durante esta etapa inaugurouse o Sanatorio Antituberculoso de Calde e creouse a Caixa de Crédito Municipal. Foi presidente da Deputación Provincial de Lugo de 1958 a xullo de 1962. Durante este tempo desenvolveuse a I Feira Exposición da Provincia, o Plano de Transformación Agrícola-Gandeiro da provincia e instalouse o Hogar Santo Angel no Hospital Provincial. Foi gobernador civil de Zamora de xullo de 1962 a febreiro de 1964. Neste último ano foi nomeado gobernador civil de León, rematando a súa actividade política. Faleceu en Lugo en abril de 1982.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante parte de III, a IV a V Lexislaturas (abril 1952-1958).

Procurador en representación da Deputación Provincial de Lugo na VI a parte da VII lexislaturas (marzo 1958-xullo 1962).

**AREAL HERRERA, Leoncio**

Naceu na Coruña o 17 de maio de 1903. Estudiu o bacharelato no instituto Cardenal Cisneros de Madrid entre 1914 e 1921. Iniciou a carreira de Medicina na Universidade de Madrid en 1921, obtendo o título en 1928. En 1929 obtén o título de médico puericultor. Dende ese ano ata 1934 exerce a profesión en Madrid, cidade e provincia. O 26 de maio de 1934 ingresa no corpo de médicos puericultores do Estado, sendo destinado a Ourense, onde se xubilará o 17 de maio de 1974. Foi deputado provincial ó remate da Guerra Civil. O 5 de decembro de 1948 é elixido conce-

lleiro de Ourense, polo tercio de representantes de entidades económicas, culturais e profesionais (colexio de médicos). O 6 de febreiro de 1949 é nomeado tenente de alcalde. Foi alcalde de Ourense do 27 de marzo de 1954 ó 15 de febreiro de 1955, en que presenta a súa dimisión. Durante o seu curto mandato na alcaldía ourensá realízase a compra da antiga estación de ferrocarril e a cesión ó Ministerio de Justicia duns terreos para a construción dos vulgados. O 27 de febreiro de 1970 obtivo a Cruz de Plata de la Seguridad Social. Faleceu en Ourense o 9 de maio de 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante uns meses da IV e V lexislaturas (marzo 1954-febreiro 1955).

**ARGENTI NAVAJAS, Juan**

Naceu en Madrid o 21 de agosto de 1893. Kursou os primeiros estudos e a carreira de Arquitectura na súa cidade natal, acadando o doutoramento na mesma disciplina. En 1918 chegou a Pontevedra como arquitecto da Deputación Provincial. Nesta cidade quedaríase a vivir, falecendo circunstancialmente na súa cidade de nacemento. Foi arquitecto de Facenda e da Vivenda e exerceu tamén a profesión libre. Foi alcalde de Pontevedra de 1952 a 1957. Durante esta etapa puxo en marcha o primeiro plano xeral de ordenación urbana de Pontevedra en 1956. Pertenceu ó padroado do

Museo de Pontevedra. Era académico correspondente das Reais Academias da Historia e San Fernando. Foi presidente da delegación do Colexio de Arquitectos de Pontevedra e da Comisión Provincial de Monumentos. Era comandante honorífico de Armamento e Construción. Faleceu en Madrid o 31 de maio de 1971.


■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da IV e V lexislaturas (xullo 1952-outubro 1957).

— B —

BASANTA VARELA, Víctor Manuel

Naceu en Lugo o 22 de abril de 1935. Cursou o bacharelato no instituto da súa localidade natal, rematándoo en 1953. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1959. Dedicouse durante un tempo a negocios de tipo agrícola pasando posteriormente a exercer-la avogacía. Foi alcalde de Lugo de xullo de 1975 a febreiro de 1976. Durante o seu breve mandato tiveron lugar os actos co gallo do Bimilenario da fundación da cidade e impulsou a apertura de varias rúas. Faleceu na súa cidade natal o 22 de febreiro de 1998.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante uns meses da X lexislatura (novembro 1975-febreiro 1976).

Pertenceu á comisión de Xustiza.

BUGARÍN DOMÍNGUEZ, Rosendo

Naceu en Tui (Pontevedra) en 1909. Cursou os primeiros estudos no Colexio dos Maristas da súa localidade natal. De moi novo comezou a traballar no Banco Pastor, xubilándose como interventor desa entidade en Tui no ano 1975. Foi alcalde de Tui de 1944 a 1951. Durante esta etapa impulsou a creación do instituto laboral, a urbanización de diversas rúas e iniciou a construción do novo edificio do concello. Faleceu na súa localidade natal en 1989.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante a II lexislatura (1946-1949).

C

CABANILLAS GALLAS, Pío

Naceu en Pontevedra o 13 de novembro de 1923. Cursou o bacharelato na súa cidade natal. Obtivo a licenciatura de Dereito na Universidade de Granada e o doutoramento na mesma disciplina na Universidade de Madrid, ambos estudos con premio extraordinario. Notario e rexistrador da propiedade dende 1951. De 1950 a 1956 foi letrado da dirección xeral dos Rexistros e do Notariado. De 1956 a 1960 traballou en Barreiros Diesel, S.A. como secretario xeral da sociedade e de tódalas empresas do grupo, labor que compatibilizaba coa súa función de letrado. En 1960 é nomeado xefe nacional da Asesoría Jurídica de la Organización Sindical. Foi subsecretario de ministerio de Información e Turismo de 1962 a 1969. Entre 1969 e 1970 volve á súa vida profesional de rexistrador. Conselleiro do Reino en 1971 e presidente do consello de administración de Tabacalera, S.A. En 1972 toma posesión como decano do Colegio de Registradores de la Propiedad. De xaneiro a outubro de 1974 foi ministro de Información e Turismo no gabinete de Arias Navarro. En 1977 foi un dos principais impulsores do denominado Partido Popular, que se integrará na Unión de Centro Democrático en xaneiro de 1978. En xullo de 1977 foi nomeado ministro de Cultura y Bienestar, no primeiro goberno democrático. En setembro de 1980 foi nomeado ministro sen carteira, adxunto ó Presidente. En febreiro de 1981 será nomeado ministro da Presidencia, no primeiro goberno de Calvo Sotelo. En decembro dese mesmo 1981 será ministro de Justicia, ata decembro de 1982 en que foi cesado tra-la victoria electoral do PSOE. Formou parte do Comité Ejecutivo Nacional de Unión de Centro Democrático. Con posterioridade integrouse en Alianza Popular e finalmente no Partido Popular, do que sería elixido membro da súa executiva nacional en abril de 1990, meses antes da súa morte. Ademais de procurador en Cortes e deputado no Congreso foi eurodeputado. O 1 de xaneiro de 1986 foi designado deputado do Parlamento europeo. Será elixido para a mesma cámara nas eleccións de xuño de 1987 e xuño de 1989. Posuía, entre outras condecoracións, as grandes cruces de Carlos III, Isabel la Católica, Alfonso X El Sabio, San Raimundo de Peñafort, Mérito Civil, Yugo y las Flechas e Mérito Naval. Era membro de número da Real Academia de Jurisprudencia y Legislación e da súa homónima galega. Era fillo adoptivo de Cambados, de Santiago de Compostela e fillo predilecto da provincia e cidade de Pontevedra, entre outras distincións. Autor de diversas publicacións sobre temas de Dereito civil. Faleceu repentinamente en Madrid o 10 de outubro de 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación familiar de Ourense durante a X lexislatura (1971-1977). Con anterioridade foi procurador en representación do Colexio de Rexistradores de Propiedade durante a VI, VII, VIII e IX lexislaturas (1958-1971).

Deputado por Ourense no Congreso nas lexislaturas Constituinte, I e II por UCD.

Na II lexislatura formou parte das comisións Constitucional e Justicia e Interior.

CARRO MARTÍNEZ, Antonio

Naceu en Lugo o 3 de maio de 1923. Estudiu o bacharelato e a carreira de Maxisterio na súa cidade natal. Cursou a carreira de Dereito en Santiago entre 1939 e 1944. Profesor axudante da Facultade de Dereito de Madrid. Entre 1945 e 1948 cursa a licenciatura de Ciencias Políticas e Económicas. En 1950 doutórase en Dereito na Universidade de Madrid. Ingresou en distintos corpos da administración pública (técnico de administración civil, secretario de administración local de primeira categoría e letrado do Consello de Estado). Pertenceu ó Instituto de Estudios Políticos e ó Instituto Internacional de Ciencias Administrativas. Fundador e secretario da revista *Documentación Administrativa*. Foi parte do primeiro equipo que abordou a reforma administrativa en España. Xefe do gabinete de estudos da secretaría xeral técnica da Presidencia do Goberno. Secretario xeral técnico do ministerio de Gobernación de outubro de 1960 a novembro de 1969. Foi secretario da Sección española do Instituto Internacional de Ciencias Administrativas. Director do Instituto de Estudios de Administración Local. Director xeral de Administración Local. Ministro da Presidencia nos tres últimos gobernos de Arias Navarro. Está en posesión das Grandes Cruces de la Orden del Mérito Civil, de Cisneros, Orden Imperial del Yugo y las Flechas e de Sanidad. Autor de numerosas publicacións relativas ó Dereito público.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación da Familia de Lugo durante a IX lexislatura (1967-1971). Con anterioridade foi procurador en dúas lexislaturas polo Instituto de Estudios Políticos.

Deputado por Lugo no Congreso na lexislatura Constituínte por Alianza Popular, na I e II lexislaturas por Coalición Democrática e na III por Coalición Popular.

CASTRO GARCÍA, Antonio

Naceu en Ordes (A Coruña) en 1925. Pouco despois a súa familia trasladouse a Santiago, por mor da profesión do seu pai que era médico. Nesa cidade estudiu o bacharelato no instituto e na academia Menéndez y Pelayo. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago entre 1943 e 1948. Exerceu como avogado. Foi letrado do Banco Exterior e profesor da Escola Social da Universidade de Santiago. Foi alcalde desa cidade entre 1974 e 1979. Durante esta etapa impulsou o Patronato Nacional de Santiago. Impulsou tamén o plan de augas desa cidade. Comezou unha serie de polígonos, para paliar o problema da vivenda existente en Santiago. Tamén durante a súa etapa cedeuse o edificio de San Domingos de Bonaval ó Museo do Pobo Galego.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios da Coruña durante parte da X lexislatura (febreiro 1976-1977).

Pertenceu á Comisión de Xustiza.

CENALMOR RAMOS, Rogelio

Naceu en Ferrol o 25 de maio de 1922. Cursou o bacharelato na súa localidade natal. Estudiu a carreira de Dereito na universidade de Santiago. Exerceu a profesión libre como avogado en Ferrol. Foi profesor de Formación Profesional e impartiu docencia en Dereito administrativo e laboral. Foi tamén axente de aduanas. Alcalde de Ferrol entre 1963 e 1974. Durante esta etapa acometeu a remodelación do barrio de Esteiro e impulsou a traída de augas e a apertura de diversas rúas. Foi deputado provincial. Era alcalde honorario de Ferrol. Tiña a Gran Cruz del Mérito Naval, a Encomienda con Placa de la Orden de Cisneros e a Medalla de Oro de la Orden del Mérito Postal. Era membro da Real Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación. Faleceu en Ferrol o 24 de decembro de 1990.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios da Coruña durante parte da VII lexislatura (novembro 1963-1964).

**CRESPO BELLO, Feliciano**

Naceu en Ortigueira (A Coruña) o 24 de xaneiro de 1913. Fixo os primeiros estudos no grupo escolar da súa localidade natal. Cursou a carreira de Dereito por libre na Universidade de Oviedo entre 1930 e 1936, e os estudos de profesor mercantil na Coruña entre 1939 e 1942. A súa actividade profesional desenvolveuse enteiramente no Banco de La Coruña, no que comezou a traballar xa en 1928 en Ortigueira. Foi un dos primeiros membros da Falanxe en Galicia, na que lle deu entrada o mesmo José Antonio. Fundador da Falanxe Local e Comarcal de Ortigueira, estivo preso polas súas ideas pouco antes do estalido da Guerra Civil. Fundou en novembro de 1936 o semanario falanxista *Era Azul*, no que deu acubillo ó escritor Álvaro Cunqueiro. Foi alcalde de Ortigueira de 1945 a 1948. Durante esta etapa impulsou a traída de augas, a ampliación do porto e a construción de vivendas protexidas. Nunha visita que realizou Franco a Ortigueira, o 15 de agosto de 1941, conseguiu o indulto para presos republicanos da comarca. Foi vicepresidente da Deputación da Coruña de 1941 a 1952 e presidente en funcións desa entidade de 1949 a 1952. Durante a súa etapa na Deputación loitou para que se edificara o Hospital Provincial de Santiago, que substituiría ó antigo hospital ubicado no actual Hostal dos Reis Católicos. Foi fundador e primeiro presidente da Cámara Sindical Agraria da Coruña. Xefe da Hermandade Provincial de Labradores e Gandeiros e primeiro presidente da Federación Provincial de Asociacións Familiares da Coruña. Falanxista da primeira hora, renunciaría ós seus cargos políticos por estar en desacordo co Movemento. Fillo predilecto e alcalde honorario de Ortigueira, era comendador de número da Orden del Mérito Agrícola e tiña a Medalla de Oro de la Orden de Cisneros e a Medalla de Oro de la Vieja Guardia. Faleceu na Coruña o 12 de abril de 1976.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante da Deputación da Coruña durante a III lexislatura (1949-1952).

CRESPO LÓPEZ-MORA, José

Naceu na Coruña o 8 de xuño de 1895. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, comezou a prestar servizos como tal no concello da Coruña en 1927. Ó ano seguinte incorpórase ó Ministerio de Obras Públicas, na súa delegación na Coruña. En 1935 foi designado para a xefatura da Cuarta Demarcación. Durante a guerra civil fóronlle encomendados os servizos de reconstrución das pontes na zona Norte. Foi alcalde da Coruña de 1940 a 1943. En 1956 desempeñou a xefatura provincial de Obras Públicas de Lugo. Ó ano seguinte pasou a desempeñalo mesmo posto na Coruña, que exercería ata a súa morte. Faleceu na súa localidade natal o 28 de febreiro de 1964.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador como alcalde da Coruña durante unhas semanas na I lexislatura (marzo-abril 1943).

CHILLÓN DE LA FUENTE, Gregorio

Naceu en Zamora na primeira década do século XX. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Viviu un curto espacio de tempo en Bilbao e despois trasladouse a Carballo (A Coruña), onde permanecería ata a súa morte. Rexentou un comercio nesta vila. Foi alcalde de Carballo de 1951 a 1974 e deputado provincial. Vicepresidente da Deputación da Coruña entre 1951 e 1958. Tiña a Medalla de Oro de la Orden de Cisneros e a Encomienda de la Orden del Mérito Civil. Faleceu en Carballo o 11 de agosto de 1974.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador en representación dos municipios da Coruña durante a II lexislatura (1946-1949).

— D —

**DELICADO MARAÑÓN, Diego**

Naceu en Málaga o 28 de abril de 1884. Cursou os primeiros estudos en Málaga e Cádiz. En 1904 ingresou no corpo Pericial de Aduanas. Estivo destinado nas aduanas de Rosas (Xirona) e Canfranc (Huesca). En 1908 foi destinado á administración de aduanas de Ribeira. Aínda que de orixe andaluza non volveu a saír de Galicia, sentíndose integrado nesta terra. En 1918 foi destinado á Coruña, chegando a ser administrador da aduana desta cidade. Concelleiro da Coruña de 1936 a 1943. Foi tenente-alcalde e alcalde interino durante varias etapas, ocupándose fundamentalmente de

tarefas relacionadas coa facenda local, a cal contribuíu a sanear. Foi presidente da Deputación da Coruña de 1950 a 1961, onde destacou como eficaz xestor. Preocupado polo labor social, impulsou a creación do Fogar Calvo Sotelo, o Colexio da Milagrosa e a adquisición dos terreos para a instalación da Universidade Laboral. Foi presidente do Patronato Provincial de Enseñanza Media y Profesional. Tanto dende o seu posto en Aduanas como durante a súa etapa de presidente da Deputación contribuíu decisivamente á mellora do porto da Coruña. Foi nomeado presidente honorario perpetuo da Deputación. Estaba en posesión da Medalla de Oro del Trabajo, Gran Cruz del Mérito Civil e Cruz de Alfonso X El Sabio, entre outras condecoracións. Faleceu na Coruña o 7 de agosto de 1964.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante da Deputación da Coruña durante a IV, V e case toda a VI lexislatura (maio 1952-xaneiro 1961).

**DEVESA TURÍA, Enrique**

Naceu na Fonsagrada (Lugo) o 26 de febreiro de 1920. Cursou o bacharelato no instituto de Lugo. Estudiu Medicina na Universidade de Santiago, entre 1939 e 1946. Xefe do SEU en Santiago. Foi profesor axudante da Facultade de Medicina de Santiago. Médico do Rexistro Civil dende 1950, obtén a praza de Santiago que desempeñará ata 1990. Foi profesor de Patoloxía cirúrxica na Facultade de Medicina de Santiago. Estivo pensionado para cursar estudos de Anestesioloxía e Reanimación na Universidade de Oxford. Foi o fundador do servizo de Anestesia e

Reanimación do Hospital Clínico Universitario de Santiago. Presidente da Asociación de Cabezas de Familia e tenente-alcalde do concello de Santiago. Deputado provincial

por elección do Tercio de cabezas de Familia na Coruña. Foi médico anestesista da Seguridade Social en Santiago ata a súa xubilación en 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Familia na IX lexislatura (1967-1971). Pertenceu ás Comisións de Gobernación e Obras Públicas. Nesta última comisión destacou o seu labor na posta en execución das vías de penetración a Galicia.

— E —

ENCINAS DIEGUEZ, Ramón

Naceu en Ourense o 4 de setembro de 1918. Cursou os primeiros estudos en Ourense, rematando o bacharelato en 1936. Participou na Guerra Civil como oficial provisional. Cursou por libre a carreira de Dereito entre 1942 e 1945 en Santiago. Ó ano seguinte conseguiu o doutoramento na Universidade de Salamanca. Oficial maior letrado do concello de Ourense por oposición en marzo de 1948, desempeña dito cargo ata abril de 1956, en que é nomeado subxefe provincial do Movemento en Ourense. Cesou en setembro de 1958, ano no que foi elixido deputado provincial de Ourense en representación das entidades profesionais. Foi vicepresidente da Deputación ourensá. En 1955 foi designado delegado provincial do Instituto Nacional da Vivenda en Ourense. En 1961 ingresa na escala técnica do ministerio da Vivenda, sendo nomeado secretario provincial da delegación en Ourense. Gobernador civil de Huesca de agosto de 1962 a 1965. De 1965 a 1969 é gobernador civil de Pontevedra. Entre 1970 e 1971 foi gobernador civil de Albacete, cesando a petición propia. Foi fiscal municipal de Verín. Exerceu a avogacía en Ourense e Pontevedra. Ten a Encomienda con Placa de la Orden de Cisneros, a Gran Cruz del Mérito Civil e a Gran Cruz del Mérito Militar, entre outras condecoracións. É fillo adoptivo de diversas localidades.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento por Ourense durante a VIII e IX lexislaturas (1964-1971).

Pertenceu á Comisión de Vivenda e Urbanismo e foi membro da Mesa da mesma.

F

FERNÁNDEZ ARIAS, Gustavo

Naceu en Manzaneda (Ourense) o 24 de decembro de 1903. Licenciado en Dereito e notario de profesión. Exerceu en Verín (Ourense), Vilalba (Lugo), Tudela (Navarra) e Cáceres, onde se xubilou. Foi alcalde de Verín en 1953-1954, nos últimos anos da súa estancia nesa localidade. Durante esta etapa, entre outras tarefas, resolveu o problema da electrificación da comarca. Tiña a Gran Cruz del Mérito Civil e a Cruz de San Raimundo de Peñafort. Nos seus últimos anos residiu en Madrid, falecendo circunstancialmente na Coruña o 20 de agosto de 1985.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Ourense durante parte da IV lexislatura (outubro 1953-abril 1956).

FERNÁNDEZ OTERO, Guillermo

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1918. Cursou o bacharelato no instituto da Coruña. Estudiu a carreira de Dereito en Santiago entre 1935 e 1940. En 1942 doutorouse nesa disciplina na Universidade de Madrid. Dedicouse ó exercicio da avogacía na súa localidade natal a partir de 1946. Foi alcalde de Monforte de 1958 a 1971. Durante esta etapa remodelouse o campo da Compañía, electrificáronse tódalas parroquias rurais e desenvolvéronse distintos planos parciais de urbanismo. Foi deputado provincial durante o tempo que desempeñou a alcaldía de Monforte. Foi director da sucursal da Caixa de Aforros Provincial de Lugo en Monforte. De 1976 a 1982 foi delegado en Lugo do ministerio de Cultura e da consellería do mesmo ramo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Lugo durante a VI lexislatura (1958-1961).

Pertenceu ás Comisións de Industria e Educación.

FERRER GARRIDO, David



Naceu en Ourense o 24 de abril de 1926. Cursou o bacharelato no colexio Cardenal Cisneros da súa cidade natal. Licenciouse en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago en 1950. Empresario dedicado a almacéns de paquetería. Alcalde de Ourense de 1963 a 1970. Presidiu a Deputación de Ourense de 1970 a 1973 e de 1976 a 1979. Nesta época acadou gran proxección na provincia de Ourense. Presidiu o consello de administración da Caixa de Aforros Provincial de Ourense (Caixa Ourense) de 1989 a

1998. Foi presidente da Federación Galega de Caixas de Aforros. Faleceu en Ourense o 7 de outubro de 1998.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da VII, a VIII e parte da IX lexislaturas (novembro 1963-marzo 1970).

Durante o último ano da IX lexislatura e parte da X foi procurador como representante da Deputación de Ourense (maio 1970-abril 1973).

FILGUEIRA VALVERDE, José Fernando

Naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906. Cursou os primeiros estudos no instituto da súa cidade natal. Sendo moi novo foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos. Licenciouse en Dereito en Santiago en 1927. Simultaneamente cursou a carreira de Filosofía e Letras, que remata ese mesmo ano na Universidade de Zaragoza. En 1936 doutorouse na mesma disciplina na Universidade de Madrid. En 1927 comeza a súa actividade docente no Instituto de Pontevedra. En 1935 obtén a cátedra de Lengua y Literatura española sendo destinado ó Instituto Balmes de Barcelona e por permuta pasa ó de Lugo. En 1940 é destinado ó instituto de Pontevedra, do que será director de 1946 a 1976, ano da súa xubilación. Director e alma mater do Museo de Pontevedra dende 1942 ata o seu falecemento. Foi director do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos. Alcalde de Pontevedra de 1959 a 1968, durante a súa etapa estimulou a acción cultural, iniciou a apertura de novas rúas, acometeu construcións escolares e deportivas entre as que destaca o polideportivo, novos polígonos e os labores de conservación e restauración de monumentos. Foi conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia entre 1982 e 1983, nunha etapa na que iniciou moitas actuacións que máis adiante continuarían os seus sucesores. Foi presidente do Consello da Cultura Galega dende 1985 ata o seu falecemento, impulsando decisivamente este organismo. Polígrafo e intelectual esgrevio, hai que destaca-lo seu labor de investigación, plasmado nun amplísimo abano de publicacións. Faleceu en Pontevedra o 13 de setembro de 1996.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da VI, a VII e a VIII lexislaturas (decembro 1959-1967).

Na IX lexislatura (1967-1971) foi procurador pola representación familiar da provincia de Pontevedra.

Pertenceu ás Comisións de Gobernación e Educación.

**FONTÁN GONZÁLEZ, José Ramón**

Naceu en Mos (Pontevedra) o 13 de marzo de 1915. Cursou o bacharelato en Pontevedra. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1936. Durante a Guerra Civil foi alférez provisional. Dedicouse ós negocios familiares, aínda que dende 1943 actuou de avogado de oficio en diversas circunstancias. Foi presidente da Cruz Vermella. Foi alcalde de Vigo de xuño de 1963 a setembro de 1964. Durante esta etapa na alcaldía logrou adquiri-los dereitos para a captación da auga do río Oitavén, resolvendo o problema de abastecemento existente, e impulsou a planimetría do municipio e comarca. Foi colaborador da prensa periódica. Tiña a Medalla de Oro de la Cruz Roja. Faleceu en Vigo o 2 de setembro de 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante parte da VII e VIII lexislaturas (novembro 1963-setembro 1964).

FONTOIRA PEÓN, Manuel

Naceu en Pontevedra en 1907. Estudiu a carreira de Medicina na Universidade de Santiago. Durante a II República acadou o doutoramento na mesma disciplina na Universidade de Madrid. Por este tempo e nesta mesma universidade especializouse en Pediatría. Con posterioridade trasladouse á súa cidade natal onde desempeñará a súa profesión ata o seu falecemento. Foi médico do Auxilio Social durante varios anos, prestando gratuitamente os seus servizos. No que se refire á súa actividade política foi deputado provincial, vicepresidente e presidente da Deputación de Pontevedra. Durante a súa etapa como presidente da Deputación ampliouse o hospital provincial e construíronse diversas estradas na provincia, entre elas a de Forcarei. Faleceu en Pontevedra en 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante da Deputación de Pontevedra durante a III lexislatura (1949-1952).

FRANCO Y PASCUAL DE POBIL, Nicolás

Naceu en Salamanca o 22 de outubro de 1937. Cursou o bacharelato no Instituto Español de Lisboa, onde o seu pai -irmán do anterior xefe do Estado- era embaixador. En Lisboa foi compañeiro de xogos de Xoán Carlos, futuro Rei de España. Rematou o bacharelato en Madrid. Nesta cidade cursou a licenciatura de Ciencias Económicas, ampliando estudos no "Centre d'Etudes Industrielles" de Xenebra (Suiza) en 1958. Desenvolveu a súa actividade profesional como conselleiro de distintas empresas. Foi conselleiro delegado do Grupo Español de Iniciativas, S.A.; membro fundador e vocal de AEORMA (Asociación Española para la Ordenación del Medio Ambiente) e membro do ICONA. Foi vocal do Plan de Desenvolvemento e do Consejo

Económico Sindical de Galicia. En 1971 foi designado procurador en Cortes como conselleiro nacional do Movemento pola provincia da Coruña, apartando a R. Salgado Torres que viña sendo procurador dende 1958. En 1974 foi director xeral de Política Interior. Neste mesmo ano de 1974 foi enviado a París polo entón príncipe Xoán Carlos para entrevistarse con Santiago Carrillo. En febreiro de 1975 foi nomeado presidente do Banco del Noroeste. Con posterioridade adicariáse á actividade privada.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia da Coruña durante a X lexislatura (1971-1977).
Pertenceu ás Comisións de Asuntos Exteriores e Obras Públicas.

FUENTES FUENTES, Edesio

Naceu en Verín (Ourense) en 1909. Cursou os primeiros estudos en Verín e Vigo. Iniciou a carreira de Dereito en Santiago, que non chegaría a rematar. Funcionario do Instituto Nacional de Previsión, estivo destinado na súa localidade de nacemento ata a súa xubilación en 1973. Foi vicepresidente provincial do citado organismo. Alcalde de Verín de 1942 a 1953. Durante o seu mandato como alcalde inaugurouse a aduana de Verín, iniciou a construción do novo edificio do concello e conseguiu que se instalase nesa localidade unha delegación do Instituto Nacional de Previsión cun ambulatorio anexo. Foi vicepresidente da Deputación provincial. Faleceu en Vigo en 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Ourense durante a II, III e parte da IV lexislaturas (maio 1946-xuño 1953).

G

GARCÍA GARRIDO, Manuel Jesús

Naceu en Fuente de Cantos (Badaxoz) o 25 de abril de 1928, no seo dunha familia con antepasados galegos. Profesor de Dereito Romano desde xaneiro de 1957 na Universidade de Santiago, como adxunto da cátedra de Álvaro D'Ors. De 1958 a 1963 permanece en Roma, na delegación do CSIC. Catedrático de Dereito Romano de Santiago do 1 de outubro de 1963 ó 30 de setembro de 1972. Decano da Facultade de Dereito de Santiago de 1965 a 1968. Foi presidente da delegación do CSIC en Galicia. Foi rector da universidade compostelá de 1968 a 1972. Fundador do Colexio Maior Fonseca dende a súa fundación ata o seu nomeamento como rector en 1968. Foi promotor da primeira cátedra de Lingua galega e do Instituto da Lingua Galega. Durante a súa etapa rectoral construíronse diversos edificios e ampliouse o campus universitario. Impulsou tamén a creación dos colexios universitarios da Coruña, Vigo e Lugo. Fomentou a creación de diversas escolas e institutos de bacharelato en distintas localidades gale-



gas. En 1973 foi nomeado rector da UNED, pasando a residir en Madrid. Pertenceu a diversas asociacións internacionais de romanistas. Participou activamente na comisión que redactou a Constitución de 1978. Está en posesión da Cruz de Alfonso X el Sabio e a Gran Cruz del Mérito Civil. Autor de numerosas publicacións sobre temas da súa especialidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como rector da Universidade de Santiago durante parte da IX e X lexislaturas (xullo 1968-setembro 1972).
Pertenceu á Comisión de Educación, onde foi relator de diversas leis, entre elas a Lei Xeral de Educación.

GARCÍA RODRÍGUEZ, Eduardo

Naceu en Rivadavia (Ourense) o 8 de abril de 1910. Cursou o bacharelato no instituto de ensinanza media de Ourense. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Valladolid. Pertenceu ó corpo nacional de Inspección de Traballo. Foi inspector de traballo na delegación provincial de Lugo de 1941 a 1969. Delegado provincial de Sindicatos en Lugo de 1945 a 1947. Presidente do consello do INSS en Lugo de 1957 a 1961. Delegado provincial de Trabajo en Lugo dende 1969 a 1980. Presidiu a Deputación de Lugo de 1947 a 1949 e de decembro de 1974 a abril de 1979. Faleceu en Lugo o 22 de decembro de 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Lugo durante parte da II lexislatura (decembro 1947-maio 1949) e durante parte da X (abril 1975-1977).

GARCÍA SISO, Jesús



Naceu en Melilla o 15 de xuño de 1919. Os poucos meses de idade a súa familia trasladouse a vivir á Coruña. Cursou os primeiros estudos na Grande Obra de Atocha e no instituto Eusebio da Guarda desta cidade. Iniciou es estudos de Ciencias Exactas en Santiago, rematándoos na Universidade de Madrid en 1942. En 1944 ingresou no corpo facultativo do Instituto Nacional de Estadística. En 1959 ingresou no corpo de profesores agregados de bacharelato. De 1958 a 1961 foi deputado provincial por Lugo. Alcalde desa cidade entre 1962 e 1965. Durante a súa etapa como alcalde aprobouse o plano xeral de Urbanismo e diversos planos parciais, ampliouse o servizo de augas e estableceuse unha rede de autobuses urbanos. De 1965 a 1973 foi delegado de servizos do concello de Madrid. De 1973 a 1974 foi gobernador civil de Santander. De 1974 a 1975 foi director xeral do Instituto Nacional de Estadística. Gobernador civil de Madrid en 1975-1976. De 1976 a 1978 foi director xeral de Tráfico, primeiro civil que ocupaba ese cargo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante parte da VII e VIII lexislaturas (abril 1962-xullo 1965).
pertenceu á Comisión de Administración Local.

GÓMEZ FRANQUEIRA, Eulogio

Naceu en Xubín-Cenlle (Ourense) o 6 de xuño de 1917. Na súa xuventude pertenceu ó Partido Galeguista. Cursou a carreira de Maxisterio. Dende 1941 exerceu como mestre nacional en Castrelo de Miño (Ourense) ata 1962. En 1954 foi nomeado concelleiro de Castrelo, sendo alcalde máis adiante. Nese mesmo 1954 foi elixido presidente da Hermandad de Labradores de Castrelo y da Cooperativa Local del Campo. En 1959 foi nomeado vicepresidente da Cámara Oficial Sindical Agraria de Ourense. En 1961 foi elixido xerente de UTECO (Unión Territorial de Cooperativas del Campo), posto dende que impulsa COREN (Cooperativas Orensanas) co fin de integrar no ciclo económico ó máximo de fases de actividade dende a produción á comercialización. Como apoio ó seu proxecto funda no mesmo 1961 a Caja Rural de Orense. Presidiu o consello de administración de Industrias Frigoríficas del Louro, S.A. en Porriño (Pontevedra). Ante os cambios que estaban a realizarse en España despois da morte de Franco, funda en xaneiro de 1977 o Grupo Orensano Democrático. Ó pouco tempo integra o seu grupo no Partido Popular de Pío Cabanillas, co nome de Acción Popular Orensana, para pasar de seguido a unirse a UCD pouco antes das eleccións do 15 de xuño de 1977. Foi deputado por esta coalición pola provincia de Ourense en 1977, 1979 e 1982. A principios de 1983, ante a previsible desaparición de UCD, crea o partido Centristas de Ourense. O novo partido xunto co Partido Galeguista darán orixe a Coalición Galega, do que Franqueira é o principal impulsor. Este partido permitiulle mante-la estrutura de poder na provincia de Ourense, aínda que por breve tempo pois a partir de 1984 vese afastado da actividade política a causa dunha enfermidade. Faleceu en Ourense o 20 de abril de 1988.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación familiar de Ourense durante a IX e X lexislaturas (1967-1977).
Deputado por Ourense no Congreso nas lexislaturas constituíntes, I e II por UCD.

GONZÁLEZ BABÉ CASTRO, Ramón

Naceu en Madrid en 1905, aínda que era de raíces galegas. Cursou o bacharelato e Na licenciatura de Dereito na súa cidade de nacemento. Unha vez rematada a carreira foi a vivir a Vigo, para dirixir unha empresa familiar (La Viguessa) dedicada ó refinería de petróleos. Despois do nacemento de CAMPSA esta empresa dedicouse á distribución de petróleos e foi distribuidor da Campsa en Vigo. Foi concelleiro en Vigo durante as alcaldías de Suárez-Llanos e Pérez Lorente. Foi tenente-alcalde de Vigo. Conselleiro da Caixa de Aforros Municipal de Vigo e vicepresidente da Cámara Oficial de la Propiedad Urbana. Faleceu en Vigo en 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante a I lexislatura (1943-1946).



GONZALEZ POSADA RODRIGUEZ, Calixto

Naceu en Xixon o 19 de novembro de 1897. Cursou o bacharelato no Colexio dos Xesuitas de Xixon. Tina a profesion de axudante de Obras Publicas. De familia asturiana, cara a 1925 chegou destinado a Galicia e aquı quedarıase a vivir. Estivo destinado un breve tempo en Vilagarcıa e despois pasou a Pontevedra. Alcalde de Pontevedra entre 1945 e 1949. Durante o seu mandato construiu-se o embalse do Pontillon de Castro e interveu na construccion da praza de Abastos e da estacion do ferrocarril. Neste tempo tamen abriuse a avenida de Fernandez Ladreda.

Despois de 1949 non volveu a ter actividade polıtica. Faleceu en Pontevedra o 8 de xaneiro de 1985.

■ REPRESENTACION POR GALICIA

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da I e II lexislaturas (marzo 1945-marzo 1949)



GURRIARAN CANALEJAS, Julio

Naceu no Barco de Valdeorras (Ourense) o 17 de abril de 1919. Cursou os primeiros estudos na sua localidade natal. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Mais diante acadou o doutoramento na mesma disciplina. Pediatra de profesion. Alcalde de O Barco de Valdeorras de 1953 a 1979 e de 1991 a 1999.

Deputado provincial de 1955 a 1979 e vicepresidente da deputacion de 1962 a 1965. Conselleiro da Caixa de Aforros de Ourense entre 1958 e 1978 e vicepresidente da mesma entidade de 1987 a 1991. Vicepresidente do consello do Instituto Nacional de Prevision de Ourense de 1958 a 1966, pasando a ocupa-la presidencia desa entidade entre 1966 e 1978. E comendador de la Orden de Cisneros e Orden de Merito Industrial de Portugal.

■ REPRESENTACION POR GALICIA

Procurador en representacion dos municipios de Ourense durante a VI lexislatura (1958-1961).

Senador por Ourense na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Democrata Popular.

— H —

HERVADA FERNÁNDEZ-ESPAÑA, Jaime

Naceu na Coruña o 21 de setembro de 1926. Realizou os primeiros estudos na Academia Galicia, da súa cidade natal, e o bacharelato no Colexio dos Xesuítas de Vigo. Cursou a carreira de Dereito en Santiago entre 1944 e 1949. Nese mesmo ano ingresa no Corpo Xurídico Militar. Froito dos sucesivos destinos vive en distintas localidades (Palma de Mallorca, Valencia, A Coruña, Madrid). De abril de 1974 a febreiro de 1976 é alcalde da Coruña. En 1990 xubilase como xeneral auditor. Compatibilizou a súa profesión militar co exercicio libre da avogacía.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde da Coruña durante parte da X lexislatura (xuño 1974-febreiro 1976).

HEVIA MARINAS, Remigio

Naceu en Pontevedra en 1884. Industrial de profesión. Propietario dunha fábrica de conservas na súa localidade natal. Durante a República pertenceu a Renovación Española. Alcalde de Pontevedra de 1949 a 1952. Durante o seu mandato inaugurouse a ponte da Barca. Pouco despois de cesar como alcalde trasladouse a vivir a Palma de Mallorca, onde falecería en 1957.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da II, a III e parte da IV lexislaturas (abril 1949-xuño 1952).

— I —

**IGLESIAS ÁLVAREZ, Luis**

Naceu en Ourense o 3 de marzo de 1917. Licenciado en Dereito pola Universidade de Valladolid e Graduado Social pola escola de Alcalá de Henares. Avogado e xestor administrativo en Ourense dende 1942. Presidiu o Sindicato Provincial de Actividades Diversas. Vocal en distintas comisións do III e IV Plans de Desarrollo. Delegado provincial de Tabacalera, S.A. de 1977 a 1986. Foi vocal do Instituto Nacional de Previsión e do Consello Económico Sindical do Noroeste. Foi presidente do Colexio de Xestores Administrativos de Galicia dende 1956 a 1998 e presidente do Colexio de Axentes de Seguros. Presidiu o Sindicato Provincial de Actividades Diversas e o consello provincial do Instituto Nacional de Previsión. Foi presidente de honra do Consello xeral de Colegios Oficiales de Gestores Administrativos de España. Recibiu diversas condecoracións, entre elas as Encomiendas de Número al Mérito Civil e de Isabel la Católica, e a Cruz de la Orden de San Raimundo de Peñafort. Faleceu en Ourense o 14 de setembro de 2000.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación da Familia de Ourense durante a IX e X lexislaturas (1967-1977).

Formou parte da Comisión de Vivenda.

— J —

**JORGE ECHEVERRI, Ángel**

Naceu en Santiago de Compostela o 29 de xullo de 1904. Realizou o bacharelato na súa cidade natal. Entre 1920 e 1927 cursa a carreira de Medicina, obtendo o premio extraordinario. Ampliou os seus estudos na Facultade de Medicina de Madrid e no Hospital Provincial da mesma cidade en 1930-31. Nese último ano obtén o grado de doutor en Medicina e Cirurxía. Entre 1932 e 1934 estivo de bolseiro nas Universidades de París, Bruselas e Oporto. En 1935 obtén a cátedra de Anatomía Descritiva e Topográfica en Santiago, que desempeña ata a súa xubilación en 1974. Con posterior-

ridade a esta data impartiu a asignatura de Historia da Medicina. En 1933 funda a Sociedade Hispanoamericana de Anatomía e tres anos despois a Revista de Archivos de Anatomía. Foi presidente da Sociedade Anatómica Española en 1967-1968. Home dedicado á Facultade de Medicina compostelá, foi secretario da mesma (1938), vicedecano (1942) e decano (1955). De 1960 a 1968 foi rector da Universidade de Santiago. Fundou e dirixiu o primeiro sanatorio dedicado á traumatoloxía en Galicia. Puntal da escola médica compostelá, foi autor de numerosas publicacións e pioneiro en diversas técnicas da súa especialidade. Foi académico numerario da Real Academia de Medicina de Galicia y Asturias. Contaba, entre outras condecoracións, coa Gran Cruz de la Orden Civil de Sanidad e a Gran Cruz de Alfonso X El Sabio. Faleceu na súa localidade de nacemento en 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como rector da Universidade de Santiago na VI, VII, VIII e IX lexislaturas (decembro 1960-xullo 1968).




LANDÍN CARRASCO, Prudencio

Naceu en Pontevedra o 12 de decembro de 1912. Cursou os primeiros estudos na súa localidade natal. Licenciado en Dereito e Profesor Mercantil. Exerceu a profesión de avogado. Secretario do Tribunal de Menores de Pontevedra. Maxistrado suplente da Audiencia Provincial e vocal do Tribunal Contencioso-Administrativo. Alcalde de Pontevedra do 18 de outubro de 1957 ó 23 de xullo de 1959. Durante a súa etapa como alcalde urbanizáronse distintas zonas, construíronse centros escolares, desprazouse a estación de ferrocarril ás aforas da cidade e púxose en funcionamento o matadoiro municipal. Foi presidente da Deputación Provincial de Pontevedra do 24 de xullo de 1959 a marzo de 1963. Foi gobernador civil de Guadalaxara (marzo de 1963 a febreiro de 1964), Córdoba (febreiro de 1964 a xuño de 1968) e A Coruña (xuño de 1968 a outubro de 1972), último cargo que detenta e no que cesa por motivos de saúde. Faleceu en Pontevedra o 30 de xuño de 1988.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da V e VI lexislaturas (novembro 1957-agosto 1959).

e como presidente da Deputación de Pontevedra durante parte da VI e VII lexislaturas (agosto 1959-marzo 1963).

**LEGAZ LACAMBRA, Luis**

Naceu en Zaragoza en 1906. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Licenciouse en Dereito na Universidade de Zaragoza en 1928. Durante a II República doutórase na mesma disciplina na Universidade de Madrid. Ampliou estudos en distintas universidades estranxeiras, destacando a súa estadía na Universidade de Viena en 1930. En 1935 obtén a cátedra de Filosofía do Dereito da Universidade da Laguna. Nese mesmo ano pasa á Universidade de Santiago, onde permanecerá ata 1960. Foi rector desta universidade de 1942 a 1960. Figurou entre os creadores do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento. De 1961 ata a súa xubilación en 1976 desempeñará o seu labor docente na universidade Complutense, onde será decano da facultade de Dereito. Foi subsecretario de Educación durante o Ministerio de Lora Tamayo; durante este tempo acometeu a restauración do Teatro Real en Madrid. Foi membro do Consello de Estado. Políglota e home de vasta formación, é autor dun amplo elenco de obras sobre temas xurídicos e traductor de diversos autores alemanes. Faleceu en Madrid en 1980.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como rector da Universidade de Santiago durante a I, II, III, IV, V e parte da VI lexislaturas (1943-setembro 1960).

**LIAÑO FLORES, José Manuel**

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1921. Pouco despois do seu nacemento os seus pais trasladáronse a vivir á Coruña. Nesta cidade cursou os primeiros estudos nos colexios Salesianos e Dequidt e o bacharelato nos institutos de Coruña e León. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1942, acadando o doutorado na mesma disciplina na Universidade Central en 1951. Obtivo o título de mestre nacional pola Escola Normal da Coruña e o Graduado Social na escola Social de Santiago. Ingresou na carreira xudicial en 1946, solicitando a excedencia como xuíz en 1951. Colexiouse como avogado en 1945, pertencendo ós colexios de diversas localidades españolas. Ten un despacho profesional na Coruña. Foi avogado xefe da asesoría xurídica da delegación provincial de Sindicatos da Coruña. Foi membro do Consejo Provincial del Movimiento da Coruña. Concelleiro da Coruña de 1964 a 1976 e alcalde dende ese ano ata 1979. Foi deputado provincial polo partido xudicial da Coruña dende 1964 a 1976. Pertence ó Consello Social da Universidade da Coruña e é vocal da Fundación Universidade da Coruña dende a súa fundación. É académico numerario da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación e procurador honorario do Colegio General de Procuradores de España. Ten a Cruz Distinguida de San Raimundo de Peñafort, a Encomienda de la Orden del Mérito

Agrícola e a Medalla del Trabajo. É autor de diversas publicacións sobre temas xurídicos, relativas sobre todo ó Dereito civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación Familiar da Coruña durante a IX e X lexislaturas (1967-1977).

Formou parte das Comisións de Xustiza e Gobernación.

Participou de modo especial na tramitación das leis de Montes veciñais en man común, Ordenación marisqueira,

Seguridade Social agraria, Solo e ordenación urbana e na Lei Xeral de Educación.

LÓPEZ-ACEVEDO LÓPEZ, Javier

Naceu en Sarria (Lugo) o 10 de xuño de 1918. Cursou o bacharelato no instituto de Lugo. Comezou a carreira de Dereito no curso 1935-1936 na Universidade de Madrid. A Guerra Civil, na que combatiu como marifeiro no cruceiro Canarias, interrompiu os seus estudos. En 1941 acada a licenciatura de Dereito pola Universidade de Santiago e incorpórase ó despacho de avogado do seu pai. Destacou como deportista e foi delegado de Deportes na Universidade. Pertenceu ós colexios de avogados de Lugo, A Coruña e Madrid. En xaneiro de 1960 toma posesión da alcaldía de Sarria, na que permanecerá ata a súa morte. Desenvolveu unha intensa actividade como alcalde de Sarria fundamentalmente no que se refire ó urbanismo, electrificación rural, construción de escolas e instalacións deportivas. En marzo de 1961 foi proclamado deputado provincial. Faleceu na súa localidade de nacemento o 25 de novembro de 1964. Pouco despois da súa morte o presidente das Cortes, Esteban Bilbao Eguía, pronunciou un significativo discurso laudatorio en memoria súa.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante dos municipios de Lugo durante a VII e parte da VIII lexislaturas (xuño 1961-novembro 1964).

LÓPEZ CARBALLO, Francisco Luis

Naceu en Santiago de Compostela en 1920. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Iniciou a carreira de Ciencias Exactas na Universidade compostelá, que non chegaría a rematar. Trasládouse a Madrid para cursar os estudos de Belas Artes na escola Superior de San Fernando, que remata na escola de San Jorge en Barcelona. En 1950 gaña a cátedra de Debuxo do instituto Rosalía de Castro de Santiago. Foi profesor e director da Escola de Maestría Industrial, profesor de Debuxo na Facultade de Ciencias. En 1956 consegue a cátedra de Debuxo da Escuela Normal de Santiago. Alcalde desa cidade de 1964 a 1974. Durante esta etapa construíuse a estación de autobuses, o polígono do Tambre e impulsouse o mercado do gando. Foi deputado provincial. Ademais do seu labor docente e político, mantivo un estudio de pintura. Faleceu na súa localidade de nacemento en 1992.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios da Coruña durante a VIII lexislatura (1964-1967).

**LÓPEZ RAMÓN, José María**

Naceu en Santiago de Compostela o 19 de abril de 1916. Courseu os primeiros estudos na academia Xelmírez e no colexio dos Maristas da súa cidade natal, onde remata o bacharelato en 1933. Por ese tempo comeza a súa colaboración coa prensa galega (*El Compostelano, El Faro de Vigo, El Correo Gallego*). Por esa mesma época participa activamente nas xuventudes de Acción Popular. Comeza os estudos de Dereito, que interrompe coa guerra. Participa na guerra como alférez. En 1942 é promovido a tenente de Artillería.

Destinado a Marrocos, ascende a capitán en 1943. En 1945 é trasladado a Ferrol e reanuda a súa colaboración con *El Correo Gallego*, do cal é nomeado delegado en Ferrol en 1949. Nese mesmo ano é nomeado director de Radio Ferrol. En 1952 é ascendido a comandante e despois dunha breve estada en Valladolid regresa á cidade departamental. Alcalde de Ferrol do 19 de abril de 1959 a marzo de 1963. Durante esta etapa consegue que o Goberno constrúa un novo sistema de abastecemento de augas, que se remate o ferrocarril da costa e funda a mancomunidade de concellos. Gobernador civil de Ourense de marzo de 1963 a xaneiro de 1970. Regresa neste último ano a Ferrol e reincorpórase ó Exército ata 1980 en que pasa á situación de retiro. Foi conselleiro delegado de *Ferrol Diario* de 1971 a 1974. Con posterioridade continuou a súa colaboración coa prensa, escribindo entre outros xornais en *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*. Ten as grandes cruces do Mérito Militar e Civil. Alcalde honorario e fillo adoptivo de Ferrol e outras localidades.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador durante parte da VII lexislatura (xullo 1961-xuño 1963). Pertencou ás Comisións de Información e Turismo e Defensa.

**LÓPEZ SENDÓN, Manuel**

Naceu en Carnota (A Coruña) en 1909. Estudiu o bacharelato no Colexio dos Maristas da Coruña. Courseu a carreira de Medicina na universidade de Santiago. Fixo o doutoramento en Madrid. Especializouse en cirurxía e enfermidades do tórax no hospital de La Charité en París, estudos que completará en Berlín. Foi un dos fundadores de Falange en Santiago. Nas eleccións de 1936 presentouse por esta formación na circunscrición da Coruña e non obtivo a acta. Desenvolveu a súa actividade profesional en Santiago. Dirixiu o Patronato Antituberculoso da Choupana e foi un notable impulsor do hospital da Fundación Gil Casares. Foi vicepresidente da Deputación provincial da Coruña. Colaborou frecuentemente coa prensa escrita, singularmente no xornal *El Correo Gallego*. Faleceu en Santiago en 1985.

Impulsor do hospital da Fundación Gil Casares. Foi vicepresidente da Deputación provincial da Coruña. Colaborou frecuentemente coa prensa escrita, singularmente no xornal *El Correo Gallego*. Faleceu en Santiago en 1985.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia da Coruña durante a V lexislatura (1955-1958).

LORENZO DOCAMPO, Enrique

Naceu en Vigo o 16 de novembro de 1892. Asistiu á escola pública municipal de Vigo, chamada do Arenal, que compaxionou coas clases nocturnas na Escola de Artes e Oficios. En 1911 emigrou a Buenos Aires onde permanecerá ata 1915. Pouco despois do seu regreso fundou Factorías Vulcano, Enrique Lorenzo y Cía., S.A. Foi un dos fundadores en 1950 e primeiro presidente do Aero Club de Vigo, que presidiría ata o seu facelemento. Foi presidente da Deputación de Pontevedra de 1963 a 1967. Presidiu SUMSA (Suministros Navales, S.A.) e Aceros de Galicia, S.A. Foi vicepresidente da Cámara de Comercio, Industria y Navegación de Vigo. Foi conselleiro executivo da Zona Franca da mesma cidade durante dez anos. Tiña as grandes cruces do Mérito Civil e Militar, a Medalla de Plata al Mérito das Cámaras de Comercio e a Medalla de Plata del Trabajo. Faleceu en Vigo o 20 de novembro de 1981.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Pontevedra durante parte do VII e a VIII lexislaturas (novembro 1963-1967).

LUCAS ÁLVAREZ, Manuel

Naceu en Santiago de Compostela o 2 de setembro de 1917. Cursou os primeiros estudos na Escola da Inmaculada dos Irmáns das Escolas Cristiáns de Santiago. Entre 1928 e 1931 estudia no seminario das Ermitas (Ourense). De 1931 a 1941 cursa estudos no seminario compostelán. De 1942 a 1946 estudia Filosofía e Letras e Maxisterio en Santiago. Amplía estudos en Paleografía na Universidade de Zaragoza entre 1946 e 1952. En 1948 acada o doutorado na Universidade de Madrid. En 1953 consegue a cátedra de Paleografía e Diplomática da universidade de Santiago. Secretario da Facultade de Filosofía e Letras en 1953-1960. Director do colexio maior Generalísimo Franco de 1955 a 1960. Foi concelleiro e primeiro tenente de alcalde de Santiago entre 1955 e 1961. Deputado provincial de 1958 a 1963. Presidente da Caja de Ahorros de Santiago de 1964 a 1980. Presidente da Federación Gallega de Cajas de Ahorros de 1966 a 1987. De 1968 a 1974 foi vicerrector da Universidade de Santiago e rector da mesma en 1974-1975. Decano da facultade de Xeografía e Historia de 1984 ata a súa xubilación o 1 de setembro de 1985. Ten a Encomienda con Placa de la Orden de Alfonso X El Sabio e a Medalla al Mérito en el Ahorro. Académico correspondente da Real Academia de la Historia. Home de ampla traxectoria académica, é autor de numerosas publicacións relativas á Historia medieval.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como rector da universidade de Santiago durante uns meses da X lexislatura (xullo-décembro 1974).

— M —

**MARTÍN-BALLESTERO COSTEA, Antonio**

Naceu en Calatayud (Zaragoza) o 3 de setembro de 1904. Estudiu o bacharelato na súa localidade natal, onde o seu pai exercía como notario. Courseu a licenciatura de Dereito en Zaragoza. Ingresou na carreira xudicial en 1930. Acadou os seus primeiros destinos en Almería, Sariñena (Huesca) e Vergara. Pasou despois á audiencia de Bilbao. Foi gobernador civil de Ourense de 1942 a 1946 e da Coruña de 1947 a 1949. En 1950 foi destinado como maxistrado a Madrid, cidade na que quedaría a vivir e na que chega a ser presidente do Tribunal Central del Trabajo. Foi director xeral da xurisdicción do Traballo durante os ministerios de Sanz Orrio e Romeo Gorría, cesando hacia 1964. Faleceu en Madrid o 23 de setembro de 1988.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia de Ourense durante a VII lexislatura (1961-1964).

**MARTÍN ESPERANZA, Ricardo**

Naceu en Ourense o 29 de setembro de 1912. Estudiu a carreira de Comercio. De profesión empregado de banca. Foi director xeral da Caixa de Aforros de Ourense dende 1947. Delegado provincial de Sindicatos e presidente do consello provincial do Instituto Nacional de Previsión. Alcalde de Ourense entre 1970 e 1971. Estaba en posesión de distintas condecoracións, entre elas a Medalla de la Vieja Guardia e a Encomienda de la Orden del Mérito Agrícola. Faleceu en Madrid en 1983.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Ourense durante parte da IX lexislatura (xullo 1970-1971) e procurador como conselleiro nacional do Movemento por Ourense na X lexislatura (1971-1977).
Partencou ás Comisións de Facenda e Obras Públicas.

MASAGUER FERNÁNDEZ, José Ramón

Naceu en Vigo o 5 de febreiro de 1924. Realizou os primeiros estudos na súa cidade natal. Cursou a licenciatura de Químicas en Santiago en 1941-1946. Doutor nesa disciplina pola Universidade de Madrid en 1954. Comezou a carreira docente na Facultade de Ciencias de Santiago en 1947. En 1963 obtén a cátedra de Química Inorgánica desa Facultade. Ampliou estudos no estranxeiro, en 1951 en Londres e en 1961 e 1962 en Viena. Foi decano da Facultade de Ciencias de Santiago de outubro 1968 a outubro de 1971. Director do Instituto de Ciencias de la Educación da universidade de Santiago de novembro de 1969 a setembro de 1972. Rector desa Universidade de setembro de 1972 a febreiro de 1974. Foi director xeral de Ordenación Educativa do ministerio de Educación, de xaneiro de 1974 a maio de 1976. Director do Centro de Estudios Avanzados do Instituto Nacional de Prospectiva da Presidencia do Goberno de 1977 a 1979. En 1976 obtén por concurso de traslado a cátedra da Química Inorgánica da Universidade Autónoma de Madrid, que desempeñará ata a súa xubilación en 1989. Nese ano pasa a ser profesor emérito. Tiña as grandes cruces de Alfonso X El Sabio e do Mérito Militar. Desempeñou un amplo labor investigador e era autor de numerosas publicacións e traducións sobre temas da súa especialidade. Faleceu en Madrid en 1997.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador como rector da Universidade de Santiago durante parte da X lexislatura (dócebro 1972-febreiro 1974).

MEILÁN GIL, José Luis

Naceu na Coruña o 6 de xullo de 1933. Cursou os primeiros estudos no colexio dos Salesianos da súa localidade natal. Estudiu a carreira de Dereito nas Universidades de Santiago, Zaragoza e Oviedo. Doutorouse na mesma disciplina na Universidade de Madrid. Ampliou estudos en Londres, Oxford e Bonn. Profesor axudante na Universidade de Madrid. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago en 1968. Iniciou a súa carreira política en outubro de 1969, sendo nomeado secretario xeral da Presidencia do Goberno, cargo no que permaneceu tres anos e dende o cal impulsará a modernización e reforma da Administración pública. Foi secretario xeral do ministerio de Obras Públicas de xullo de 1973 a xaneiro de 1974. Foi presidente do Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario de xullo de 1976 a maio de 1977 e do Banco de Crédito Agrícola entre 1978 e 1981. Consultor das Nacións Unidas para o ámbito das Empresas públicas. Foi vocal da Comisión General de Codificación. Foi Consejero del Reino e membro da Unión Internacional Interparlamentaria. En 1976 creou o Partido Galego Independente, como partido de centro e galeguista, que formará parte da coalición de UCD nas eleccións de 1977. Participou activamente na elaboración da Constitución de 1978 e é autor da actual dis-



posición transitoria segunda sobre as nacionalidades históricas. Interveu decisivamente na redacción e aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia de 1981. Encabezou as listas de UCD nas eleccións ó Congreso de 1977 e 1979 pola provincia da Coruña. Avogado dos Colexios de Madrid e da Coruña. Membro de número da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Participou en diversos congresos e pronunciou numerosas conferencias, algunhas delas como representante do Estado español. Autor de numerosas publicacións sobre temas xurídicos e sociais e colaborador de prensa, singularmente no xornal *La Voz de Galicia*. Rector da Universidade da Coruña dende agosto de 1990. É membro da Conferencia de Rectores das Universidades españolas, da que foi vicepresidente primeiro e presidente do Comité Español Universitario de Relaciones Internacionales. Vicepresidente da Asociación Universitaria Iberoamericana de Posgrado. Fillo predilecto da provincia da Coruña. En abril de 2002 foi nomeado membro do comité científico do Instituto Internacional de Ciencias Administrativas con sede en Bruselas, sendo nese momento o único español que formaba parte do citado comité. Está en posesión da Gran Cruz al Mérito Civil, a Gran Cruz de Alfonso X El Sabio e a Medalla al Mérito Constitucional, entre outras condecoracións españolas e estranxeiras. En xuño de 2003 a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla de Ouro de Galicia. Conselleiro electivo do Consejo de Estado dende xullo de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación familiar da Coruña durante a X lexislatura (1971-1977).

Pertenceu ás Comisións de Leis Fundamentais e Asuntos Exteriores.

Deputado no Congreso pola Coruña por UCD na lexislatura constituínte e na I lexislatura.

Pertenceu ás Comisións de Asuntos Constitucionais e Asuntos Exteriores.



MOLINA BRANDAO, Alfonso

Naceu na Coruña o 15 de maio de 1907, no seo dunha familia con raigame na cidade. O seu abó, Alejandro Brandao Piñeiro, foi alcalde da Coruña (1881-1885) e o seu pai, Raimundo Molina, impulsou o porto coruñés. Cursou os primeiros estudos no Colexio Dequidt e no Instituto Eusebio da Guarda da súa cidade natal. Cursou en Madrid a carreira de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos. Ó seu remate especializouse como técnico de Urbanismo. En 1934 é nomeado enxeñeiro director de Vías e Obras da Deputación coruñesa, cargo que desempeñará ata a súa morte. De agosto de 1936 a 1943 será presidente da Cámara Oficial de la Propiedad da Coruña e membro da xunta consultiva das Cámaras de la Propiedad de España. De 1938 a 1944 foi concelleiro da Coruña. Alcalde da mesma cidade dende maio de 1947 ata o seu falecemento, ocorrido repentinamente nunha viaxe oficial a Brasil. Alcalde carismático, levou a cabo un grande número de actuacións na súa cidade natal. Entre elas cabe destacar a pavimentación de numerosas rúas, a reforma dos Cantóns e da zona de Orzán-Riazor, o comezo da Cidade Escolar, a creación do Hospital Municipal e a

apertura da avenida de Lavedra, que hoxe leva o seu nome. Membro de varios consellos de administración e vocal de numerosas entidades. Visitou numerosos países en razón dos seus cargos e imprimiu un sesgo internacional á súa etapa na alcaldía da Coruña. Faleceu en Río de Xaneiro (Brasil) o 25 de novembro de 1958.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde da Coruña durante parte de II, a III, IV, V e parte da VI lexislaturas (xuño 1947-novembro 1958). Formou parte das Comisións de Obras Públicas e Gobernación e pertenceu á Mesa das Cortes.

— N —

NOTARIO VACAS, Tomás

Naceu en Córdoba (Argentina) o 22 de agosto de 1926, de pais españoles que retornan a España cando conta sete anos de idade. Cursou o bacharelato en Salamanca. En Madrid obtén o título de doutor enxeñeiro en Camiños, Canais e Portos e comeza os estudos de Arquitectura Técnica, que rematará en Barcelona. É ademais técnico diplomado en urbanismo. Comeza a súa actividade profesional en Madrid no departamento de Construcción do I.N.I. En 1958 é nomeado delegado de dito departamento en Pontevedra. En 1960 é destinado á xefatura de Obras Públicas de Lugo. Autor de distintos planos de actuacións nas estradas desa provincia. En 1971 incorpórase como xefe de sección ó Plan de Accesos de Galicia. Alcalde de Lugo do 1 de febreiro de 1976 ó 14 de outubro de 1977. Durante a súa etapa como alcalde culmina o polígono industrial do Ceao, a liberación dos edificios pegados á muralla romana e a electrificación da zona rural. Desenvolve tamén o Plan de Infraestructura Sanitaria. Despois da súa dimisión como alcalde é nomeado inspector rexional do ministerio de Obras Públicas en Galicia, posto no que permanece ata 1979. De 1979 a 1991 será inspector xeral do mesmo ministerio de Obras Públicas. En xuño de 1991 é elixido alcalde de Lugo, cargo que desempeña ata o mesmo mes do ano 1995. Nesta segunda etapa como alcalde desempeña un notable labor no desenvolvemento da cidade de Lugo. Ten a Medalla de Plata al Mérito Turístico e diversos nomeamentos de honra.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante dos municipios da provincia de Lugo durante parte da X lexislatura (marzo 1976-maio 1977).



OLANO FERNÁNDEZ, Eduardo

Naceu en Guereño-Rubiá (Ourense) en 1895. Pai do tamén procurador E. Olano Gurriarán. Axudante de Obras Públicas na xefatura de Obras de Ourense. Foi concelleiro en Ourense. Alcalde desa cidade entre 1943 e 1944. Durante a súa etapa na alcaldía acometeu distintas obras de saneamento na cidade e reparación de rúas. Faleceu en Ourense en 1972.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da I lexislatura (marzo 1943-xuño 1944).



OLANO GURRIARÁN, Eduardo

Naceu en O Barco de Valdeorras (Ourense) o 16 de febreiro de 1933. Cursou o bacharelato en Ourense, rematándoo en Valladolid no colexio de La Salle en 1950. Enxeñeiro de Montes pola Escola Superior de Madrid. Exerceu a profesión nunha empresa madrileña e máis tarde foi director-xerente doutra empresa en Ourense. Foi presidente da Deputación de Ourense de abril de 1973 a xaneiro de 1974. Durante eses meses foi ademais presidente do consello de administración da Caixa de Aforros Provincial de Ourense e vicepresidente de SODIGA.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Ourense na X lexislatura unicamente durante uns meses (decembro 1973-maio 1974).


Senador por Ourense na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular e na III lexislatura por

Coalición Popular-Partido Demócrata Popular. Inicialmente integrouse no Grupo Mixto. En outubro de 1986 formouse a Agrupación de Senadores do Partido Demócrata Popular dentro do Grupo Mixto, do que formou parte.

En marzo de 1988 abandonou a Agrupación permanecendo no Grupo Mixto. En febreiro de 1989 ingresou no Grupo Popular.

OZORES ARRAIZ, Eduardo

Naceu na Coruña o 21 de xuño de 1903. Era fillo de José M^º Ozores de Prado, deputado e senador durante a Restauración. Ingresou moi novo na Academia de Artilería. Participou na guerra de África, onde renunciou a ser ascendido por méritos de guerra por mor do xuramento que tiñan realizado os membros do seu corpo. Cursou os estudos de enxeñeiro industrial, disciplina na que chegará a acadalo doutorado. En 1928, despois de que Primo de Rivera disolvese a arma de Artilería, traballará como enxeñeiro no ferrocarril Zamora-A Coruña. Participa na guerra civil. Despois de varios ofrecementos acepta a alcaldía da Coruña en maio de 1946. Pouco despois de chegar á alcaldía mandou retirar as bandeiras de Falanxe e tradicionalista, pois segundo as súas palabras quería ser alcalde de tódolos coruñeses. Esta decisión, maila súa proposta de nomear fillo predilecto da Coruña a Menéndez Pidal, causáronlle problemas e presenta a dimisión como alcalde a fins de 1946. A renuncia non lle é aceptada ata xuño de 1947. Durante o seu breve mandato principiou o trofeo Teresa Herrera, procurou o asfaltado para moitas zonas da cidade e institucionalizou a cea-homenaxe que tódolos anos ofrecía a corporación coruñesa ó xefe do Estado. En 1963 pasa a escala B como coronel, acadando máis tarde a graduación de xeneral de brigada honorífico. Unha vez abandonados os destinos oficiais ocupouse de negocios familiares e de distintos labores benéficos e sociais (presidiu a constructora benéfica da Sagrada Familia e o padroado das Escolas Populares Gratuitas). Faleceu na Coruña o 5 de xaneiro de 1995.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en Cortes como alcalde da Coruña durante parte da I e II lexislaturas (abril 1946-abril 1947).

— P —

PARDO Y PARDO REGUERA, Eugenio

Naceu na Coruña o 7 de decembro de 1910. Pasou parte da súa infancia na Coruña e Salamanca, a causa dos traslados profesionais do seu pai, que era funcionario de Facenda. Aínda mozo chegou a Lugo, cidade na que permanecería ata a súa morte. Cursou o bacharelato no Colexio dos Maristas e no Instituto. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. En 1936 era secretario do comité provincial de Lugo das Xuventudes de Acción Popular. Participou na Guerra Civil como alférez provisional, sendo ferido en dúas ocasións e ingresando no corpo de Mutilados de guerra. En 1940 foi nomeado xuíz municipal de Barcelona, ingresando nas carreiras



de xuíz e fiscal comarcal, cargos que desempeñou ata 1945. En 1948 foi nomeado delegado provincial de Sindicatos, cargo que desempeña ata 1950. Alcalde de Lugo dende xullo de 1950 a xaneiro de 1952, destacou polo súa promoción do aeródromo de Rozas. Foi xefe da asesoría xurídica de Organización Sindical en Lugo. Exerceu tamén a profesión libre cun bufete particular. Nas décadas dos sesenta e setenta foi presidente da Cruz Vermella de Lugo, do Patronato de Protección da Muller e do Xulgado Tutelar de Menores. Faleceu en Lugo o 19 de decembro de 1994.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante parte da III lexislatura (decembro 1950-xaneiro 1952).



PAZ SÁNCHEZ, Manuel Alfredo

Naceu en Pontevedra o 19 de setembro de 1934. Cursou o bacharelato no instituto de ensino medio de Pontevedra. Licenciouse en Dereito por libre na Universidade de Santiago en 1958. Estivo empregado durante un ano nunha empresa do sector do metal e máis diante foi profesor de Educación física nun colexio de Pontevedra. Socio fundador e primeiro entrenador de balonmano da Sociedade Deportiva Teucro de Pontevedra. Concelleiro e tenente alcalde de Pontevedra de 1965 a 1972. Subxefe provincial do Movemento de 1965 a 1977 e director da Obra Sindical de Previsión Social Provincial.

Colexiouse como avogado en 1967 e presidiu o Tribunal Provincial Tutelar de Menores dende ese mesmo ano ata 1988. Letrado sindical, destinado dende 1976 no Goberno Civil de Pontevedra onde ocupou os postos de xefe de sección, xefe do gabinete técnico e vicesecretario xeral. Na actualidade é xefe da Sección de Dereitos Cidadáns na subdelegación do goberno e secretario do xurado provincial de Expropiación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante case toda a IX lexislatura (novembro 1967-marzo 1971). Estivo adscrito á comisión de Traballo e Seguridade Social. Formou parte da ponencia encargada de estudar o proxecto de reforma do sistema de adopción. Participou na redacción de enmendas á totalidade da lei de Secretos Oficiais e á articulado da lei de Costas de 1968.



PEDROSA LATAS, Antonio

Naceu en Lugo o 23 de agosto de 1916. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Durante a II República licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. Fixo os estudos de doutoramento na Universidade de Madrid. Participou na guerra civil como alférez provisional, resultando ferido; ingresa no corpo de mutilados de guerra, no que acadaría o grado de coronel de Infantería. Letrado asesor do concello de Lugo de 1937 a 1941. En 1941 ingresou no corpo de avogados do Estado. Foi conselleiro nacio-

nal do Movemento pola provincia de Lugo de 1958 a 1977. Foi un dos procuradores que votou a favor da Lei de Reforma Política, que abriu paso á democracia. En 1977 retirouse da vida política ó non saír elixido senador por Alianza Popular por Lugo. Foi xefe provincial do Movemento en Ourense, xefe nacional do Sindicato da Pesca, director xeral do Instituto Social de la Marina e delegado do Goberno en Tabacalera. Como avogado do Estado foi xefe da asesoría xurídica do ministerio de Traballo. Académico da Real Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación. Estaba en posesión das grandes cruces al Mérito Militar, al Mérito Civil, Naval, Cisneros, San Raimundo de Peñafort, Orden Imperial del Yugo y las Flechas e as Medallas de Oro del Trabajo e de Previsión. Faleceu en Madrid o 25 de febreiro de 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia de Lugo durante a VI, VII, VIII, IX e X lexislaturas (1958-1977). Foi presidente da Comisión de Traballo. Pertenceu tamén ás comisións de Leis Fundamentais e Defensa Nacional.

PEDROSA ROLDÁN, Fernando

Naceu en Melilla o 26 de novembro de 1923. Fillo de militar, viviu en distintas localidades de acordo cos sucesivos destinos do seu pai. Rematou o bacharelato en Lugo e dende esa cidade cursou por libre a carreira de Dereito na Universidade compostelá de 1943 a 1947. Ó mesmo tempo que estudiaba traballou como administrativo. En 1953 ingresou no corpo nacional de Interventores da Administración Local, sendo destinado ó concello de Sarria. En 1964 foi nomeado xefe provincial en Lugo do servizo nacional de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais. Foi xuíz instructor delegado na provincia de Lugo do Tribunal de Contas. En 1966 foi nomeado delegado rexional do Servizo de Inspección e Asesoramento para o Noroeste de España. Neste ano foi nomeado alcalde de Lugo, posto que ocupará ata 1972.



Como alcalde de Lugo contribuíu ó saneamento das arcas municipais, realizou o primeiro Plan Xeral de Ordenación Urbana, a estrada de circunvalación e a derriba dos edificios acaroados á muralla lucense. De 1972 a 1974 foi subdirector xeral de Administración Local. De 1974 a 1977 fue gobernador civil de Pontevedra. De 1977 a 1986 foi interventor da Deputación de Pontevedra. En 1986-1987 foi conselleiro de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia. En 1988 xubilase como interventor da Deputación de Pontevedra. Un ano despois foi nomeado director-xerente do Centro Provincial de Asesoramento Municipal da Deputación de Pontevedra, posto no que permanecerá ata 1998. Está en posesión da Gran Cruz al Mérito Civil, Encomienda con Placa del Mérito Civil e a Cruz al Mérito Naval.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en Cortes como alcalde de Lugo durante parte da VIII lexislatura e como representante dos municipios desa provincia na IX e parte da X lexislatura (decembro 1966-xullo 1973).

Pertenceu ás Comisións de Gobernación e Facenda.

Participou de modo destacado no debate da Lei de Mortes veciñais en man común.



PELÁEZ CASALDERREY, José Luis

Naceu en Pontevedra o 10 de xaneiro de 1924. Cursou os primeiros estudos e o bacharelato nos Maristas e no instituto da súa cidade natal. Despois da guerra civil fixo estudos de Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra. De 1947 a 1952 cursou a carreira de Enxeñeiro de Montes. En 1962 doutorárase nesta disciplina. Ingresou no corpo de Enxeñeiros de Montes en 1953, acadando o seu primeiro destino no Distrito forestal de Logroño. A fins dese ano é destinado a Pontevedra. Foi concelleiro desa cidade de febreiro de 1958 ó mesmo mes de 1964 e diputado provincial de abril de 1964 ó mesmo mes de 1967. Conselleiro provincial do Movemento de maio de 1965 a abril de 1977. Presidente da Deputación de Pontevedra de maio de 1970 ó mesmo mes de 1979. Neste mesmo período presidiu o padroado do Museo de Pontevedra. Presidiu a Caixa de Aforros de Pontevedra de maio de 1970 a marzo de 1978. Foi concelleiro de distintas empresas (Sodiga, Autopistas del Atlántico, etc.). De xaneiro de 1985 a maio de 1987 foi xefe provincial de Producción Forestal. De maio a outubro de 1987 foi delegado provincial da Consellería de Presidencia en Pontevedra. Ten a Gran Cruz de la Orden al Mérito Militar, e é Comendador de la Orden del Mérito Civil da Orden de Cisneros e Comendador de Número de la Orden del Mérito Agrícola.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Pontevedra durante a X lexislatura (1971-1977).

Pertenceu á comisión de Obras Públicas, onde participou na redacción da Lei de Estradas e á Comisión de Comercio.



PEÑAMARÍA DE LLANO, Sergio

Naceu na Fonsagrada (Lugo) o 5 de marzo de 1914. Sobriño do deputado por Lugo na II República Armando Peñamaría. Cursou o bacharelato na instituto da Coruña, onde se trasladara a súa familia en 1924. En 1934 remata a carreira de Dereito en Santiago. Ingresou en 1941 no Corpo Xurídico Militar, no que se xubila en 1980 co grado de xeneral auditor. Alcalde da Coruña do 19 de maio de 1959 ó 25 de xuño de 1963. Durante a súa etapa na alcaldía da Coruña rematouse a construción do aeroporto de Alvedro, instalouse a Central Leiteira, a Escola de Formación Profesional Acelerada e as factorías Pebsa e Aluminios. As súas xestións foron determinantes para conseguir que se instalase a Refinería de Petróleos na Coruña.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde da Coruña durante parte da VI e VII lexislaturas (maio 1959-xuño 1963).

PEREA RODRÍGUEZ, Javier

Naceu en Barbantes-Cenlle (Ourense) o 31 de xullo de 1932. Realizou os primeiros estudos no colexio Isabel la Católica de Carballiño e no colexio Cisneros de Ourense. Cursou os estudos de Dereito nas Universidades de Santiago e Oviedo entre 1950 e 1956. Graduado pola Escola de Traballo Social de Santiago. Avogado en exercicio. Concelleiro e tenente de alcalde de Carballiño en 1961. Alcalde desa localidade de 1966 a 1978. Durante esta etapa impulsou a construción de centros escolares e deportivos, acometeu a modernización e ampliación da iluminación pública, a pavimentación de numerosas rúas e o polígono industrial de Uceira. Volvería a ser concelleiro, por Alianza Popular, tralas eleccións de 1983, poñendo punto e final á súa traxectoria política. Foi en diversas ocasións vicepresidente de Caixa Ourense. Compaxinou sempre a súa actividade política co exercicio da súa profesión de avogado. Estaba en posesión das Encomiendas de la Orden de Cisneros e Orden del Mérito Civil. Faleceu no Carballiño (Ourense) o 4 de agosto de 1999.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador na X lexislatura (1971-1977) en representación dos municipios ourensáns. Pertenceu á Comisión de Agricultura.

PÉREZ ARDÁ LÓPEZ DE VALDIVIESO, José

Naceu na Coruña o 15 de xullo de 1913, no seo dunha familia de tradición xurista. Cursou os primeiros estudos no Colexio do Maristas da Coruña. Estudiu Dereito na Universidade de Santiago entre 1929 e 1932. Doutorouse na mesma disciplina en 1933 en Madrid. En 1938 foi concelleiro na Coruña. Alcalde da mesma cidade do 11 de outubro de 1939 ó 22 de febreiro de 1940. En 1941 é nomeado secretario da Cámara Oficial da Propiedade Urbana primeiro en Ourense e logo, por pouco tempo, en Melilla. Volve a ser alcalde da Coruña do 1 de maio de 1943 ó 26 de xuño de 1944, onde culmina a construción do estadio municipal de Riazor. Cesa como alcalde da Coruña para ocupa-la praza de secretario da Cámara da Propiedade Urbana desa cidade. Volvería a ser alcalde da Coruña nunha terceira ocasión, do 7 de xaneiro de 1969 ó 21 de xaneiro de 1974. Durante este período hai que destacar a súa adicación ós temas urbanísticos (Paseo P. Barrié de la Maza, Avenida do Exército, construción da Estación de Autobuses); foi promotor do colexio universitario da Coruña e de diversos centros docentes (escolas superior e técnica de Arquitectura, escola de idiomas). Exerceu a avogacía e foi asesor de diversas empresas, entre as que destacan a Caixa de Aforros da Coruña e Lugo e Aguas da Coruña, S.A. Era membro de número da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e conselleiro honorario da Caja de Ahorros de La Coruña y Lugo. Foi colaborador de distintos medios de comunicación, entre os que destaca o xornal *La Voz de Galicia*, no que escribiu asiduamente.



Estaba en posesión da Gran Cruz de San Raimundo de Peñaafort. Faleceu na súa cidade natal o 28 de xaneiro de 1978.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde da Coruña durante parte da I lexislatura (xullo 1943-outubro 1944) e durante parte da X lexislatura (novembro 1971 - xaneiro 1974). Pertenceu á comisión de Obras Públicas.

PÉREZ LORENTE, Tomás

Naceu en Vigo o 4 de xaneiro de 1901. Cursou o bacharelato no instituto de Segovia. Estudiu na Academia de Artilería entre 1917 e 1922, acadando o emprego de tenente e o título de Enxeñeiro Industrial militar. Destinado en África entre 1922 e 1925, intervéen en distintas operacións militares. De 1925 a 1928 presta servicios no rexemento de Artilería de Montaña de Vigo e accede ó emprego de capitán. De xullo de 1928 ó mesmo mes de 1931 presta servicios no rexemento da Fábrica de Pólvoras de Granada. En xullo de 1931 pasa á situación de retiro, acolléndose á denominada lei Azaña. De 1939 a 1949 traballa en Vigo nunha empresa da súa familia. Ostenta distintos cargos civís, entre eles a presidencia da Cámara de Comercio, Industria e Navegación e a presidencia da Cruz Vermella. Alcalde de Vigo de do 6 de febreiro de 1949 ó 30 de xullo de 1960, en que presenta a súa dimisión. En agosto dese último ano é nomeado conselleiro da empresa nacional Santa Bárbara, de Industrias Militares, S.A. Durante a súa etapa na alcaldía impulsou a creación de centros escolares, impulsou tamén o aeroporto e a Zona Franca e acometeu distintas reformas urbanas como as avenidas da Circunvalación e Torrecedeira. Presidiu a Cámara de Comercio e a Cruz Vermella de Vigo. Estaba en posesión da Placa de San Hemenegildo e de distintas condecoracións militares. Faleceu en Vigo o 1 de setembro de 1962.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante a III, IV, V e parte de VI lexislaturas (maio 1949-dembro 1960).

PÉREZ PUGA, David



Naceu en Listanco-Maside (Ourense) o 8 de outubro de 1922. Cursou o bacharelato no colexio Mezquita de Vigo. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Ó remate da carreira comezou a traballar na delegación de Sindicatos de Vigo. Foi letrado asesor e vicesecretario provincial de Ordenación Social na delegación de Sindicatos. Foi concelleiro e tenente alcalde en Vigo. Foi conselleiro provincial do Movemento e conselleiro da Caja Municipal de Ahorro de Vigo. Delegado de Traballo en Cáceres entre 1963 e 1965. Dende o 20 de outubro de 1965 a xullo de 1970 foi vicesecretario nacional de Ordenación Social e secretario xeral do Consejo Nacional de Trabxadores. Director xeral de Comercio Interior de xullo de 1970 ó 23 de xullo de 1970.

1973. Participou na fundación do Partido Gallego Independiente, que se integraría logo en UCD. Foi presidente da Sociedad de Desarrollo Industrial de Galicia (SODIGA) ata o seu falecemento. Pertencía ó corpo técnico da Administración Civil do Estado e ó corpo de letrados da Organización Sindical. Tiña a Gran Cruz del Mérito Civil e a Encomienda con Placa de la Orden de Cisneros. Faleceu en Madrid o 2 de maio de 1982.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación familiar de Pontevedra durante a X lexislatura (1971-1977).

Con anterioridade foi procurador durante parte da VIII lexislatura (dende o 20-12-1965) e da IX lexislatura (de 16-11-1967 a 24-4-1970), dentro do cupo dos procuradores en Cortes pola Organización Sindical.

Senador por Pontevedra nas lexislaturas Constituínte e I por UCD. Foi membro da Deputación Permanente.

Presidiu a comisión de Industria, Comercio e Turismo e foi vocal das comisións de Regulamento e Constitucional.

PÉREZ SERANTES, Arturo

Naceu en Bande (Ourense) o 14 de outubro de 1876. Estudiu o bacharelato no instituto de Monforte de Lemos. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi xuíz municipal de Ourense durante tres anos e maxistrado en Ourense e Lugo, con residencia en Monforte, durante outros tres anos. Foi presidente da Deputación Provincial de Ourense de 1943 a 1954. Durante esta etapa dedicou especial atención á granxa avícola de Ourense e a de Fontefiz.



Contribuíu ó desenvolvemento da estación enolóxica e de capacitación gandeira, á Escola de Comercio e ó Hogar infantil. Prestou atención ó crecemento da Caixa de Aforros Provincial de Orense. Estaba en posesión da Encomienda de la Orden de Cisneros e era Comendador de la Orden del Mérito Civil e Comendador de la Orden del Mérito Agrícola. Faleceu en Ourense o 19 de febreiro de 1963.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Ourense durante a II, III e parte da IV lexislaturas (maio 1946-febreiro 1955).

PICÓ CAÑEQUE, Rafael

Naceu en Uceda (Guadalajara) o 13 de xullo de 1895, onde estaba destinado o seu pai. Estudiu o bacharelato en Pontevedra. Estudiu en Madrid a carreira de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, rematándoa en xuño de 1923. Dous meses despois desta data foi nomeado enxeñeiro de Obras do Porto de Pontevedra. De 1932 a 1948 foi enxeñeiro director do mesmo ente. De 1948 a 1951 foi enxeñeiro do Servizo Marítimo en Pontevedra. De 1951 a 1961 foi enxeñeiro director do porto de A Luz e As Palmas.



Inspector xeral de Portos da Zona norte entre 1961 e 1965, data da súa xubilación. Home da grande capacidade de traballo, seguiu traballando na empresa privada ata 1980. Polo que respecta á súa actividade política, en 1942 foi nomeado vicepresidente da Deputación provincial de Pontevedra. Nese mesmo ano, no mes de xullo, é nomeado presidente do organismo provincial, posto no que permanece ata a súa dimisión o 16 de xuño de 1948. Neste tempo adquiriu o pazo de Lourizán para a Deputación, creou unha escola de capataces forestais, iniciou diversos plans de repoboación forestal e adquiriu o palacio Gracia Flórez para ampliación do Museo provincial. Presidiu a Federación Galega de Atletismo e o Liceo Casino de Pontevedra. Posuía as grandes cruces do Mérito Naval e do Mérito Agrícola. Era fillo adoptivo de Pontevedra. Faleceu en Pontevedra en novembro de 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da deputación de Pontevedra durante parte da II lexislatura (maio 1946-xuño 1948).



POL GONZÁLEZ, Antonio

Naceu en Lugo o 11 de xaneiro de 1931. Cursou o bacharelato e os estudos de perito mercantil na súa cidade natal. De 1948 a 1953 cursou a licenciatura de Dereito e fixo o graduado social na Universidade de Santiago. Gañou as oposicións de notaría en 1959. Fixo os estudos de doutoramento en Dereito na universidade de Santiago. Estivo destinado nas notaría de Jalón (Alacante), Arzúa (A Coruña), Sarria (Lugo), Valdepeñas (Cidade Real), Onteniente (Valencia), L'Hospitalet de Llobregat (Barcelona) e Ourense.

Foi alcalde de Arzúa e Lugo e gobernador civil en Salamanca e A Coruña. Membro do Consello Social da Universidade de Santiago en dúas ocasións e con posterioridade da Universidade de Vigo. Dende febreiro de 2002 é un dos tres vicevaldores do Pobo, proposto polo Partido Popular de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante parte da X lexislatura (diciembro 1973-xullo 1975).

Deputado por Lugo no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática. Foi vicepresidente da Comisión de Xustiza e Interior.

PONCE DE LEÓN CABELLO, Luis

Naceu en Zamora o 14 de outubro de 1899. Cursou o bacharelato no colexio dos xesuítas de Málaga. Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos por Madrid. Ingresou no corpo facultativo do ministerio de Obras Públicas e foi destinado á xefatura de Obras Públicas de Pontevedra. Foi alcalde de Pontevedra en 1943 e 1944. Durante esta etapa impulsou a reforma da estrada de Pontevedra a Marín. Foi gobernador civil de Pontevedra de 1944 a 1948. De 1948 a 1958 estivo destinado en Madrid no departamento de faros. Despois foi nomeado xefe rexional de Obras Públicas de Andalucía Oriental, posto no que se xubilará a fins de 1969. Vivirá en Madrid ata principios dos anos oitenta en que pasa a residir en Galicia. Tiña a Gran Cruz del Mérito Civil. Faleceu en Rande (Redondela) o 6 de maio de 1986.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador como alcalde de Pontevedra durante parte da I lexislatura (marzo 1943-novembro 1944).

PONTE Y CONDE DE LA PEÑA, Salvador

Naceu en Vigo en 1894. Cursou os primeiros estudos na súa cidade de nacemento. Estudiu na academia militar de Guadalaxara. Enxeñeiro militar de Armamento e Construcción. Durante a República acolleuse ó retiro facilitado pola lei Azaña. Neste tempo ocupa a dirección en Ourense da Sociedad General Gallega de Electricidad, xermolo de Fenosa. O estala-la guerra incorpórase ó Exército en Vigo, ó mando da Comisión de Movilización Industrial e o Destacamento de Obras. Asume ó mesmo tempo a dirección da citada sociedade de electricidade nesa mesma localidade. En 1950 será destinado a Madrid como coronel da Comandancia de Obras. Unha vez pasado á situación de retiro será alcalde de Vigo, de agosto de 1960 ata o seu falecemento en febreiro de 1963. Durante esta etapa realizou xestións ante as autoridades militares para a cesión duns terreos no Monte do Castro, nos que máis diante construírías o novo edificio do concello; iniciáronse xestións tamén cara a adquiri-los dereitos das augas do río Oitavén para o abastecemento de Vigo, que remataría o seu sucesor. Estaba en posesión das grandes cruces de la Orden del Mérito Civil, Orden de Cisneros, Encomienda de la Orden del Mérito Civil e tiña numerosas condecoracións militares. Faleceu en Vigo o 9 de febreiro de 1963.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante parte da VII lexislatura (xuño 1961-febreiro 1963).

**PORTANET SUÁREZ, Rafael**

Naceu en Cangas do Morrazo (Pontevedra) o 6 de marzo de 1908. Industrial e propietario, inicia moi novo a súa actividade empresarial creando en Portugal unha fábrica de conservas. Vencellado á Unión de Fabricantes de Conservas centra a súa actividade inicial neste ámbito e no corporativismo empresarial antes da guerra. Foi xefe local da Falange durante a contienda e incorpórase á corporación viguesa como concelleiro. Foi delegado do Estado na Zona Franca de Vigo a partir da súa creación en 1947. Foi alcalde de Vigo de novembro de 1964 a abril de 1970. Neste período foi decidi-

dido impulsor do consorcio e instálase en Vigo durante o seu mandato Citroën Hispania. Foi presidente da Caixa de Aforros Municipal. Tiña as Grandes Cruces de la Orden del Mérito Civil e Mérito Militar e e Encomienda con Placa de la Orden de Alfonso X el Sabio. Faleceu en Vigo en 1988.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante parte da VIII lexislatura (abril 1965-1967).

procurador pola representación familiar da provincia de Pontevedra durante a IX lexislatura (1967-1971).

Pertenceu ás Comisións de Gobernación e Industria.

Deputado por Pontevedra no Congreso na I lexislatura por Coalición Democrática (Alianza Popular).

**PORTELA NOGUEIRA, Manuel**

Naceu en Santiago de Martín-Baleira (Lugo) en 1908, no seu dunha familia de agricultores. cursou o bacharelato no colexio dos Maristas de Lugo. Estudiu Dereito en Santiago entre 1931 e 1936. Pertenceu á xuventude católica. Durante a República foi concelleiro en Lugo pola minoría de dereitas.

En 1937 establécese como avogado en Lugo. Continuou como concelleiro despois da guerra. Alcalde de Lugo dende xullo de 1941 a agosto de 1950. Durante esta etapa construíronse varios centros docentes, o Palacio de Xustiza e o cemiterio de San Froilán. Preocupouse tamén polo abastecemento de alimentos na cidade. Pediu a dimisión como alcalde polas malas relacións que tiña co gobernador civil da época. En 1951 foi nomeado novamente concelleiro por un breve tempo. Foi presidente do Club Fluvial de Lugo. Faleceu en Lugo en 1994.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante a I, II e parte da III lexislatura (marzo 1943-décembro 1950).

PORTO ANIDO, Ángel José

Naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1919. Cursou o bacharelato no instituto da súa cidade natal, á vez que estudia música na Sociedade Económica de Amigos do País. En 1935 iniciou os estudos de Dereito, que se viron interrompidos pola Guerra Civil. Participou na mesma primeiro como mariño e logo como soldado de infantaría, sendo alférez provisional ó seu remate. Termina a carreira de Dereito en 1942, que compaxinou coa dirección dunha empresa familiar (Porto, S.A.). En febreiro de 1941 é concelleiro de Santiago e é nomeado secretario comarcal de FET de las JONS, da que pouco despois será xefe comarcal. De 1949 a 1955 é presidente do consello diocesán de homes da Acción Católica e vocal nacional da mesma organización. En 1956 é elixido vicepresidente da Cámara Oficial de Comercio de Santiago.



Foi alcalde de Santiago de 1957 a 1964. Durante esta etapa impulsa a creación do polígono de Vite, apróbase o primeiro plano completo de urbanismo e ábrese a avenida de Xoán XXIII. Fundador da editorial Porto y Cía. Editores. Presidente do Aero Club de Santiago entre 1967 e 1970. Presidente da Deputación da Coruña de 1970 a 1974. Durante esta etapa emprende a restauración do Pazo de Mariñán e impulsa a construción do hospital provincial en Santiago. En 1971 é elixido concelleiro nacional do Movemento. Xerente do Sanatorio Psiquiátrico de Conxo de 1976 a 1988, ano no que se xubila.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación da Coruña durante parte da IX e X lexislaturas (abril 1970-outubro 1974).
Pertenceu ás Comisións de Asuntos Exteriores e Hacienda.

PRIETO BARRIOS, Neftalí

Naceu en Sever-Viana do Bolo (Ourense) en 1927. Cursou os primeiros estudos na escola de Sever, que rexentaba a súa nai. Cursa o bacharelato no Colexio dos Escolapios de Monforte de Lemos de 1938 a 1944. Entre 1945 e 1950 cursa a licenciatura de Dereito en Santiago. Dende 1952 exerce como avogado en Viana do Bolo. Foi alcalde desa localidade dende 1963 a 1999. Foi deputado provincial.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Procurador en representación dos municipios de Ourense durante a VIII lexislatura (1964-1967).
Deputado por Ourense no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática.

PUGA RAMÓN, Rafael

Naceu na Coruña o 6 de xaneiro de 1909. Era fillo de Manuel María Puga y Parga (1874-1918), que foi alcalde da Coruña é tamén coñecido como "Picadillo" polo seu célebre manual de cociña. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal e a carreira de Medicina na Universidade de Santiago. Especializouse en Oftalmoloxía nas Universidades de Madrid e París. Foi presidente da Deputación da Coruña de xaneiro de 1961 a marzo de 1970, momento no que renuncia ó cargo. Faleceu na Coruña o 21 de maio de 1972.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como presidenta da Deputación de Coruña na VII, VIII e parte da IX lexislaturas (xuíño 1961-abril 1970).

**PUIG GAITE, Antonio**

Naceu en Pontevedra o 22 de agosto de 1907. Estudiu o bacharelato na súa cidade natal. Cursou a carreira de Farmacia na Universidade de Santiago. Foi Inspector provincial do Movemento. Delegado provincial de Auxilio Social e do ministerio de Información e Turismo. Foi conselleiro nacional do Movemento e membro das súas seccións de Formación y Promoción de la Mujer e Promoción Política de las Estructuras Básicas. Foi delegado do padroado de Formación Profesional de Pontevedra. Home influente na vida política da provincia de Pontevedra durante moito tempo. Faleceu na súa localidade de nacemento en 1993.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento por Pontevedra durante a V, VI, VII, VIII, IX e X lexislaturas (1955-1977). Pertencen ás Comisións de Industria e Información y Turismo.

Q**QUEIZÁN TABOADA, Joaquín**

Naceu en Lalín (Pontevedra) en 1930. Cursou o bacharelato no instituto de Pontevedra. Acadou o título de profesor de Educación Física en Madrid en 1953. Foi instructor de xuventudes. De 1952 a 1959 foi delegado de xuventudes en Vigo e profesor de Educación Física. dende este último ano ata 1970 foi delegado provincial de Xuventudes en Pontevedra. Concelleiro de Pontevedra dende 1967. Alcalde da mesma cidade de febreiro de 1974 ó mesmo mes de 1979. Durante esta etapa construíuse a estación de autobu-

ses, ampliouse a traída de augas e acometéronse distintas reformas urbanísticas. De 1979 a 1983 foi conselleiro en Pontevedra. En 1983 foi nomeado delegado provincial en Pontevedra da Consellería de Turismo. Delegado provincial da Consellería de Cultura entre 1986 e 1987. Neste último ano dimitiu do seu posto e pasou a ser técnico de Turismo en Pontevedra, como funcionario do corpo técnico da Administración. Dende 1990 é delegado provincial en Pontevedra da consellería de Presidencia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante parte da X lexislatura (marzo 1975-1977).

Pertenceu ás Comisións de Gobernación e Transportes.

QUINTANA PEÑA, Antonio

Naceu en Lugo en 1923. Fixo os seus primeiros estudos nos maristas e no instituto da súa cidade natal. Durante a República pertenceu á Falange. Cursou a carreira de Maxisterio en 1939-1940, acadando tamén o título de profesor mercantil. Licenciouse en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago en 1940-1945. Foi profesor de instituto e das escolas Normal e de Formación Profesional. Dirixiu Radio Lugo entre 1947 e 1965. Foi vicepresidente da Junta Provincial de Educación Física entre 1957 e 1959, sendo máis tarde delegado provincial. Foi alcalde de Lugo entre 1965 e 1967. Delegado provincial en León do ministerio de Información e Turismo entre 1968 e 1974, ocupando o mesmo cargo en Valladolid de 1974 a 1975. Foi gobernador civil de León de 1975 a 1976. Nesta mesma cidade foi presidente de Reforma Democrática e de Alianza Popular entre 1979 e 1985. Foi un dos fundadores de GODSA, gabinete de xestión do que naceron ambas entidades. Unha vez rematada a súa carreira política en 1985 dedicouse ós negocios familiares.




■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante parte de VIII lexislatura (decembro 1965-decembro 1966).

Pertenceu ás Comisións de Defensa e Educación, participando na aprobación da lei de Prensa de 1966.

Nese mesmo ano presentou un proxecto de lei, que non prosperou, pedindo a equiparación dos funcionarios de Administración Local cos da Administración Civil do Estado.

— R —

RAMILO FERNÁNDEZ-AREAL, Antonio

Naceu en Buenos Aires (Argentina) en 1928. Cursou os primeiros estudos no Colexio dos Xesuítas radicado en Mondariz-Balneario e posteriormente no mesmo centro ubicado en Vigo. Estudiu Economía e Dereito na Universidade de Deusto (Bilbao). En 1950 licenciábase en Dereito na Universidade Complutense de Madrid. Entre 1950 e 1955 traballa nesa cidade como avogado especializado en Dereito marítimo para nunha compañía. En 1956 instálase en Vigo como conselleiro delegado da empresa familiar "Ramilo, S.A.". De 1966 a 1970 preside o Sindicato Provincial de la

Construcción, Vidrio y Cerámica. Entre 1969 e 1970 ostenta a presidencia da xunta local de Vigo de Acción Social Empresarial. Alcalde de Vigo de abril de 1970 a setembro de 1974, durante esta etapa aprobouse o primeiro Plano Xeral de Ordenación Urbana de Vigo. De 1974 a 1976 é presidente do Consello Provincial de Empresarios e vocal do Consello Nacional. En 1976 intégrase no equipo fundador da Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE). Foi un dos fundadores da Confederación de Empresarios de Pontevedra en 1977. Presidiu a Caixa de Aforros Municipal de Vigo. En 1981 participa activamente na constitución da Confederación de Empresarios de Galicia. Presidiu esta entidade dende febreiro de 1991 a novembro de 2000.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Pontevedra durante parte da IX e X lexislaturas (marzo 1971-setembro 1974).

Formou parte das comisións de Facenda e Obras Públicas.

Senador por Pontevedra na III lexislatura por Coalición Popular (Alianza Popular).

REGO MARTÍNEZ, José Ramón

Naceu en Mondoñedo (Lugo) en 1919. Cursou o bacharelato na Coruña, nos colexios Maristas e Dequidt. Cursou a licenciatura de Dereito na universidade de Santiago entre 1940 e 1943. Ingresou no corpo de secretarios da Administración de Xustiza. Estivo destinado primeiramente na provincia de Madrid e despois en Bilbao. En 1960 foi destinado á audiencia de Lugo. Foi presidente da Deputación de Lugo de novembro de 1962 a xullo de 1963, dimitindo a petición propia. En 1964 pasará á audiencia da Coruña, cidade onde vivirá ata o seu falecemento en 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Lugo durante parte da VII lexislatura (decembro 1962-xullo 1963).

REY MARINO, Luis

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1895. Estudiu Filosofía e Letras e Dereito na Universidade de Madrid. Ampliou estudos de arte en Roma e Florencia. Realizou traballos de investigación sobre os mosteiros galegos en arquivos de Italia e España. Dedicouse ós negocios familiares. En maio de 1937 foi nomeado 2º tenente-alcalde da xestora municipal que gobernou o concello de Monforte. Foi alcalde de Monforte de febreiro de 1949 ó mesmo mes de 1958. Na súa etapa como alcalde saneou a facenda municipal, rematou as obras da traída municipal, que estaban suspendidas dende anos antes pola imposibilidade de conseguir recursos económicos, consigue que sexan aprobados polo Ministerio de Obras Públicas o regadío do val de Lemos e a construción de canles e acequias. Faleceu na súa localidade de nacemento en 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Lugo durante a IV e parte da V lexislaturas (maio 1952-febreiro 1958).

ROBLA DÍEZ, Joaquín

Naceu en Santovenia de San Marcos (León) o 28 de abril de 1911. Estudiu o bacharelato en León. Cursou a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Salamanca. Pertenceu á Comunión Tradicionalista e durante a guerra prestou servizos nas delegacións de Prensa y Propaganda e Frentes y Hospitales. En 1937 foi nomeado xefe da Agrupación Escolar Tradicionalista de León. En 1939 é nomeado conselleiro nacional do SEU. Terminada a guerra ingresa no corpo de catedráticos de Instituto. Impartirá clases nos institutos de Villablino e León. Pouco despois do seu casamento, en 1943, pasa a dirixir-la Banca Nogueira, radicada en Ribadavia e propiedade da familia da súa dona. En 1948 é nomeado comisario local de Excavacións Arqueolóxicas. Alcalde de Ribadavia entre 1955 e 1964. Durante esta etapa obtense a traída de augas en Ribadavia e pobos limítrofes, construíse un instituto laboral, créase a Feira do Viño e acomete diversas reformas urbanas. Foi tamén deputado provincial. Faleceu en Madrid o 29 de setembro de 1980.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios ourensáns durante a VII lexislatura (1961-1964).

**ROCA NOVO, Primo**

Naceu en Lugo o 10 de novembro de 1891. Era fillo do médico Manuel Roca, que foi alcalde de Lugo e presidente do Círculo de las Artes. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago en 1916. Iniciou o exercicio profesional en Salmerón e Castilforte, pobos da provincia de Guadalaxara nos que estivo entre 1917 e 1919. A continuación especializouse en radioloxía con un coñecido médico catalán. En 1920 é nomeado médico de asistencia pública domiciliaria polo concello de Lugo, cargo no que permanecerá ata a súa xubilación en 1961. Foi médico titular do SOE de 1944 a 1963. En 1934 foi nomeado inspector médico numerario dos servicios facultativos da Policía Gubernativa da provincia de Lugo. Prestou servicios no Exército como médico militar entre 1930 e 1947. Exerceu así mesmo a profesión por libre con consulta propia. Pioneiro da asistencia domiciliaria, tivo un dos primeiros aparatos de raios X da provincia de Lugo. Deputado provincial de 1949 a 1958 e vicepresidente da Deputación varios anos entre esas datas. Vocal do colexio de médicos, presidente da Sociedad Filarmónica Lucense. Foi tamén socio fundador e presidente da Cámara Oficial da Propiedade Urbana de 1964 a 1973. Faleceu en Lugo o 26 de decembro de 1983.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en Cortes como representante da Deputación Provincial de Lugo durante case toda a V lexislatura (maio de 1955-marzo de 1958).

ROCAFORT MARTÍNEZ, Luis

Naceu en Pontevedra en 1912. Cursou o bacharelato na súa cidade natal. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Madrid en 1932. Ampliou estudos en París e Glasgow (Inglaterra). Dedicouse a negocios familiares de carácter mercantil. Foi presidente da Deputación de Pontevedra de 1952 a 1958. Durante esta etapa impulsou a repoboación forestal na provincia, o hospital provincial e o Hogar casa-cuna. Foi delegado de Auxilio Social en Pontevedra. Faleceu en Sanxenxo (Pontevedra) en 1967.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante da Deputación de Pontevedra durante a IV e parte da V lexislaturas (maio 1952-marzo 1958).

RODRÍGUEZ BAUTISTA, Miguel

Naceu en Valladolid en 1901. De neno viviu en Valladolid e en Madrid. Funcionario de Correos, estivo destinado en Cádiz e durante a República foi destinado a Ribeira (A Coruña), localidade onde quedaría a vivir, como xefe de negociado de 1ª do Corpo técnico de telégrafos. Foi alcalde de Ribeira de 1941 a 1958, en que cesou por enfermidade. Durante a súa etapa como alcalde iniciou a repoboación forestal do municipio, acometeu o inventario de bens municipais, construíu a lonxa de contratación do pes-

cado e a praza de abastos. Foi conselleiro provincial do Movemento e vicepresidente do consello provincial do Instituto Nacional de Previsión. Era Caballero de la Orden de Cisneros. Era fillo adoptivo de Ribeira. Faleceu nesa localidade o 15 de agosto de 1959.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios da Coruña durante a III, IV e V lexislaturas (1949-1958).

RODRÍGUEZ DE DIOS, José

Naceu en Ourense o 4 de outubro de 1922. Cursou o bacharelato no Colexio dos Maristas da súa cidade natal. Licenciouse en Dereito na universidade de Santiago en 1932. Monárquico seguidor de Calvo Sotelo dirixiu o xornal *Galicia* en Ourense. Exerceu a profesión de avogado. Foi maxistrado suplente do tribunal do Traballo. Foi asesor xurídico da Caixa de Aforros de Ourense e secretario do Tribunal Tutelar de Menores. Foi presidente da Deputación de Ourense entre 1955 e 1959. Dende este posto conseguiu que se crease o Sanatorio Psiquiátrico de Toén; desenvolveu tamén una notable actividade de mellora de camiños. Tivo como unha das súas preocupacións prioritarias a mellora da situación dos rapaces do fogar infantil dependente da Deputación. Faleceu en Ourense o 11 de xuño de 1967.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Ourense durante a V e parte da VI lexislaturas (maio 1955-agosto 1959).

RODRÍGUEZ MADERO, Lino

Naceu en Pontevedra o 9 de agosto de 1919. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Hacia 1934 comezou a traballar no Banco Hispanoamericano, ó mesmo tempo que facía os estudos de profesor mercantil. Cando comezou a guerra civil presentouse como voluntario na Mariña, prestando servizos no cruceiro Navarra. En 1941 gañou as oposicións de intendente do Ministerio de Facenda. Estivo destinado nas delegacións de Facenda de Ourense, Santander e A Coruña, cidade esta á que chegou en 1951.



Foi presidente da Deputación da Coruña de novembro de 1974 a xuño de 1977. Durante o seu mandato remodelouse o Pazo de Mariñán, acondicionou diversas estradas provinciais e adquiriu para a Deputación coruñesa o castelo de Vimianzo. Foi presidente da coral polifónica Follas Novas. Faleceu na Coruña o 25 de xaneiro de 1979.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en Cortes como representante da Deputación da Coruña nos dous últimos anos da X lexislatura (1975-1977).

**ROMAY MONTOTO, Emilio**

Naceu en Betanzos (A Coruña) o 5 de xaneiro de 1897. Cursou os primeiros estudos na súa localidade natal. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago entre 1913-1918. Foi alcalde de Betanzos en 1924. Foi presidente da Deputación provincial da Coruña en dúas ocasións, do 14 de febreiro de 1929 ó 20 de febreiro de 1930 e dende o 28 de outubro de 1939 ata o seu falecemento. En outubro de 1939 foi nomeado vicepresidente da Federación de Sindicatos Agrícolas Católicos da Coruña. Destacou pola súa dedicación ós temas sociais e benéficos. Iniciou a construción do

Fogar Calvo Sotelo, dedicado á formación profesional dos nenos ingresados no hospicio. Interesouse tamén polos temas agrarios. Creou a Escola de Capacitación Agraria e participou na primeira cooperativa láctea galega, orixe da actual LEYMA. Entre os seus traballos nas Cortes destaca a súa aportación á Lei de Bases de Réxime Local. Faleceu en Betanzos o 10 de febreiro de 1950.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador na II lexislatura (1946-1949), en representación da Deputación da Coruña.

ROMERO NIETO, Recaredo

Naceu en Verín (Ourense) o 26 de decembro de 1917. Cursou os primeiros estudos no colexio dos xesuítas de Vigo. Iniciou os estudos de Farmacia en Madrid en 1935, que remata en Santiago en 1940. Non exerceu a profesión de farmacéutico e dedicouse ós negocios familiares. Foi alcalde de Verín de 1955 a 1958. Durante a súa etapa de alcalde acometeu a electrificación de tódolos núcleos do municipio de Verín e impulsou a concentración parcelaria.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante dos municipios de Ourense durante a V lexislatura (1955-1958).

ROSÓN PÉREZ, Antonio

Naceu en Becerreá (Lugo) o 8 de xuño de 1911. Iniciou a carreira de Dereito en Santiago e rematouna en Oviedo. Participou na guerra como oficial no bando nacional. Dedicouse ó exercicio libre da avogacía. Asesor xurídico da RENFE e do Banco de España. Home de grande influencia na provincia de Lugo. Presidente da Deputación de Lugo de 1949 a 1952. Durante esta etapa creou o Museo Gallego en Lugo. Foi presidente da Cámara Oficial Sindical Agraria e presidente da Comisión de Agricultura do Consello Económico e Sindical do Noroeste. Foi o primeiro presidente da Xunta de Galicia, nos inicios da denominada etapa preautonómica. O seu período

presidencial abrangue do 18 de abril de 1978 ó 9 de xuño de 1979. Asumiu as primeiras transferencias do goberno central ó goberno autonómico. Imprimiu ó seu mandato dun sentido de responsabilidade histórica o que non lle liberou de diversos ataques por parte dalgúns sectores, que o acusaban de ser un home do réxime anterior. Impulsou a elaboración do Estatuto de Autonomía. Foi o primeiro presidente do Parlamento de Galicia, cargo que ocupou dende a súa constitución en 1981 ata o seu falecemento. Autor de varias obras sobre temas agrarios galegos. Faleceu en Santiago en abril en 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como presidente da Deputación de Lugo durante parte da III lexislatura (maio 1949-marzo 1952).

Foi procurador pola representación familiar de Lugo durante a IX e X lexislaturas (1967-1977).

Pertencou ás Comisións de Justicia e Agricultura.

Deputado por Lugo no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD.

Senador por Lugo na I lexislatura por UCD.

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e durante parte da II por Coalición Popular.

Foi presidente do Parlamento de Galicia nesas dúas lexislaturas.

RUEDA FERNÁNDEZ, Ramiro

Naceu en Santiago de Compostela o 2 de febreiro de 1914. Cursou os primeiros estudos nos colexios das Huérfanas e os Maristas da súa localidade natal. Entre 1932 e 1936 cursou os estudos de Farmacia, doutorándose na mesma disciplina en 1946. Durante a Guerra Civil foi farmacéutico xefe de farmacias militares en distintas localidades españolas. Entre 1940 e 1942 foi profesor na facultade de Medicina en Santiago. En 1942 fundou en Lugo un laboratorio de análise clínicos, que funcionou ata 1980. Inspector farmacéutico municipal de Lugo de 1954 a 1980. Foi conselleiro e fundador de Complejos de Industrias Lácteas, Compleja e Lácteas Rueda, S.A., de Lugo. Foi alcalde de Lugo de 1958 a 1962. Foi vocal do Sindicato Nacional de Industrias Químicas. Presidiu o Colegio Oficial de Farmacéuticos de Lugo de 1947 a 1976. Presidiu o Consejo General de Colegios Oficiales de Farmacéuticos de España en 1967. Foi conselleiro do Banco del Noroeste e do Banco de Expansión Industrial de Galicia. Tiña a Gran Cruz de la Orden Civil de Sanidad. Faleceu en Lugo o 25 de setembro de 1999.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Lugo durante a VI e parte da VII lexislaturas (maio 1958-febreiro 1962).

Pertencou á Comisión de Sanidad.

— S —

SAAVEDRA SÁNCHEZ, Domingo

Naceu en Sarria (Lugo) o 28 de maio de 1917, no seo dunha familia de mestres. Cursou os estudos primarios na súa localidade natal, onde o seu pai era mestre. Finalizou os estudos de Maxisterio en Lugo en 1939. Entre 1937 e 1941 foi oficial provisional de Infantería. En 1942 ingresou no corpo de inspectores de Traballo, acadando o seu primeiro destino na delegación en Ourense. Foi alcalde de Ourense do 11 de febreiro de 1956 ó 21 de novembro de 1958. En decembro dese ano trasladouse a vivir a Madrid, como director xeral da factoría auxiliar de mecanizados na empresa de Autocamiones Barreiros, S.A. Faleceu en Madrid o 20 de novembro de 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da V e VI lexislaturas (maio 1956-setembro 1958).

SALGADO TORRES, Rafael

Naceu na Coruña o 23 de outubro de 1914. Cursou o bacharelato no instituto da súa cidade natal. Estudiu a carreira de Comercio na mesma localidade. Foi un dos fundadores de Falange na Coruña. Durante a guerra foi alférez provisional, resultando ferido en dúas ocasións. Como mutilado de guerra chegará ó grao de tenente coronel de Infantería. Foi censor xurado de contas e actuario de seguros. Foi concelleiro da Coruña en varias etapas, destacando a súa dedicación ós temas relativos á facenda local. Foi presidente de R.C. Deportivo de La Coruña do 8 de decembro

de 1952 ó 3 de xullo de 1953. Vicepresidente da Deputación da Coruña de abril de 1958 ó mesmo mes de 1961. Foi presidente do Instituto Nacional de Previsión na Coruña e secretario da Cámara Sindical Agraria. Foi delegado provincial de la Vieja Guardia e delegado provincial de Deportes. Tiña a Encomienda de la Orden del Mérito Civil e diversas condecoracións civís e militares. Faleceu na Coruña o 20 de setembro de 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia da Coruña durante a VI, VII, VIII e IX lexislaturas (1958-1971).

SALORIO SUÁREZ, Demetrio

Naceu na Coruña o 8 de outubro de 1917. Cursou o bacharelato e a carreira de Comercio na Escola de Altos Estudos Mercantís da súa cidade natal. Participou na Guerra Civil como mariñeiro voluntario no cruceiro "Almirante Cervera". Rematou a carreira de enxeñeiro electromecánico do ICAI en Madrid en 1943. Nese mesmo ano ingresou como Enxeñeiro na Sociedad Gallega de Electricidad. En 1947 pasou a FENOSA como enxeñeiro de dirección. En 1960 pasa a ser designado conselleiro da dita empresa. En 1964 é elixido presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña e no ano seguinte vicepresidente da Xunta de Obras do Porto. Foi fundador de Elaborados Metálicos, S.A. (EMESA) e Isolux Galicia, conselleiro e director de la metalgráfica La Artística, S.A., conselleiro de Aguas de La Coruña e Tranvías de La Coruña. Foi presidente da xunta local de Acción Social Patronal e do comité executivo da constructora benéfica "La Sagrada Familia". Alcalde da Coruña do 30 de xaneiro de 1966 ó 6 de xaneiro de 1969. Durante a súa etapa como alcalde inaugurouse o Museo Histórico Arqueolóxico instalado no castelo de San Antón, iniciou a construción do Palacio dos Deportes, mellorou o alumeadado público e acometeu unha nova regulación do tráfico rodado. Foi membro de número do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses. Colaborou asiduamente cos diarios locais, con artigos nos que destacaba un profundo humanismo cristiano e preocupación social. Faleceu na Coruña en 1992.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Coruña durante parte da VIII lexislatura (maio 1966-1967).

SÁNCHEZ REY, Tirso

Naceu en Ribadavia (Ourense) o 21 de abril de 1903. Cursou o bacharelato no Colexio dos Xesuítas de Camposancos (A Guarda-Pontevedra). Licenciouse en Farmacia na Universidade de Madrid en 1923. Rexentou ata a súa xubilación unha farmacia en Ribadavia, establecemento familiar que viña do seu abó. En 1937 foi nomeado alcalde de Ribadavia, posto que desempeñou ata 1946. Durante a súa etapa de alcalde xestionou a traída de augas e acometeu distintas obras de infraestrutura, como a construción de beirarrúas. Procurou naqueles anos de carestías facilitar postos de traballo a persoas no paro. Impulsou a creación da Caixa de Aforros en Ribadavia, sendo o seu primeiro director. Foi deputado provincial. Faleceu en Vigo o 18 de abril de 1985.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Ourense durante a I lexislatura (1943-1946).



SANJURJO DE CARRICARTE, Eduardo

Naceu na Coruña o 16 de decembro de 1911. Na súa infancia ademais da Coruña viviu en Lérida e Lugo, por mor dos destinos do seu pai que era militar. Iniciou a carreira de Dereito en Valladolid durante a República e a remataría en Santiago. Loitou durante a Guerra Civil como soldado voluntario. Ó seu remate ingresou no Corpo Xurídico Militar e gañou unha praza de letrado do Instituto Social de la Marina. Por iniciativa súa reconstruíuse o mosteiro de Monfero, para o que se contou con fondos do Ministerio de Trabajo, do que o seu titular, Girón de Velasco, era amigo e antigo compañeiro na universidade de Valladolid.

Foi concelleiro da Coruña despois da guerra. Alcalde desa cidade do 13 de agosto de 1963 ó 20 de decembro de 1965, cesando a causa de enfermidade que o levaría á morte. Durante o seu breve mandato realizouse o proxecto do encoro de Cecebre, constituíuse o Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, creouse a Escola de Sordomudos e o padroado de Vivendas Nosa Señora do Rosario. Foi pintor aficionado, editor dunha revista de carácter científico e traductor de obras alemáns. Foi presidente do consello do Instituto Nacional de Previsión. Estaba en posesión das Encomiendas de la Orden de Cisneros, Alfonso X El Sabio e D. Henrique El Navegante (Portugal) e tiña diversas condecoracións civís e militares. Faleceu na Coruña o 14 de febreiro de 1966.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Coruña durante parte da VII e VIII lexislaturas (novembro 1963-febreiro 1966).

SANZ PEDRERO, Pablo

Naceu en Piñel de Abajo (Valladolid) o 30 de xuño de 1921. Doutor en Farmacia (1950) e en Ciencias Químicas (1953) pola Universidade Complutense. Foi bolseiro do CSIC (1948-1951) e pensionado no Instituto de Físico-Química da Universidade de Upsala (Suecia) (1951-1952). Profesor, axudante primeiro e adxunto por oposición despois, da Facultade de Farmacia da Universidade Complutense de 1947 a 1965. Catedrático de Físico-Química Aplicada e director do departamento de Físico-Química da Facultade de Farmacia de Santiago de 1965 a 1978. Foi decano desa mesma Facultade de 1971 a 1974. Rector da Universidade compostelá de 1974 a 1978. Na súa etapa como rector de Santiago impediu que un grupo privado construíse nos terrenos denominados "Monte da Condessa", onde posteriormente se estendería o Campus da Universidade. Director da Escola Profesional de Óptica e Acústica Audiométrica da universidade de Santiago de 1976 a 1979.

Catedrático de Técnicas Instrumentais na Facultade de Farmacia da Universidade Complutense de 1978 a 1987 e profesor emérito desa mesma Facultade dende ese último ano ata 1994. Autor dun extenso número de publicacións de investigación científicas.

ca sobre Polarografía e Físicoquímica Biolóxica. Ten a Gran Cruz de la Orden Civil de Alfonso X El Sabio.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Universidade de Santiago durante parte da X lexislatura (abril 1974-1977).
Foi o último rector da Universidade de Santiago que pertenceu ás Cortes en función do cargo.

SARANDESES PÉREZ, Rafael

Naceu en Lugo en 1912. Cursou o bacharelato como alumno interno dos dominicos en Santa María la Real de Nieva (Segovia). Licenciouse en Dereito pola Universidade de Oviedo durante a República. Falanxista, estivo preso polas súas ideas en Lugo pouco antes do comezo da Guerra Civil. Participou na guerra ó mando dunha columna falanxista que partiu de Galicia e entrou en Asturias. En 1943 ingresou no corpo técnico de inspectores fiscais do Estado. Acadou o seu primeiro destino en Soria, onde viviu ata 1946. De 1947 a 1959 traballará en Lugo, na delegación de



Hacienda. Presidente da Deputación de Lugo entre 1952 e 1955. Durante esta etapa ocupouse fundamentalmente polo fomento das infraestructuras na provincia e pola sanidade. Cara a 1958 apartouse da actividade política. En 1959 é destinado a Oviedo como xefe rexional de Hacienda para Galicia, Asturias e Castilla-León. Nesta cidade permanecerá ata a súa morte, ocorrida circunstancialmente en Madrid en 1965.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Lugo durante a IV lexislatura (1952-1955).
Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia de Lugo durante a V lexislatura (1955-1958).

SERANTES MORAIS, Alfredo

Naceu probablemente en Ourense na última década do século XIX. Fillo dun maxistrado, viviu en distintas localidades por mor dos sucesivos destinos do seu pai. Funcionario de Correos, ocupou distintos cargos ata que alcanzou o de administrador en Ourense. Foi alcalde de Ourense entre 1944 e 1947. Faleceu nesta localidade o 4 de setembro de 1979.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da I e II lexislaturas (novembro 1944-décembro 1947)



SUÁREZ-LLANOS MENACHO, Luis

Naceu en Vigo en 1906. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1929. Vinculouse dende mozo á actividade política e á Compañía de Pesca e Industrias del Bacalao (COPIBA), da que foi director-xerente. Foi alcalde de Vigo en dúas ocasións: de xaneiro de 1938 a agosto de 1939 e de xuño de 1940 a febreiro de 1949. Foi o grande impulsor da cidade de Vigo nos anos corenta (logro da zona franca en 1947, anexión do concello de Lavadores en 1941, reforma e pavimentación das principais vías, impulsou a construción de vivendas, de escolas públicas, etc).

Foi presidente da Deputación de Pontevedra de febreiro de 1958 ata o seu falecemento, ocorrido no mes de maio do ano seguinte. Foi o único vigués que foi alcalde e presidiu a Deputación de Pontevedra en todo o século XX. Faleceu en Vigo en 1959.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Pontevedra durante parte da VI lexislatura (maio 1958-maio 1959).

T



TABOADA GARCÍA, José Luis

Naceu en Ourense en 1918. Cursou os estudos primarios no colexio Hermanos Villar de Ourense, rematando o bacharelato no instituto da mesma cidade en 1936. Formou parte do núcleo fundacional de Falange en Ourense. Participou na Guerra Civil como voluntario. Cursou os estudos de Medicina en Santiago en 1939 e 1945, licenciándose en Salamanca en 1946. De 1947 a 1951 exerceu como médico rural na Galicia interior. Especializouse en Organización Hospitalaria, pertencendo á primeira promoción de directores e xerentes de hospitais. Gobernador civil de Salamanca

de outubro de 1951 a marzo de 1961. Desempeñou a delegación nacional de Provincias, da Secretaría General del Movimiento, de abril de 1961 a febreiro de 1970. Foi presidente do Consello Económico e Social Sindical de Galicia de 1962 a 1977. Conselleiro do Reino pola representación do Consejo Nacional del Movimiento de novembro de 1967 a xullo de 1970. Director xeral de Política Interior no Ministerio de Gobernación de xaneiro de 1974 a decembro de 1975. Dende este posto tivo ó seu cargo a dirección e coordinación dos gobernadores civís e o desenvolvemento operativo, na vertente civil, da Operación Lucero -falecemento de Franco- e da Operación Alborada - proclamación de Xoán Carlos I. Presidente do Instituto Social de la Mariña

de marzo de 1976 a 1977. Neste último ano cesou a súa actividade pública para adicarse á actividade privada. Está en posesión das Grandes Cruces del Mérito Agrícola, Alfonso X El Sabio, Orden Imperial del Yugo y las Flechas, Cisneros, Isabel La Católica, entre outras. Fillo adoptivo de Santiago de Compostela e da provincia de Pontevedra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como conselleiro nacional do Movemento pola provincia de Ourense durante a V e VI lexislaturas (1955-1961). Foi procurador nas seguintes lexislaturas como conselleiro do Movemento: na VII e VIII lexislaturas como Delegado Nacional de Provincias, na IX lexislatura designado polo presidente del Consejo Nacional del Movimiento e na X lexislatura designado polo Xefe do Estado. Pertenceu ás Comisións de Gobernación, Vivenda, Agricultura e Obras Públicas.

TABOADA DE ZÚÑIGA SALGADO, Ramón

Naceu en Ourense o 9 de outubro de 1923. Cursou o bacharelato no instituto da súa cidade natal. Cursou a carreira de Dereito en Santiago entre 1947 e 1951. Doutorouse na mesma disciplina en 1972. De 1955 a 1957 foi presidente da Cámara Oficial Sindical Agraria. Alcalde de Ourense de novembro de 1958 a febreiro de 1962. Durante a súa etapa como alcalde saneou a facenda municipal, construíu a praia fluvial do Miño, suprimiu os fieltos (Ourense foi unha das primeiras cidades que o fixo) e urbanizáronse numerosas rúas. En agosto de 1963 foi nomeado delegado provincial do Ministerio de la Vivienda en Ourense, cargo que ocupou ata maio de 1978. Está en posesión de varias condecoracións, entre elas a Encomienda de la Orden del Mérito Civil e a Encomienda de la Orden de Cisneros.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da VI e VII lexislaturas (novembro 1958-décembro 1961). Pertenceu á Comisión Interparlamentaria e á Comisión de Agricultura, onde traballou en prol da concentración parcelaria.

TORRE MOREIRAS, José de la

Naceu en Chantada (Lugo) o 21 de xuño de 1918. Ós poucos anos de idade trasladouse a vivir a Cataluña, onde o seu pai era rexistrador da Propiedade. Comezou a carreira de Dereito en Barcelona, que se viu obrigado a interromper pola guerra. Ó acabar a mesma licenciouse na Universidade de Santiago. Avogado en exercicio, foi secretario da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Lugo, delegado provincial de Asociacións e xefe dos servizos xurídicos da xefatura provincial do Movemento. Foi presidente da Deputación de Lugo de abril de 1965 a decembro de 1974. Durante esta etapa impulsou a electrificación rural e a mellora das estradas. Faleceu en Lugo o 21 de febreiro de 1986.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Lugo durante parte da VIII, a IX e parte da X lexislaturas (xullo 1965-décembro 1974). Pertenceu ás comisións de Facenda e Orzamentos.

— U —

**ULLOA VENCE, Julio**

Naceu en Taboada (Lugo) o 19 de xullo de 1930. Cursou o bacharelato en Santiago e Ourense. Acadou o título de Enxeñeiro agrónomo en Madrid en 1958 e o doutoramento na mesma materia. Ampliou estudos na Universidade de Georgetown (EE.UU.). Funcionario do Ministerio de Agricultura, desenvolveu toda a súa traxectoria profesional en Lugo, primeiro na Jefatura Agronómica e máis adiante na delegación da consellería do mesmo ramo, como xefe do servizo de axudas estruturais. Foi presidente da Deputación de Lugo de xullo de 1963 a abril de 1965.

Durante esta etapa iniciou un programa provincial de inseminación artificial do gando, modernizou o hospital provincial e emprendeu un labor de construción de estradas. Foi concelleiro de Lugo en varias etapas e tenente alcalde da mesma cidade. Foi director da Escola de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación da Deputación de Lugo durante parte da VII e VIII lexislaturas (novembro 1963-abril 1965).

Estivo adscrito ás comisións de Administración local e Agricultura.

Senador por Lugo na lexislatura Constituínte por UCD.

Deputado por Lugo no Congreso na I lexislatura por UCD.

Senador por Lugo na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular.

URGORRI CASADO, Eduardo

Naceu na Coruña en 1921. Cursou os primeiros estudos na súa localidade natal. Participou na Guerra Civil como mariño voluntario. Despois da guerra cursou a licenciatura de Dereito en Santiago. En 1947 ingresou no corpo de inspectores de Traballo, acadando o seu primeiro destino en Cidade Real, aínda que pouco despois pasou a Lugo. Nesa cidade viviu ata 1963 e foi subxefe provincial do Movemento. Foi delegado de Traballo en Badaxoz de 1963 a 1969. Nese último ano foi nomeado delegado xeral de Mutualidades Laborais en Madrid. Foi subdirector xeral do ministerio de Traballo e inspector xefe de delegacións do mesmo ministerio. Xubilouse en 1990 e dende esa data ata o seu falecemento en 1997 viviu en Pontevedra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador pola representación da Familia de Lugo durante a X lexislatura (1971-1977).

Formou parte das comisións de Traballo e Presupostos. Foi membro da Comisión Permanente das Cortes.

— V —

VALDÉS PASTOR, Eusebio

Naceu en Castrogonzalo (Zamora) o 4 de xullo de 1919. Ós poucos meses do seu nacemento os seus pais trasladáronse a Viveiro (Lugo). Cursou o bacharelato en Lugo en 1930-1936. Participou na Guerra Civil e na campaña da División Azul en Rusia, co grado de tenente, resultando ferido. É tenente coronel mutilado. En 1942 foi procurador dos tribunais na Audiencia da Coruña. Foi alcalde de Viveiro do 29 de marzo de 1943 ó 20 de decembro de 1950. Foi delegado de Sindicatos da comarca da Viveiro do 27 de febreiro de 1943 ó 28 de febreiro de 1951. Cursou a carreira de Ciencias Políticas na Universidad Complutense entre 1944 e 1947. Entre 1955 e 1958 vive na Coruña. Neste último ano trasladouse definitivamente a Madrid, onde fundou unha empresa de fabricación de material eléctrico, Caucho-Metal, S.A., que dirixirá ata 1995. Ten a Cruz de Caballero de la Orden de Cisneros, a Medalla de Plata al Mérito en el Trabajo e a Medalla de Salvamento de Náufragos, pola súa actuación no salvamento da tripulación dun submarino alemán afundido na Estaca de Bares en xaneiro de 1944. Está en posesión de numerosas medallas militares.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios de Lugo durante a II e III lexislaturas (1946-1952).

Estivo adscrito ás comisións de Facenda e Gobernación.

VALENCIA FERNÁNDEZ, Eduardo

Naceu en Ourense cara a 1902. Cursou os primeiros estudos na súa cidade natal. Licenciouse en Farmacia pola Universidade de Santiago. Ó remata-la carreira rexentou durante un tempo nunha farmacia nesa localidade e foi profesor na Facultade desa mesma disciplina. Despois desta breve estadía en Santiago pasou a vivir en Ourense, onde desempeñará o seu labor profesional na delegación provincial de Industria. Foi alcalde de Ourense entre 1948 e 1954. Home preocupado polo urbanismo, durante a súa etapa na alcaldía fomentou o axardinamento da cidade e impulsou a construción do encoro de Cachamuiña para o abastecemento de augas de Ourense. Faleceu nesa cidade en 1969.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como alcalde de Ourense durante parte da II, a III e parte da IV lexislaturas (abril 1948-marzo 1954).

**VALLE ORDIERES, Guillermo del**

Naceu en Arroes-Villaviciosa (Asturias) en 1918. Viviu en Sada (A Coruña) dende moi novo. Cursou estudos primarios na Coruña e iniciou os estudos de Maxisterio. Nesta cidade fixo amizade co dirixente falanxista Diego Salas Pombo, que o protexería e ó cal debeu a súa carreira política. Foi alcalde de Sada de 1946 a 1964. Delegado de Sindicatos e subxefe provincial do Movemento. Foi oficial maior na xefatura provincial do Movemento na Coruña e asesor no Goberno Civil da Coruña durante a transición democrática. Era Comendador de la Orden del Mérito Civil e posuía a Medalla de Oro de la Orden de Cisneros. Faleceu na Coruña o 11 de agosto de 2001.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador como representante dos municipios da Coruña durante a VI lexislatura (1958-1961).

**VALLE VÁZQUEZ, José del**

Naceu en Sabadelle-Chantada (Lugo) o 16 de marzo de 1916. Residiu dende moi novo en Santiago, cidade onde cursou o bacharelato no Instituto Arcebispo Xelmírez. Comezou en 1934 os estudos de Dereito, que houbo de interromper por mor da Guerra Civil. De ideoloxía tradicionalista, combateu no bando nacional e resultou ferido en dúas ocasións, ingresando no corpo de mutilados. Ó fin da guerra tiña o grado de tenente de Infantería. Pouco despois rematou os estudos de Dereito. Foi alcalde de Santiago do 29 de novembro de 1941 ó 14 de outubro de 1943 e, nun contexto

de carestía e racionamento, distinguiuse polo seu labor na procura de abastecementos para a cidade. Gobernador civil de Cuenca de outubro de 1943 a setembro de 1948. De setembro de 1948 a xuño de 1957 foi gobernador civil de Lugo, cidade na que quedaría a vivir e onde abre un despacho de avogado que mantería ata a súa morte, ocorrida circunstancialmente fóra desta cidade. De 1957 a 1968 é delegado provincial do Ministerio da Vivenda en Lugo. Foi delegado da Familia en Lugo e xefe do Corpo de Mutilados de guerra na mesma cidade. Cando morreu tiña a graduación de coronel de Infantería. Estaba en posesión da Gran Cruz al Mérito Civil e as medallas ó Mérito Agrícola e Sufrimientos por la Patria, entre outras condecoracións. Faleceu en Málaga o 7 de xaneiro de 1982.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Procurador en representación dos municipios da provincia de Coruña durante parte da I lexislatura (novembro 1942-dembro 1944). En realidade parece que o seu mandato foi máis ben nominal, pois durante case todo este tempo xa era gobernador civil de Cuenca.

DEPUTADOS E SENADORES (1977-2003) (Congreso dos Deputados, Senado e Parlamento de Galicia)

— A —

ABEL VILELA, Adolfo de

Naceu en Lugo o 13 de xuño de 1946. Oficial Industrial en Electrónica e enxeñeiro técnico agrícola. Coursou estes estudos en Lugo e Madrid. Doutor en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago. Iniciou a súa actividade política en 1973 como delegado provincial en Lugo de Acción Política e Participación do Movemento. Ingresou en Alianza Popular en 1977; nese mesmo ano foi secretario provincial e en 1981 presidente provincial, ata 1982. Foi delegado provincial en Lugo, sucesivamente, das Consellerías de Cultura, Educación e Cultura e Cultura e Benestar Social, de decembro de 1982 a setembro de 1987. Director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de outubro de 1987 a setembro de 1989. En abril de 1987 deuse de baixa en Alianza Popular e ingresa en Independentes de Lugo. Foi secretario xeral de Coalición Galega e posteriormente de Convergencia Nacionalista Galega, ata xullo de 1993 en que abandona a política activa. É profesor numerario de I.E.S en Lugo. Colaborou con distintas cadeñas de radio e conta con numerosas publicacións relacionadas preferentemente coa historia de Lugo.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

Foi presidente da comisión de Educación e Cultura e membro das comisións de Regulamento e Agricultura.

Foi secretario do grupo parlamentario de Alianza Popular

**ADRIO BARREIRO, Gonzalo**

Naceu en Pontevedra o 1 de outubro de 1919. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, na que cursou a carreira entre 1939 e 1942. Avogado en Pontevedra dende 1946. A fins dese ano entra na loita clandestina contra o réxime. Distribuiu por Galicia propaganda da FUE, asociación á que pertencía dende tempos da República. Formou parte do comité de Pontevedra da denominada Unión de Intelectuales Libres, actividade pola que permaneceu en arresto domiciliario.

Foi un dos creadores do Ateneo de Pontevedra en 1965. Nos anos setenta ingresa na Junta Democrática e máis tarde integrouse no PSP, do que chegou a ser presidente de Galicia. Concorreu ás eleccións para o Senado en 1977 polo PSP sen obter escáño. Despois da unidade do PSP co PSOE abandonou o partido pola imposición dende Madrid dunha candidatura nunhas eleccións ó Congreso.

Reintegrouse á actividade política en 1985 dentro do PSOE. Concelleiro de Pontevedra de 1987 a 1991, ano no que decide abandonar os cargos públicos. Foi un dos socios fundadores do Ateneo Republicano de Galicia. Pertence á Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación dende outubro de 1970. Foi relator no I Congreso de Derecho Gallego.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Pertenceu á comisión de Xustiza e Interior. Foi relator na elaboración da lei de Montes Veciñais de Man común.

**AJA MARINO, César**

Naceu en Viveiro (Lugo) o 7 de xaneiro de 1951. Licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago. Profesor de Matemáticas e Formación Profesional. Director do Instituto de Formación Profesional de Burela de 1978 a 1986. Alcalde de Viveiro dende 1983 por Alianza Popular e Partido Popular ata xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular e na IV lexislatura polo Partido Popular. Foi membro das comisións de Agricultura; Educación y Cultura e Administracións Públicas.

Senador por Lugo na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular. Na VI lexislatura foi secretario 1º da comisión de Asuntos Iberoamericanos. Foi membro das comisións de Suplicatorios e Incompatibilidades.

Na VII lexislatura é vicepresidente da comisión de Incompatibilidades e vocal da comisión de Asuntos Iberoamericanos.

ALONSO BAR, Cástor

Naceu en Vigo en 1928. Licenciado en Dereito, carreira que iniciou en Deusto e rematou en Madrid. Cursou o Graduado Social en Santiago. Industrial e empresario en Vigo, aínda que faleceu circunstancialmente en Madrid. Foi concelleiro de Vigo. Vinculado a entidades deportivas, foi vicepresidente nacional da federación de balonmano e delegado de Deportes na provincia de Pontevedra durante o réxime anterior. Faleceu en Madrid en 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na II lexislatura por Alianza Popular-PDP.

ALONSO RIEGO, José Luis

Naceu na Guarda (Pontevedra) en 1945. Pertencente a unha familia de comerciantes e industriais. Cursou o bacharelato elemental. De mozo traballou nun comercio en Ferrol preto de dez anos. Despois traballou en Vigo en negocios familiares. Industrial e propietario dunha fábrica de terrazos. Afiliouse a Alianza Popular en 1977. Foi tenente de alcalde no concello de Porriño. Na actualidade é alcalde de A Guarda.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular, na II por Coalición Popular e na III e IV polo Partido Popular. Pertenceu ás comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Control da Compañía de RTVG e de Regulamento.



ÁLVAREZ BLANCO, María Salomé

Naceu en Pontevedra o 29 de outubro de 1947. Licenciada en Filosofía e Letras, na especialidade de Filoloxía Románica, pola universidade de Santiago en 1969. Catedrática de instituto de Lingua e Literatura española. Desempeñou o seu labor docente no Instituto Politécnico de Pontevedra e dende 1979 no Instituto a Xunqueira da mesma localidade. Concelleira de Pontevedra dende 1991 a novembro de 2001. Foi tenente alcalde delegada das áreas de Educación e Muller de xullo de 1999 a novembro de 2001. Pertence ó Consello Nacional e á Comisión Executiva do BNG.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo BNG. Na V lexislatura foi vicepresidenta da comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres e vocal das comisións de Educación e Cultura e Sanidade, Política Social e Emprego. Na VI lexislatura é vicepresidenta 2ª do Parlamento de Galicia, coma vicepresidenta 2ª da comisión de Regulamento e vocal na comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e da comisión para a Igualdade e os Dereitos das Mulleres.





ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, Bautista Goyel

Naceu en Loucia-Carballiño (Ourense) en 1933. Cursou estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario de Ourense e estudos de Filosofía e Letras na Universidade Central de Madrid, que non chegará a rematar. Membro cofundador do grupo Brais Pinto de Madrid. Fundador e presidente da UPG dende 1977, partido integrado no Bloque Nacionalista Galego. Detido en numerosas ocasións na época de Franco.

Membro da comisión Permanente do BNG, pola UPG. Colaborou coa prensa, singularmente con *La Región* e coa revista do Centro Gallego de Madrid.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Parlamento de Galicia na I lexislatura pola Coruña e por Pontevedra na III, IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na IV lexislatura foi vicesecretario da Mesa do Parlamento e na V foi vicepresidente segundo.

Vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Na VI lexislatura é vocal nas comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior;

Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes; Peticións e Regulamento.



ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, Roberto

Naceu en Avilés (Asturias) o 25 de abril de 1955. Cursou o bacharelato superior. Profesor de seguridade vial. En 1979 comezou a traballar en San Ciprián (Lugo) en Alumina Española-INESPAL, máis tarde ALCOA. De 1983 a xullo de 1987 foi concelleiro en Cervo (Lugo). De 1985 a 1987 formou parte do consello de administración de ALCOA en representación da UGT. De xullo de 1987 a xuño de 1999 foi alcalde de Cervo. Na actualidade traballa en ALCOA. Ingresou no PSOE en 1981. Foi secretario xeral da agrupación de Cervo de 1983 a 1991 e secretario xeral da agrupación da Mariña

Luguesa de 1990 a 1997. Secretario de Coordinación da executiva galega do PSOE de 1994 a 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na V lexislatura polo PSOE. Formou parte das comisións de Infraestruturas e Sanidade.

ÁLVAREZ FORTES, M^a Carmen

Naceu en Cerdedo (Pontevedra) o 2 de agosto de 1946. Cursou o bacharelato superior e estudos medios. Asesora laboral en UGT-Pontevedra. Dende 1979 a 1991 foi concelleira en Cerdedo polo PSOE. Durante este tempo foi membro da comisión executiva local do PSOE desa localidade. Pertenceu á comisión executiva comarcal. Ata o

ano 2000 foi membro do comité nacional galego do PSOE e da comisión executiva da agrupación local de Pontevedra.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Pesca.

ÁLVAREZ GÓMEZ, Julio

Naceu en Ribadavia (Ourense) en 1952. Licenciado en Dereito. Avogado e funcionario. Asesor empresarial, en materia fiscal e laboral entre 1983 e 1987. Director provincial do INEM en Ourense entre 1988 e 1996. Profesor asociado de Facenda Pública na Universidade de Vigo.

Membro da Coordinadora Provincial en Ourense do PSG-PSOE e da Comisión Mixta INEM-IEFP para traballo e desenvolvemento transfronteirizo. Fundador do Sindicato de funcionarios SGTAP de Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na VI lexislatura polo PSOE. Foi voceiro adxunto da comisión de Economía, Comercio e Facenda e vicepresidente primeiro da comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas.

ÁLVAREZ MONTES, María Marta

Naceu na Coruña o 30 de outubro de 1943. Licenciada en Filosofía e Letras (Sección de Historia) e Ciencias da Información pola Universidade de Navarra. Foi profesora axudante de Redacción e profesora adxunta de Historia do Xornalismo na Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Navarra. Catedrática de instituto de Historia. Foi profesora colaboradora do INGABAD e estivo destinada en institutos de Lalín e Santiago. Foi xefa do gabinete da Reforma Educativa na Consellería de Educación de 1990 a 1993. Membro do comité local do Partido Popular de Santiago e do comité provincial do mesmo partido. Concelleira de Santiago dende 1987 a maio de 2003.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senadora pola comunidade autónoma de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.
Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.
Na V lexislatura foi presidenta da comisión de Educación e Cultura e vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Compañía de RTVG. Na VI lexislatura é vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego; Educación e Cultura e Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia.

ÁLVAREZ PAREDES, Enrique

Naceu en Lugo o 19 de xuño de 1949. Profesor de Educación Física en EXB. Empresario. Foi vicepresidente da Deputación de Lugo e voceiro no concello lucense. Concelleiro en Lugo en 1987 por Alianza Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na IV e V lexislaturas polo Partido Popular.

ÁLVAREZ YÁÑEZ, María Antonia

Naceu en Tapia de Casariego (Asturias) o 31 de marzo de 1948. Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao. Funcionaria do corpo técnico do Concello de Ourense dende 1975. Forma parte da Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE dende 1994. Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Ourense dende 1995.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na III, IV e V lexislaturas polo PSOE.

Na V lexislatura foi vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas,

Medio Ambiente e Servicios e comisión do Consello de Contas.

AMARELO DE CASTRO, Fernando



Naceu en Muras (Lugo) o 2 de novembro de 1937. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Avogado e funcionario da Xunta de Galicia. Foi profesor da Universidade Complutense de Madrid e do Centro de Estudios Universitarios (CEU) de Madrid. Profesor do Centro de Estudios Superiores Bancarios. Secretario xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia de 1990 a 2001. Conselleiro do Consello Xeral da Emigración dende a segunda reunión xeral do mesmo e vicepresidente do Consello de Comunidades Galegas. Estivo integrado nos grupos de estudos GODSA e participou no inicio de Reforma Democrática. Foi secretario xeral de AP e vicepresidente provincial en A Coruña. Membro do Comité Executivo Provincial de AP e do PP na provincia de A Coruña dende 1984. Ten a Gran Cruz de la Orden del Mérito Civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É presidente da comisión Institucional e vocal da comisión de Regulamento.

ARES CASAL, M^a José

Naceu en Melide (A Coruña) o 20 de abril de 1948. Diplomada en Maxisterio, especialista en Educación especial e infantil. Estivo destinada no Colexio de A Barcia, en Santiago, e dende 1984 é directora do Colexio Público de Santa Comba. Foi membro do comité executivo provincial do Partido Popular. Delegada provincial da Coruña da consellería de Asuntos Sociais dende decembro de 2001 ó 23 de xaneiro de 2003. Dende 1990 é concelleira en Santa Comba.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu á comisión de Educación.

ATRIO GARCÍA, Alfredo

Naceu en Vilaríño de Paizás-Ramirás (Ourense) o 8 de maio de 1936. Cursou estudos de Humanidades e Filosofía nos PP. Paules entre 1950 e 1959 en diferentes localidades de Castela e estudos de Teoloxía na Universidad Pontificia de Salamanca en 1959 e 1960. Neste último ano obtivo a diplomatura en Maxisterio na Escuela Normal de Ourense. Entre 1960 e 1965 cursou estudos de peritaxe industrial nas escolas de Vigo, Xixón e San Sebastián e Matemáticas na UNED. Foi profesor de EXB en colexios públicos de distintas localidades, entre 1966 e 1996. Foi secretario de organización local do PSdeG-PSOE de O Barco de Valdeorras e comarca e membro do comité nacional do PSdeG-PSOE dende 1982 a 1987. Concelleiro no Barco de Valdeorras de 1979 a 1987.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Foi vocal das comisións de Educación; Orzamentos; Control de Radio Televisión e Sanidade. Foi membro da Deputación Permanente.

AYMERICH CANO, Carlos Ignacio

Naceu en Vigo o 27 de xaneiro de 1967. Doutor en Dereito. Profesor Titular da Universidade da Coruña na área de Dereito Administrativo. Membro do consello do BNG de Oleiros (A Coruña). Membro da Comisión Nacional de Garantías do BNG. Conta con diversas publicacións sobre temas da súa especialidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na VII lexislatura polo BNG.

Voceiro da comisión de Sanidade e Consumo e da comisión de Ciencia e Tecnoloxía;

Vocal da comisión del Estatuto dos Deputados e voceiro da Comisión

Mixta para o Estudio de Problemas das Drogas.



— B —

**BAHILLO FERNÁNDEZ, Alejandro Jesús**


Naceu en La Bañeza (León) o 20 de xuño de 1948. Cursou estudos de mestría industrial no Instituto Salesiano Deusto-Bilbao. Enxeñeiro técnico industrial pola escola de Valladolid. Cursou Ciencias Políticas na UNED. Traballou como proxectista en Bilbao nun estudio de enxeñería civil, como técnico de organización na factoría de Citroën en Vigo e director xerente en Comercial Mercedes Benz en Vigo. Fundador e primeiro secretario xeral en Vigo do Partido Socialista Popular. Membro da Xunta Democrática en Vigo.

Foi secretario xeral en Vigo do PSOE. Na actualidade é director xerente do Club Financiero de Vigo.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na II e III lexislaturas polo PSOE.

Voceiro da comisión de Pesca do Grupo Parlamentario Socialista. Vocal de comisión de Industria, Obras Públicas e Transportes e de comisión no Permanente de Arrendamentos Urbanos.

**BALTAR BLANCO, José Manuel**

Naceu en Esgos (Ourense) o 3 de agosto de 1967. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1990. Funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia dende 1993. Foi xefe do servizo técnico xurídico da delegación provincial da consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento rural en Ourense. Delegado provincial en Ourense da consellería de Agricultura de 1998 a 2001. Vocal do pleno da Cámara de Comercio e Industria de Ourense. Coordinador da área de Acción política e membro do Comité Executivo provincial do

Partido Popular de Ourense dende outubro de 2000. É fillo do ex senador Baltar Pumar.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É presidente da comisión de Industria Enerxía, Comercio e Turismo e vocal das comisións de Emigración; Relacións co Consello de Contas e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

BALTAR PUMAR, José Luis

Naceu en Esgos (Ourense) o 10 de outubro de 1940. Profesor de EXB. Concelleiro de Nogueira de Ramuín de 1971 a 1976. Alcalde da mesma localidade de 1976 a maio de 1995, conseguindo a maioría absoluta nas sucesivas eleccións locais. Concelleiro de Ourense dende 1995. Deputado provincial de 1983 a 1999. Presidente da Deputación Provincial de Ourense dende o 20 de xaneiro de 1990, acadando a maioría absoluta en tódolos mandatos. Membro fundador de Centristas de Galicia, partido que se integrou con posterioridade no Partido Popular. Presidente provincial do PP de Ourense dende 1992. Membro da Executiva rexional do Partido Popular de Galicia. Forma parte da Comisión permanente e da Junta Directiva do Partido Popular a nivel nacional.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na V e VI lexislaturas polo Partido Popular. Nesta última lexislatura foi membro titular da Deputación Permanente, presidente da Comisión Especial sobre el desenvolvemento económico e social do Estado español e secretario 2º da Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo. Ó remate da VI lexislatura renunciou a presentarse novamente como candidato ó Senado.


BAÑOS MÁRQUEZ, José Carlos

Naceu en Vigo o 27 de maio de 1955. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago en 1978. Auditor. Foi concelleiro en Vigo de 1983 a 1987 responsable das áreas de Economía e Facenda, Réxime interior e Persoal e Patrimonio e contratación. Foi director xeral de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e primeiro director do Instituto Galego de Vivenda e Solo de 1987 a 1989. Pertenceu á xunta directiva do Club de Marketing de Vigo de 1977 a 1982 e foi presidente da sociedade pública Suelo Urbano de Pontevedra en 1998. Na actualidade é xerente dunha empresa do sector da alimentación.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE. Pertenceu á comisión de Política Territorial, Infraestructuras e Medio ambiente.

**BARATA QUINTAS, Daniel**

Naceu en Guillamil-Pairiz de Veiga (Ourense) o 25 de decembro de 1943. cursou a carreira de Maxisterio en Ourense e a licenciatura de Filosofía e Letras na Universidade Complutense de Madrid. Mestre dende 1963. Ingresou no corpo de inspectores técnicos de Educación en 1978. Delegado territorial do Ministerio de Sanidade en Ourense entre 1981 e 1982 e delegado provincial en Ourense da Consellería de Educación entre 1983 e 1985. Foi vicepresidente do consello de administración de Caixa Ourense de 1987 a 1989. Foi tenente de alcalde e concelleiro de Ourense de 1987 a 1989. Conselleiro de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia dende 1990 ata 1994. Asesor do presidente da Xunta de Galicia de 1994 a 1995. Na actualidade é conselleiro do Consello de Contas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia e na IV e parte da V lexislaturas polo Partido Popular. Foi presidente da comisión para as Relacións co Consello de Contas e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Educación e Cultura, Asuntos Europeos e Servizos Sociais.

**BARREIRO FERNÁNDEZ, José Manuel**

Naceu en Lugo en o 18 de setembro de 1957. Doutorouse en Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade de Santiago en 1991. Catedrático da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago no Campus de Lugo. Entre 1995 e 1999 foi 1º tenente de alcalde e concelleiro de Economía no concello de Lugo. Vicesecretario xeral do Partido Popular de Galicia dende setembro de 1999. Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia dende o 20 de xaneiro de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi Presidente da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Sanidade, Política Social e Emprego e Relacións co Consello de Contas.

Preside a comisión de Asuntos Europeos. Na VI lexislatura é vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Agricultura, Alimentación Gandería e Montes e Relacións co Consello de Contas.

BARREIRO GIL, Manuel Jaime

Naceu en Santa Comba (A Coruña) o 18 de agosto de 1951. Doutor en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago en 1983. Profesor titular de Historia e Institucións Económicas desa Facultade dende 1988. Membro da executiva galega do PSOE. Membro da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa entre 1982 e 1984. Membro da Asemblea Parlamentaria da Conferencia de Seguridade e Cooperación en Europa de 1985 a 1986. Membro da Unión Parlamentaria Internacional entre 1987 e 1993. Membro da Asemblea Parlamentaria da Organización do Tratado do Atlántico Norte de 1994 a 1996. Autor de diversas publicacións sobre temas da súa especialidade.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Senador pola Coruña na II, III, IV e V lexislaturas polo PSOE. Na II lexislatura foi vocal das comisións de Agricultura; Orzamentos e Economía. Na III lexislatura foi voceiro suplente do grupo socialista no Senado.

Foi vocal das comisións de Compensación Interterritorial e Economía. Na IV lexislatura foi presidente do Grupo Parlamentario Socialista e voceiro do mesmo. Foi vocal das comisións Xeral para as Comunidades Autónomas e Orzamentos. Formou parte da ponencia para a reforma do Senado. Na V lexislatura foi presidente da comisión de Defensa; vocal adxunto da comisión de Asuntos Exteriores e vocal da comisión Xeral para as Comunidades Autónomas.

BARREIRO RIVAS, José Luis

Naceu en Forcarei (Pontevedra) o 5 de xuño de 1949. Licenciado en Filosofía pola Universidade de Comillas en Madrid en 1970 e licenciado en Filosofía y Letras (Sección de Filosofía) pola Universidade Complutense en 1972. Licenciado en Socioloxía e Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid en 1976 e doutor na mesma disciplina en 1994. En novembro de 1977 comezou a súa actividade política no gabinete técnico rexional de Alianza Popular. Participou como voceiro dese partido nas chamadas "negociacións do Hostal" de 1980. Impartiu clases de Historia da Psicoloxía na UNED en 1979. Conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia de 1982 a 1986. Vicepresidente da Xunta de Galicia entre 1983-1986 e 1987-1988. Presidente provincial de AP de Pontevedra entre 1982 e 1986. Secretario xeral de Alianza Popular de Galicia entre 1983 e 1986. Vicepresidente da primeira Interparlamentaria Popular en España hacia 1983-1984. En outubro de 1986 dimitiu como vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro da Presidencia. En xuño de 1987 pide a baixa en Alianza Popular e ó mes seguinte protagoniza unha escisión no grupo de Coalición Popular. En agosto de 1987 ingresa en Coalición Galega, partido que co PSOE e o PNG presenta unha moción de censura contra Fernández Albor en setembro dese ano, que deu paso ó denominado "gobierno tripartito". Nese goberno foi vicepresidente ata agosto de 1988 en que presenta a dimisión. No contexto da moción de cen-



sura e cando interviña no Parlamento como voceiro de Coalición Galega os servicios xurídicos da Xunta de Galicia presentaron unha denuncia contra el pola concesión da explotación do xogo da lotería instantánea. Absolto polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e recurrida esta sentenza en casación ante o Tribunal Supremo, en setembro de 1990 foi inhabilitado para exercer cargos públicos durante seis anos. Abandonou a actividade política a fins de 1989, despois da derrota electoral de Coalición Galega. Profesor da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo entre 1990 e 1995. Profesor das facultades de Ciencias Políticas e Sociais e de Ciencias da Información da Universidade de Santiago dende 1995. Autor de diversas monografías e colaborador na prensa periódica, singularmente en *La Voz de Galicia*.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II por Coalición Popular.

Foi voceiro do grupo parlamentario de Alianza Popular nesas lexislaturas. Pertenceu á Deputación Permanente e foi vocal da comisión Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior durante as dúas lexislaturas.

Foi vocal da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos durante a I Lexislatura a parte da II.


BARROS MARTÍNEZ, Jesús

Naceu na A Gudiña (Ourense) en 1940. Empresario e director do Banco Central Hispano na Gudiña. Alcalde da Gudiña de 1973 a 1987. Foi deputado provincial entre 1983 e 1987. Presidente do Partido Popular da Gudiña. Dende xuño de 2003 é o primeiro tenente alcalde desa localidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na V e VI lexislaturas polo Partido Popular. Na VI lexislatura foi vocal das comisións Constitucional, Defensa e Agricultura, Gandería e Pesca.

BARROS PUENTE, Miguel



Naceu en Carballedo-Cotobade (Pontevedra) o 21 de novembro 1944. Cursou estudos de Maxisterio e dirixiu un colexio nacional. Licenciouse en Ciencias Políticas. Foi un dos promotores do denominado "movemento de mestres" de Pontevedra entre 1969 e 1970. Foi secretario comarcal da agrupación do Val Miñor do PSOE e despois secretario xeral da agrupación socialista de Vigo. Foi presidente da Asociación Provincial de Maxisterio de Pontevedra. Foi concelleiro de Vigo e deputado provincial. Profesor do Instituto das Mariñas en Vigo. É presidente da comisión xestora do PSdeG-PSOE de Vigo dende xaneiro de 2003. Dende xuño de 2003 é segundo tenente de alcalde no concello de Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I, II e III lexislaturas polo PSOE.

BASTOS RODRÍGUEZ, María del Carmen


Naceu en Vigo en 1949. Cursou o bacharelato superior. Dedicada a un negocio familiar en Redondela. Empresaria. Presidenta do Partido Popular de Redondela de 1992 a 1995. Concelleira de Redondela de 1991 a 1999. Participou nas comisións de Educación, Cultura e Urbanismo. Foi primeira tenente de alcalde de 1995 a 1999. Pertenceu á executiva provincial do seu partido de 1991 a 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular. Foi vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Pesca e Marisqueo e Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel

Naceu en Santiago de Compostela en 1936. Licenciouse en Dereito en 1957 pola Universidade de Santiago. Doutor en Economía pola Universidade de Sevilla en 1965. Cursou estudos na Universidade de París en 1957-1958 e 1959-1960 e na London School of Economics en 1964-1965. Vinculado á docencia dende 1958, foi profesor nas Universidades de Santiago e Madrid. Catedrático de Estructura Económica na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago dende 1970, da que foi decano en funcións en 1972 e decano electo entre febreiro de 1982 e xaneiro de 1984. Foi un dos fundadores en 1963 do Partido Socialista Galego (PSG), e dende ese ano forma parte da súa executiva, da que foi secretario xeral entre 1971 e 1977. Participou na creación do Sindicato Obreiro Galego (SOG). Encabezou a lista pola provincia da Coruña nas eleccións lexislativas de 1977.




Membro do Consello Nacional do BNG dende a súa fundación na Coruña en setembro de 1982, ó que contribuíu a fundar. Académico electo da Real Academia Galega en 1977, aínda que renunciou a esta condición en 1985. Participou no proceso de constitución do Bloque Nacionalista Galego e é membro do Consello Nacional e da Comisión Permanente dende entón. Vinculado a Esquerda Nacionalista. Autor de numerosas publicacións sobre economía galega e obras de tipo ensaístico. Traductor e colaborador na prensa diaria e en diversas publicacións periódicas. Desenvolveu unha intensa actividade como relator.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II, III, IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Encabezou a lista do seu partido nesas eleccións. Na V lexislatura foi vocal da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

Na VI lexislatura é vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Relacións co Consello de Contas e Regulamento.

**BELLO COSTA, Xaime**

Naceu no Ferrol en 1950. Profesor de instituto de Ensino secundario. Membro da dirección nacional da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), participou directamente na constitución do Bloque Nacionalista Galego. Forma parte do consello nacional do BNG dende a súa fundación. Foi membro da súa Comisión Permanente e responsable da comisión sindical. Desenvolveu actividades sindicais no eido do ensino, sendo membro da dirección da UTEG/INTG. É vice-responsable comarcal do BNG e coordinador da comisión institucional municipal. Secretario da "Plataforma pola defensa da ría de Ferrol". Foi alcalde de Ferrol de 1999 a xuño de 2003. Na actualidade é concelleiro polo BNG nese concello.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Conuña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo BNG.

**BERMELLO FERNÁNDEZ, Jorge**

Naceu en Ourense o 7 de abril de 1936. Empresario. Presidente do Consello da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense). Presidente do Club Deportivo Ourense. É presidente da distribuidora nacional de electrodomésticos e DENSA-Tien e 21-Confort Electrodomésticos e doutras entidades comerciais. Alcalde de Ourense entre 1987 e 1991 e primeiro tenente de Alcalde de 1995 e 1999. Foi presidente da Cámara de Comercio e Industria de Ourense e conselleiro da Caja de Ahorros Provincial de Orense. É membro do comité executivo rexional do Partido Popular de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular. Na VI lexislatura

foi secretario da comisión de Economía, Comercio y Turismo e vocal da comisión de Suplicatorios.

Na VII lexislatura é secretario 1º da comisión de Economía, Comercio e Turismo e vocal da comisión de Suplicatorios.

BERNÁRDEZ ÁLVAREZ, Senén

Naceu en Gomesende (Ourense) o 24 de maio de 1930. cursou o bacharelato no seminario e na Universidade Pontificia de Comillas e rematouno no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense. cursou a carreira de Farmacia na Universidade de Santiago entre 1949 e 1955. Farmacéutico primeiro en Crespos (Ourense) e logo en Ourense capital. Foi presidente do Colexio Oficial de Farmacéuticos de Ourense e vocal do Consello Xeral Farmacéutico en representación dos colexios de Galicia, Asturias, León e Zamora entre 1968 e 1982. Foi presidente nacional de Coalición Galega de 1987 a 1990.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e durante parte da II por Coalición Galega.

Foi vocal da comisión de Sanidade.

Senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na II lexislatura, dentro do Grupo Mixto.

Foi vocal das comisións de Sanidade e Educación. Deputado no Congreso por Ourense na III lexislatura por Coalición Galega.

Foi membro das comisións de Sanidade e Educación. Pertenceu á Deputación Permanente.

BLANCO FERNÁNDEZ, María Fernanda

Naceu en Vilaboa (Pontevedra) en 1966. Diplomada en NEXB. Mestra. Concelleira de Moaña de 1991 a 1995 e concelleira de Vilaboa de 1995 a 1999. É tenente de alcalde. Vocal no consello de administración do porto de Vigo. Membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia dende o 13 de maio de 2002.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servizos;

Educación e Cultura e Consello de Contas.

BLANCO GÓMEZ, Ramón Félix

Naceu na A Derrasa (Ourense) o 20 de maio de 1945. Emigrou a Suíza de mozo e alí iniciou a actividade política no ámbito do sindicalismo, fundamentalmente na colectividade galega. Técnico electricista. cursou estudos de comercio en Suíza. Perito mercantil. Afiliouse ó PSOE en 1975, aínda na emigración. Foi secretario xeral da agrupación socialista de Ourense e un dos dirixentes máis destacadas da UGT ourensá durante a transición. Conselleiro de Traballo da Xunta preautonómica. Foi secretario de acción



institucional da UGT. Foi membro da executiva galega do PSOE e secretario de organización do mesmo partido. Dirixiu a Fundación Largo Caballero en Galicia. Faleceu en Ventín-Ames (A Coruña) o 25 de decembro de 2001.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I, II, III e IV lexislaturas polo PSOE. Foi voceiro do seu grupo na área de Traballo.



BLANCO LÓPEZ, José

Naceu en Palas de Rei (Lugo) o 6 de febreiro de 1962. Traballou como Administrativo. Iniciou estudos de Dereito en Santiago. Ingresou no PSOE en 1978. Foi secretario xeral das Xuventudes Socialistas de Galicia e membro da executiva galega do PSdeG-PSOE. Foi secretario xeral do PSdeG-PSOE de Lugo.

Foi concelleiro e voceiro do grupo municipal socialista de Palas de Rei dende 1991 ata 1999. Foi presidente do Consello da Xuventude de Galicia durante tres anos. Presidiu as Xuventudes Socialistas de Galicia. Dende o 23 de xullo de 2003 é Secretario de Organización e Acción electoral do PSOE e membro da Comisión Ejecutiva Federal dese partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na IV e V lexislaturas polo PSOE.

Deputado no Congreso por Lugo na VI e VII lexislaturas polo PSOE. Na VI lexislatura foi voceiro adxunto da comisión de Agricultura, Gandería e Pesca; Vocal da comisión de Industria, Enerxía e Turismo e da comisión de Infraestruturas. Na VII lexislatura pertence ás comisións de Infraestruturas; comisión Mixta para a Unión Europea e Agricultura, Gandería e Pesca.

BLANCO-RAJOY MARTÍNEZ-REBOREDO, Carlos

Naceu na Coruña o 19 de outubro de 1930. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado na Coruña. Foi presidente da Cámara Agraria Provincial da Coruña. Pertenceu á xunta de goberno do Colexio de Avogados da Coruña. Foi vicepresidente da Caja Rural de La Coruña e director provincial da Mutua Rural.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na I lexislatura por UCD e na II por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular.

BLANCO ROUCO, Juan

Naceu en Neda (A Coruña) o 2 de abril de 1940. Cursou o bacharelato no seminario de Mondoñedo. Licenciouse en Linguas clásicas na Universidad Complutense de Madrid en 1966. Catedrático de instituto. Foi xefe do gabinete do conselleiro de Educación entre 1991 e 1993. Alcalde de Ferrol de 1995 a 1999. Dende ese ano ata xuño de 2003 foi concelleiro desa localidade e vicepresidente 3º da Deputación Provincial da Coruña.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na V lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu á comisión de Agricultura y Pesca e foi voceiro da subcomisión de Pesca Litoral Cantábrica.

BLANCO SUÁREZ, Manuel

Naceu en Ourense en 1944. Aparellador. Diplomado en Ciencias Empresariais. Pertence ó PSOE dende 1977. Foi membro do comité galego deste partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.

BORRAJO RIVAS, Pedro

Naceu en Almoite-Baños de Molgas (Ourense) o 20 de setembro de 1951. Profesor de Matemáticas de Educación Secundaria Obrigatoria. Secretario xeral do PSOE nas comarcas Val Miñor-Baixo Miño de 1981 a 1986, secretario xeral do Baixo Miño de 1986 a 1990 e presidente da mesma agrupación de 1990 a 1996. Membro do comité executivo galego do PSOE de 1991 a 1997. Secretario xeral do PSOE da Guarda de 1997 a 2001. Concelleiro e voceiro do PSOE na alcaldía da Guarda de 1987 a 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

BORREIROS FERNÁNDEZ, Bonifacio

Naceu en Narón (A Coruña) o 1 de agosto de 1955. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Profesor de Formación Profesional na rama de Tecnoloxía Sanitaria. Foi membro da comisión executiva nacional galega do PSdeG-PSOE. Foi asesor do conselleiro de Cultura e director xeral de Cultura da Xunta de Galicia en 1988-1989. Concelleiro en Ferrol dende 1995 a xuño de 2003. Abandonou a militancia no PSOE en marzo de 2003.



e fundou o Partido de Acción Ciudadana en Ferrol.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE.

Deputado no Congreso pola Coruña na VI lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Defensa, Economía, Comercio e Facenda e comisión Mixta de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico.

— **BRAVO DOVISO, Ana María Luisa**

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 21 de xuño de 1957. Licenciada en Económicas pola Universidade de Santiago. Foi administradora da dirección provincial do Instituto Social de la Marina en Vilagarcía e foi técnico de abastecementos de subministrados na Asociación Galega de Cooperativas Agrarias en Santiago. Secretaria de política institucional do PSdeG-PSOE en Vilagarcía e secretaria executiva da executiva comarcal de Arousa. Pertenceu á comisión nacional galega dese partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso na IV lexislatura polo PSOE.

— **BUENO BERRIO-ATEGORTÚA, María Soledad Águeda**



Naceu en Zaragoza o 30 de novembro de 1948. Vive en Pontevedra dende os catro anos de idade. Licenciada en Bioloxía. Empresaria viticultora. Preside o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas dende 1986.


■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É presidenta da comisión para Asuntos Europeos, vicepresidenta da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal da comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

BUSTELO GARCÍA DEL REAL, Francisco

Naceu en Madrid o 12 de xaneiro de 1933. Licenciado en Dereito pola Universidade de París en 1959 e licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade Complutense de Madrid en 1969. Doutorouse na mesma materia en 1973. Catedrático de Historia económica na Facultade de Económicas de Santiago de outubro de 1973 a xullo de 1975. Pasou despois á Universidade de Valladolid e finalmente á Universidade Complutense de Madrid na que é catedrático dende 1980. Foi rector desta última universidade entre 1981 e 1984. Membro da dirección do PSOE de 1974 a 1977. Vicepresidente do Partido de Acción Socialista (PASOC) dende 1990. Membro da presidencia executiva de Izquierda Unida de 1990 a 1993. Nese último ano abandonou a política activa. Autor de diversas publicacións sobre temas da súa especialidade. Ademais de deputado constituínte por Pontevedra foi senador do PSOE por Madrid entre 1979 e 1982.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na lexislatura Constituínte polo PSOE. Foi vicepresidente da comisión de Economía.

BUSTO SALGADO, Jesús

Naceu en Cambados (Pontevedra) o 12 de outubro de 1943. Licenciado en Matemáticas pola Universidad Complutense de Madrid en 1968. Catedrático de Instituto de bacharelato. Director do Colexio Maior Universitario de San Pablo entre 1974 e 1977. Profesor do Centro de Estudios Universitarios (CEU) en Madrid de 1970 a 1977. Delegado do Ministerio de Educación en Ourense de 1980 a 1982. De 1982 a 1986 foi profesor de Matemáticas no Instituto de Bacharelato Otero Pedrayo de Ourense. De 1993 a 1996 foi asesor do conselleiro de Educación da Xunta de Galicia. Dende 1996 é director do Centro de Investigación y Documentación Educativa (CIDE) do Ministerio de Educación y Cultura.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na III lexislatura por Centristas de Galicia, dentro do grupo de Coalición Popular, e na IV lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia. Foi vocal das comisións de Control do ente público RTVE e de Educación e Cultura. Durante a IV lexislatura formou parte da Deputación Permanente. Foi membro do consello de dirección do Grupo Popular.

C

**CABALLERO ÁLVAREZ, Abel Ramón**

Naceu en Ponteareas (Pontevedra) o 2 de setembro de 1946. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela en 1972. Ampliou estudos na Universidade de Essex (Reino Unido) en 1973. Doutor en Economía pola Universidade de Santiago en 1977. Foi ministro de Transportes, Turismo e Comunicacións entre 1985 e 1988. Secretario executivo da Comisión Executiva Federal do PSOE e secretario de Política Institucional do PSOE entre 1988 e 1994. Presidente do PSdeG-PSOE de 1994 a 1997 e candidato á Presidencia da Xunta de Galicia nas eleccións autonómicas de 1997. Membro da executiva federal do PSOE dende 1988. Profesor da Universidade de Santiago de Compostela dende 1976. Na actualidade é catedrático de Teoría Económica na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. Autor de diversas publicacións de temas económicos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na II lexislatura polo PSOE. Deputado por Pontevedra no Congreso na II, IV e V e VI lexislaturas polo PSOE. Nesta última lexislatura pertenceu ás comisións de Defensa e Economía, Comercio e Facenda. Foi voceiro socialista de Economía no Congreso entre 1983 e 1985. Foi voceiro socialista da comisión de Economía da Delegación Española do Consello de Europa. Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo PSOE. Foi vocal da comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

CABANILLAS GALLAS, Pío (véx. Procuradores en Cortes)**CABEZAS ENRÍQUEZ, Manuel Jaime**

Naceu en Ourense o 14 de novembro de 1953. Enxeñeiro Agrónomo pola Escuela Superior de Ingenieros Agrónomos da Universidade Politécnica de Madrid en 1979. Inicia a súa carreira profesional como enxeñeiro en Ourense nese mesmo ano, na súa empresa Diagrama, S.L. En 1981 foi nomeado director xerente da Cooperativa do Ribeiro. En 1987 é nomeado director-xerente do Instituto Ourenseano de Desenvolvemento Económico (INORDE) ata finais de 1989, en que pasa a ser conselleiro do mesmo. En 1989 é vocal do comité executivo da Confederación de Empresarios de Ourense.


Neste mesmo ano crea Valdamor S.A., da que é secretario e conselleiro-delegado. En febreiro de 1993 é nomeado presidente da Confederación de Empresarios de Ourense, pertencendo na actualidade á súa xunta directiva. Vicepresidente do Eixo Atlántico dende xuño de 1999. Vocal do comité executivo da FEMP dende novembro de 1999. Presidente da FEGAMP dende decembro de 1999. Vicepresidente do Eixo Atlántico en 1999-2001 e presidente desa entidade dende 2001. Cofundador e patrono honorario da Fundación Andrea Gómez para a defensa e protección de nenos con parálise cerebral. Alcalde de Ourense dende xuño de 1995, obtendo a maioría absoluta en tódolos seus mandatos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na V lexislatura polo Partido Popular. Foi secretario da comisión de Economía.

CACHARRO PARDO, Francisco

Naceu en Guarromán (Xaén) o 16 de novembro de 1936. Mestre pola Escola Normal de Lugo. Licenciado en Pedagogía pola Universidade de Madrid. Foi mestre entre 1960 e 1970 en colexios de Monforte, León, Cháin e na Escola Normal de Lugo. Inspector de Ensinanza primaria entre 1970 e 1974 e inspector xefe de Ensinanza primaria na delegación do Ministerio de Educación en Lugo de 1974 a 1982. Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia entre 1982 e 1983. Concelleiro de Lugo dende 1974 ata a actualidade. Deputado provincial dende 1976 á actualidade.



Presidente da Deputación Provincial de Lugo dende xuño de 1983 ata hoxe, obtendo a maioría absoluta en tódolos seus mandatos. Foi presidente provincial de Alianza Popular e do Partido Popular de Lugo entre 1982 e 1983, de 1986 a 1990 e de 1990 a 2000.

Vicepresidente do Partido Popular de Galicia de 1989 a 1999. Membro do comité executivo de Galicia deste partido en 1999. Membro da xunta directiva nacional de Alianza Popular de 1977 a 1990 e do Partido Popular dende ese ano á actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo dende a lexislatura Constituínte ata a VII lexislatura, por Alianza Popular (lexislatura constituínte), Coalición Popular (I lexislatura), Alianza Popular-Partido Demócrata Popular (II lexislatura), Coalición Popular (III lexislatura) e Partido Popular (IV, V, VI e VII lexislaturas). Na VII lexislatura é membro titular da Deputación Permanente e vocal da comisión de Infraestruturas e da comisión Xeral das Comunidades Autónomas. En anteriores lexislaturas foi vocal das comisións de Presidencia do Goberno; Peticións; Asuntos Exteriores; Educación e Cultura; Suplicatorios e Asuntos Iberoamericanos, entre outras. Foi membro da asemblea parlamentaria do Consello de Europa.




CALDELAS FERNÁNDEZ, María José

Naceu en Ourense o 23 de decembro de 1978. Cursou o bacharelato superior. É axente de desenvolvemento turístico e técnica en marketing. Asesora da Asociación Galega de Turismo Rural (AGATUR). É operadora-codificadora de datos na consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Secretaria de Organización e Educación do comité executivo provincial de novas Xeneracións do PP de Ourense, membro do comité executivo rexional de Novas Xeneracións e da xunta directiva provincial do PP de Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É vicepresidente de comisión de Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia e vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior; Pesca e Marisqueo e Emigración.



CALVO LÓPEZ, Jacinto

Naceu en Viveiro (Lugo) o 4 de xuño de 1903. Trasládouse a vivir a Lugo ós tres anos de idade. Afiliouse ó PSOE e á UGT con pouco máis de vinte anos, organizacións das que foi secretario xeral en Lugo. En 1934 foi encarcerado con motivo dos sucesos da rebelión de Asturias. Foi candidato socialista por Lugo nas eleccións lexislativas de 1933 e 1936, nas que non acadou o escano. Foi compromisario por Lugo na elección do presidente da República en 1936. En 1936 era o presidente da Casa do Pobo de Lugo e secretario xeral da Federación de Colectividades Socialistas da provincia. Por presións familiares marchou ó exilio e nel viviu de 1936 a 1950, principalmente en Francia e Portugal e durante moito tempo estivo en paradoiro descoñecido. Á volta do exilio incorporouse en Lugo á súa actividade profesional, que era a de industrial confeiteiro nunha empresa familiar. Cursou unicamente estudos primarios, aínda que tivo unha ampla formación autodidacta. Foi elixido polos xornalistas lucenses "Lugués do ano" en 1982 e "Lucense del Año" en 1989. Faleceu na Coruña o 24 de xullo de 1993, cidade onde vivía dende o falecemento da súa dona en 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na II y III lexislaturas polo PSOE. En ambas lexislaturas presidiu a sesión de constitución do Senado como senador de máis idade. Pertencen ás comisións de Constitución, Peticións, Incompatibilidades e Suplicatorios.

CALVO POUSO, Diego

Naceu en San Sadurniño (A Coruña) o 24 de abril de 1975. Licenciado en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou o máster en Desenvolvemento Local e Comarcal. Dende 1994 traballa nunha empresa familiar, adicada ó subministro de materiais de construción. En 1995 foi presidente local de Novas Xeracións de San Sadurniño. Foi vocal do comité rexional de Novas Xeracións de Galicia en 1998 e en 1999 foi designado secretario de Formación desa entidade. Presidente provincial de Novas Xeracións de A Coruña dende 2001 e vocal do Comité Executivo Nacional de Nuevas Generaciones.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

CALLEJO REY, Cristina

Naceu no Grove (Pontevedra) o 22 de novembro de 1966. Licenciada en Farmacia. Foi presidenta local do Partido Popular do Grove. Secretaria da Asociación Pontevedresa de Mulleres para a Democracia. Pertence á executiva provincial do Partido Popular.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular. Pertenceu ás comisións Institucional; Administración xeral; Xustiza e Interior; Sanidade Política Social e Emprego e Pesca e Marisqueo.

CAMPO PIÑEIRO, Belén María do

Naceu na Coruña o 29 de decembro de 1963. Diplomada en EXB especialidade en Lingua española e idiomas modernos. Foi presidenta local de Novas Xeracións da Coruña e vicepresidenta provincial. Foi fundadora do Consello da Xuventude da Coruña. Foi presidenta local do Partido Popular da Coruña e membro da executiva do Partido Popular de Galicia. É membro da executiva local do Partido Popular da Coruña.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada no Congreso pola Coruña na IV e V lexislaturas polo Partido Popular. Senadora pola Coruña na VI e VII lexislaturas. Nesta última lexislatura é membro suplente da Deputación Permanente, viceportavoz na comisión de Traballo e Asuntos Sociais e vocal na comisión Mixta dos Dereitos da Muller.



CAMPOAMOR RODRÍGUEZ, Joaquín

Naceu en Navia (Asturias) o 7 de xaneiro de 1928. Enxeñeiro Naval pola escola de Madrid en 1955. Cursou estudos no Centro de Estudios Superiores de la Defensa Nacional. Enxeñeiro xefe do departamento de Aceros en Astilleros de Sevilla (Empresa Nacional Elcano) en 1957. Director xerente de Saltes S.A. (Huelva) en 1960. Director do asteleiro Hijos de J. Barreras (Vigo) en 1965. Subdirector, adxunto ó director, da factoría de Astano (Ferrol) en 1973. Ingresou no PSOE na agrupación de Ferrol en 1979. Foi secretario de Política Municipal nesa agrupación e secretario de Política Municipal da agrupación comarcal. Foi vocal adxunto á sección de Industria do comité executivo do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na II lexislatura polo PSOE. Foi Secretario 1º da comisión de Defensa e vocal das comisións de Industria e Xustiza. Foi voceiro de Defensa do Grupo Socialista en el Senado. Foi membro da Asemblea Parlamentaria da OTAN.



CAMPOS ROMAY, Antonio Martín

Naceu en Poio (Pontevedra) o 15 de maio de 1946. Titulado mercantil e diplomado en Ciencias de la Enfermería. Diplomado en Saúde pública. Tenente de alcalde do concello da Coruña de 1979 a 1987. Deputado provincial de 1979 a 1987, exercendo como voceiro do grupo provincial socialista. Presidiu o consello de administración do Hospital Municipal Labaca da Coruña, promovendo a súa reforma e modernización. Foi secretario xeral da agrupación socialista da Coruña e membro do comité nacional do PSOE e da comisión executiva de Galicia. Dentro da agrupación socialista da Coruña promoveu o Instituto de Estudios Socialistas Coruñeses. É subinspector do servizo de Inspección e Ordenación Sanitaria da Xunta de Galicia na Coruña. Membro fundador en 1998 na Coruña do Instituto de Estudios Políticos y Sociales, do que é presidente na actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Vocal da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego, da cal foi voceiro do seu grupo parlamentario.

CARABEL PEDREIRA, María Reyes

Naceu en Madrid o 9 de marzo de 1967. Licenciouse en Dereito na Universidad Complutense de Madrid en 1990. Master en Dirección de Empresas no Instituto de Empresa de Madrid en 1991. Tenente Alcalde e delegada de Servicios Sociais no concello de Bergondo (A Coruña) dende maio de 1995 a xuño de 1996. Delegada provincial da consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia de xuño de 1996 a xullo de 2000 e dende febreiro de 2002 ó mesmo mes de 2003. Directora xeral de Xustiza da Xunta de Galicia de xullo de 2000 a febreiro de 2002. Membro do comité executivo do Partido Popular de Galicia dende outubro de 1999 a outubro de 2002, exercendo como secretaria executiva da Muller. Membro do comité executivo do Partido Popular da Coruña dende maio de 2000, como coordinadora da área de Comunicación.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Congreso na VII lexislatura polo Partido Popular.

Pertence ás comisións de Justicia e Interior; Constitucional e Cooperación Internacional para el desarrollo.

CARBALLO PÁEZ, Ramón

Naceu en Seixo-Pedrafita do Cebreiro (Lugo) o 16 de agosto de 1959. Licenciouse en Veterinaria en León en 1987. Exerceu a profesión libre como veterinario en Pedrafita de 1987 a 1989. Veterinario titular no concello de A Fonsagrada de outubro de 1989 a novembro de 1994. Xefe dos servizos veterinarios oficiais da zona de Lugo de decembro de 1994 a maio de 2000. Inspector veterinario de saúde pública na comarca de Fonsagrada de xuño a setembro de 2000. Xefe dos servizos veterinarios oficiais da zona de Lugo de setembro de 2000 a outubro de 2002. Concelleiro de Pedrafita do Cebreiro polo PP de 1987 a 1991 e voceiro da oposición. Presentouse ás eleccións locais de 1991 en A Fonsagrada e de 1995 en Pedrafita, sen saír elixido.



Concelleiro en A Fonsagrada dende 1999 e voceiro da oposición. Membro da Executiva Provincial do Partido Popular de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

Vocal das comisións de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Sanidade, Política Social e Emprego.



CARREIRA GÓMEZ, Juan

Naceu en Melide (A Coruña) en 1945. Cursou estudos sobre técnicas agrarias e é especialista en soldadura. Traballou en Astano, onde formou o Sindicato Obreiro Libre en 1976. Dedicouse despois á agricultura. Foi un dos fundadores de Reforma Democrática na Coruña e integrouse con posterioridade en Alianza Popular. Contribuíu á consolidación de Xoves Agricultores na Coruña. Foi membro do comité nacional de Xoves Agricultores.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.



CARREÑO RODRÍGUEZ-MARIBONA, Ángel Mario

Naceu en Oviedo en 1934. Doutor Enxeñeiro de Camións pola escola de Madrid en 1961. De 1962 a 1970 foi enxeñeiro de obras hidráulicas de Fenosa. De 1964 a 1978 foi enxeñeiro director de vías e obras da Deputación de Ourense. En 1971 é director da oficina provincial de inversións da Caixa de Aforros e da Deputación de Ourense e en 1979 conselleiro delegado desa entidade. Director do Instituto Nacional da Vivenda de 1979 a 1981. Conselleiro de Ordenación do Territorio e conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia entre 1982 e 1986. Presidente

de Alianza Popular de Ourense entre 1984 e 1986. Foi presidente da Comisión Nacional de Deportes do Partido Popular entre 1986 e 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular. Nesta última lexislatura foi vocal da comisión de Orzamentos; secretario segundo da comisión de Infraestructuras e Medio Ambiente; vocal da comisión de Medio Ambiente; Vocal da comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo; Vocal da comisión Mixta para el Estudio do Problema das Drogas. Foi voceiro de Deportes do Grupo Popular no Congreso na IV e V lexislaturas e de Transportes na VI lexislatura.



CARRO FERNÁNDEZ-VALMAYOR, Antonio

Naceu na Coruña o 16 de setembro de 1945. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Pertence ó corpo técnico da Administración do Estado. Foi xefe do gabinete de Informes e Dictames da secretaría xeral técnica do Ministerio da Gobernación. Director de programas do Ministerio de Planificación do Desenvolvemento. Xerente da Gran Área de Expansión Industrial de Galicia e subdelegado do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo na Coruña. En 1975 ingresou no PSP e logo na UGT e no PSOE. Foi tenente de alcal-

de da Coruña. Na actualidade é conselleiro do Consello Consultivo de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na I lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Obras Públicas e Urbanismo, Transportes e Telecomunicacións e Incompatibilidades. Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE. Na III lexislatura foi vicepresidente 2.º do Parlamento. Foi secretario xeral adxunto do grupo parlamentario socialista.

CARRO MARTÍNEZ, Antonio (véx. Procuradores en Cortes)

CASAL VILA, Benjamín

Naceu en Lugo o 12 de xaneiro de 1935. Enxeñeiro agrónomo pola Escola Superior de Madrid en 1961. Doutor na mesma disciplina en 1967. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago en 1970. Traballou en Guadalaxara no Plan de concentración parcelaria entre 1961 e 1963. Xefe de sección na delegación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Lugo entre 1979 e 1985. Director provincial deste ministerio entre 1985 e 1993. Xerente territorial do Catastro en Lugo de 1993 a 1997 e xefe da unidade de Inspección da Xerencia Territorial do Catastro desa localidade dende 1997. Conselleiro de Enerxía, Industria e Comercio da Xunta de Galicia en 1978 e 1979, na etapa preautonómica. Foi profesor da Escola de Enxeñeiros Técnicos Agrónomos de Lugo de 1968 a 1972 e en 1988. Vicepresidente do consello de área da Caixa de Aforros da Coruña e Lugo de 1968 a 1978. Presidente do Círculo das Artes de Lugo de 1979 a 1988.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE. Foi vocal das comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

CASALDERREY CASTRO, Daniel

Naceu en Portas (Pontevedra) o 28 de novembro de 1929. Perito mercantil e diplomado en Economía agraria. Presidente da Cámara Agraria Provincial de Pontevedra e presidente da Federación de Cámaras Agrarias de Galicia. Foi conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia. Formou parte do comité executivo do PGI-UCD e foi cofundador de Coalición Galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na I lexislatura por UCD.





CASARES GONZÁLEZ, Juan Manuel

Naceu en León en 1965. Cursou estudos de Dereito en Santiago. Xerente na provincia da Coruña dunha empresa de servizos de 1990 a 1991. Delegado para A Coruña e Lugo dunha empresa de servizos entre 1991 e 1993. Presidente de Novas Xeracións de Galicia de 1989 a 1995. Membro do Comité Executivo Nacional de Novas Xeracións de 1990 a 1993. Vicepresidente primeiro do Consello da Xuventude de Galicia en 1987 e 1988. Cordinador de área de participación e acción social do Partido Popular de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi membro da deputación permanente e vocal das comisións de Ordenación Territorial,

Obras públicas, Medio ambiente e Servizos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes; Peticións e Seguridade Vial. Voceiro adxunto do grupo parlamentario popular. Na VI lexislatura é vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Educación e Cultura e Control da Compañía de RTVG.



CASARES MOURIÑO, Carlos

Naceu en Ourense o 24 de agosto de 1941. Cando tiña catro anos pasou a vivir en Xinzo de Limia, onde transcurriu a súa infancia. Licenciado en Filosofía e Letras (Filoloxía románica) pola Universidade de Santiago. Militou no Frente de Liberación Popular (FLP), tamén coñecido como "Felipe". Trabou contacto con Ramón Piñeiro e entra en contacto co colectivo "Realidade Galega". Profesor de ensino medio nun instituto. Deuse a coñecer como escritor en 1967. Director da Editorial Galaxia e da revista cultural *Grial*. En 1997 foi elixido membro do Padroado da Fundación Caixa Galicia. Era membro tamén do Padroado


da Fundación Penzol. Exerceu a presidencia da sección galega do PEN Club Internacional de 1995 a fins de 1999. Entrou a formar parte do plenario do Consello da Cultura Galega como representante da Real Academia Galega e despois do pasamento de Filgueira Valverde foi elixido presidente do Consello o 14 de outubro de 1996. Participou en diversos encontros internacionais de escritores. Presidente de honra de ACNUR Galicia. Como escritor obtivo numerosos premios, entre eles o Premio da Crítica española en 1975 e 1997 e o Premio da Crítica galega en 1982. En 1988 foi finalista, xunto con Álvaro Pombo, do Premio Nacional de Narrativa. En 1989 a Xunta de Galicia outorgoulle a máis alta distinción literaria que se outorga en Galicia. Colaborou con distintos medios de comunicación españoles como *El País* ou *El Paseante*. Escritor, traductor e colaborador habitual na prensa, singularmente en *La Voz de Galicia*. Cultivou o relato curto e a novela. Realizou tamén traballos de investigación literaria e dirixiu cursos de verán sobre a obra de Camilo José Cela. Faleceu repentinamente en Vigo o 9 de marzo de 2002.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.

CASARES MOURIÑO, Francisco Javier

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) o 10 de abril de 1946. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 1977 é pediatra no Hospital Infantil do Complexo Hospitalario Cristal Piñor de Ourense. Foi director médico de dito hospital de decembro de 1987 a abril de 1991. Primeiro tenente de alcalde no concello de Ourense de xuño de 1991 ó mesmo mes de 1995. Voceiro do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial de 1991 a 1995 e do grupo municipal socialista no concello de Ourense de 1995 a 1998. Presidiu a xestora do PSdeG-PSOE tra-la dimisión de Francisco Vázquez como secretario xeral. Coordinador Provincial do PSdeG-PSOE en Ourense, membro da Comisión Executiva Nacional Galega e do Comité Federal do PSOE. Patrono da Fundación Carlos Casares, constituída o 15 de xullo de 2002.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo PSOE. Na V lexislatura foi vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Regulamento. Dimitiu como deputado pouco despois de iniciada a VI lexislatura.

CASAS ROSENDO, José María

Naceu en Ribadavia (Ourense) o 17 de xullo de 1928. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi director da sucursal da Caixa Rural en Ribadavia, axente de seguros e xuíz comarcal sustituto. Presidiu a Cámara Agraria Provincial de Ourense. Iniciou a súa actividade política da man de Gómez Franqueira en UCD, formación que presidiu en Ribadavia. Cando desapareceu UCD militou en Coalición Galega, aínda que sen desempeñar cargos públicos. Faleceu na súa localidade de nacemento o 10 de marzo de 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Pertencou ás comisións de Agricultura e Comunidade Europea.

CASTEDO CARBALLO, María de los Remedios

Naceu en Rois-Pol (Lugo) o 7 de setembro de 1973. Diplomada en maxisteiro. Mestra de Educación Infantil. Membro dunha sociedade agraria de transformación. Membro do Comité Executivo de Novas Xeracións do PP de Lugo. Concelleira e terceira tenente de alcalde en Pol.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É vicepresidenta da comisión para as Relacións co Consello de Contas e vocal das comisións de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Educación e Cultura.



CASTEDO VILLAR, Xosé Manuel

Naceu en Vigo o 13 de agosto de 1947. Licenciado en Químicas pola Universidade de Santiago en 1971. Profesor de Física e Química e Tecnoloxía no I.E.S. Castelao (Calvario) en Vigo. Pertenceu ó MCE e despois ó PCE ata xaneiro de 1976. Elixido concelleiro de Vigo como independente polo PSOE en 1979, partido no que ingresa ó ano seguinte. Concelleiro da mesma localidade polo PSOE no período 1987-1991. Unha vez rematada a lexislatura pola que foi deputado abandonou a actividade política directa.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso na IV lexislatura por Pontevedra polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Orzamentos Industria e Servicios. Vicepresidente da comisión Mixta Congreso-Senado de Investigación e Ciencia.

**CASTRO AGRASAR, José Luis**

Naceu en Sarria (Lugo) o 21 de marzo de 1952. Cursou entre 1970 e 1973 a carreira de enxeñeiro técnico agrícola na escola de Lugo. Dende 1976 traballaba no Banco de Galicia de Sarria, labor que compaxinaba co exercicio da súa profesión como enxeñeiro técnico agrícola. Dende a súa entrada na vida política de Sarria foi coordinador comarcal de Alianza Popular. Dende 1999 ata o seu falecemento foi concelleiro de Sarria polo partido independente I.C.S. Faleceu en Sarria o 20 de febreiro de 2000.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.

**CASTRO ÁLVAREZ, José**

Naceu en Pontearreas (Pontevedra) o 28 de setembro de 1932. Cursou o bacharelato elemental. Delegado Local de Sindicatos de 1963 a 1975. Alcalde de Pontearreas de novembro de 1968 ata setembro de 2000 (de 1979 a 1983 dentro da candidatura independente "Unión del Condado", entre 1983 e 1999 por Alianza Popular e Partido Popular). Presidente da mancomunidade do Condado, dende a súa constitución en marzo de 1974 ata setembro de 1999. Presidente da Coordinadora Nacional de Mancomunidades de Municipios de España, dende novembro de 1980 ata outubro de 1990. Deputado provincial dende 1969 ata xullo de 1991. Presidente da FEGAMP dende a súa fundación, en abril de 1989, ata 1992. Foi vocal do consello exe-

cutivo desta entidade. Deixou de pertencer ó PP en xuño de 1998. Dende 1999 é concelleiro en Ponteareas pola candidatura Independentes-Unión del Condado Paradanta.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertencou á comisión de Réxime de Administracións Públicas.

Senador por Pontevedra na V lexislatura polo Partido Popular. Foi secretario segundo da comisión de Asuntos

Iberoamericanos e vocal das comisións de Orzamentos; de Seguimento del Fondo de Compensación Interterritorial e da

Comisión Espacial sobre Contidos Televisivos.

CASTRO DOMÍNGUEZ, María Nava

Naceu en Ponteareas (Pontevedra) o 6 de marzo de 1969. Licenciada en Filología Hispánica, especialidade de Literatura, pola Universidade Complutense de Madrid. De novembro de 1995 a setembro de 2000 traballou no Instituto de Desarrollo Comunitario de Galicia, en temas referidos ó desenvolvemento rural e programas europeos. Foi secretaria local de Novas Xeracións de Ponteareas e membro da xunta provincial desa entidade de Pontevedra. Membro da xunta provincial do Partido Popular. Concelleira de Ponteareas pola candidatura Independentes-Unión del Condado Paradanta dende 1999. Alcaldesa de Ponteareas dende setembro de 2000 a xuño de 2003. É filla do ex deputado José Castro Álvarez.




■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

CASTRO GARCÍA, Roberto

Naceu en Vilanova-A Mezquita (Ourense) o 22 de outubro de 1955. Diplomado en Maxisterio, sección de Ciencias Humanas en 1976. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago en 1983. Doutor en Pedagogía en 1994. Profesor en centros de ensino básico de Ourense e Pontevedra entre 1977 e 1985. Foi secretario xeral provincial de Alianza Popular e Partido Popular en Ourense. Foi asesor do concelleiro de Agricultura. Secretario executivo de Agricultura e Gandería do Partido Popular de Galicia. Membro do Comité Executivo Rexional do PP de Galicia e do Comité Executivo Provincial do PP de Ourense.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Presidiu a comisión de Educación e Cultura. Pertencou ás comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo;

Regulamento e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes. Membro da Deputación Permanente.

Na V lexislatura foi presidente da comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e vocal das comisións de Educación e Cultura; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes; Asuntos Europeos e comisión Bamposta.

Na VI lexislatura é vocal das comisións de Asuntos Europeos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.



CASTRO SUÁREZ, José

Naceu no Carballiño (Ourense) o 16 de xullo de 1926. Cursou o bacharelato elemental e estudos de Debuxo lineal e artístico. Empresario vinculado ó sector de automoción. Membro de varios consellos de administración. Vocal da Cámara de Comercio e vicepresidente da Cámara de Comercio de Santiago. Conselleiro da Radio Televisión Galega. Presidente do consello de administración de Carrocera Castrosúa, empresa fundada por el.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.



CASTROMIL VENTUREIRA, Ramón Evaristo

Naceu en Santiago de Compostela o 11 de setembro de 1930. Licenciado en Dereito e Música (Piano). Ingresou en Alianza Popular cara a 1981. Foi secretario xeral de Alianza Popular de Galicia. Foi presidente e conselleiro delegado de Castromil, S.A. Membro do Consello Social da Universidade de Santiago dende 1997. É vicepresidente do Consello da Cultura de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.



CERVIÑO GONZÁLEZ, Francisco Julio

Naceu en Pontevedra o 24 de maio de 1945. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1968. Participou no movemento estudiantil e foi membro da JEC (Juventud Estudiante Católica). Especialista en Medicina interna e en Nefroloxía en 1972. Diplomado en Xerencia Hospitalaria en 1985. Médico nefrólogo no Hospital Universitario de Santiago de xaneiro de 1973 a setembro de 1974 e dende esa data á actualidade no Hospital Juan Canalejo da Coruña. Foi director-xerente deste último hospi-

tal entre 1983 e 1991 e do Hospital Gregorio Marañón de Madrid entre 1991 e 1993. Iniciou a súa actividade política hacia 1965 como membro da Asociación Democrática de Estudiantes. En 1969 ingresou na Unión Socialista, organización cercana ó FLP (Frente de Liberación Popular). En 1975-1976 foi membro da AN-PG e da APG. Entre 1979 e 1990 foi membro, tralas sucesivas fusiões, do POG, EG e PSG-EG. Concelleiro de Oleiros polo PSdeG-PSOE dende 1995, ano no que ingresa nesa formación. En 1997-1998 é presidente da executiva de Oleiros, membro da executiva galega e coordinador comarcal da Coruña. En 1998 é nomeado vicesecretario xeral do PSdeG-PSOE. Dende 2000 é secretario de sanidade do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV e VI lexislaturas polo PSdeG-PSOE.

Na IV lexislatura pertencou ás comisións de Sanidade e Servicios Sociais; Educación e Cultura; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Estatuto do Deputado. Na VI lexislatura é voceiro do seu grupo na comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e membro das comisións de Relacións co Consello de Contas e de Asuntos Europeos.

CERVIÑO VILLAVERDE, María Fernanda Valentina

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) en 1947. Courseu estudos de Dereito na Sorbona (París) e de Socioloxía en Helsingor (Dinamarca). Viviu en Suiza de 1972 a 1975 onde foi secretaria do Hogar Español de St. Gallen. Traballou tamén como asistente social na Misión Católica Española desa localidade. Á súa volta de Suiza entrou a traballar como oficial primeiro no Banco Exterior (Argentaria). Comezou a súa actividade política cara a 1976. Ocupou diversos cargos no Partido Popular na zona de Vilagarcía e Cambados.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertencou ás comisións de Pesca e Marisqueo; Institucional; Administración Xeral; Xustiza e Interior e Regulamento. Foi vicesecretaria do Grupo Parlamentario Popular.

CÉSAR LENDOIRO, Augusto Joaquín

Naceu en Corcubión (A Coruña) en 1945. Licenciado en Dereito pola universidade de Santiago. Foi director-xerente do Colexio Liceo La Paz da Coruña. Secretario xeral de Deportes da Xunta de Galicia de 1990 a 1992. Presidente da Deputación Provincial da Coruña de 1995 a 1999 e presidente da comisión de Cultura e Deportes da mesma entidade. Foi directivo de diversas entidades deportivas. Dende o 13 de xuño de 1988 ata a actualidade é presidente do Real Club Deportivo de La Coruña, etapa na que o citado club acadou os seus máximos logros deportivos.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na IV lexislatura polo Partido Popular.

Deputado no Congreso na V lexislatura pola Coruña polo Partido Popular.



COCINA GARCÍA, José Ramón

Naceu en Ribadeo (Lugo) o 19 de novembro de 1931. cursou o bacharelato superior. Industrial. En 1969 foi presidente local do Sindicato de Actividades Diversas. Foi concelleiro de Ribadeo en 1971 polo tercio familiar. Nas eleccións de 1979 foi elixido concelleiro por Coalición Democrática e foi primeiro tenente de alcalde. Foi alcalde de Ribadeo de 1983 a 1985. Foi director da oficina da Caja Rural de Lugo en Ribadeo dende xuño de 1988 ata o seu falecemento. Faleceu en Ribadeo o 22 de xaneiro de 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II por Coalición Popular. Na I lexislatura foi presidente da comisión de Seguimento e control do desenvolvemento autonómico e vocal da comisión de Pesca e Marisqueo e da comisión especial para o Estudio das repercusións en Galicia da entrada de España na C.E.E. Foi membro suplente da Deputación Permanente. Na II lexislatura foi vocal das comisións Institucional; Sanidade e Pesca e Marisqueo.



CODESAL LOZANO, Aniceto

Naceu en Oleiros-Vilalba (Lugo) o 30 de decembro de 1919. Intendente mercantil pola Escuela de Altos Estudios Mercantís de Barcelona. Catedrático da Escola Universitaria de Estudios Empresariais de Lugo dende 1949 ata a súa xubilación en 1986. Concelleiro en Lugo de 1979 a 1983 e de 1987 a 1991. Foi un dos fundadores de Alianza Popular en Lugo e presidente provincial dese partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso por Lugo na II lexislatura por Coalición Democrática. Foi vocal da comisión de Educación.

Senador por Lugo na III lexislatura por Coalición Popular-Alianza Popular e na IV polo Partido Popular. Na III lexislatura foi vocal da comisión de Educación e na IV vocal das comisións de Educación, Suplicatorios e Mixta do Tribunal de Contas.



CONCHEIRO COELLO, Antonio

Naceu en Ordes (A Coruña) en 1962. Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago. Analista clínico e farmacéutico en Ordes. Concelleiro nesa localidade dende 1987 a 1999. Pertence á executiva provincial do Partido Popular.


■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV e V lexislaturas polo Partido Popular. Pertenceu ás comisións de Educación e Cultura; Sanidade, Política Social e Emprego e na comisión de Control da RTVG.

Na V lexislatura foi vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

CONDE CID, Alfredo Luis

Naceu en Allariz (Ourense) en xaneiro de 1945. Cursou a carreira de Náutica na Escola Superior da Mariña Civil da Coruña e cursou estudos de Filosofía e Letras en Santiago. Navegou como oficial da mariña mercante en diversas compañías e foi profesor nun centro de ensino en Pontevedra. Por influencia de Ramón Piñeiro, que propiciaba daquela a galeguización dos partidos, militou no Partido Comunista a principios dos anos setenta. Non tivo militancia de partido con posterioridade, permanecendo unicamente como galeguista. Foi conselleiro de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia de outubro de 1987 a xaneiro de 1990. Escritor de ampla traxectoria, acadou diversos premios e distincións, entre eles o Premio Nacional de Literatura en 1986. Logrou ademais outros premios literarios como o da Crítica Literaria española e galega en 1981 e o Nadal en 1991. É tamén traductor e relator. Colaborador habitual na prensa periódica, tanto en xornais galegos (*La Voz de Galicia*, *El Correo Gallego*, etc.) como a nivel estatal (*El País*, *Diario 16...*). No eido da prensa acadou o Premio Fernández Latorre e o Nacional de Periodismo Julio Camba. Membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia dende o 13 de maio de 2002. Investido doutor honoris causa por La Trobe University de Melbourne (Australia) en agosto de 2002.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Pontevedra, na II pola Coruña e na III de novo por Pontevedra, como independente dentro do grupo do PSOE.

CONDE ROA, Gerardo Jesús

Naceu en Padrón (A Coruña) o 28 de setembro de 1959. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi profesor da Escola de Práctica Xurídica. Foi conselleiro de Santiago e director xeral de Consumo da Xunta de Galicia. Na actualidade dirixe un despacho profesional de avogados en Santiago e é membro do consello asesor de RTVE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e, polo Partido Popular, na III e durante parte da IV e V lexislaturas. Pertenceu ás comisións Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e foi vicepresidente da comisión de Pesca e Marisqueo.

**CORDEIRO RODRÍGUEZ, Luis**

Naceu en Palas de Rei (Lugo) o 21 de setembro de 1934. Mestre nacional. Pertenceu ó corpo de directores escolares. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi mestre no medio rural e director do colexio público de Foz. Concelleiro de Foz de 1966 a 1979. Foi asesor da Red Nacional de Teleclubes. En 1979 foi elixido alcalde de Foz por UCD, cesando ós poucos días ó ser nomeado presidente da Deputación Provincial. Foi concelleiro por Lugo e deputado provincial. Foi conselleiro da Xunta de Galicia. Foi xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Galega.

Foi vicepresidente do Parlamento durante parte desta lexislatura.

**CORES TOURÍS, José Manuel**

Naceu en Oubiña-Cambados (Pontevedra) o 1 de novembro de 1958. É administrativo comercial de vendas. Foi director xerente da Cooperativa Hortofrutícola Hortal e Vicepresidente do Consello Regulador da denominación de orixe do viño albariño "Rías Baixas", dende 1985. Concelleiro de Cambados de 1987 a 1995 e tenente de alcalde de 1995 a 1999. Alcalde de Cambados dende 1999. É presidente da Mancomunidade do Salnés.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na VII lexislatura polo Partido Popular. É secretario 1º da comisión de Agricultura,

Gandería, Pesca e Alimentación e vocal nas comisións de Peticións e comisión Mixta para o Estudio del Problema das Drogas.

**CORRAL PÉREZ, Juan Manuel**

Naceu no Carballiño (Ourense) o 13 de novembro de 1937. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Letrado da organización sindical (1965-1979). Director do gabinete técnico do Goberno Civil de Pontevedra e exercicio da avogacía (1977-1979). Coordinador de Relaciones Laborales en Citroën Hispania, S.A. (1979-1981). Coordinador da CEOE para Galicia (1980-1982). Conselleiro de Traballo e Seguridade Social na Xunta de Galicia (1982-1986). Foi director de relacións laborais de Citroën Hispania, S.A. (1986-1996). Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo

de 1997 a 1999. Foi concelleiro de Vigo de 1971 a 1973. De 1999 a 2003 foi de novo concelleiro, voceiro do Grupo Popular no concello e deputado provincial.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo Partido Popular.

Designado senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na VII lexislatura. É Vicepresidente 1º da comisión de Medio Ambiente e vocal na comisión de Incompatibilidades.

CORTEGOSO FERNÁNDEZ, Ramón

Naceu en Madrid en 1957. Licenciado en Dereito. Diplomado en comercio exterior. Dende 1987 e asesor xurídico e voceiro da Asociación provincial de Empresas Consignatarias e Estibadoras. Secretario xeral da Asociación Galega de Graniteros. Concelleiro de Vigo de 1991 a 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

É vicepresidente da comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e membro das comisións de Pesca e Acuicultura; control da Compañía de RTVG e Asuntos Europeos.



CORTIZO NIETO, Miguel Anxo

Naceu en Santiago de Compostela o 14 de maio de 1951. Doutor en Bioloxía, Profesor na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou no PSdeG-PSOE en 1980. En 1982 foi membro da Executiva Galega. Dende 1982 a 1983, foi membro da Comisión Executiva da UGT-Galicia, e dende 1983 ata 1984 foi membro da Executiva Federal de FETE-UGT. Vicerrector da Universidade de Santiago de 1984 a 1987. Asesor executivo do Ministerio de Educación de 1987 a 1989. Vicesecretario Xeral do PSdeG-PSOE e membro do Comité Federal do PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo PSdeG-PSOE.

Na III lexislatura foi secretario xeral do Grupo Parlamentario Socialista, voceiro en distintas áreas e membro da

Deputación Permanente. Vicepresidente da Mesa do Parlamento e voceiro do Grupo Parlamentario na IV Lexislatura.

Na V lexislatura foi vicesecretario da Mesa do Parlamento e pertencou á comisión de Relacións co Consello de Contas.

Na VI lexislatura é vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e

Servicios e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.



**COSTAS ALONSO, Manuel**

Naceu en Vigo o 19 de xaneiro de 1939. cursou estudos de Humanidades e Filosofía. Entre 1962 a 1965, traballou en Citroën Hispania, S.A. de Vigo. Con posterioridade desempeñou a súa actividade profesional como empresario vencellado ó sector do automóbil y de bens de equipo en Galicia e Portugal. Militante de Alianza Popular dende a súa fundación. Candidato por Coalición Democrática nas eleccións municipais de Vigo en 1979. Vicepresidente provincial de Alianza Popular dende 1979 a 1981.

Membro dende a fundación do partido do comité local de Vigo, no que desempeñou, entre outras funcións, a de coordinador e presidente da Comisión de Acción Territorial. Presidente da Comisión provincial de Industria e Comercio de 1981 a 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática. Pertenceu á comisión de Industria e Comercio.

**COSTAS MANZANARES, María Reyes**

Naceu en Lugo o 19 de xaneiro de 1961. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago en 1984. Diplomada en Criminoloxía. Avogada.

Foi membro da xunta de goberno do Colexio de Avogados de Lugo e directora da Escola de Práctica Xurídica.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada no Congreso por Lugo na VII lexislatura polo Partido Popular.

Secretaría de Mesa da comisión de Justicia e Interior e vocal da comisión Constitucional.

**COUCE PEREIRO, Manuel**

Naceu en Ferrol en o 9 de xaneiro de 1935. Traballou na Empresa Nacional Bazán en Ferrol durante cincuenta anos, dos cales os últimos trinta e cinco foi técnico electrónico. Secretario do comité de empresa de Bazán no final da época de Franco e no principio da democracia. Foi un dos fundadores do PSP en Ferrol. Cando este partido se fusionou co PSOE pasou a formar parte da agrupación socialista de Ferrol, na que ocupou cargos de responsabilidade. Secretario xeral de UGT da comarca de Ferrol durante oito anos. Alcalde de Ferrol de 1989 a 1995. Foi corresponsal de

Radio Nacional en Ferrol e escribiu na prensa. Foi presidente do PSOE de Galicia.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I e II lexislaturas polo PSOE. Foi presidente da comisión de Industria durante a II lexislatura e foi vocal das comisións de Traballo e Benestar Social e Educación e Cultura.

Deputado pola Coruña no Congreso na V lexislatura polo PSOE. Foi vocal da comisión de Defensa.

COUCEIRO MÉNDEZ, Antonio


Naceu na Coruña o 18 de decembro de 1955. Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos pola Universidad Politécnica de Madrid en 1978. Diplomado en Dirección General de Empresas en 1983 e en Planificación e Administración de Empresas en 1985 pola Universidad Politécnica de Madrid. Director técnico de Construcciones Metálicas José González Gómez entre 1979 e 1981. Director xerente de Xestión Urbanística da Coruña, S.A. entre 1981 e 1990. Director do Master de Formación Gerencial organizado pola Confederación Española de Caixas de Aforro entre 1987 e 1999. Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo de 1990 a 1993. Director xeral de Formación e Emprego da Xunta de Galicia en 1993 e 1994. Conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia de 1994 a 1999. Foi presidente do Partido Popular na provincia da Coruña e vocal da executiva rexional do mesmo partido. Presidiu a Autoridade Portuaria da Coruña dende outubro de 1999 ata o 25 de novembro de 2002. Director xeral de Begano, S.A. na Coruña dende decembro de 2002.

**REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

COUCEIRO TABOADA, José Manuel

Naceu en Codeseda-A Estrada (Pontevedra) o 18 de outubro de 1943. Cursou estudos de Magisterio. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela en 1967. Licenciado en Ciencias de la Información pola Universidad de La Laguna en 1993. Especialista en Medicina Interna e Medicina Deportiva. Diplomado en Sanidade e Médico de Empresa. Profesor axudante e adxunto nas facultades de Medicina e Farmacia de Santiago. Foi médico xeral en Cuenca e Santiago, tenente médico no Hospital Militar de Santiago, inspector médico da Seguridad Social en Vigo, Santiago, Tenerife, Barcelona e A Coruña. Foi director de ambulatorios da provincia de Pontevedra, director da Residencia Sanitaria de Vigo, e Director do Centro de Diagnóstico y Tratamiento Concepción Arenal de Santiago e do Hospital General de Galicia. Actualmente é inspector médico da Xunta de Galicia en



Santiago de Compostela. Impulsor de iniciativas deportivas en Santiago relacionadas co baloncesto e o fútbol-sala. Exerceu como xornalista dende 1957 na Axencia EFE, *La Noche* e *El Correo Gallego*, entre outros medios e colaborou coa radio e Televisión Española.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD. Portavoz nas comisións de Sanidad y Seguridad Social e Cultura, Juventud y Deportes. Formou parte tamén das comisións de Gobierno Interior e Hacienda.

CRESPO SABARÍS, Pablo

Naceu en Pontevedra en 1955. Cursou o bacharelato superior. Empregado de banca en Vilagarcía.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.



CUÍÑA CRESPO, José

Naceu en Prado-Lalín (Pontevedra) o 25 de febreiro de 1950. Comezou os estudos de Bioloxía na Universidade de Santiago. Industrial. En 1973 inicia a súa actividade política como concelleiro en Lalín. Elixido alcalde desa localidade nas primeiras eleccións democráticas. Presidente da Deputación de Pontevedra de 1987 a 1989. Despois do proceso refundacional do Partido Popular foi nomeado vicepresidente provincial do partido en Pontevedra e presidente do comité local de Lalín e despois da comarca do Deza. Secretario xeral do Partido Popular de Galicia. En 1992 foi nomeado presidente provincial do Partido Popular de Pontevedra. En 1996 entrou a formar parte do comité executivo e da xunta directiva nacional do Partido Popular, do que xa asistía ás reunións dende 1993 por delegación de Manuel Fraga Iribarne. En 1997 foi nomeado vicepresidente-coordinador do Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia. En setembro de 1999 presentou a renuncia ós cargos de secretario xeral do Partido Popular de Galicia e presidente provincial en Pontevedra. Conselleiro de Obras Públicas, Transportes, Urbanismo e Vivenda da Xunta de Galicia dende xaneiro de 1990 ó 17 de xaneiro de 2003. Forma parte da executiva do Partido Popular de Galicia e é membro do comité executivo nacional do mesmo partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

CUÑA NOVÁS, Manuel

Naceu en Pontevedra o 1 de xuño de 1924. Cursou o bacharelato na súa localidade natal. Era funcionario do concello de Pontevedra. En 1951 foille concedida unha bolsa pola Diputación provincial de Pontevedra para unha estada na universidade da Sorbona de París. Foi colaborador da revista *Litoral* e do diario *El Pueblo Gallego*. Poeta pertencente á denominada xeneración da posguerra. A publicación en 1952 da súa obra "Fabulario novo" produce en certa medida unha renovación na poesía galega do momento. Foi escritor de obra non moi extensa pero relevante, que enlaza co existencialismo e co surrealismo. Faleceu na súa localidade de nacemento o 18 de maio de 1992.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na II, III e IV lexislaturas polo PSOE. Faleceu sendo senador e foi substituído por María del Carmen Giráldez Rodríguez.

CURIEL ALONSO, Enrique Federico

Naceu en Vigo o 15 de abril de 1947. Cursou os primeiros estudos na Coruña e o bacharelato en Vigo. Licenciado en Ciencias Políticas e Dereito, carreiras que iniciou en 1965 e 1969 respectivamente na Universidad Complutense de Madrid. Participou na Junta Democrática.

Dende 1976 é profesor de Ciencia Política na facultade de Ciencias Políticas y Sociología da Universidad Complutense de Madrid. Dende 1996 é Consultor do Banco Interamericano de Desarrollo (B.I.D.) con sede en Washington, para temas relativos á modernización política e institucional de América Central.



No que respecta á súa actividade política, en 1967 participou na constitución do Partido Socialista del Interior (P.S.I.), dirixido por Enrique Tierno Galván.

En 1969 ingresa no Partido Comunista de España. En 1979 foi elixido membro do Comité Central e do Secretariado do mesmo Comité. En 1981 membro do Comité Executivo, e, en 1983, é elixido vicesecretario xeral do PCE.

En 1986 foi elixido deputado por Córdoba por Izquierda Unida. En 1988 abandona o PCE e dimitte como deputado. En 1990 ingresa no PSOE. En 1991 é elixido concelleiro de Madrid. Na actualidade é membro do Comité Federal do PSOE.

Colabora habitualmente con *La Voz de Galicia*, *La Razón* e *DEIA*. Tamén colabora noutros medios de comunicación como a cadea de radio Onda Cero.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na V lexislatura polo PSdeG-PSOE.



————— **CURRÁS FERNÁNDEZ, Celso Ramón**

Naceu en Trabada (Lugo) o 17 de xullo de 1953. Diplomado en Maxisterio pola Escola Universitaria de Maxisterio de Lugo en 1970. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago en 1979 e doutor na mesma disciplina en 1994. Exerceu como mestre durante varios anos nas provincias de Lugo, Oviedo e A Coruña. Pertence ó Corpo de Inspectores de Educación e estivo destinado en Burela e Santiago de Compostela. Director Xeral de Formación e Emprego da Consellería de Familia, Muller e Xuventude dende maio de 1994 ó mesmo mes de 1996. Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia dende maio de 1996. É autor de diversas investigacións e publicacións relacionadas fundamentalmente co ámbito da educación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

— CH —



————— **CHAO GÓMEZ, Luis Antonio**

Naceu en Ribadavia (Ourense) en 1944. Arquitecto. Foi Arquitecto municipal de Carballiño de 1971 a 1974. Presidente do Colexio de Arquitectos de Ourense de 1981 a 1987 e presidente da Asociación Ourenzá de Arquitectos, Peritos e Forenses de 1989 a 1993. Foi candidato ó Congreso por Alianza Popular en 1986. Concelleiro de Ourense de 1987 a 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na IV, V e VI lexislaturas, dentro do Grupo Parlamentario Popular. Na V e VI lexislaturas foi presidente da Comisión de Industria, Comercio e Turismo.

CHAPELA SEIJO, José Manuel

Naceu en Cangas de Morrazo (Pontevedra) o 15 de outubro de 1958. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado. Especialista en xestión aplicada as Administracións públicas pola Universidad Politécnica de Madrid. Concelleiro de Cangas e voceiro municipal de 1987 a 1991 e de 1995 a 1999. Foi alcalde de Cangas de 1991 a 1995. Deputado provincial de 1991 a 1996, nas áreas de economía e medio ambiente. Presidente local do Partido Popular de Cangas de 1990 a 1999 e vicepresidente da comarcal de Pontevedra de 1991 a 1994. Membro das xuntas directivas nacional e rexional do Partido Popular dende 1996 á actualidade.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura. Foi presidente da Comisión de Pesca e Marisqueo. Voceiro do Grupo Popular na comisión de Control da Compañía de RTVG e membro da comisión 1ª.

Senador por Pontevedra polo Partido Popular na VI lexislatura. Foi vicepresidente primeiro na Comisión de Reglamenteo, voceiro do Grupo Popular na área pesqueira, membro da comisión de Justicia e da delegación do Senado no grupo de Amizade España-Francia.

Deputado por Pontevedra no Congreso na VII lexislatura polo Partido Popular.

É secretario primeiro da comisión de Medio Ambiente e membro das comisións de Régimen de las Administraciones Públicas e Mixta para el Estudio del Problema de las Drogas.

D

DARRIBA CALVIÑO, Rosa María Mercedes

Naceu en San Cibrao das Viñas (Ourense) en 1954. Diplomada en Maxisterio. Mestra de profesión. Concelleira do BNG na Guarda. É voceira do grupo municipal. Formou parte do Consello nacional do BNG e dirixiu o consello comarcal do Baixo Miño.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo BNG, na V lexislatura foi vocal da Comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios e Pesca e Marisqueo.



**DELGADO ARCE, Celso Luis**

Naceu en Ourense en 1958. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago entre 1975 e 1981. Master en distribución comercial pola Escuela Europea de Negocios. Avogado en exercicio. Foi secretario adxunto da Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense. No último congreso nacional do PP foi nomeado vocal do Comité nacional de Derechos y Garantías. No último congreso do PP de Galicia foi nomeado coordinador de Estudos e Formación e membro do Comité de Dirección. Nese congreso foi relator de Estatutos.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento da Galicia a V lexislatura polo Partido Popular.

Foi vicepresidente 1º do Parlamento.

Deputado no Congreso por Ourense na VII lexislatura polo Partido Popular.

Pertence ás Comisións de Infraestructuras, Economía e Facenda e Comisión Mixta da Relacións co Defensor do Pobo.

**DÍAZ DEL RÍO JÁUDENES, Ramón**

Naceu en Vigo o 11 de decembro de 1940. Enxeñeiro naval pola escola de Madrid en 1969. Foi bolseiro en Holanda e Francia. De 1969 a 1972 foi director de departamento en Astilleros de Vigo. De 1972 a 1982 foi director xeral de Empresas Pesqueras en Vigo. Conselleiro de Pesca da Xunta de Galicia de xaneiro de 1982 a setembro de 1983. Conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio de abril de 1984 a maio de 1986. Foi deputado no Parlamento europeo de xuño de 1987 a xullo de 1989. De xullo de 1989 ó mesmo mes de 1996 desenvolveu actividade na

empresa privada, en asesorías nacionais e estranxeiras. Dende xullo de 1996 ata 2002 foi director xerente da Fundación Pro Vigo e a súa área. Na actualidade é director de zona para Galicia da empresa Clarke Modet.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular. Pertenceu ás Comisións de Pesca e Industria.

DÍAZ DÍAZ, Manuel Ceferino

Naceu en Escarirón-O Saviñao (Lugo) o 1 de abril de 1948. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago en 1972. Profesor asociado da mesma Facultade. Desenvolveu actividade política clandestina na época de Franco. En 1973 ingresou no Partido Socialista Galego. En 1977 concorriu ás primeiras eleccións democráticas polo PSG ó Congreso, sen obterlo escano. En 1978 abandona o PSG ingresando no PSdeG-PSOE, formando parte do Colectivo Socialista. En 1979 é nomeado secretario de Relacións políticas desa formación e de 1980 a 1982 é vicesecretario xeral do partido. Ocupou distintos postos de responsabilidade no PSOE. Foi secretario de Relacións Políticas do PSOE galego e secretario de Asuntos Económicos. Membro do comité nacional do PSdeG-PSOE e presidente do Comité comarcal do PSG-PSOE de Santiago. Autor de diversas publicacións de temática económica.

**REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I e II lexislaturas e pola Coruña na III e IV lexislaturas polo PSOE.

Na I lexislatura foi voceiro parlamentario do seu grupo. Na II lexislatura é presidente da comisión de Economía.

Deputado no Congreso pola Coruña na VII lexislatura polo PSOE.

É coordinador dos parlamentarios socialistas galegos en Madrid. Pertence ás Comisións de Economía e Facenda; Agricultura, Gandería e Pesca; Infraestruturas; Ciencia e Tecnoloxía e Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

DÍAZ DÍAZ, Xosé

Naceu en Ferrol en 1944. Traballou en Astano de 1958 a 1997, primeiro como deliñante proxectista na Sala de Arquitectura Naval e logo como economista no departamento de Orzamentos, Planificación e Control. Foi membro do comité de empresa de Astano. Pertenceu ós secretariados nacionais de INTG e CIG e foi responsable do sector naval da INTG-CXTG-CIG. Militou no PGG entre 1970 e 1977. Pertenceu ó POG/EG e PSG-EG. Na actualidade é responsable comarcal da área económica e social do Bloque Nacionalista Galego.

**REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura presidiu a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e foi vocal da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. Na VI lexislatura é vocal da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e para Asuntos Europeos.



DÍAZ FORNAS, Jesús

Naceu en Viver (Castellón) o 12 de marzo de 1946, aínda que vive en Galicia dende os poucos meses do seu nacemento. Cursou a carreira de Dereito en Santiago entre 1964 e 1969. Avogado en exercicio. Ingresou no PSOE en 1977. Entre 1978 e 2000 foi, en diversas ocasións, secretario xeral da agrupación socialista de Noia, secretario xeral do Barbanza e membro do comité nacional galego dese partido. Alcalde de Noia de 1979 a 1987 e deputado provincial de 1979 a 1986. Foi membro da comisión de Goberno da Deputación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na III, IV e V lexislaturas polo PSOE. Presidiu a Comisión do Estatuto de los Diputados, secretario 1º da Comisión Constitucional e vocal da Comisión de Justicia e Interior.



DÍAZ FUENTES, Antonio

Naceu en Sarria (Lugo) o 6 de xuño de 1935. Licenciado en Dereito. Avogado en exercicio dos colexios de Madrid, A Coruña, Vigo e Lugo, con despacho profesional en Sarria. Foi presidente da Cámara Agraria Provincial de Lugo. Foi presidente de Coalición Galega e un dos fundadores desa formación. É autor de diversas obras relacionadas principalmente co Dereito civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso nas lexislaturas Constituínte, I e II por UCD. Pertencou ás comisións de Justicia e Interior, Agricultura e Industria. Foi relator da Ley de Montes Vecinales de Mano común.



DÍAZ VÁZQUEZ, Manuel

Naceu en Cela-O Corgo (Lugo) o 21 de outubro de 1936. Licenciado en Medicina e Cirurxía. Médico no concello de O Corgo dende 1964 ata 1966. En 1970 obtivo, por oposición, a praza de médico do S.O.E. Inspector médico da Delegación de Educación e Ciencia de Lugo. Director Provincial do SERGAS en Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É vicepresidente da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal das comisións de Relacións co Consello de Contas e Asuntos Europeos.

DIÉGUEZ VÁZQUEZ, Lois

Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) o 17 de abril de 1944. Cursou estudos na Escuela de Aparelladores de Madrid entre 1966 e 1967. De 1968 a 1970 fixo a carreira de enxeñeiro técnico topógrafo na Escola Oficial de Topografía y Cartografía de Madrid. Participou na actividade clandestina na época de Franco e sufriu detencións e sancións. Foi secretario da ANPG, que se integra no BNG en 1982. É escritor e foi vicepresidente da Asociación de Escritores en Lingua galega de 1995 a 1999. Exerce como topógrafo municipal no concello de Lugo dende 1972.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo BNG-PSG. Pertenceu ás Comisións de Regulamento e de Educación e Cultura.

DIZ GUEDES, Juan Miguel

Naceu en Tui (Pontevedra) o 24 de outubro de 1954. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Exerceu como avogado dende 1979 a 1993, inscrito nos colexios de Pontevedra e Vigo. Secretario da Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Tui de 1981 a 1983. Concelleiro de Tui entre 1983 e 1987 e alcalde da mesma localidade de 1987 a 1990. Asesor do conselleiro de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda de marzo de 1990 a xaneiro de 1992. Foi secretario de organización do Partido Popular de Galicia e secretario provincial en Pontevedra do mesmo partido. Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia de decembro de 1993 a maio de 1996. Delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia de maio de 1996 a xuño de 2000. Conselleiro sen carteira para Relacións Institucionais dende xuño de 2000 a decembro de 2001 en que é nomeado conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. É presidente de AGADER.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular. Pertenceu ás Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Peticións; Institucional; Administración xeral e Xustiza e Interior.

DOCAMPO ESTÉVEZ, Otilia

Naceu en San Martín do Bolo (Ourense) en 1952. Cursou o bacharelato superior. Traballou nunha empresa de moblería. Foi secretaria da agrupación local socialista da Rúa e secretaria da agrupación comarcal de Valdeorras. Concelleira na Rúa de

1987 a 1995. Foi 2ª tenente de alcalde. Pertenceu ó comité executivo galego do PSOE a fins dos anos oitenta.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Agricultura e Industria.



DOMÍNGUEZ VAZ, Miguel

Naceu en Pontevedra o 22 de xuño de 1949. Licenciado en Medicina e Cirurxía, especialista en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, pola Universidade de Santiago. Foi médico residente no servizo de traumatoloxía da Ciudad Sanitaria La Paz de Madrid e no Hospital Montecelo de Pontevedra. Presidente do Pontevedra C.F. Foi concelleiro en Pontevedra. Foi vicepresidente da Deputación de Pontevedra e delegado de Deportes. Na actualidade dirixe un sanatorio en Pontevedra. Autor de diversas publicacións relacionadas coa súa especialidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular. Vicepresidente da Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e membro da Comisión de Regulamento.



DURÁN CASAIS, Segundo Manuel

Naceu en Rianxo (A Coruña) o 29 de maio de 1934. Cursos Nestudios primarios. Era axente comercial e industrial. Foi director dunha empresa de transportes de implantación nacional e impulsor de varias sociedades mercantís. Alcalde da Pobra do Caramiñal de 1972 a 1990 (de 1979 a 1983 por UCD e de 1983 a 1990 por Coalición Progresista Galega). De 1979 a 1987 foi deputado provincial, primeiro por UCD e despois pola Coalición Progresista Galega. Foi presidente da Mancomunidade de Municipios do Barbanza Zona Sur, da que foi promotor. Foi presidente do consello de administración do

Sanatorio Psiquiátrico de Conxo. Ingresou no Partido Popular en 1990. Mantivo unha polémica sobre a denominación desta localidade e foi inhabilitado para exercer cargos públicos durante seis anos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por ordena-la retirada duns folletos nos que constaba este topónimo. Faleceu no termo municipal de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 16 de outubro de 1993 nun accidente de circulación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu ás Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Sanidade, Política Social e Emprego e Control da Compañía de RTVG.

DURÁN CORSANEGO, Emilio

Naceu na Coruña o 14 de febreiro de 1923. Cursou os primeiros estudos na súa localidade de nacemento. Cursou os estudos de Maxisterio e Comercio nas respectivas escolas da Coruña. Cursou a carreira de Dereito, por libre, na Universidade de Santiago. Ingresou no notariado en xuño de 1948 e exerceu en Ayerbe (Huesca), As Pontes de García Rodríguez, Cartaxena, Vigo, Bilbao e Madrid. Ingresou no corpo de Rexistradores da propiedade en xuño de 1949, con destinos en Sedano, Ponte Caldelas, Ordes, A Coruña, Palma de Mallorca e Madrid. Ademais de deputado no Congreso foi europarlamentario en 1986 e formou parte da comisión de Desenvolvemento e Cooperación.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso pola Coruña na II lexislatura por Coalición Democrática.

DURÁN NÚÑEZ, Alberto

Naceu en Vigo en 1940. Perito e Profesor mercantil. Consignatario de buques. Concelleiro de Vigo de 1979 a 1982 por Coalición Popular. Cónsul honorario de Suecia e Noruega en Vigo. Pertenceu ó Consejo de Seguridad Nuclear. Foi vicepresidente do Comité Interparlamentario Hispano-Portugués. Membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia dende o 13 de maio de 2002.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática, na III por Coalición Popular e na IV polo Partido Popular.

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Foi presidente da Comisión de Pesca e Acuicultura e vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Asuntos Europeos.

E

**EGERIQUE MARTÍNEZ, Pablo**

Naceu en Valencia de Don Juan (León) o 5 de xuño de 1936. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1957. Realizou diversos cursos en España e no estranxeiro. Avogado en Vigo dende 1968, especializado en asesoramento de empresas. Foi presidente provincial do Partido Demócrata Liberal e despois do Partido Liberal, e membro do seu comité executivo nacional. Ingresou con posterioridade no Partido Popular. En xullo de 1996 foi nomeado Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular, na III e parte da IV lexislaturas polo Partido Popular. Presidiu as Comisións de Relacións do Parlamento co Consello de Contas e do Estatuto do Deputado. Foi voceiro do Grupo Parlamentario Popular nas Comisións de Economía e Facenda e Orzamentos.

EGUÍBAR RIVAS, Andrés

Naceu en Portugalete (Vizcaya) o 5 de abril de 1954. Comezou a súa actividade política no PCE, pasando logo ó PSOE e por último a UCD. Foi subdirector xeral de Trballo da Xunta de Galicia de xuño de 1980 a marzo de 1982. É axente comercial.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na lexislatura Constituínte polo PSOE.

**EIRÍS CABEZA, Manuel**

Naceu en Sofán-Carballo (A Coruña) en 1930. Cursou estudos no Seminario. Licenciado en Veterinaria por León. Foi presidente provincial do Sindicato de Gandería durante o réximen anterior. Xerente de empresas gandeiras. Foi presidente do comité local de Alianza Popular cara a 1981. Xerente de GAPER, Sociedades Agrarias de Transformación. Faleceu en Carballo en 1992.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular. Deputado pola Coruña no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular.

ESCUDERO CENTRÓN, Serafín

Naceu en Ribadavia (Ourense) en 1934. Profesor mercantil. Industrial. Concelleiro en Ribadavia por Alianza Popular de 1979 a 1983. Concelleiro na mesma localidade polo Partido Popular de 1987 a 1991 e de 1995 a 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Vocal das Comisións de Educación e Cultura e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, Xerardo Denis Felipe

Naceu en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1948. Arquitecto pola Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Barcelona en 1972. Militou no PSG, pasando ó PSOE en 1977 a raíz da fusión entre o Colectivo Socialista Galego e a FSE-PSOE. Concelleiro de Santiago e tenente de alcalde entre 1979 e 1981. Alcalde de Santiago de 1983 a 1986 e de 1987 a 1998. Ocupou diversos cargos no Colexio de Arquitectos de Galicia. Autor de diversas publicacións sobre temas da súa especialidade e colaborador da prensa periódica. Desenvolve a súa actividade profesional no seu estudio de arquitectura en Santiago de Compostela, colaborando con diferentes estudos españois. Asesor de organismos internacionais en materia de patrimonio histórico.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.

Foi vicepresidente da comisión de Estatuto dos Deputados e vocal da Comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios. Deputado pola Coruña no Congreso na V lexislatura polo PSOE.

Foi vocal da Comisión Constitucional.

— F —

**FARALDO BOTANA, María Fernanda**

Naceu en Betanzos (A Coruña) en 1966. Cursa estudos de Dereito. Master en Contabilidade y Finanzas. Presidente Provincial de Novas Xeracións do Partido Popular da Coruña dende 1996. Membro do comité executivo provincial da Coruña do mesmo partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada no Congreso pola Coruña na VI lexislatura polo Partido Popular.

Foi vocal das Comisións de Sanidade e Consumo; Réxime das Administracións Públicas e Comisión Mixta para o Estudio do Problema das Drogas.

Deputada no Congreso pola Coruña na VII lexislatura polo Partido Popular.

É voceira do seu grupo na Comisión de Regulamento e vocal na Comisión Mixta para o

Estudio do Problema das Drogas e Comisión non Permanente sobre a Valoración dos resultados obtidos polo Pacto de Toledo.

**FARIÑAS SOBRINO, Hipólito**


Naceu en Betanzos (A Coruña) en 1960. Profesor de EGB, coa especialidade de Lingua española, Idiomas modernos e Lingua galega. Concelleiro de Narón. Presidente do Comité Executivo Local do Partido Popular de Narón.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso pola Coruña na V, VI e VII lexislaturas polo PP.

Na VI lexislatura foi vicepresidente segundo da comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e vocal das comisións de Defensa; Agricultura, Gandería e Pesca e comisión Mixta dos Dereitos da Muller.

Na VII lexislatura é vicepresidente primeiro da Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e vocal da Comisión de Educación, Cultura e Deporte.

**FERNÁNDEZ ALBOR, Gerardo**

Naceu en Santiago de Compostela o 7 de setembro de 1917. Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago. Realizou os cursos de doutoramento en Madrid e acadou o doutorado en Salamanca. Cursou estudos de especialización en Viena, Londres, París, Lyon, Madrid e Barcelona, especializándose en cirurxía xeral e dixestiva. Foi tenente piloto de Aviación. Cirurxián de prestixio, foi director do Instituto Policlínico "La Rosaleda" e xefe do Servicio de Cirugía General do Centro de Diagnóstico y Tratamiento

Concepción Arenal en Santiago. Presidiu a Academia Médico-Quirúrgica e a Asemblea local de Santiago da Cruz Vermella. Presidente da Sociedad de Cirurxía de Galicia e da Sociedad Española de Coloproctología. Presidiu o Patronato da Universidade de Santiago. Pertence a diversas entidades e asociacións entre as que destacan o Patronato Rosalía de Castro, a Fundación Otero Pedrayo, o Patronato do Museo do Pobo Galego, a Fundación Alfredo Brañas, a Fundación Penzol e o Instituto Galego de Información. Foi un dos fundadores de Desarrollo Integral de Galicia (DEIGA) e da editorial SEPT.

Dende un punto de vista político, relacionouse dende un principio cos impulsores da editorial Galaxia, creada en 1950 como entidade cultural pero que preconizaban un futuro de democracia e autonomía para Galicia. Nos inicios da transición recibiu a proposta de Unión de Centro Democrático, a través de Meilán Gil, para ser candidato ó Senado nas primeiras eleccións democráticas, ofrecemento que declinou pois significaba trasladarse a Madrid e abandona-la súa profesión. Pouco despois apoiou o nacemento do Partido Popular Galego, integrado na Democracia Cristiana española e internacional. Contribuíu ó nacemento do colectivo galeguista "Realidade Galega" en marzo de 1980. A proposta de Fraga Iribarne encabezou, como independente, a lista de Alianza Popular pola Coruña nas eleccións autonómicas de outubro de 1981, nas que ese partido acadou a maioría. Foi elixido primeiro presidente da Xunta de Galicia na etapa autonómica, cargo que desempeñará dende xaneiro de 1982 ata setembro de 1987 en que é cesado polo triunfo dunha moción de censura protagonizada polo PSOE, Coalición Galega e deputados escindidos de Alianza Popular. Foi presidente do Partido Popular de Galicia e vicepresidente primeiro nacional de Alianza Popular. Ademais de deputado no Parlamento de Galicia foi deputado no Parlamento europeo en 1989. Nesa cámara presidiu a comisión creada para a Reunificación de Alemaña. En 1994 volveu a ser deputado do Parlamento europeo e presidiu a comisión de Asuntos Exteriores. Foi vicepresidente da Delegación de América do Sur e Mercosur. Foi presidente e fundador do Intergrupo Camiño de Santiago no Parlamento europeo. Foi vicepresidente do Consello Internacional do CELARE (Centro Latinoamericano para as relacións con Europa). Pertenceu ó Buró político do Partido Popular Europeo.

Na actualidade é presidente do Consello Asesor da Fundación Galicia Europa. É presidente do Consello Consultivo do Partido Popular de Galicia e membro do comité executivo e presidente de honra do Partido Popular de Galicia. É presidente de honra do Centro Europeo Atlántico. Colabora habitualmente coa prensa periódica, singularmente con *El Correo Gallego*. Ten, entre outras condecoracións, a Medalla de Oro dos centros galegos do mundo, a Medalla Robert Schuman do grupo popular no Parlamento europeo, a Gran Cruz do Mérito con estrela da Orde do Mérito da República Federal de Alemaña, a Gran Cruz del Libertador San Martín de Argentina, a Gran Cruz de la Orden Diego de Losada de Venezuela e a Gran Cruz de la Orden Bernardo O'Higgins de Chile.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II lexislatura por Coalición Popular.

FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Mario

Naceu en Lisboa (Portugal) o 18 de febreiro de 1960. Cursou estudos de Arquitectura Técnica. Master en Marketing Farmacéutico e Xestión. Delegado técnico dun laboratorio farmacéutico. Foi presidente de Novas Xeracións de Ourense e coordinador do Partido Popular na mesma cidade. Foi concelleiro en Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na IV lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu ás Comisións de Sanidad y Servicios Sociales e Defensa. Foi secretario do grupo dos senadores galegos no Senado.

FERNÁNDEZ BARREIRO, Alejandrino

Naceu en Leiro (Ourense) o 1 de xuño de 1943. Doutor en Dereito. Foi secretario do Instituto de Estudios xurídicos do CSIC en Roma en 1970. Catedrático de Dereito Romano da Universidade de Santiago en 1975. Foi profesor da UNED en Madrid e director do centro asociado da mesma en Pontevedra. Iniciou a súa actividade política en UCD en 1978. Secretario provincial do PDP da Coruña dende outubro de 1983. Foi conselleiro de Educación e Cultura na etapa pre-autonómica e conselleiro de Cultura e Benestar Social de 1985 a 1987. Foi decano da facultade de Dereito da Universidade da Coruña, onde é catedrático de Dereito Romano. Autor de diversas obras relacionadas co Dereito Romano.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular. Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura e Xustiza.

FERNÁNDEZ CALVIÑO, José Baldomero

Naceu en Narón (A Coruña) en 1926. Graduado social pola Escola de Santiago. Foi funcionario do concello de Porto do Son (A Coruña). Foi patrón maior da confraría desa localidade e presidente das confrarías da provincia da Coruña. Presidente e fundador hacia 1974 da Federación de Confrarías de Pescadores de España. Foi conselleiro de Pesca da Xunta de Galicia na etapa preautonómica. Pertenceu ó comité executivo provincial de UCD na Coruña.

Foi procurador en Cortes durante a X lexislatura (1971-1977) polas confrarías de pescadores dentro do cupo dos Sindicatos Nacionales.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na lexislatura Constituínte e na I por UCD. Foi vocal das Comisións de Agricultura e Pesca; Defensa e Regulamento e Réxime Interior. Durante a lexislatura Constituínte foi parlamentario do Consello de Europa.

FERNÁNDEZ DAVILA, María Olaia

Naceu en Vigo en 1954. Cursou o graduado escolar e Nestudios administrativos. Empregada de comercio. Desenvolveu actividade sindical e foi secretaria de zona en Vigo da INTG de 1986 a 1990. Foi membro do secretariado comarcal da zona sur de Pontevedra da INTG. Membro do consello nacional do BNG. Dende xuño de 2003 é terceira tenente de alcalde do Concello de Vigo.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi vocal da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Na VI lexislatura foi vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON, Gonzalo

Naceu en Barcelona o 30 de abril de 1922. Ós dous anos de idade a súa familia trasladouse a Madrid, onde inicia o bacharelato. A guerra civil sorprendeulle en Galicia de vacacións e remata o bacharelato no colexio dos xesuítas de Camposancos (A Guarda). Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras, rama de Filosofía Pura, pola Universidade de Madrid en 1945. Ingresou na Escuela Diplomática en 1946. En 1947 comezou a traballar no ministerio de Asuntos Exteriores. Como diplomático ocupou os destinos de cónsul en Fráncfort (1949), encargado de negocios en Bonn (1949-1951) e conselleiro cultural en Atenas (1961-1962). Foi subdirector xeral de Relaciones Culturales, director xeral de Cooperación Cultural, subsecretario de Política exterior e subsecretario do Ministerio de Asuntos Exteriores. Foi embaixador extraordinario en Chile, Bolivia e Turquía. Director da Escuela Diplomática de 1974 a 1978. Foi ministro de Obras Públicas de 1970 a 1974.



Iniciou a súa actividade política dentro das Juventudes Monárquicas sendo estudante universitario. En 1946 foi encarcerado brevemente e impúxoselle unha forte sanción. Dende 1959 foi membro do consello privado de Don Juan. Posteriormente vincularase ós sectores tecnócratas do réxime relacionados con Carrero Blanco. En 1976 foi nomeado presidente da Unión Nacional Española (UNE) partido de forte adscripción conservadora, que integrará con posterioridade en Alianza Popular da que chegou a ser vicepresidente. Foi conselleiro da Xunta de Galicia entre 1977 e 1978, na etapa pre-autonómica. Pouco despois abandonou Alianza Popular e funda con Silva Muñoz en 1979 o partido Derecha Democrática Española, que tentaba a reforma da Constitución dende a legalidade.

Autor dunha numerosa bibliografía relacionada sobre todo con temas filosóficos e de dereito público. Desenvolveu un amplo labor na prensa dende 1948 en que ingresou como colaborador en ABC. Chegou a ser editorialista dese diario e de 1963 a 1969 responsable das súas páxinas literarias. Obtivo diversos galardóns como escritor, entre eles o Premio Nacional de Literatura en 1961 e o Premio Espejo de España da editorial Planeta. Era membro de número da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas. Tiña, entre outras, as Grandes Cruces de Carlos III, Isabel la Católica e Alfonso X El Sabio. Era fillo adoptivo de Pontevedra, A Coruña e Ronda. Presidiu o consello de redacción da revista de pensamento *Razón Española* dende 1983 ata o seu falecemento. Faleceu en Madrid o 10 de febreiro de 2002.

Ademais de deputado no Congreso por Pontevedra foi procurador en Cortes como ministro de Obras Públicas durante parte da IX lexislatura (dende o 30 de xuño de 1970 a 1971) e durante parte da X lexislatura (de 1971 ó 29 de decembro de 1973) e procurador designado polo xefe do Estado dentro do cupo dos conselleiros nacionais do Movimiento (dende o 25 de maio de 1976 a 1977).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na lexislatura Constituínte por Alianza Popular. Pertenceu á Comisión Constitucional.



===== FERNÁNDEZ DE MESA DÍAZ DEL RÍO, Arsenio

Naceu en Ferrol o 20 de xullo de 1955. Cursou estudos de Enxeñería Técnica Naval na escola universitaria de Ferrol. Diplomado en Altos Estudos Militares polo CESEDEN en 1992. Funcionario do Estado en situación de excedencia especial. Traballou na Xunta do Porto de Ferrol de xuño de 1979 a xullo de 1982. Inspector técnico do departamento marítimo de International Marine Coatings, LTD. Impartiu clases de educación física en diversos centros docentes de Ferrol.

Afiliouse a Reforma Democrática en 1976. Foi concelleiro de Ferrol de 1983 a 1991 e primeiro tenente de alcalde entre 1987 e 1989. Foi o primeiro presidente de Novas Xeneracións da comarca ferrolá. Secretario xeral de Novas Xeneracións da provincia da Coruña de 1980 a 1983. Secretario xeral adxunto do comité executivo provincial da Coruña do Partido Popular en 1984. Foi Coordinador territorial nacional do Partido Popular das comunidades autónomas de Cataluña, Valencia, Murcia, Baleares e Castela-A Mancha de 1991 a 2000. Foi presidente da comisión nacional de Defensa do Partido Popular. Vocal electo do comité executivo provincial do Partido Popular da Coruña dende abril de 2002 e vocal electo do comité executivo rexional do Partido Popular dende outubro de 1999. É vocal nato das xuntas directivas nacional e rexional do Partido Popular. Ten a Gran Cruz del Mérito Naval con Distintivo Blanco. É delegado do Goberno en Galicia dende maio de 2000 á actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na IV lexislatura foi vocal das comisións de Defensa; Industria e Control de RTVE.

Foi voceiro adxunto de Defensa. Na V lexislatura foi vicepresidente 1º de comisión de Defensa e vocal da comisión de Agricultura.

Na VI lexislatura foi vocal suplente da Deputación Permanente e membro das comisións de Defensa e Control Parlamentario de RTVE. Foi voceiro de Defensa no Congreso. Nesa lexislatura foi representante do Congreso ante a OSCE.

Na VII lexislatura foi deputado electo pero renunciou á escana á ser nomeado delegado do Goberno en Galicia.

FERNÁNDEZ DÍAZ, Elvira

Naceu en Becerreá (Lugo) o 22 de decembro de 1939. Diplomada en Maxisterio. Funcionaria da Consellería de Agricultura. Foi tenente 1º de alcalde da Estrada e despois alcaldesa desa localidade. Foi deputada provincial. Na actualidade é xefa do servizo de publicacións na Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senadora por Pontevedra na IV lexislatura polo Partido Popular.

Deputada por Pontevedra no Congreso na V lexislatura polo Partido Popular.

FERNÁNDEZ ESPAÑA FERNÁNDEZ-LATORRE, María Victoria

Naceu na Coruña o 12 de xuño de 1925. Graduouse na Escola Oficial de Periodismo en 1949. Casou co tamén xornalista Felipe Fernández Armesto, "Augusto Assía", en 1950. Residiron en EEUU de 1950 a 1955. Alí foi corresponsal de *La Voz de Galicia* e colaborou tamén con *Pueblo* e coa revista *Semana*. De 1955 a 1966 o matrimonio residiu en Bonn.



Á súa volta a España desenvolveu unha intensa actividade literaria e xornalística. Escribiu diversas obras de tipo histórico e ensaístico. De 1976 a 1986 adicouse á actividade política dentro de Alianza Popular. Faleceu en Madrid o 10 de xuño de 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Congreso na lexislatura Constituínte por Alianza Popular, e na I e II lexislaturas por Coalición Democrática. Pertenceu sempre á Mesa do Congreso, primeiro como vicepresidenta e logo como secretaria.



FERNÁNDEZ GARCÍA, Juan José

Naceu en Cobas-Ferrol o 18 de agosto de 1940. Ingresou na Escuela Naval Militar en 1958 como alumno do Corpo de Máquinas da Armada e obtén o emprego de tenente. Cursou a carreira de enxeñeiro naval en Madrid entre 1965 e 1970. En 1967 ascende a capitán de máquinas da Armada e simultaneamente ingresa na Empresa nacional Bazán de Ferrol. En 1971 funda a oficina técnica naval privada "Prior", da que é director. En 1978 é nomeado enxeñeiro xefe de Bazán e desempeña o cargo de xefe de proxectos da oficina técnica do estaleiro. En 1984 reincorpórase á Armada e ó ano seguinte ascende a capitán de corbeta. En 1986 pasa á situación de reserva transitoria e dedícase á dirección técnica de Astilleros Astafersa. Conselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia de xaneiro de 1990 a abril de 1994. En 1995 abandonou o Partido Popular e creou o partido Independientes por Ferrol co que se presentou ás eleccións locais. É concelleiro de Ferrol dende ese ano. Na actualidade é primeiro tenente de alcalde. É presidente do OAR de Ferrol dende 1960.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular.



FERNÁNDEZ MOREDA, Jesús Salvador

Naceu en Foz (Lugo) o 28 de abril de 1953. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago. Economista de profesión. Foi un dos fundadores das Xuventudes Socialistas en Galicia, PSOE e UGT en Galicia en 1973. Foi membro da Comisión Ejecutiva Federal do PSOE durante vinte e cinco anos, secretario de Política Autonómica de 1981 a 1986. Secretario de Organización do PSdeG-PSOE e vicesecretario xeral. Membro do Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Vicepresidente da Comisión de Urbanismo e Patrimonio Histórico da Federación Española de Municipios e Provincias e membro do seu consello federal. Presidente da Deputación Provincial da Coruña dende 1989 a 1995. Concelleiro da Coruña de 1987 ata a actualidade. Responsable da área de Urbanismo dende 1995 a 2003. Pertenceu á comisión municipal de goberno.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na I,II,III, IV e V lexislaturas polo PSOE.

Foi membro das Comisións de Economía e Facenda; Orzamentos; Réxime de Administracións Públicas; Constitucional e Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Defensor do Pobo.

Senador pola Coruña na VI lexislatura. Foi secretario 2º da comisión especial sobre o Desenvolvemento Económico e Social do Estado español e vocal da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.

FERNÁNDEZ PIÑEIRO, M^a Teresa

Naceu en Vigo en 1957. Licenciada en Xeografía e Historia. Profesora de ensino medio nun instituto de Vigo e de Xeografía na UNED de Pontevedra. Foi segunda tenente de alcalde en Vigo. Pertenceu ó comité executivo do Partido Popular de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

Foi presidenta da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e de Control da RTVG.

FERNÁNDEZ ROSENDE, Jesús María

Naceu en Oleiros (A Coruña) o 25 de xuño de 1960. Realizou estudos de Dereito e dirección de empresas. Foi secretario do Consello Regulador da denominación de Calidade "Mexilón de Galicia" e secretario do Consello Económico da universidade da Coruña. Presidiu o Partido Popular de Oleiros. Foi concelleiro en Oleiros e voceiro do Grupo Popular. Membro da xunta directiva provincial do Partido Popular da Coruña.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e polo Partido Popular na III, a IV, V e VI lexislaturas.

Na V lexislatura foi secretario da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal das Comisións de Pesca e Acuicultura; Relacións do Consello de Contas; control da RTVG e Asuntos Europeos.

Na VI lexislatura é presidente da comisión de Pesca e Marisqueo e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Foi Secretario do Grupo Parlamentario Popular na IV e V lexislaturas.

FERREIRO ABELLEIRA, Xosé Francisco

Naceu na A Coruña o 20 de marzo de 1952. Licenciado en Dereito pola UNED e Graduado Social. Profesor de Formación Profesional en Prácticas Sanitarias nos insitutos de O Meixoeiro (Vigo) e A Carballeira (Ourense). Foi ATS no Centro de Saúde do Irixo. Iniciou a súa actividade política a principios dos anos setenta. Membro do consello nacional do BNG dende a súa fundación. Foi responsable das áreas migratoria e sanitaria do BNG. Primeiro tenente alcalde



no Concello do Carballiño dende 1995.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi vocal da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.

Na VI lexislatura é secretario da comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e vocal da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego. E tamén vicepresidente da comisión para o estudo do narcotráfico e membro da comisión 5ª e da comisión para a emigración.



FIDALGO AREDA, Miguel

Naceu en Ribadavia (Ourense) en 1956. Profesor de EXB. Foi secretario comarcal do PSOE do Ribeiro. Foi alcalde de Ribadavia polo PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia durante parte da III lexislatura polo PSOE.



FIDALGO FRANCISCO, Alberto

Naceu en Flariz-Monterrei (Ourense) o 22 de xullo de 1958. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1981. Master en Medicina de Urgencias pola Universidad de Salamanca. Diplomado en Dirección Xerencial Hospitalaria e Dirección Médica Hospitalaria. Xefe de Servicio de Admisión do hospital Cristal-Piñor dende 1987 ata 1991. Médico de urxencias no citado Hospital dende 1991 ata 1998 e documentalista clínico na actualidade. Militante do PSOE dende 1991. Secretario de Saúde Comarcal de 1991 a 1995. Membro da executiva galega do

PSdeG-PSOE e secretario de Formación, Estudos e Programas entre 1998 e 2000. Membro do Comité Federal do PSOE dende 2000.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na VII lexislatura polo PSOE. Voceiro adxunto na Comisión de Sanidad y Consumo e vocal da comisión mixta para o Estudio do Problema das Dragas.

FONTOIRA SURIS, Manuel

Naceu en Pontevedra o 27 de novembro de 1938. Comezou a carreira de Medicina na Universidade de Santiago e rematouna na de Sevilla en 1963, na especialidade de pediatría. Foi bolseiro de investigación en Bruselas en 1964. Doutor en Medicina pola Universidade de Santiago en 1973. Na actualidade é xefe do servizo de pediatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra. Dirixe unha consulta privada e é profesor asociado na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago. Foi presidente provincial de UCD en Pontevedra de 1979 a 1980. É autor de diversas publicacións sobre temas da súa especialidade, aparecidas en diferentes publicacións nacionais e estranxeiras.

**REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Senador por Pontevedra na lexislatura Constituinte por UCD. Foi vocal das Comisións de Sanidade; Comunidades Autónomas e Comisión non Permanente para o estudo de situación do neno e do adolescente en España.

FRAGA IRIBARNE, Manuel

Naceu en Vilalba (Lugo) o 23 de novembro de 1922. Comezou os estudos de Dereito na Universidade de Santiago en 1939, aínda que ó ano seguinte trasládase á Universidade de Madrid e remata a carreira en 1944 con premio extraordinario. Obtén o doutoramento na mesma disciplina igualmente con premio extraordinario. Licenciouse despois en Ciencias Políticas e Económicas. Ingresou no corpo de Letrados de las Cortes Españolas en 1945 e na carreira diplomática en 1947. En 1948 obtén a cátedra de Dereito Político da Universidade de Valencia. En 1951 foi nomeado secretario xeral do Instituto de Cultura Hispánica. En 1953 obtén a cátedra de Teoría del Estado y Derecho Constitucional da Facultade de Ciencias Políticas e Económicas de Madrid, que detentará ata a súa xubilación como docente en 1987. En 1953 tamén accede á secretaría xeral do Consello Nacional de Educación. De 1955 a 1958 é secretario xeral técnico do ministerio de Educación Nacional. Subdirector do Instituto de Estudios Políticos en 1956. En 1957 foi delegado nacional de Asociaciones do Movemento. En 1961 pasa á dirección do Instituto de Estudios Políticos. Neste mesmo ano foi conselleiro de embaixada e ministro plenipotenciario en 1963.



Ministro de Información e Turismo de xullo de 1962 a 1969, etapa na que impulsa decisivamente o turismo en España. Cando cesou ocupou cargos na empresa privada e continuou co seu labor docente. De setembro de 1973 a novembro de 1975 foi embaixador de España no Reino Unido da Gran Bretaña e Irlanda do Norte. En 1974 funda o Gabinete de Orientación y Documentación (GODSA), que será a orixe da posterior Reforma Democrática.

En decembro de 1975 foi nomeado vicepresidente do Goberno para Asuntos del Interior e ministro da Gobernación no primeiro goberno da Monarquía, formado por Arias Navarro. Neste posto permanecerá ata xullo de 1976, en que é cesado por Adolfo Suárez. En febreiro dese ano fundou Reforma Democrática, que transforma en Alianza Popular en 1977 e da que pasa a ser secretario xeral e despois presidente, en novembro de 1979. Foi un dos membros máis activos da ponencia que redactou entre 1977 e 1978 a vixente Constitución.

Participou na creación da Unión Democrática Internacional (IDU, Internacional conservadora), da que foi vicepresidente. Membro do Grupo Demócrata Europeo do Parlamento Europeo dende xuño de 1987 ó mesmo mes de 1989.

Elexido presidente do Partido Popular, no Congreso de refundación de Alianza Popular, en febreiro de 1989 e presidente fundador do partido no X Congreso Nacional celebrado en 1990. Presidente do Partido Popular de Galicia, reelegido en sucesivos congresos.

Presidente da Xunta de Galicia, por maioría absoluta, tra-las eleccións celebradas o 17 de decembro de 1989. Reelexido en sucesivas convocatorias, co mesmo resultado electoral.

Autor dunha ampla bibliografía, composta por arredor de noventa libros, que abrangue a temática histórica, o dereito público e as obras de pensamento en xeral. Escribiu numerosos artigos en medios de comunicación de ámbito estatal e pronunciou innumerables conferencias. É doutor honoris causa por dez universidades. Conta con numerosos títulos honoríficos. Está en posesión das Grandes Cruces de Carlos III, San Raimundo de Peñafort, Isabel la Católica, Mérito Civil e Mérito Militar entre outras.

Foi procurador en Cortes como conselleiro nacional do Movemento (delegado nacional de Asociacións) durante parte da V lexislatura (decembro de 1957 a 1958); como director do Instituto de Estudos Políticos durante parte da VI e VII lexislaturas (de febreiro de 1961 a outubro de 1962); como ministro de Información e Turismo durante toda a VIII lexislatura (de 1964 a 1967); na IX (1967 a 1971) como procurador designado polo xefe do Estado, aínda que durante parte da mesma tamén o foi como ministro de Información e Turismo; e durante parte da X lexislatura como ministro da Gobernación (de decembro de 1975 a xullo de 1976).

Deputado por Madrid no Congreso na lexislatura Contituínte (1977-1978) por Alianza Popular, na I (1979-1982) e II (1982-1986) lexislaturas por Coalición Democrática e durante parte da III lexislatura (1986-1987) por Coalición Popular. Foi xefe da oposición no Congreso de 1982 a 1986.

Deputado no Parlamento europeo por Alianza Popular de xuño de 1987 ó mesmo mes de 1989, dentro do Grupo Demócrata Europeo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Durante todas esas lexislaturas foi presidente da Xunta de Galicia.

FRANCO CERDEIRA, José Antonio

Naceu en Ortigueira (A Coruña) o 25 de febreiro de 1939. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1962. Xestor administrativo. Foi director da sucursal do Banco Bilbao-Vizcaya en Ortigueira de 1977 a 1981. Alcalde de Ortigueira de 1977 a 1981. Con posterioridade foi concelleiro ata 1999. Foi deputado provincial de 1979 a 1983. Ingresou no PDP en outubro de 1983 e foi membro do consello político deste partido. En 1987 ingresou no PP e foi secretario local deste partido en Ortigueira ata 1998. Adicado á actividade privada na actualidade.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia durante parte da II lexislatura por Coalición Popular e, polo Partido Popular, na III e parte da IV lexislaturas. Foi presidente da comisión Institucional e membro das Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e Pesca e Marisqueo.

FREIRE VÁZQUEZ, María Begoña


Naceu na Coruña o 17 de xaneiro de 1968. Licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña en 1993. Avogada en exercicio dende 1994. Vocal da xunta directiva local do PP da Coruña dende 1992. Vicesecretaria provincial de Novas Xeracións da Coruña de xullo de 1994 a 2000. Vocal do comité executivo do Partido Popular da Coruña dende 1997. Vocal da xunta directiva rexional do PP de 1999 a 2001. Membro do comité de Dereitos e Garantías da xunta rexional do PP dende novembro de 1999, secretaria de organización da xunta local do PP da Coruña dende xuño de 2000 e membro do Comité executivo provincial do PP da Coruña en 2002.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular. Vocal das Comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior; Educación e Cultura e control da RTVG.

G

**GAGO ALVAREZ, Cástor**

Naceu en Verín (Ourense) o 13 de agosto de 1953. Enxeñeiro técnico agrícola en 1974 pola escola de enxeñería técnica de Lugo. Pertence ó corpo de axentes de Extensión Agraria dende 1975. Axente comarcal do servizo de Extensión Agraria en Verín dende 1976. Profesor de Formación Profesional Agraria de 1976 a 1982. É funcionario do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia. Xefe de estruturas agrarias de 1987 a 1990. Afiliase ó Partido Popular en 1995 e nese mesmo ano sae elixido concelleiro de Verín. Foi tenente alcalde ata decembro de

1997. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria da Xunta de Galicia de decembro de 1997 a xaneiro de 2001.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio ambiente e Servizos e Educación e Cultura. Na VI lexislatura é presidente da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal das comisións de Relacións do Consello de Contas e Asuntos Europeos.

**GAGO LÓPEZ, Joaquín Javier**

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 1 de setembro de 1955. Licenciado en Dereito. Secretario Interventor do concello da Catoira de 1980 a 1987. Delegado provincial da Consellería de Ordenación do Territorio en Pontevedra de 1987 a 1990. Alcalde de Vilagarcía de Arousa de 1991 á actualidade. Presidiu a Mancomunidade de Municipios da comarca de Arousa. Membro do comité nacional galego do PSG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso por Pontevedra na VI lexislatura polo PSOE.

Vocal das Comisións de Xustiza e Interior e Comisión Mixta para el Estudio do Problema das Drogas.

GAGO LORENZO, José Antonio

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 21 de maio de 1932. cursou o bacharelato superior. Era xestor administrativo e empresario de autoescuela. Iniciou a súa actividade política como concelleiro de Vilagarcía polo tercio familiar no principio dos anos sesenta. Foi dirixente de UCD en Vilagarcía. En 1984 ingresou no Partido Demócrata Popular, do que foi presidente provincial. Ocupou a primeira tenencia de alcaldía de Vilagarcía de Arousa. Foi vicepresidente da Asociación Nacional de Autoescuelas e presidente da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía. Faleceu na súa localidade de nacemento o 10 de outubro de 1994.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na lexislatura Constituínte e I por UCD. Pertenceu ás Comisións de Interior, Obras Públicas, Industria e Transporte. Foi primeiro secretario da Comisión de Obras Públicas, Industria e Transportes. Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.

GALLEGO CALVAR, María Carmen

Naceu en Vilaboa (Pontevedra) en 1966. Traballa no sector da pesca. É secretaria de pesca da CENG. Dirixiu a administración do Consello Regulador do Mexilón de Galicia. Secretaria Xeral de Agamar. Secretaria de Pesca da Comisión Executiva do PSdeG-PSOE.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSdeG-PSOE.

GARCÍA AGUDÍN, Fernando

Naceu na Coruña en 1935. Licenciado en Dereito por Santiago entre 1952 e 1956. Militou na Acción Católica. Avogado do estado dende 1961. Xefe da avogacía do Estado na Coruña dende 1978. Secretario do consello de administración dalgúns empresas. Foi conselleiro de *Cuadernos para el diálogo* entre 1964 e 1965. Foi secretario xeral do Partido Popular Galego nos anos setenta e militou en Izquierda Democrática. De 1971 a 1974 foi tenente alcalde na Comisión de Facenda do concello coruñés. Representante de Galicia na Junta Democrática de España entre 1974 e 1975. Presidente de Coalición Galega en 1987.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na II lexislatura por UCD. Foi vocal das Comisións de Orzamentos; Xustiza e Relacións con el Defensor del Pueblo.

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Foi vocal da Comisión de Regulamento.



=====
GARCÍA CAMPELO, María del Carmen

Naceu en Seixo-Marín (Pontevedra) en 1965. Cursou estudos de Dereito na universidade de Santiago. Profesora de solfeo. Membro do gabinete da consellería de Xustiza de 1994 a 1996. Foi secretaria xeral de Novas Xeracións en Marín. Membro do comité executivo local do Partido Popular de Marín dende 1991. Membro da xunta provincial do Partido Popular de 1991 a 1995. Membro do comité executivo provincial dende abril de 2002. Concelleira en Marín dende 1991 a 2001. Ocupou as concellerías de Servizos Municipais e Turismo e Cultura, Educación e Deportes. Directora xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia dende decembro de 2001.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV e na V lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi vicepresidenta da Comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego; Control da RTVG e presidenta da comisión de Igualdade e dereitos da muller.



=====
GARCÍA CASASNOVAS, José Luis

Naceu en Ribadavia (Ourense) o 23 de xaneiro de 1936. Cursou estudos primarios. Foi corresponsal de varios medios na súa localidade natal de 1955 a 1980. Foi concelleiro local do Movemento e tenente de alcalde de Ribadavia en dous mandatos. Funcionario do Instituto Nacional de Previsión. Ingresou en Alianza Popular en 1977, ó pouco da súa fundación. Foi presidente da xunta local e comarcal dese partido na súa localidade de nacemento. Foi asesor do concelleiro de Cultura e Relacións Institucionais do 11 de xullo de 1994 ó 7 de xuño de 1996. Membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia dende o 13 de maio de 2002.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

Pertenceu ás comisións de Educación e Cultura e Traballo e Sanidade. Foi relator do Informe de creación da CRTVG.

GARCÍA DORGAMBIDE, Benito

Naceu en San Xoán de Baión-Vilanova de Arousa (Pontevedra) en 1926. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi vicedecano do Colexio de Avogados de Pontevedra. Foi un dos fundadores do PSP en Galicia en 1971. Coa fusión co PSOE entrou a formar parte do comité local da agrupación socialista de Vilagarcía. Foi membro do comité nacional galego do PSdeG-PSOE. Pertenceu á UGT. Tiña un despacho de avogado en Vilagarcía e foi asesor de distintas empresas. Faleceu en Santiago de Compostela en 1991.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.

GARCÍA GARCÍA, José

Naceu en Silleda (Pontevedra) o 13 de febreiro de 1922. Oficial maior do concello de Silleda dende 1942 e empresario agrícola. Pertenceu na súa xuventude ó apostolado seclar católico e foi dirixente de Caritas en Silleda. Delegado local de Sindicatos en Silleda entre 1951 e 1975. Vicepresidente da Cámara provincial Agraria de Pontevedra entre 1975 e 1977. Presidente de Uteco Pontevedra en 1976. Nese mesmo ano ingresa no Partido Gallego Independiente dirixido por Meilán Gil, que se integra en UCD en 1977. Promoveu o cooperativismo e o asociacionismo agrario. Foi vicepresidente da Asociación de Agricultores-Ganaderos de Pontevedra e vocal nacional da Unión de Federaciones Agrarias de España. Xubilado na actualidade.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Senador por Pontevedra nas lexislaturas Constituínte e I por UCD.

GARCÍA GOROSTIZU, José Luis

Naceu en Bilbao en 1960. Cursou estudos de Dereito. Presidente de Novas Xeneracións de Alianza Popular de Galicia de 1983 a 1986 e membro da xunta directiva nacional da mesma entidade. Foi asesor do grupo popular na Asemblea de Madrid e secretario xeral da Federación Galega de 1991 a 1993. Foi concelleiro e voceiro do grupo popular no concello de Culleredo. Coordinador da área de Organización do Partido Popular de Galicia de 1999 a setembro de 2002. Membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia dende o 13 de maio de 2002.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

Foi membro das Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Pesca e Marisqueo; Relacións co Consello de Contas e Control da Compañía de RTVG e Peticións.

**GARCÍA LEIRA, José María**

Naceu en Vilalba (Lugo) o 28 de novembro de 1934. Cursou os primeiros estudos en Vilalba e o bacharelato no Colexio dos Xesuítas de Vigo. Cursou o primeiro curso de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela en 1952, e os restantes, ata obter a Licenciatura, na Universidade Complutense de Madrid. Xestor Administrativo por oposición, en 1963 e abre un despacho profesional en Vilalba. Por esta mesma época obtén os títulos de Agente de la Propiedad Inmobiliaria, Corredor de Seguros e Administrador de Fincas. Obtén a titulación de profesor e director de autoescuela, e complementa a súa actividade empresarial dirixindo escolas de ensinanza de condutores en Vilalba e Muimenta-Cospeito. Destacou a súa participación, entre outras, nas seguintes actividades lúdicas e culturais da vila: Presidente e cofundador da Masa Coral Villalbesa; Cofundador e membro redactor do Regulamento do Centro Cultural Recreativo; Socio fundador da Sociedade Deportiva a Coelleira; Membro do Patronato Hospital Asilo, etc. Exerceu como xuíz municipal de Vilalba de 1968 a 1978.

A súa carreira política iníciase nas primeiras eleccións municipais do ano 1979, sendo o candidato á alcaldía por Alianza Popular, saíndo elixido por maioría absoluta. O cargo de Alcalde preséntase novamente nos anos 1983 e 1987, obtendo nas dúas convocatorias o mesmo resultado electoral. Ó longo do seu período na Alcaldía destacan como actuacións máis sobresaíntes: a construción da praia fluvial; a construción do Polígono Industrial; a Casa da cultura; o Centro da Terceira Idade; o Centro Social; tres Grupos escolares en parroquias de Vilalba; posta en marcha do Conservatorio de Música; creación do posto da Cruz Vermella de Vilalba e a creación da Banda Municipal de Música, entre outras actuacións.

Simultaneamente co cargo de Alcalde, forma parte da Deputación Provincial de Lugo, representando ó Partido Xudicial de Vilalba, é sendo Vicepresidente 1^a desa corporación provincial dende 1983 a 1990. Nese ano cesa como alcalde e como vicepresidente da Deputación, ó saír elixido deputado do Parlamento de Galicia. En 1999 foi elixido presidente da Conferencia de Presidentes das Asembleas Legislativas das Rexións de Europa. Preside este órgano durante o ano 2000, momento no que se celebra en Santiago de Compostela a IV Conferencia de Presidentes das Asembleas Legislativas das Rexións de Europa. É deputado autonómico dende 1990 e presidente do Parlamento de Galicia dende 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Vicepresidente 1^o da mesa do Parlamento na III e IV lexislaturas.

Durante estas lexislaturas foi ademais vocal da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vicepresidente da Comisión de Regulamento.

Presidente do Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas. Preside ademais as comisións de Regulamento e Peticións.

GARCÍA NEGRO, Pilar

Naceu en Lugo o 9 de outubro de 1953. Licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa e doutora en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago. Profesora de ensino medio en institutos da Coruña entre 1976 e 1990. Presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña entre 1983 e 1988. Colaborou con diversas institucións culturais e pedagóxicas galegas. Membro da comisión permanente do BNG, pola UPG. Autora de diversos traballos de investigación e divulgación lingüística, sociolingüística e literaria.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi vocal da comisión de Educación e Cultura. Na VI lexislatura é vocal da comisión de Educación e Cultura

GARCÍA PARDO, José

Naceu en 1939. Licenciado en Medicina e Cirurxía, especialista en Medicina interna, aparato circulatorio e Medicina intensiva. Xefe do servizo de Medicina intensiva no Complexo Hospitalario Juan Canalejo da Coruña. Presidiu a xunta local do Partido Popular da Coruña de 1988 a principios de 1993. Formou parte do comité executivo rexional de dito partido.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular.

Voceiro do Grupo Parlamentario Popular na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.

GARCÍA PICHER, Andrés Manuel

Naceu en Vigo o 5 de febreiro de 1934. Licenciado en Dereito. Empresario. Foi secretario provincial de Pontevedra do PPG (Coalición PDP). Foi presidente e vocal do consello de administración da CRTVG e portavoz do Partido Popular no consello asesor de TVE en Galicia.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.



GARRIDO TORRADO, Juan Antonio

Naceu en Madrid en 1940, aínda que vive dende moi novo en Galicia. Cursou o bacharelato superior. Empresario de xoiería. Vicepresidente da Asociación Galega de Xoieiros. Ingresou en Alianza Popular en 1983. Vicepresidente do PP de Vilagarcía de Arousa e foi tenente de alcalde pola mesma formación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular. Presidiu a Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e foi vocal das Comisións de Educación e Cultura; Pesca e Marisqueo e Regulamento.

GARRIDO VALENZUELA, Fernando

Naceu en Madrid en 1949. Enxeñeiro agrónomo. Traballou na empresa privada. Na empresa pública foi director xeral de Industrias del Frío y Alimentación e ocupou a dirección técnica de GIPISA. Ingresou en Alianza Popular en 1977. Foi concelleiro de Silleda nas eleccións municipais de 1979. Foi membro da Comisión Permanente nacional de Alianza Popular en representación de Galicia. Foi conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta de Galicia de 1984 a 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática. Secretario de Comisión de Agricultura e Pesca. Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.



GATO SOENGAS, Antonio Edelmiro

Naceu en Monterroso (Lugo) o 22 de febreiro de 1945. Diplomado en EXB pola Escola Universitaria do Profesorado da Coruña. Licenciado en Dereito pola UNED. Profesor de ensino primario en diversas localidades da provincia da Coruña e Lugo. Nos primeiros anos setenta participou no "movemento de mestres", iniciando a súa participación en política. Militou no PSP e dende 1977 no PSdeG-PSOE. Foi concelleiro de Monterroso e deputado provincial de 1991 a 1993. Militou na FETE (UGT). Foi membro da executiva galega do PSOE. Dende xullo de 1999 é alcalde de Monterroso.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I, II, III e IV lexislaturas polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura; Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servizos e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

GAYOSO REY, Jesús


Naceu en Vilalba (Lugo) en 1930. Cursou estudos de Maxisterio, carreira que non exercería. Industrial. Iniciouse en política nas eleccións municipais polo tercio familiar nos anos sesenta. Cara ó final do franquismo foi presidente provincial do ramo de tellas e ladrillos nos sindicatos verticais. Concelleiro de Vilalba durante dez anos e alcalde do mesmo concello. Pertenceu a Reforma Democrática. Afiliado a Alianza Popular en 1977. Coordinador de Alianza Popular nas eleccións de 1977 e 1979 na súa comarca. Faleceu en accidente de circulación no termo municipal de Teo (A Coruña) en 1987.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II lexislatura por Coalición Popular.

GIRÁLDEZ MANEIRO, José

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 24 de setembro de 1933. Licenciado en Dereito pola Universidade da Laguna. Secretario xudicial. En 1968 foi destinado a Bata (Guinea Ecuatorial) onde realizou estudos sobre o dereito consuetudinario das tribus locais e dirixiu o proceso administrativo nos primeiros momentos da independencia. Posteriormente foi destinado a Dajla (antiga Villa Cisneros) no Sahara Occidental Español onde prestou os seus servizos ata a evacuación a principios de 1976. Neste último ano regresou a España e tivo participación destacada na reconstitución do PSOE en Galicia. Foi membro da executiva galega deste partido e membro do seu comité federal.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II e IV lexislaturas polo PSOE.

Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura; Sanidade, Política Social e Emprego; Pesca e Marisqueo e Control da Compañía de RTVG. Foi un dos impulsores da creación das comisións especiais sobre as repercusións do narcotráfico e o furtivismo marisqueiro.

GIRÁLDEZ RODRÍGUEZ, María del Carmen

Naceu en Vigo o 25 de setembro de 1922. Cursou estudos primarios na súa localidade natal. Ingresou no PSOE en 1935. Comezou a traballar en 1937 nunha factoría de pescado conxelado, na que estivo ata 1940. Durante a guerra pasou por momentos de tensión, aínda que non chegou a estar no cárcere. De 1940 a mediados dos anos setenta traballou nunha fábrica de viños. Pasou a traballar nunha confeitaría en Vigo e despois noutra factoría de pescado conxelado. Foi responsable dunha sección do PSOE de Vigo. Presidenta de honra da agrupación socialista



viguesa. Fundadora da Asociación de Veciños do Calvario, da que na actualidade é vicepresidente. Nomeada Viguesa Distinguida polo pleno do concello desa localidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senadora por Pontevedra na IV lexislatura polo PSOE. Pertenceu á Comisión de Xuventude.



=====
GÓMEZ ALONSO, Alejandro

Naceu o 24 de decembro de 1973. É presidente de Novas Xeracións de Galicia. Tenente de alcalde do Concello de Forcarei e concelleiro responsable das áreas de Urbanismo, Obras, Servicios, Agricultura, Industria, Comercio e Consumo. Membro do Comité de Dirección e do Comité Executivo do Partido Popular de Galicia. É membro do Comité Executivo Nacional de Nuevas Generaciones de España e do Comité Executivo Provincial do PP de Pontevedra. Presidente de Novas Xeracións de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.



=====
GÓMEZ LIMIA, Rosa

Naceu en Barbantes (Ourense) en 1943. Perito mercantil pola escola de Altos Estudios Mercantiles de Bilbao en 1961 e licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago en 2002. Traballou nunha empresa de distribución de material eléctrico en Ourense. Concelleira de Mugarzos de 1979 a 1991 polo PSOE. Foi tenente de alcalde e pertenceu ás Comisións de Facenda, Cultura e Educación. Foi secretaria da muller da executiva nacional galega do PSdeG-PSOE, onde desenvolveu notable actividade para a aprobación dunha porcentaxe mínima de mulleres nas listas electo-

rais dese partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Pesca e Traballo e Benestar Social.

=====
GÓMEZ FRANQUEIRA, Eulogio (vén. Procuradores en Cortes)

GÓMEZ VÁZQUEZ, Antonio

Naceu na Coruña o 8 de outubro de 1946. Estudou o bacharelato no Colexio dos Maristas da súa cidade natal. Cursou a carreira de Enxeñería Industrial en Bilbao, rematándoa en 1971. Diplomado en enxeñería ambiental. Estivo sempre vinculado, como enxeñeiro, a empresas relacionadas co sector da construción na Coruña. Iniciou a actividade política en 1986 ingresando en Alianza Popular. Foi concelleiro na Coruña dende 1987 a 1999 e voceiro do Partido Popular no concello de 1995 a 1999. Foi deputado provincial de 1990 a 1999 e vicepresidente da Deputación da Coruña de 1995 a 1999. Na actualidade é director xerente de Xestur Coruña.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso pola Coruña na IV e V lexislaturas polo Partido Popular.

Na IV lexislatura foi vocal na Comisión de Infraestruturas e Industria.

Na V lexislatura foi secretario e despois vicepresidente da Comisión de Industria e vocal da Comisión de Sanidade e Servizos Sociais.

GONZÁLEZ AFONSO, Emilio

Naceu en Verín (Ourense) o 24 de abril de 1954. Licenciado en Medicina e diplomado en sanidade pública. Foi alcalde de Verín.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Galega.

GONZÁLEZ AMADIÓS, Francisco

Naceu en Vigo o 26 de xullo de 1924. Licenciado en Económicas pola Univesidade de Madrid en 1950. Cara o ano 1946 formaba parte dos Grupos Republicanos da Univesidade de Madrid e chegou a ser detido. Militou na UPG. Director financeiro dunha empresa en Vigo (Manuel Rey e Hijos). Traballou na clandestinidade con grupos nacionalistas de esquerda. Pertenceu á UGT. Cara o 1979 foi presidente do PSOE de Galicia. Membro da comisión constitucional que elaborou o Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi concelleiro de Vigo. En 1992 ingresou no BNG, dentro da corrente de Esquerda Nacionalista. Pertenceu á mesa nacional desta formación. Faleceu na súa cidade natal o 4 de abril de 1997.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na I lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Facenda e Orzamentos.

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I e II lexislaturas.

Foi vicepresidente 2º do Parlamento nesas dúas lexislaturas.

**GONZÁLEZ BALLESTA, Justo José**

Naceu en Lugo o 19 de outubro de 1951. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago. Especialista en xestión e administración sanitaria. Concelleiro e primeiro tenete de alcalde de Mos en 1983. Alcalde dese concello en decembro de 1986. Deputado provincial entre 1987 e 1991. Director provincial do SERGAS de 1991 a 1993. Delegado da consellería de Política Territorial entre 1993 e 1995.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular. Presidente da Comisión de control da RTVG; vicepresidente da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servizos e Pesca e Acuicultura. Membro suplente da Deputación Permanente.

**GONZÁLEZ BERMELLO, Emma Rosa**

Naceu en Ourense o 21 de setembro de 1931. Cursou o bacharelato en Vigo, cidade onde vive dende moi nova. Foi concelleira de Vigo polo tercio familiar en 1971. Foi tenente de alcalde. Alcaldesa de Vigo dende mediados de 1978 ata as eleccións locais do ano seguinte. Ingresou en UCD en 1979. Foi vocal do consello de administración da Radio Televisión Galega. Na actualidade preside o consello de administración da empresa Baladrón, con sede en Vigo e actividade na comunidade galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Popular. Presidiu a Comisión de Obras Públicas, Urbanismo e Medio Ambiente.

**GONZÁLEZ DOPESO, José**

Naceu no Carballiño (Ourense) en 1916. Cara ó ano 1921 na súa familia trasladouse á Coruña, cidade onde viviría a partir de entón. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Valladolid durante a República, que remata despois da guerra. Participou na Guerra Civil como suboficial de milicias. Exerceu como avogado na Coruña dende 1940 e foi letrado da Organización Sindical dende este ano a 1945. Foi asesor de diversas empresas. Foi vicedecano do Colexio de Avogados da súa cidade natal. Concelleiro da Coruña dende 1952 a 1958 e durante a etapa democrática. Pertenceu a diversas entidades sociais e deportivas. Faleceu na Coruña en 1989.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Manuel

Naceu en Sabadelle-Chantada (Lugo) o 15 de xuño de 1944. Profesor de Ensinanza primaria pola Escola de Maxisterio de Lugo. Alcalde de Xermade (Lugo) dende o 29 de setembro de 1970 ata hoxe. Deputado provincial de 1983 a 1991. Membro da xunta local de Alianza Popular e despois Partido Popular de Xermade dende 1979. Dende ese mesmo ano pertence á xunta provincial de Lugo dese partido. Membro do comité executivo provincial do Partido Popular dende 1979.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado no Congreso por Lugo na VI lexislatura polo Partido Popular.
Pertencen ás Comisións de Educación e Cultura; Sanidade e Consumo e Regulamento.

GONZÁLEZ LASO, Natividad

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) en 1953. Licenciada en Historia. Técnica de desenvolvemento local. É directora dunha escola taller en Ferrol. Secretaria de Consumidores e Usuarios da Executiva do PSdeG-PSOE e secretaria de Organización da agrupación socialista de Ferrol.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSdeG-PSOE.

**GONZÁLEZ LAXE, Fernando Ignacio**

Naceu na Coruña o 6 de setembro de 1952. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago en 1976 e doutor na mesma disciplina en 1982. Membro do Partido Socialista Galego dende comezos dos anos setenta, ingresou no PSOE en 1977 pola unión de ambos partidos. Tenente de alcalde da Coruña de 1980 a 1982 e voceiro do grupo municipal socialista. En 1981 foi candidato ó Senado. Despois da vitoria socialista de outubro de 1982 foi nomeado director xeral de Ordenación Pesqueira e Relacións Pesqueiras Internacionais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cargo que ocupará ata outubro de 1985, en que cesa para concorrer ás eleccións autonómicas galegas. Presidente da Xunta de Galicia de 1987 a 1990, durante a etapa denominada do "gobierno tripartito". Durante esta etapa aprobouse un marco normativo para a función pública galega, creáronse as universidades de A Coruña e Vigo e o parque tecnolóxico de Ourense, entre outras realizacións.



Foi secretario xeral de ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia) nos

anos setenta. Foi membro do equipo negociador para a entrada de España nas Comunidades Europeas. Foi presidente do PSdeG-PSOE a finais dos anos oitenta. Pertenceu tamén á primeira comisión executiva de UGT-Galicia. Formou parte dos primeiros grupos de estudo interdisciplinares da problemática costeira de Galicia.

Na actualidade é catedrático de Economía Aplicada na facultade de Ciencias Económicas da Universidade da Coruña. Director do Instituto Universitario de Estudos Marítimos da Universidade da Coruña dende maio de 2001. Preside a Fundación Luís Tilve para o fomento da cultura sindical e a investigación no ámbito das ciencias sociais, históricas e xurídicas do sindicalismo. Autor de diversas publicacións sobre temas económicos e relacionados co sector pesqueiro.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II e III lexislaturas polo PSOE.

Foi vocal das Comisións de Economía e Institucional.

Senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas.

Foi presidente da Comisión de Economía e Facenda na V lexislatura e voceiro socialista na Comisión de Asuntos Internacionais da Unión Europea na VI lexislatura.

Membro da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, onde foi presidente da Comisión de Pesca da devandita Asemblea entre 1997 e 2000.

Foi membro da Asemblea Parlamentaria da Unión Europea Occidental.



————— GONZÁLEZ LOROÑO, María Beatriz

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 25 de xaneiro de 1966. Licenciada en Dereito. Funcionaria. Membro de tódolos comites executivos, xuntas e xestoras locais do PP de Vilagarcía dende 1987. Membro da xunta provincial do PP de Pontevedra. Concelleira en Vilagarcía dende 1987. Membro do comité executivo de Fexdega de 1987 a 1991. Representante municipal no Patronato da Fundación Fexdega dende 1999 e representante municipal no Consello Local de Consumo dende 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.



————— GONZÁLEZ MARIÑAS, Pablo

Naceu na Coruña o 26 de xuño de 1944. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1965. Doutor en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid. Pertence ó corpo superior de Administradores Cívís do Estado e é profesor de Dereito Administrativo na Universidade de Santiago. Foi asesor da dirección xeral de Enseñanza Superior e Investigación do ministerio de Educación. Impartiu docencia nas universidades Complutense e Autónoma de Madrid, no Colexio Universitario de Cuenca e na Universidade de Santiago.

Deu os seus primeiros pasos na política da man de Meilán Gil hacia 1976, dentro do Partido Galego Independente do que foi vicesecretario xeral. Tra-lo ingreso deste partido na UCD foi secretario provincial da Coruña desta formación. Formou parte da comisión do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía. Despois da desaparición de UCD ingresou en Coalición Galega, da que foi vicepresidente e responsable da secretaría de Organización. A principios de 1987 separouse de Coalición Galega e fundou o Partido Nacionalista Galego, do que foi secretario xeral. Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e voceiro do goberno galego entre outubro de 1987 e xaneiro de 1990. Durante a súa etapa como conselleiro impulsou a creación da Escola Galega de Administración Pública e a Policía Autonómica. Foi representante de Galicia no Consello de Europa. En 1990 abandonou a política activa.

Na actualidade compaxina a docencia na Universidade de Santiago e imparte o seu maxisterio en centros de administración pública, singularmente na EGAP e no INAP. Pronunciou numerosas conferencias e é colaborador da prensa periódica, singularmente de *La Voz de Galicia*. É autor de numerosas publicacións relacionadas fundamentalmente co Dereito público.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Galega.

Unha vez iniciada a II lexislatura fundou o Partido Nacionalista Galego e continuou como deputado pola nova formación.

Na I lexislatura foi secretario da Mesa do Parlamento.

GONZÁLEZ MARTÍN, Gerardo

Naceu en Ávila o 1 de febreiro de 1942. Graduado en Periodismo pola Escola de Periodismo de Madrid entre 1959 e 1962. Graduado Social pola Universidade de Santiago en 1971. Director de *El Correo Gallego* de 1970 a 1972. Xefe de sección en *El Faro de Vigo*. Director de Radio Popular de Valladolid e delegado da Antena 3 de Galicia en Pontevedra. Foi presidente da asociación da prensa de Vigo. Foi secretario provincial de UCD en Pontevedra e delegado provincial do Ministerio de Cultura en Pontevedra entre 1979 e 1981. Director de TVG en 1987 e das emisoras de Antena 3 de Vigo y Pontevedra en 1987 e 1988. De 1988 a 1991 foi director rexional da COPE en Castilla-León e despois director de Programas e Emisións da mesma cadeña en Madrid. Xefe de prensa do Partido Popular de Galicia en 1996. De 1997 a 1999 foi colaborador, xefe de Informativos e director de Televisión. Foi asesor do Grupo Popular no concello de Vigo. É autor de diversas publicacións.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Foi secretario do Grupo Centrista no Parlamento.



GONZÁLEZ PRÍNCIPE, Carlos Alberto

Naceu en Vigo o 27 de maio de 1956. Licenciado en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Santiago en 1979. Especializouse en pediatría en 1980-1984. Pediatra do Centro de Saúde de Teis (Vigo). Profesor asociado da Escola de Enfermería de Vigo (1980-1982). Afiliado a la Unión General de Trabajadores (UGT). Concelleiro de Vigo dende 1982. Foi tenente de alcalde de 1983 a 1991. Membro do comité federal do PSOE en 1991. Presidente do Consorcio da Zona Franca de Vigo en 1991. Vicepresidente do Eixo Atlántico de Cidades en 1993. Alcalde de Vigo de 1991 a 1995 e voceiro do grupo socialista de 1995 a xuño de 2003. De 1999 a febreiro de 2003 foi primeiro tenente de alcalde. Foi secretario xeral do PSdeG-PSOE de Vigo de 1998 a febreiro de 2003. Pertenceu ó Comité Federal do PSOE. Publicou diversos traballos relacionados coa pediatría.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura.

Senador por Pontevedra na VI e VII lexislaturas polo PSOE. Pertence ás Comisións de Agricultura, Gandería, Pesca e Alimentación e Orzamentos.



GONZÁLEZ SEARA, Luis

Naceu na Mezquita (Ourense) o 7 de xuño de 1936. Doutor en Ciencias Políticas pola Universidad Complutense de Madrid en 1967. Profesor de socioloxía de 1960 a 1967 na Facultad de Ciencias Económicas y Políticas de Madrid e na Escuela Oficial de Periodismo. Catedrático de socioloxía na Universidad de Granada en 1968. Decano da facultade de Ciencias Políticas da Universidade Complutense de 1971 a 1974, centro no que é catedrático na actualidade. Foi xefe da secretaría particular de Fraga Iribarne como ministro de Información y Turismo en 1962. Secretario xeral do Instituto de la Opinión Pública entre 1963 e 1969. Subdirector xeral de Orientación Pedagóxica do Ministerio de Educación en 1969. Foi presidente de Impulsa, S.A., a editora de *Cambio 16* entre 1971 e 1977. Foi secretario xeral do Instituto de Estudios Políticos. Foi secretario de Estado de Universidades e Investigación e ministro de Universidades e Investigación de abril de 1979 a febreiro de 1981. Participou con Francisco Fernández Ordóñez na formación da Agrupación Socialdemócrata e despois no nacemento do PSD, que terminará integrándose en UCD. Abandona a política activa en 1982. Foi comisario xeral de Europa 85 España celebrada en Bruselas (Bélxica). Presidiu o consello de administración do xornal *El Independiente* de 1987 a 1991. Presidiu o Club Siglo XXI de 1992 a 1994. Autor de numerosos artigos e ensaios e obras de socioloxía. Obtivo o Premio Nacional de Ensayo en 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na lexislatura Constituinte por UCD.

Deputado por Pontevedra no Congreso na I lexislatura por UCD.

En febreiro de 1982 ingresou no Grupo Mixto.

GONZÁLEZ SOLLA, Salvador

Naceu en Ponteareas (Pontevedra) o 1 de xullo de 1961. Enxeñeiro técnico agrícola pola EUITA de Valencia. Xerente da Fundación do Condado Paradanta. Concelleiro de Ponteareas e voceiro do seu grupo dende 1999. Presidente local do Partido Popular de Ponteareas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

GONZÁLEZ SUÁREZ, Fernando

Naceu en Ourense o 19 de novembro de 1929. Licenciado en Ciencias, sección de Químicas, pola Universidade de Santiago en 1951. Catedrático de Instituto de Física e Química dende 1961. Estivo destinado en Ponferrada, Mérida, Astorga e no Instituto Ramón Otero Pedrayo de Ourense durante 35 anos. Concelleiro de Ourense de 1971 a 1979, sendo alcalde accidental nos últimos meses. Foi candidato ó Senado nas eleccións de 1977. Foi delegado provincial da consellería de Educación en Ourense de 1982 a 1983. Foi deputado do Parlamento de Galicia de decembro de 1985 a novembro de 1997. Autor de numerosos traballos relacionados fundamentalmente coa arte ourensá. Colaborou con diversos medios de comunicación, singularmente con *La Región* e o *Faro de Vigo*. Na actualidade é director do gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular, na III polo Partido Popular-Centristas de Galicia e na IV polo Partido Popular. Na II lexislatura foi presidente da comisión de Educación e Cultura.

Na IV lexislatura foi secretario da Mesa do Parlamento e presidente da comisión do Plan de Financiamento das Universidades.

Foi vocal da comisión de Economía e Facenda. Foi voceiro suplente do Partido Popular na II, III e IV lexislaturas.

Actuou como relator en varias leis.


GONZÁLEZ VÁZQUEZ, Luis


Naceu en Monforte de Lemos (Lugo) o 3 de outubro de 1941. Doutor enxeñeiro de Montes pola Escola Técnica Superior de Madrid. Funcionario da Xunta de Galicia. Pertenceu a UCD dende a súa fundación ata a súa extinción. Militou despois en Coalición Galega ata 1990. Na actualidade é o delegado provincial en Lugo da consellería de Medio Ambiente.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD.

Foi vicepresidente primeiro da Comisión especial de Medio Ambiente e pertenceu ás Comisións de Agricultura, Transportes e Comunicacions.




**GRACIA PLAZA, Isidoro**

Naceu en Salamanca o 22 de setembro de 1946. Enxeñeiro técnico polas escolas de Sevilla e Córdoba e delineante industrial. Diplomado en Relaciones Laborales e técnico superior en Prevención de Riesgos Laborales en Madrid. Foi secretario de participación cidadá do PSOE de 1981 a 1989 e secretario de Federacións de UGT-Galicia de 1979 a 1982.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na I, II, III e IV lexislaturas polo PSOE.

Foi vicepresidente 1º de Comisión de Industria e Enerxía e vocal das Comisións de Obras Públicas e Transporte e Comunicacions.

**GRAÍÑO AMARELLE, Juan Antonio**

Naceu en Cabana de Bergantiños (A Coruña) o 15 de xuño de 1921. Licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago en 1944. Empresario, dedicado a diversos negocios relacionados fundamentalmente co sector agrícola. Presidente da Cámara Agraria da Coruña de 1970 a 1977. Deputado provincial entre 1974 e 1978. Foi conselleiro de Agricultura da Xunta de Galicia, na etapa preautonómica. Vivía na Coruña aínda que faleceu circunstancialmente en Madrid o 22 de decembro de 1978.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na lexislatura Constituínte por UCD. Presidiu a Comisión de Agricultura.

**GUERREIRO CARREIRAS, Ángel**

Naceu en Xermade (Lugo) o 28 de agosto de 1945. Cursos estudos de Ciencias Químicas na Universidade de Santiago. Iniciou a súa actividade política hacia 1968, con motivo das folgas universitarias en Santiago. Estivo defido en diversas ocasións durante o réxime de Franco. Participou na Xunta Democrática. Estivo presente na redacción do estatuto dos 16 e na comisión para a reforma do Estatuto, do que saíu o texto definitivo. Foi secretario xeral do PCG. Coordinador xeral de Esquerda Unida en Galicia. Deputado do Parlamento de Galicia na I e V lexislaturas. Presentouse ás eleccións ó Parlamento de Galicia de outubro de 2001 por Esquerda de Galicia pero non obtivo escano. Colabora coa prensa periódica.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo Partido Comunista e na V pola Coalición

PSdeG-PSOE/EU-EG/OS Verdes. Na V lexislatura foi vocal das Comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior, Economía, Facenda e Orzamentos; Sanidade, Política Social e Emprego e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

GURRIARÁN CANALEJAS, Julio (véx. Procuradores en Cortes)

GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ, Eduardo

Naceu en Ribadeo (Lugo) o 3 de febreiro de 1948. Profesor na Escola de Capacitación Agrária "Pedro Murias" de Ribadeo (Lugo). Concelleiro de Ribadeo de 1983 a 1987 e alcalde desa localidade entre 1987 e 1995 e deputado provincial ata 1997. Formou parte en diversas ocasións do consello nacional do BNG, formación na que se integrou no seu comezo procedente do PSG. Neste partido foi membro da secretaria xeral colexiada como secretario de Formación. Preside a Agrupación Cultural "Francisco Lanza" de Ribadeo dende 1978. Foi o primeiro presidente da Federación de Asociacións Culturais. É autor de diversas obras de tipo ensaístico.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi voceiro de medios de comunicación do seu grupo parlamentario.

Vocal das Comisións de Educación e Cultura; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Na VI lexislatura é membro das comisións de Educación e Cultura e Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

H

HARGUINDEY BANET, Gerardo

Naceu en Lugo o 29 de maio de 1937. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago en 1960. Foi vicesecretario Xeral do Instituto Social da Mariña (1970-1977), subsecretario do Ministerio de Traballo (1977-1982) e Inspector Xeral de Servicios da Administración Pública (1988-1990).

Desempeñou diversos cargos na dirección nacional de UCD (1977-1982) e do CDS (1982-1988). Foi director xeral de Fénix Castellana e de Ibermutuamur de 1990 ata o seu falecemento. Tiña un despacho profesional de avogado en Madrid, cidade onde vivía dende 1970. Pertencía á Orden del Mérito Civil e á Orden del Mérito Constitucional. Faleceu en Madrid o 25 de setembro de 1998.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na lexislatura Constituínte por UCD. Foi ademais deputado no Congreso por Madrid na IV lexislatura dentro do Grupo Parlamentario do Centro Democrático y Social e senador por Madrid.

**HERNÁNDEZ CERVIÑO, Guillermo**

Naceu en Vigo en 1947. Licenciado en Filosofía. Catedrático. Membro do Comité Nacional Galego do PSG-PSOE. Membro da executiva da agrupación socialista de Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso por Pontevedra na VII lexislatura polo PSOE. Vocal das Comisións de Defensa; Agricultura, Gandería e Pesca; Infraestructuras e Comisión Mixta para o Estudio do Problema das Drogas.

**HERNÁNDEZ COCHÓN, José María**

Naceu en Pontevedra o 15 de xaneiro de 1938. Cursou a carreira de Medicina en Santiago e Valladolid, especializándose en Saúde Pública na Escola Nacional de Sanidade. Obtivo tamén a especialidade en Microbioloxía e Análisis Clínicos. Ingresou no corpo de Sanidade Nacional desenvolvendo a súa actividade profesional en distintas localidades galegas. Pertence ó corpo médico da Mariña Civil. Foi xefe provincial de Sanidade nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Foi o primeiro conselleiro de Sanidade do goberno autónomo de Galicia. Académico correspondente de

Medicina de Galicia. Pertence á executiva galega do Partido Popular. Conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais da Xunta de Galicia dende 1996 a decembro de 2001. Dende esta data á actualidade é Conselleiro de Sanidade. Autor de diversos traballos científicos sobre temas sanitarios.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e na III polo Partido Popular.

Presidiu a Comisión non Permanente para o Estudio das repercusións socioeconómicas e sanitarias do narcotráfico en Galicia.

Senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na IV lexislatura e pola Coruña na V lexislatura polo Partido Popular.

Nesta lexislatura foi membro da Mesa do Senado e ponente para a Reforma Constitucional do Senado.

Deputado pola Coruña no Congreso na VI lexislatura polo Partido Popular.

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

HERVELLA MARTÍNEZ, Antonio

Naceu no Barco de Valdeorras (Ourense) en 1935. Licenciouse en Dereito na Universidade de Madrid en 1961. Xerente e empresario da construción no Barco de Valdeorras. Alcalde do Barco de 1983 a 1987 por Coalición Popular. Foi o primeiro presidente da Mancomunidade do Barco de Valdeorras, de 1985 a 1987. Deputado provincial de 1983 a 1987. Foi asesor do conselleiro de Agricultura da Xunta de Galicia pouco antes de ser senador, de 1996 a 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Senador por Ourense na V lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura; Réxime interior e Comisión de fondos de cooperación coas Comunidades Autónomas.

IGLESIAS CACICEDO, Benito

Naceu en Vigo o 15 de abril de 1923. Mestre industrial mecánico. Diplomado en Capacitación Social. Foi xefe da Sección de Montaxes en Citroën Hispania de Vigo e director da Escola de Formación Profesional da mesma empresa. Estivo afiliado ó Sindicato Independente de Citroën. Militou en Alianza Popular dende 1981. Faleceu en Vigo en 1997.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

**IGLESIAS CORRAL, Manuel (véx. Deputados nas Cortes da IIª República)****IGLESIAS RIVERA, Juan Manuel**

Naceu en Ourense o 21 de abril de 1939. Doutor en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. Avogado laboralista. Foi funcionario do Ministerio de Traballo en Ourense. En 1977 ingresou no PSP (Partido Socialista Popular) e organizou ese partido en Ourense, do que foi secretario provincial. Coa fusión co PSOE pasou a ser secretario provincial de Formación. Foi concelleiro de Ourense nas eleccións locais de 1979 e pertenceu á comisión de goberno no concello. Foi director xeral na conselle-



ría de Traballo durante a etapa da Xunta preautonómica. Gobernador civil de Lugo de 1982 a 1996. Letrado na delegación provincial de Ourense da consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE. Iº PSOE Ourense.
 Foi presidente da Comisión de Sanidade, Traballo e Emprego.



IRIBARREN FERNÁNDEZ-ROGINA, Tomás

Naceu en Pontevedra o 15 de setembro de 1955. Licenciado en Dereito pola Universidade de Deusto. Avogado. Membro das xuntas local e provincial do Partido Popular. Foi tenente de alcalde de Pontevedra e voceiro do grupo popular no concello. Presidiu a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra de 1996 a xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e parte da IV lexislaturas polo Partido Popular.

Secretario de Mesa do Parlamento de Galicia.

Presidiu a Comisión de Seguimento e Control do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

— J —

JANZA MUÑIZ, Paula



Naceu o 12 de maio de 1975. Estudante de Dereito. Tenente de alcalde de O Grove. Presidenta Local de Novas Xeracións de O Grove. Membro do Comité provincial de Novas Xeracións de Pontevedra. Vicesecretaria xeral de Organización de Novas Xeracións de Galicia. Membro da Xunta Directiva Rexional do Partido Popular. Secretaria de Muller no Comité provincial do PP de Pontevedra e secretaria de Igualdade no Comité Nacional de Nuevas Generaciones.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Control do Compañie da Radio Televisión de Galicia.

JUANA LÓPEZ, Jesús de

Naceu en Molina de Aragón (Guadalaxara) o 4 de xullo de 1949. Licenciado en Filosofía e Letras (Sección de Historia) pola Universidade Complutense de Madrid en 1974. Doutor en Historia en 1979. Profesor de Historia Contemporánea no Colexio Universitario de Ourense, dependente da Universidade de Santiago, dende 1976. Foi director dese Colexio Universitario de 1988 a 1989. Vicerrector do Campus de Ourense da Universidade de Vigo de 1989 a 1993. Catedrático de Historia Contemporánea na Facultade de Humanidades de Ourense dende 1993. Director do centro asociado da UNED en Ourense de 1994 a 1996 e dende 2000 ata a actualidade. Gobernador civil e subdelegado do Goberno en Ourense de xuño de 1996 ó mesmo mes de 2000. É autor de numerosas publicacións sobre Historia contemporánea.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na VI lexislatura polo Partido Popular.
 Foi membro das comisións Constitucional e de Educación e Cultura.

JUNCAL RODRÍGUEZ, Juan Manuel

Naceu en Ferrol en 1958. Licenciouse en Ciencias Económicas na Universidade de Santiago en 1983. É auditor de contas. Exerceu como economista na Coruña ata 1986. Posteriormente estableceuse en Ferrol por conta propia. Afiliouse a Alianza Popular en 1977 e é membro do comité local do Partido Popular de Ferrol dende xullo de 1997. É presidente local do Partido Popular de Ferrol dende xuño de 2000. Alcalde de Ferrol dende xuño de 2003.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.
 Na V lexislatura foi vicepresidente da Comisión de Relacións co Consello de Contas e vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Pesca e Acuicultura.
 Na VI lexislatura foi presidente de comisión de Relacións co Consello de Contas e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

L

**LABARTA FERNÁNDEZ, Eugenio Santiago**

Naceu en Santiago de Compostela o 28 de setembro de 1949. Doutor en Ciencias Biolóxicas. Investigador do CSIC. Foi secretario e director do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo. Foi consultor para a planificación da investigación mariña da consellería de Pesca e secretario do programa nacional de Recursos mariños e acuicultura. Autor de numerosas publicacións científicas sobre a pesca e acuicultura e diversos ensaios relacionados con esta especialidade. Foi membro de Unidade Galega e de Esquerda Galega e encabezou como independente a candidatura do PSOE pola provincia de Pontevedra nas eleccións autonómicas de 1993.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV legislatura polo PSOE.

Foi voceiro do seu grupo na comisión de Pesca e Marisqueo e vicepresidente da comisión especial de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

**LAGE LAGE, José**

Naceu en Foncuberta-Maceda (Ourense) o 18 de xuño de 1938. Mestre e licenciado en Ciencias Económicas, carreira que cursa en Madrid e remata en Barcelona. Traballou na organización sindical do réxime anterior e foi xefe de sección de Administración Local sindical. Concelleiro en Maceda e Ourense de 1974 a 1979. Foi deputado provincial. Ingresou en UCD en 1978. Membro do consello de administración de Caixa Ourense. Secretario da Confederación Empresarial de Ourense de 1977 a 1981. Foi xefe de sección do gabinete técnico do goberno civil e xefe da área de Cultura e Patrimonio na delegación provincial da consellería de Cultura e Xuventude de Ourense. Membro do comité executivo provincial do Partido Popular. É funcionario do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia. Foi delegado provincial de Ourense da consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais. É delegado provincial de Ourense da consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións laborais dende o 6 de febreiro de 2003.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I legislatura por UCD e, polo Partido Popular, na III e IV legislaturas.

Foi membro da Deputación Permanente. Pertencou ás Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Comisión de Relacións co Consello de Contas.

LAGO LAGE, Luis Angel

Naceu en Rábade (Lugo) o 2 de outubro de 1957. Diplomado en EXB en 1978. Licenciado en Geografía e Historia pola Universidad Complutense de Madrid en 1985. Funcionario docente (mestre) dende 1979. Profesor de ensino secundario no Instituto Basanta Silva de Vilalba (Lugo) dende 1999. Afiliado ó PSOE e UGT dende maio de 1984. Actualmente é secretario de Política Municipal e Acción Institucional do PSdeG-PSOE. Vicesecretario xeral da agrupación local de Lugo. Membro ca Comisión Executiva Nacional galega do PSdeG-PSOE dende 1998. Concelleiro de Cervo de 1990 a 2000. Deputado provincial e voceiro do grupo socialista na Deputación de Lugo de 1995 a 2000.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na VII lexislatura polo PSOE. Pertence ás Comisións de Incompatibilidades e Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.

LAREO LÓPEZ, Ramón

Naceu en Anzo-Lalín (Pontevedra) en 1918. Comezou a traballar no campo dende moi neno. Participou na guerra no bando nacional. Empresario agrícola e gandeiro e empresario da construción en Lalín. Faceu nesa localidade o 22 de marzo de 1984.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.



LOBEIRA DOMÍNGUEZ, Bieito

Naceu en Seixo-Marín (Pontevedra) en 1968. Cursou o bacharelato. Iniciou a súa actividade política como membro de ERGA (Estudantes Revolucionarios Galegos). Foi membro do Sindicato Galego de Traballadores do Mar (INTG) e secretario xeral de Galiza Nova de 1992 a 1996. Foi responsable de mocidade na comisión permanente e no consello nacional do BNG.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi secretario da Comisión Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e vocal da Comisión de Pesca e Marisqueo.

Na VI lexislatura é secretario da comisión de Relacións co Consello de Contas e vocal da comisión de Pesca e Marisqueo.





LÓPEZ ABELLA, María Susana

Naceu en Taboada (Lugo) o 14 de maio de 1967. Cursou estudos de Ciencias Empresariais. Colexiada en período polo Colexio Profesional de Periodistas de Galicia. Delegada e locutora de Radio Faro de Chantada entre 1990 e 1999. Concelleira de Cultura e Relacións Institucionais en Chantada. Membro do Comité Executivo Provincial do Partido Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.
É secretaria da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego



LÓPEZ BESTEIRO, Manuela

Naceu en Tordea-Castroverde (Lugo) o 26 de maio de 1941. Mestra nacional e licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona. Diplomada en Psicoloxía pola Escola de Psicoloxía de Madrid. Especialista en Educación infantil e de adultos. Foi mestra e profesora de bacharelato en centros públicos e privados de Lugo e Madrid. Inspectora de Instituto de Bacharelato. Inspectora xefe de Educación en Lugo. Delegada da consellería de Educación en Lugo. Membro do comité provincial do Partido Popular de Lugo e do comité rexional de Galicia. Conselleira

de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude dende 1993 a xaneiro de 2003. Concelleira e portavoz do grupo municipal do Partido Popular no concello de Lugo dende xuño de 2003. Presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago dende o 24 de xullo de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.
É vicepresidenta da Comisión de Educación e Cultura e vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego;
Control da Compañía da RTVG: Control e Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

LÓPEZ CASAS, Manuel

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) en 1948. Diplomado en Maxisterio. Profesor de ESO especialista en Lingua galega destinado no Instituto Cidade de Antioquia, de Xinzo. Anteriormente estivo destinado en Pontevedra e noutro centro escolar no mesmo Xinzo. Concelleiro de Xinzo entre 1979 e 1983 e de 1999 a 2001. Tenente de alcalde da mesma localidade de 1987 a 1991 e de 1991 a 1995. Vocal da mancomunidade de concellos da Limia de 1987 a 1995. Delegado provincial en Ourense da consellería de Xustiza de 1993 a 1997. Director xeral de Desenvolvemento Rural da consellería de Agricultura de xaneiro a decembro de 2001. Dende xaneiro de 2002 á actualidade é

delegado en Ourense da consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Secretario da xunta local do Partido Popular de Xinzo e secretario adxunto do comité provincial do mesmo partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Presidente da Comisión de relacións co Consello de Contas; vicepresidente da Comisión de Obras Públicas e vocal das Comisións de Educación e Cultura; Agricultura e Asuntos europeos.

LÓPEZ DÍAZ, José Atilano

Naceu en Paradela (Lugo) o 21 de marzo de 1952. Diplomado en Maxisterio. Foi director do colexio "Ramón de Artaza" de Muros e actualmente é profesor no IES "As Insuas" da mesma localidade. Concelleiro en Muros dende 1991. Presidente local do Partido Popular de Muros dende 1991. Dende 1999 é concelleiro de Muros, na área de Educación, Cultura e Deportes.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións Institucional; Administración Xeral; Xustiza e Interior e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

LÓPEZ DÍAZ, Victoria Eugenia

Naceu en Sarria (Lugo) o 11 de setembro de 1959. Graduada social con asesoría propia en Sarria dende 1983. Exerce ademais dende 1984 como procuradora ante os tribunais no Xulgado de Primeira Instancia de Sarria.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

LÓPEZ FACAL, Xoan Xosé Brais

Naceu en Toba-Cee (A Coruña) o 3 de febreiro de 1940. Enxeñeiro industrial superior pola Escola Técnica Superior de Ingenieros Industriales da Universidad Politécnica de Madrid de 1957 a 1965 e licenciado en Ciencias Económicas polas Universidades de Santiago de Compostela (1968/72) e Complutense de Madrid (1972/74). Profesor asociado da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo), como docente no Departamento de Enxeñería Química. Desenvolveu a súa actividade profesional como enxeñeiro industrial en diversas



empresas de Pontevedra e Vigo entre 1966 e 1971. Traballou como economista no Banco Popular Español en Madrid en 1972 e 1973, en INTECSA (Grupo Banco Central) na mesma localidade en 1973-1974. Foi economista de SODIGA (Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia) en Santiago de 1987 a 1999. Autor de numerosas publicacións sobre a economía galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña na III lexislatura polo PSdeG-EG.



LÓPEZ GARCÍA, Sergio

Naceu en Burela (Lugo) en 1967. Licenciado en Ciencias Económicas. Director dunha empresa de audiovisual de 1992 a 1995. Secretario da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Burela de 1991 a 1993. Concelleiro de Burela dende maio de 1995 a maio de 2003. Foi primeiro tenente de alcalde, e ocupou as concellerías de Economía, Facenda e Patrimonio e Comercio e Industria. Secretario de Pesca do Partido Popular de Galicia dende outubro de 1995. Na actualidade adícase á empresa privada.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi vicepresidente da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego; Pesca e Acuicultura e Relacións co Consello de Contas.

Na VI lexislatura foi vocal das comisións Sanidade, Política Social e Emprego; Pesca e Marisqueo e Relacións co Consello de Contas.



LÓPEZ GARRIDO, Claudio

Naceu en Vigo o 20 de abril de 1948. Licenciado en Ciencias Económicas pola universidade de Bilbao. Bolseiro no laboratorio de economía rural de Grignon (Francia). Traballou no Instituto Nacional de Investigacións Agrarias. Afiliase ó PSG en 1974. Membro da secretaría xeral do PSG e máis diante da do PSG-EG. Investigador no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (A Coruña). Autor de diversas publicacións sobre a economía galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSG.

LÓPEZ GUERRERO, Angel José

Naceu en Olmeda de Jadraque (Guadalaxara) o 1 de Outubro de 1926. Graduado social pola Escola de Traballo Social de Santiago en 1953. Diplomado en Periodismo pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo (Santander) en 1953. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1958. Especialista en Anestesioloxía e Reanimación. Profesor axudante da Facultade de Medicina de Santiago de 1959 a 1963. Comezou a traballar no Hospital Clínico de Santiago en 1958. Xefe de sección do Servicio de Anestesia e Reanimación de 1971 a 1996 e director da unidade de dor do Hospital Xeral de Galicia e Hospital Gil Casares de 1989 a 1996. Concelleiro en Santiago dende 1963 a 1970. Terceiro tenente de alcalde en 1964 e segundo en 1966. Presidente da Democracia Cristiana de Galicia en 1988. Presidente do Real Aeroclub de Santiago. Presidente de honra da Sociedad Deportiva Compostela. Autor de diversas publicacións sobre temas da súa especialidade. Pertence á distintas sociedades médicas. Colaborou con diversas publicacións periódicas.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular.

Pertenceu ás Comisións de Agricultura, Gandería e Pesca e Comisión Mixta de Investigación e desenvolvemento Tecnolóxico.

LÓPEZ NOCEDA, José María

Naceu en San Xusto de Cabarcos-Barreiros (Lugo) o 25 de xullo de 1931. Profesor mercantil pola Escuela de Altos Estudos Mercantiles da Coruña. Xestor administrativo. Foi director de Banesto na zona norte da provincia de Lugo. Alcalde de Lourenzá de 1973 a 1989. Foi concelleiro con posterioridade. Presidiu a Mancomunidade de Municipios da Mariña Luguesa, da que foi un dos seus fundadores a principios da década dos oitenta. Xubilado na actualidade.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular.

Presidiu a Comisión de Control da Compañía de RTVG. Pertenceu ás Comisións de Agricultura, Alimentación,

Gandería e Montes; Pesca e Marisqueo e Relacións co Consello de Contas.



LÓPEZ OUTEIRAL, Jesús Manuel

Naceu en Boiro (A Coruña) o 27 de outubro de 1962. Licenciado en Filoloxía Xermánica, subsección de Inglés, pola Universidade de Santiago. Funcionario docente de bacharelato dende 1991. Concelleiro polo PP en Boiro dende 1987 e 1º tenente de alcalde dende 1995. Secretario de Alianza Popular de Boiro en 1987. Presidente do comité local do Partido Popular en Boiro dende 1993.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Foi vicepresidente da comisión de Educación e Cultura e vocal das Comisións de Pesca e Marisqueo;

Regulamento e Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia.

Na V lexislatura foi vicepresidente da Comisión de Educación e Cultura e vocal das Comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Pesca e Acuicultura. Na VI lexislatura é voceiro da comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e pertence tamén ás comisións de Asuntos Europeos e Educación e Cultura.



LÓPEZ PARDO, Margarita

Naceu en Ferrol o 29 de xuño de 1942. Mestreira. Concelleira de Ferrol polo Partido Popular de 1986 a 1990 e dende 1999 a 2003. Membro da xunta directiva do PP de Ferrol e da xunta directiva provincial do mesmo partido.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senadora pola Coruña na IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións de Defensa, Publicidade e Comisión Mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas.



LÓPEZ PÉREZ, Emilio

Naceu en Sindrán-Monforte de Lemos (Lugo) o 4 de abril de 1952. Licenciado en Socioloxía e Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid. Dedicase á agricultura. Milita no nacionalismo dende 1976, ano no que se crean na clandestinidade as Comisións labregas (CC.LL.), das que é membro fundador. Foi o seu secretario xeral entre 1982 e 1989 e secretario de acción sindical ata 1993.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servizos e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Na VI lexislatura é vocal da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

LÓPEZ VEIGA, Enrique César

Naceu en A Coruña o 1 de febreiro de 1947. Licenciado en Bioloxía. Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Obtivo o Grao de Bachelor of Administration na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de África do Sur. Foi conselleiro de Pesca do Goberno Autónomo de Galicia no primeiro goberno de Manuel Fraga. De 1997 a xullo de 1998, foi xefe de Gabinete do Presidente do Parlamento Europeo, José María Gil-Robles y Gil Delgado. Foi director xeral de Finanzas e do Control Financeiro do Parlamento Europeo. Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia dende decembro de 2001.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

LÓPEZ VIDAL, Pablo Javier

Naceu en Sobrado do Bispo-Barbadás (Ourense) en 1968. Licenciado en Dereito pola Universidad Complutense de Madrid. Exerce a avogacía. Concelleiro en Barbadás. É secretario xeral da agrupación socialista de Barbadás. Secretario executivo provincial do PSdeG-PSOE. Membro do Comité Federal de Revisión de Cuentas.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSdeG-PSOE. É vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Regulamento.

LOSADA DE AZPIAZU, Francisco Javier

Naceu na Coruña en 1955. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1978. Especialista en Anestesioloxía e Reanimación. Médico adxunto da Seguridade Social, con destino no Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo de Oza. Tenente de alcalde do concello da Coruña dende 1983 ata a actualidade; foi coordinador da área de Facenda e Interior. É voceiro da comisión de goberno no concello. Membro do comité executivo galego do PSdeG-PSOE e da executiva federal. É secretario xeral da Agrupación do PSdeG-PSOE da Coruña. Pertence ó Comité Nacional Galego do mesmo partido. Dende xuño de 2003 é primeiro tenente alcalde do concello coruñés e responsable da área de Facenda, Interior e Promoción económica.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo PSOE. Foi vocal das Comisións de Regulamentos e Industria.

**LOURO GOYANES, Antonio**

Naceu en Carnota (A Coruña) en 1952. Licenciado en Ciencias Químicas. Profesor numerario no Ensino medio e diplomado en dirección e xestión empresarial. Na súa xuventude vinculouse ó Partido Socialista Galego e en 1977 ingresou no PSOE. Foi subdirector xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia en 1987-1990. Foi presidente do Ateneo de Pontevedra. Foi presidente da agrupación do PSdeG-PSOE de Pontevedra, secretario de Cultura da Comisión Executiva Nacional Galega e concelleiro de Pontevedra.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo PSOE.

Na V lexislatura foi vocal das comisións de Educación e Cultura; Pesca e Marisqueo e Comisión de Control da CRTVG.

Na VI lexislatura é vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Educación e Cultura e Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

LOVELLE ALÉN, María del Carmen

Naceu en Ourense en 1941. Profesora de EXB. Foi unha das precursoras da Asociación del Magisterio, que máis tarde transformábase en sindicato. Concelleira en Verín polo tercio familiar en 1974. Alcaldesa desa localidade en 1979 por Alianza Popular, partido ó que se afiliou en 1977. Foi deputada provincial.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

M**MADARRO GONZÁLEZ, María Elisa**

Naceu en Lugo en 1948. Profesora de EXB, Graduada Social e psicóloga. Profesora na especialidade de Pedagogía terapéutica. Concelleira da Coruña dende 1987. Pertence ós comités executivos local e provincial do Partido Popular. Secretaria executiva de Formación do Partido Popular de Galicia. Delegada provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais na Coruña dende xaneiro de 2003.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo

Partido Popular. Na V lexislatura foi presidenta da Comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio ambiente e Servizos e vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego; Igualdade e dereitos da muller; Asuntos europeos; Seguridade vial

e Comisión Bemposta.

Foi vocaíra suplente do Grupo Parlamentario Popular.

Na VI lexislatura é presidenta da comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios e vocal das comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Control da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

MANTILLA RODRÍGUEZ, Carlos

Naceu en Sober (Lugo) o 30 de xuño de 1944. Perito e Profesor Mercantil en 1959 e 1962 respectivamente, pola escola de Comercio de Vigo. Licenciado en Ciencias Económicas e Comerciales en 1966 pola escola de Bilbao. Profesor Titular de Universidade dende 1981 na Universidade de Vigo. Auditor-Censor Xurado de Contas. Asesor Fiscal-Contable. Concelleiro de Vigo entre 1983 e 1991. Vicepresidente da Deputación de Pontevedra entre 1987 e 1991. Membro do comité executivo do PP de Galicia de 1989 a 1991. Presidente da comisión nacional de Pesca do Partido Popular dende 1996. Presidente do Partido Popular de Vigo de 1987 a 1991. É vocal da xunta directiva do Colegio Oficial de Titulados Mercantiles de Pontevedra.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na IV lexislatura polo Partido Popular. Foi secretario 1º da comisión de Seguimieto del Fondo de Compensación Interterritorial e membro das comisións de Presupuestos e Especial de Publicidad.

Deputado por Pontevedra no Congreso na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Na VI lexislatura foi secretario primeiro da Comisión de Orzamentos e vocal da Comisión de Agricultura, Gandería e Pesca.

Na VII lexislatura é vocal da Comisión de Presupuestos e voceiro adxunto da Comisión de Agricultura, Gandería e Pesca.

Foi relator de Ley de Sociedades de Responsabilidad Limitada, de Ley de Pesca marítima e da Ley del Parque Nacional Marítimo Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia.

MARFANY OANES, Enrique

Naceu na Coruña o 26 de febreiro de 1943. Licenciado en Ciencias Económicas en 1970 pola Universidade de Málaga. Comeza a súa vida profesional como funcionario do corpo especial de economistas da AISS. En 1971 é nomeado director provincial de Asuntos Económicos e secretario xeral do Consello de Empresarios. Foi director provincial do Instituto para la Reforma de las Estructuras Comerciales (IRESCO). En 1977 comeza a súa vida política no Partido Gallego Independiente (PGI) e despois en UCD ó integrase aquel partido na mesma. Presidente da Deputación provincial da Coruña de 1979 a 1987, primeiro por UCD e despois pola coalición electoral AP-PDP-UL. En 1982 é elixido presidente da UCD de Galicia e posteriormente, membro do Consello Executivo Nacional, cargos nos que permanece ata a desaparición desta formación política. Despois da desaparición de UCD ingresou no PDP. Foi membro do consello de administración do Banco de Crédito Local. En 1987 preséntase ás eleccións locais ó fronte da Coalición Progresista Galega integrada por Coalición Galega,



Partido Liberal e PDP de Galicia, tras que se retira da vida pública. En 1996 reaparece de novo como fundador de "Democracia Galega", formación política de ámbito galego que presidiu ata xullo de 2002. Integrouse no Partido Popular en setembro de 2002. Pertence ó corpo superior da Xunta de Galicia e na actualidade está destinado na delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio na Coruña. Autor de diversas publicacións, fundamentalmente artigos, sobre economía galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na III lexislatura por Coalición Popular (AP/PDP/UL).

En outubro de 1986 ingresou na Agrupación de Senadores do Partido Demócrata Popular dentro do Grupo Mixto.

En marzo de 1988 abandonou esta Agrupación, permanecendo no Grupo Mixto.

Foi vocal da Comisión de Comunidades Autónomas e Organización Administrativa.

=====
MARIÑO CAMPOS, Pedro Manuel



Naceu en Forcarei (Pontevedra) o 16 de setembro de 1947. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1970. Profesor da Facultade de Medicina de Santiago en 1973 e 1974. Especializouse en cardioloxía en Madrid entre 1975 e 1979. Médico inspector do Instituto Nacional de Previsión dende 1977. Especialista en Xestión e Xerencia de hospitais. Director do hospital de Ourense en 1978 e 1979. Inspector xeral dos hospitais de Madrid de 1979 a 1981. Director do Insalud de Galicia en 1983 e 1984. Director da Inspección Médica de Galicia en 1985. Director xerente do Hospital de la Fe (Valencia) en 1985 e 1986. Director xerente do Hospital Xeral de Galicia (Santiago) de 1987 a 1990. Director xerente do Hospital Provincial Médico Cirúrxico de Conxo en 1991 e 1992. Foi delegado do ministerio de Sanidade en Galicia. Secretario de Saúde na Comisión executiva de Galicia do PSdeG-PSOE entre 1983 e 1997. Exerce na actualidade como médico de Atención Primaria en Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Industria e Sanidade.

Foi voceiro do Grupo Parlamentario Socialista.

=====
MARÓN BELTRÁN, Carmen



Naceu en Samos (Lugo) o 20 de novembro de 1944. Graduada Social. Oficial da Administración de Xustiza dende 1969. Na actualidade está en situación de servizos especiais, con destino no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Concelleira da Coruña dende 1987. Pertenceu á comisión municipal de goberno como tenente de alcalde da área de Medio Ambiente. Dende xuño de 2003 é segunda tenente de alcalde do concello coruñés e responsable da área de Benestar e Cultura.

Membro da executiva galega do PSOE dende 1988. Membro do comité federal do PSOE. Membro da Comisión de Función Pública e Seguimiento Lexislativo da FEMP.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Congreso na VI e VII lexislaturas polo PSOE.


Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Política Social y Empleo; Réximen das Administracións Públicas e Medio Ambiente.

Na VII lexislatura pertenceu ás Comisións Medio Ambiente e Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo.

É membro da Deputación Permanente.

MARQUES DE MAGALLANES, Adriano

Naceu en San Gregorio-Melgaço (Portugal) o 10 de xullo de 1925. Licenciado en Dereito e Graduado Social. Avogado e empresario. Membro do consello da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra de 1992 a 2000. Cónsul xeral da República del Ecuador de 1968 a 1999. Concelleiro de Vigo de 1983 a 1987. Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra de 1983 a 1987. Foi conselleiro da Radio-Televisión de Galicia. Pertence á real Academia de Bellas Artes de Granada, á Academia de Letras e Artes (Portugal), á Sociedade de xeografía de Lisboa e ó Instituto Brasileiro de Cultura Hispánica. Ostenta a Encomienda de número Isabel la Católica, a Gran Cruz al Mérito nacional de la República del Ecuador e a Encomienda Infante D. Henrique de Portugal. É fillo adoptivo dos concellos de Baiona (Pontevedra) e Padrenda (Ourense).



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na III lexislatura por Coalición Democrática.

Foi vocal da Comisión de Asuntos Exteriores.

Senador por Pontevedra na VI lexislatura polo Partido Popular.

Foi secretario primeiro da comisión de Asuntos Exteriores e vocal da de Tránsito e Seguridade Social.

MARTÍN ALONSO, María

Naceu en Pontevedra o 21 de febreiro de 1973. Era diplomada en Ciencias Empresariais. Era tenente de alcalde do concello de Moaña. Faleceu nun accidente de circulación no termo municipal de Valga (Pontevedra) o 24 de maio de 2002.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

Foi vicepresidenta da comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.





MARTÍN AMARO, Ignacio Juan

Naceu en Alacante o 15 de agosto de 1944. Cursou a carreira de Dereito na Universidad Central de Madrid entre 1963 e 1968 e a de Ciencias Empresariais polo I.C.A.D.E. da mesma cidade entre 1963 e 1969. Dende setembro de 1969 a xullo de 1972 traballou en Madrid en diversas entidades. De agosto de 1972 a xullo de 1974 foi xefe de persoal de Barreiros Orense, S.A. De xullo de 1974 a outubro de 1975 foi xefe de persoal de Citroën Hispania, S.A. en Vigo. De outubro de 1975 a decembro de 1989 ocupou o mesmo cargo en Caixa Ourense. Entre 1976 e 1982 compaxinou o seu labor en Caixa Ourense cun despacho laboralista-fiscal. En abril de 1991 é nomeado secretario xeral técnico en Caixa de Ourense. Na actualidade é prexubilado de Caixa Nova. Afiliouse a Alianza Popular en 1979. Dende 1997 pertence ó comité executivo do Partido Popular.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular.

Foi secretario primeiro da Comisión de Trabajo e Seguridade Social.



MARTÍN SUÁREZ, Alfonso Tomás

Naceu en Vigo o 27 de decembro de 1936. Perito Mercantil pola Escuela de Comercio de Vigo. Empresario. Alcalde de Marín de 1968 a 1973. Foi presidente de Alianza Popular en Marín. Formou parte da xunta provincial do mesmo partido. Está xubilado na actualidade.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na II lexislatura por Alianza Popular.

Pertenceu á comisión de Administraciones Públicas.

MARTÍNEZ ANEIROS, Antonio

Naceu en Narón (A Coruña) o 3 de xuño de 1933. Cursou estudos eclesiásticos de filosofía e teoloxía. É Graduado Social. Ordenouse en 1959, aínda que se secularizou en 1974. Foi alcalde de Narón en dúas lexislaturas seguidas e vicepresidente da Mancomunidade de Municipios da Ría de Ferrol. Director dunha promotora inmobiliaria.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo Partido Socialista Galego-Esquerda Galega.

MARTÍNEZ GARRIDO, Manuel

Naceu en Cuenca o 2 de xaneiro de 1934. Enxeñeiro de Montes dende 1959 e doutor na mesma disciplina. Enxeñeiro da sección do Patrimonio Forestal da Coruña en 1962. Enxeñeiro xefe do Patrimonio Forestal do estado en Lugo en 1969. Xefe provincial do ICONA en Lugo en 1972. Xefe do servizo de Produción Forestal de Lugo en 1983. Director xeral e Montes e Medio Ambiente Natural da Xunta de Galicia en 1985. En 1987 foi nomeado xefe do servizo de produción forestal en Lugo. Dende 1990 é sefe do servizo de Montes e Industrias Forestais en Lugo.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular. Nesta última lexislatura presidiu a Comisión de Pesca e Marisqueo e foi vocal nas Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Relacións co Consello de Contas.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Fernando

Naceu en Vilalba (Lugo) o 11 de novembro de 1952. Licenciado en Económicas pola Universidade de Santiago. Técnico de banca. Militou na UPG e ingresou no PSG en 1969. Tivo diversos cargos no PSOE e na UGT. Alcalde de Cerceda dende 1992. Foi xefe de gabinete do presidente da Xunta de Galicia en 1987-1990. Foi membro do comité nacional do PSOE e membro da comisión executiva da UGT de Galicia.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Parlamento de Galicia na I lexislatura pola Comuña e na II por Lugo polo PSOE.

MARTÍNEZ LARRÁN, Julián

Naceu en Vigo o 17 de maio de 1928. Cursou a carreira de Dereito na Universidade de Deusto entre 1945 e 1950. Foi secretario técnico de Acción Social Empresarial en Vigo entre 1960 e 1972. Foi membro da UDE (Unión Democrática Española), o partido de Silva Muñoz. Con posterioridade ingresou en Alianza Popular. Membro do consello de administración de diversas sociedades. Avogado e asesor de empresas. Foi avogado da Caixa de Aforros de Vigo e secretario do seu consello de administración entre 1971 e 1993.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular. Foi presidente da comisión de Hacienda e vocal das comisións de Pesca e Industria.



MARTÍNEZ LOSADA, Miguel José

Naceu na Coruña o 21 de febreiro de 1946. Licenciado en Ciencias Químicas pola Universidade Complutense de Madrid en 1969. Técnico de Prevención de Riscos laborais. Traballou como químico nunha empresa en Bilbao entre 1970 e 1973. Funcionario do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo, destinado no Gabinete de Seguridad e Higiene da Coruña de 1973 a 1983. Dende 1992 é xefe do Departamento de Higiene Industrial do Centro de Seguridad e Higiene da Coruña. Foi profesor na Escuela de Graduados Sociales de 1975 a 1983. Tenente de Alcalde e voceiro do grupo municipal socialista na Coruña entre 1983 e 1986.

Deputado provincial de 1983 a 1986. Membro do consello de administración da CRTVG entre 1984 e 1986. Foi gobernador civil de Pontevedra de 1986 a 1987. Conselleiro de Traballo e Servicios Sociais da Xunta de Galicia de 1987 a 1990. Foi secretario xeral da agrupación socialista coruñesa de 1980 a 1983 e secretario xeral da comarca da Coruña de 1981 a 1983. Foi membro da comisión executiva galega do PSOE. Desempeñou actividades sindicais dentro da UGT.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSdeG-PSOE.

Pertenceu ás Comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Sanidade e Servicios Sociais e Pesca.

Foi membro da Deputación Permanente.



MARTÍNEZ NÚÑEZ, Manuel

Naceu en Baralla (Lugo) o 12 de setembro de 1954. Diplomado en Maxisterio e licenciado en Pedagogía. Exerceu como mestre durante vintetrés anos. Pertence ó PSOE dende 1979. Membro da executiva galega dese partido dende 1982, coordinador comarcal da Montaña Luguesa dende 1989 e membro da coordinadora provincial de Lugo dende 1996. Na actualidade é director do CEIP "San Xoán" de Becerreá, concelleiro desa localidade e voceiro do PSOE na Deputación Provincial de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na III e IV lexislaturas polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Agricultura e Orzamentos.

MARTÍNEZ RANDULFE, Ángel Fernando

Naceu en Ourense o 21 de outubro de 1934. Licenciado en Filosofía e Teoloxía e en Dereito. Avogado laboralista. Membro de Esquerda Galega dende a súa fundación. Foi candidato ás eleccións autonómicas de 1981 e ás xerais. Foi profesor de Dereito do Traballo na Facultade de Económicas de Madrid. Dende outubro de 2001 é membro suplente do Consello Económico e Social de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo Partido Socialista Galego-Esquerda Galega.



MARTÍNEZ RANDULFE, Manuel Antonio

Naceu en Ourense o 13 de xuño de 1936. Mestre e licenciado en Dereito. É director dun gabinete xurídico. Foi asesor da Cámara de Comercio e Industria e vicepresidente da Caixa de Aforros de Ourense. Foi presidente da asociación de centros privados de ensinanza. Asesorou a distintas entidades.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na III lexislatura por Coalición Popular-Alianza Popular e na IV polo Partido Popular-Centristas de Galicia.



MAYÁN SANTOS, José Manuel

Naceu en Santiago de Compostela o 6 de Janeiro de 1945. Licenciouse en Medicina na universidade de Santiago en 1970 e doutorouse na mesma disciplina en 1975. Especialista en Medicina Interna, Medicina Xeral na UE, Anestesia e Reanimación. Diplomado en Dirección e Xestión na Área da Saúde. Catedrático de Enfermería Xeriátrica e Xerontolóxica na Universidade de Santiago. Director do Instituto Xerontolóxico Galego. Director da Titulación de Xerontoloxía, título propio da Universidade de Santiago de Compostela. Vocal da Comisión Nacional do IMSERSO do Plan de Acción 2000-2005 para as persoas maiores. Foi tenente de alcalde en Santiago de Compostela por Alianza Popular. Vicesecretario de Acción Sectorial do Partido Popular de Santiago de Compostela dende 1990. Membro do Consello Consultivo do PP de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.



MEILÁN GIL, José Luis (véc. Procuradores en Cortes)

**MELLA VILLAR, José Carlos**

Naceu no Foxo-A Estrada (Pontevedra) o 13 de agosto de 1930. Doutor en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. Diplomouse en Economía financeira pola Universidade de Harvard. Técnico superior da Administración Civil del Estado. Xefe do Servicio de Estudios do Ministerio de Facenda e, nese mesmo ministerio, subdirector xeral de Entidades Financeiras e director xeral de Política Financeira. Foi funcionario internacional na OCDE en París de 1963 a 1967, representante de España no Fondo Monetario Internacional e no Banco Mundial. Foi profesor de Economía política na Universidade Complutense. Foi conselleiro de Economía, Facenda e Comercio e vicepresidente da Xunta de Galicia de 1982 a 1984. Presidiu a Asociación de Escritores da Lingua Galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Galega.

**MÉNDEZ MARTÍNEZ, Constantino**

Naceu en Pontevedra en 1950. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Pertence ó corpo superior da Seguridade Social. Entre 1974 e 1983 estivo destinado en diversas localidades galegas. Director xeral do Instituto Social da Mariña entre 1983 e 1987. Director xeral do Instituto Nacional de la Seguridad Social entre 1987 e 1993. De 1986 a 1993 foi conselleiro da Organización Iberoamericana de la Seguridad Social. Secretario de Estado para las Administraciones Públicas de 1994 a 1995. Impartiu cursos sobre temas relativos á política social e xestión pública. Dirixiu as revistas Mar e Noray. Na actualidade é conselleiro-director de Fundosa Social Consulting, empresa consultora da Fundación ONCE en Madrid. Ostenta a Encomienda de la Orden del Mérito Civil dende 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na V lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Empleo, Agricultura e Pesca e Comisión Especial para o Estudio do Problema da Droga. Pertenceu á Comisión especial que elaborou o denominado Pacto de Toledo.

**MÉNDEZ ROMEU, José Luis**

Naceu na Coruña o 24 de xullo de 1951. Licenciado en Ciencias da Educación. Profesor de Lingua e Literatura española do ensino secundario. Concelleiro da Coruña dende 1987, foi responsable das áreas de Benestar e Cultura. Pertence á comisión municipal de goberno. Foi elixido en xaneiro de 2001 secretario xeral do PSOE da comarca da Coruña. Dende xuño de 2003 é terceiro tenente de alcalde no concello coruñés e responsable da área de Urbanismo e Vivenda. É vocal do consello de administración de Caixa Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo PSOE.
Na V lexislatura foi voceiro do seu grupo nas Comisións de Educación e Cultura e Control da compañía da RTVG. Na VI lexislatura é voceiro nas comisións de Educación e Cultura e Relacións co Consello de Contas e vocal da comisión de Regulamento.

MENDOZA LÓPEZ, Manuel

Naceu en Friol (Lugo) o 18 de outubro de 1937. Diplomado en Maxisterio en 1962 e licenciado en Ciencias da Educación. De 1969 a 1996 foi subdirector e logo director da oficina principal do Banco de Santander en Lugo. Asesor financeiro para a emigración no Banco de Santander en Arxentina en 1982 e en Suíza en 1990. Membro da xunta provincial de Lugo da Cruz Vermella dende 1985.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.
Foi vocal das Comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Relacións co Consello de Contas e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

MERA RODRÍGUEZ, César José

Naceu na Cañiza (Pontevedra) o 7 de marzo de 1945. Cursou estudos, que non chegar a rematar, de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Ciencias matemáticas y Ciencias Empresariales na UNED. Industrial. Foi Vocal do Comité Executivo Nacional de la Federación Española de Municipios e Provincias e do Consello Federal da mesma. Membro do Comité Executivo Rexional do Partido Popular de Galicia. Foi Secretario del Consello de Administración da Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra. Presidente del Comité Local do Partido Popular da Cañiza. Membro del Comité Executivo Provincial del Partido Popular de Pontevedra. Alcalde da Cañiza (Pontevedra) de 1976 á actualidade. Deputado provincial de 1976 a 1987 e vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra de 1987 a 1990. Presidente desa entidade de 1990 a 1995.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.
Na VI lexislatura foi secretario primeiro da comisión de Economía e Facenda.
Na VII lexislatura é vicepresidente primeiro da Comisión de Orzamentos e vocal da Comisión de Facenda.



MERINO MEJUTO, Domingos Rafael

Naceu na Coruña o 21 de xuño de 1939. Cursou o bacharelato na Coruña. Diplomado en Lingua Francesa pola Escola Oficial de Idiomas da Coruña. Iniciou a súa actividade política no Partido Socialista Galego a principios dos anos setenta, partido do que foi membro do seu Secretariado Político. Alcalde da Coruña de abril de 1979 a marzo de 1981. Foi o primeiro alcalde da Coruña tras as primeiras eleccións democráticas municipais. Durante a súa etapa na alcaldía impulsou a creación de distintos centros docentes, a protección de edificios históricos e a creación de novos ambulatorios. Despois da fusión do PSG con Esquerda Galega foi sucesivamente secretario de Organización, vicesecretario xeral e secretario xeral do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega. En 1992 o PSG-EG promove a creación de Unidade Galega, organización que se integrará no BNG en 1994 e da que Merino é portavoz.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSG-EG e na V e VI polo BNG.

Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Na VI lexislatura pertence ás comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Control da Campaña de Radio Televisión de Galicia.

MESA TORREIRO, Ángel

Naceu na Coruña o 12 de outubro de 1959. Cursou estudos de Dereito. Asesor de Empresas. Foi asesor do conselleiro de Cultura e Benestar Social e do conselleiro de Traballo, Industria e Turismo en 1986 e 1987. Foi membro da executiva provincial e rexional do PDP.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.



MIGÚELEZ RAMOS, Rosa María

Naceu en Ferrol o 27 de agosto de 1953. Residiu en Ferrol. Nata 1973 en que tivo que marchar de España pola súa implicación nos denominados sucesos de Ferrol de 1972. Trasládouse a Marsella onde cursou estudos de Bioloxía ata 1975 en que volve a España. Licenciouse en Filoloxía Románica en 1983 na universidade de Santiago. Foi alcaldesa de Ares de 1983 a 1987 e concelleira de 1987 a 1995, polo PSOE. Entre 1987 e 1989 foi xefa de gabinete do conselleiro de Traballo e Benestar Social. Foi secretaria da Comisión Interdepartamental da Muller. Foi secretaria de Movementsos Sociais e Participación Cidadá do PSDG-PSOE e secretaria da Muller de 1988 a 1995.

En 1994 foi nomeada conselleira política na delegación española do Grupo socialista no Parlamento europeo. Dende 1999 é deputada no Parlamento europeo. É vicepresidenta da comisión de pesca, vocal da comisión de Transportes, Turismo e Política Rexional e membro da delegación para as Relacións con Suíza, Noruega e Islandia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE.

Foi vicepresidenta da comisión de Sanidade e Asuntos Sociais e vocal da comisión de Pesca.

MILIA MÉNDEZ, Luis

Naceu en Xunqueira de Ambía (Ourense) o 21 de xuño de 1949. Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago en 1979. Secretario provincial de Unións Agrarias de 1988 a 1993. Presidente do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro de 1990 a 1993. Exerce como farmacéutico. Concelleiro de Carballedo de Avia (Ourense) polo PSdeG-PSOE dende 1991 a marzo de 2001. Alcalde da mesma localidade dende esa última data, como independente, ata actualidade.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na V lexislatura polo PSOE.

Foi vocal das e Comisións de Agricultura e Pesca; Industria, Enerxía, Comercio Turismo e Sanidade e Seguridade Social.

Foi secretario da Comisión Mixta para as Comunidades Europeas.

MIÑONES TRILLO, José

Naceu en Vimianzo (A Coruña) o 25 de xuño de 1939. Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago en 1961 e doutor na mesma disciplina en 1965. Catedrático de Química Física da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago dende 1980. Director da Escola Profesional de Óptica e Acústica Audiométrica dende 1979 ata 1989. Secretario da Facultade de Farmacia dende 1979 ata 1981. Presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) dende 1994 ata 1999. Académico numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia dende 1989. Académico numerario da Real Academia de Farmacia do Instituto de España dende 1995. Foi concelleiro en Santiago de 1983 a 1986.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.

Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura e Sanidade, Política Social e Emprego.



MIRAS PORTUGAL, Aurelio Domingo

Naceu no Carballiño (Ourense) en 1951. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado e asesor de empresas. Afiliouse á UCD en 1979, ingresando posteriormente no Partido Popular. Foi concelleiro en 1979 e tenente de alcalde de Carballiño e deputado provincial. Coordinador da área de Residentes no Exterior do Partido Popular de Galicia. Foi director xeral de Turismo da Xunta de Galicia. En outubro de 2001 foi nomeado secretario xeral para as relacións coas Comunidades Galegas. Dende decembro de 2001 é concelleiro de Emigración. Preside a

Fundación Galicia-Emigración.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD, na II por Coalición Popular, na III polo Partido Popular-Centristas de Galicia e na IV polo Partido Popular.

Na IV lexislatura foi presidente da Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal nas Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Foi coordinador na Comisión non permanente especial de Seguimento do Plan Forestal de Galicia e membro suplente da Deputación Permanente.



MOAS PAZOS, José

Naceu en Noia (A Coruña) o 31 de xullo de 1938. Diplomado en Maxisterio pola Escola Normal de Santiago. Administrativo de banca no Banco Pastor durante vinteito anos. Tenente de alcalde de Noia de 1979 a 1987. Foi membro do comité federal do PSOE, secretario de Administración do PSdeG-PSOE, secretario de organización comarcal do Barbanza e secretario xeral de Noia do mesmo partido. Presidente da Sociedad Liceo de Noia dende 1989.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Facenda e Medios de Comunicación.



MOLDES FONTÁN, Francisco Javier

Naceu en Porrás-Barro (Pontevedra) o 4 de maio de 1949. Licenciado en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago en 1972. Profesor agregado de Lengua e Literatura españolas. Fundador en 1982 e presidente do Centro Democrático y Social de Pontevedra entre 1982 e 1990 e primeiro secretario xeral da executiva gallega dese partido. Foi elixido concelleiro de Pontevedra nas eleccións municipais de 1987, aínda que non chegou a tomar posesión como tal. Asesor técnico de Educación na embaixada de España en Brasil (1990), Portugal (1991-92) e

Marrocos (1993-96). Foi director do Instituto Cervantes da Casa de España en Río de Janeiro en 1990. Dende 1996 é conselleiro de Educación e Ciencia na embaixada de España en Portugal. Autor de artigos de crítica literaria. Colaborou coa prensa, singularmente co *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* e *Diario de Pontevedra*.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na III lexislatura polo Centro Democrático e Social.

Pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura e de Relacións co Defensor do Pobo. Foi voceiro do seu grupo nestas comisións.

MONTERO GÓMEZ, Manuel

Naceu en Valladolid en 1937. Licenciado en Medicina en 1957, especialista en cirurxía xeral, pola Universidade de Salamanca e doutor na mesma materia. Pertenceu ó corpo de Beneficencia Nacional. Estivo destinado en Teruel e dende 1965 en Ourense. Foi profesor asociado de Anatomía na Escola de Enfermería de Ourense. Presidente do Partido Popular de Ourense de 1988 a 1989. Foi conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia de febreiro de 1990 a fins de 1991. Foi xefe do servizo de cirurxía e director do Hospital Provincial de Ourense. Presidente do Colexio de Médicos de Ourense de 1986 a 1990 e dende 1998 á actualidade. Dende 1999 é presidente do consello galego de colexios médicos. Na actualidade é xefe do servizo de cirurxía do Complexo Hospitalario de Ourense.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na IV lexislatura polo Partido Popular.

MONTERO RODRÍGUEZ, Celso

Naceu en Quintela de Leirado (Ourense) o 14 de outubro de 1930. Licenciado en Teoloxía e Ciencias de la Información. Licenciouse nesta última disciplina en 1976, na primeira promoción da Universidade Complutense de Madrid. Foi párroco e rector dun seminario en Bolivia. Foi promotor da refundación do PSOE en Ourense no outono de 1976, que desaparecera na época de Franco, a instancias do mesmo Felipe González. Conselleiro de Traballo da Xunta preautonómica entre 1977 e 1978. Nomeado vicevaledor do Pobo en abril de 1991. Foi coordinador-redactor dos informes emitidos por esta institución dende novembro de 1995 ó mesmo mes de 2000, momento no que se xubilou. Despois da súa xubilación retornou a Ourense e renovou a súa afiliación ó PSOE e á UGT. Colaborou con distintas ONGs adicadas ó fomento dos dereitos humanos. O PSOE de Ourense deu o seu nome á escola de formación do partido. Foi colaborador na prensa galega e hispanoamericana. Faleceu en Ourense despois dunha longa enfermidade o 18 de xuño de 2003.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na lexislatura Constituínte pola Agrupación de Electores Independientes-Candidatura Democrática elega para o Senado, na I lexislatura polo PSOE, na II designado pola Comunidade Autónoma de Galicia e na III polo PSOE. Foi secretario da Comisión de Asuntos Iberoamericanos nas lexislaturas Constituínte e III. Pertenceu ademais ás Comisións de Agricultura y Pesca; Educación e Cultura; Incompatibilidades; Suplicatorios; Constitución e Emigración. Durante a II lexislatura foi secretario da Comisión Especial de Investigación sobre españois desaparecidos en América e redactor do informe que emitiu a citada comisión.

MONTES MARQUÉS, Julio Ángel

Naceu en Salvador de Bahía (Brasil) en 1965. Profesor de EXB. Exerceu no colexio Calvo Sotelo do Carballiño. Foi concelleiro no Carballiño en 1991. Foi presidente do comité local do Partido Popular no Carballiño e dirixente de Novas Xeracións de Ourense. Na actualidade exerce nun centro de ensino medio en Rabat (Marrocos).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular. Vicepresidente da Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal nas Comisións de Educación e Cultura; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo ana Comisión non Permanente do Plan de Finanzamento do Sistema Universitario de Galicia.

MORÁN MORÁN, Manuel

Naceu en Los Barrios de Luna (León) o 6 de xaneiro de 1929. Licenciado en Veterinaria por León. Empresario. Foi presidente do sindicato provincial de Gandería e Cereais, vocal do tribunal sindical, director e xerente de Industrias Gallegas de Nutrición animal. Iniciou a súa actividade política no PGI en Santiago, pasando posteriormente a Alianza Popular cando aquel partido se integrou en UCD. Faleceu na Coruña o 21 de xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

Foi presidente da Comisión de Cultura.

MORENO GONZÁLEZ, Elena María

Naceu en Santander o 24 de xuño de 1943. Cursou o bacharelato superior. Bancaria de profesión e secretaria titulada. Antes da súa entrada en política traballou no Banco de Bilbao de Vigo. Dentro de UCD estivo adscrita ó sector de Rodolfo Martín Villa. Participou nos actos de apoio á Constitución previos ó referendun da mesma e na elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso nas lexislaturas Constituínte e I por UCD.

Foi secretaria da Comisión de Obras Públicas e da comisión especial sobre as repercusións do aceite da colza. Foi membro das Comisións de Traballo, Dereitos Humanos, Comisión especial de Prisións e Universidades.

MORENO GONZÁLEZ, José Pedro

Naceu en Verín (Ourense) o 22 de febreiro de 1948. Licenciado en Dereito pola Universidade de Oviedo. Foi xefe dos servizos xurídicos do Banco de Vizcaya en Galicia, Asturias e León. Director dun despacho de avogados na Coruña. Asesor de distintas empresas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.

MORO RODRÍGUEZ, Víctor

Naceu en Ribadeo (Lugo) o 25 de abril de 1926. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais e profesor mercantil. Ingresou no corpo técnico do Banco de España en 1948, acadando o rango de interventor en 1960. De 1962 a 1975 foi director de Pescanova, S.A., primeira empresa pesqueira española. En 1975, no primeiro goberno despois da morte de Franco, foi nomeado director xeral de Pesca Marítima no Ministerio de Comercio. En marzo de 1978 foi nomeado subsecretario de Pesca e Mariña Mercante no Ministerio de Transportes y Comunicaciones, posto do que dimitiu en 1979 para reintegrarse ó Banco de España. Durante o tempo que dirixiu o sector pesqueiro español, acometeu con éxito as negociacións con diversos países (a CEE, Canadá, Marrocos, Noruega, Mauritania, etc.), que permitiron que a flota española puidese faenar neses caladoiros e o pleno emprego nese sector. Concluiu a súa traxectoria profesional como subdirector xeral e director da Sucursal do Banco de España en Barcelona. O goberno catalán concedeulle a "Creu de Sant Jordi".

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD. Pertenceu á Comisión de Facenda.

MOSQUERA SUEIRO, Jesús

Naceu en Vila de Cruces (Pontevedra) o 1 de outubro de 1943. Cursou estudos na Escola de Traballo Social de Santiago, que non chegará a rematar. Foi administrativo. Na súa xuventude pertenceu ó asociacionismo católico e foi dirixente da JOC de Galicia. Foi un dos fundadores de USO (Unión Sindical Obrera) en Galicia en 1966-1967. Participou no congreso da fusión entre a USO e a UGT, celebrado en Madrid en 1977. A súa actividade pública centrouse fundamentalmente no eido sindical, incluso durante a súa etapa como parlamentario. Secretario xeral da UGT de Galicia.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE. Foi vocal das Comisións de Traballo e Industria.

**MOURE MARIÑO, Pablo**

Naceu en Escairón-Saviñao (Lugo) o 20 de xaneiro de 1920. Licenciado en Dereito pola Universidade de Madrid. Exerceu con avogado en Monforte de Lemos. Na transición pertenceu a Reforma Democrática. Ingresou despois en Coalición Democrática, de onde saíu elixido concelleiro en Monforte. Ingresou en Alianza Popular. Participou na Comisión Mixta de Transferencias a Galicia. Foi membro do comité nacional de conflitos e disciplina de Alianza Popular. Foi membro da xunta de goberno do colexio de avogados de Lugo, actuando como vicedecano. Formou parte do Tribunal

Arbitral de Galicia. Na actualidade é concelleiro do Consello Consultivo de Galicia e membro da comisión para o Estudio do dereito Galego no Consello da Cultura de Galicia. É membro de número da Real Academia Galega de Xurisprudencia. Autor de diversas publicacións sobre temas de pensamento e relacionados co Dereito.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular. Foi vicepresidente do Parlamento.

MOURÍN ESTELA, José Luis

Naceu en Gallur (Zaragoza) o 13 de febreiro de 1944. Cursou o bacharelato. É técnico superior ferroviario especialista no transporte de Mercadorías Perigosas e Seguridade na Circulación. Ingresou na RENFE en marzo de 1961. Dende febreiro de 1997 é xefe de Protección Civil e Seguridade na Circulación da RENFE en León. Foi secretario xeral da U.G.T. de Valdeorras de 1980 a 1987. Vocal da Comisión Galega de Transporte de Mercadorías Perigosas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.

Foi membro da Comisión Permanente.

Foi secretario da Comisión de Agricultura e vocal da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.

**MUÑOZ GONZÁLEZ, Joaquín**

Naceu en Ourense en 1970. Diplomado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Vigo. Empresario. Foi vicepresidente da Casa da Xuventude de Ourense. Presidente de Novas Xeracións de Galicia en decembro de 1995. Vocal do comité executivo provincial do Partido Popular de Ourense na actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Vicepresidente da Comisión de Control da RTVG e vocal das Comisións Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior; Educación e Cultura e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

— N —

NOGUEIRA FERNÁNDEZ, José

Naceu na Coruña o 27 de marzo de 1956. Cursou estudos de ciencias empresariais. Ingresou no PSOE en 1975. En 1976 foi nomeado responsable de xuventudes no comité provincial. Secretario de Organización da Agrupación local do PSOE da Coruña entre 1978 e 1979. De 1979 a 1982 foi coordinador de Organización da secretaría da Comisión Executiva Nacional. Xefe do gabinete do gobernador civil da Coruña de 1983 a 1984. Xefe do gabinete do alcalde da Coruña de 1984 a 1986. En 1987 foi un dos membros da delegación do PSdeG-PSOE que negociou a moción de censura con Coalición Galega e o Partido Nacionalista Galego contra Fernández Albor. De 1985 a 1994 foi secretario de Organización do PSdeG-PSOE e responsable coordinador das campañas electorais dese partido en Galicia. Concelleiro da Coruña dende 1995 á actualidade. Pertence á comisión municipal de goberno.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.

Foi vicesecretario da mesa do Parlamento na II lexislatura e durante a III.

NOGUEIRA ROMÁN, Camilo

Naceu no municipio de Lavadores, hoxe integrado en Vigo, o 22 de novembro de 1936. Cursou o bacharelato no instituto Santa Irene de Vigo. Cursou peritaxe industrial na escola de Vigo. Enxeñeiro industrial polas escolas superiores de Bilbao e Madrid. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago. Traballou en Citroën en Vigo de 1964 a 1972 e en Sodiga de 1973 a 1997. Membro de "Galiza Socialista" nos anos sesenta. Membro da UPG e fundador da ANPG. Pasou despois a fundalo POG. Máis tarde en unión con outras forzas políticas crea Esquerda Galega, da que é elixido secretario de coordinación política. Na actualidade é membro da comisión permanente do BNG, por Unidade Galega. Autor de diversas publicacións relacionadas fundamentalmente coa economía galega a política e a construción da Unión Europea.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I, II e III lexislaturas por Esquerda Galega e na V lexislatura pola Coruña polo BNG.

Deputado no Parlamento europeo na lexislatura 1999-2004 polo BNG, dentro do Grupo de Os Verdes/Aianza Libre Europea.

Pertence ás Comisións de Política Rexional, Transportes e Turismo; Agricultura e Desenvolvemento Rural e membro suplente na Comisión de Pesca e na delegación para as Relacións cos Países de Sudamérica e MERCOSUR.



NOVO ARROJO, María Tereixa

Naceu en Lugo o 6 de marzo de 1956. Mestra, con posto de traballo no IES Xelmírez I de Santiago de Compostela. Concelleira e Portavoz do grupo municipal do BNG no concello de Fisterra de 1991 a 1995. De 1992 a 1995 formou parte do goberno municipal sendo 1ª tenente de alcalde e concelleira de cultura. Traballou no sindicalismo nacionalista dende 1995 a 2001 como liberada da CIG-Ensino. Forma parte do grupo folk Fuxan os Ventos dende o seu comezo no ano 1972. Na actualidade é responsable da secretaría de emigración na executiva nacional do BNG e pertence ó Consello Nacional do BNG e ó Consello Local de Santiago.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo BNG.

É vocal da comisión de Educación e Cultura.



NÓVOA CARCACÍA, María del Pilar

Naceu en Vilamarín (Ourense) o 13 de abril de 1957. Licenciada en Psicoloxía, na especialidade de Psicoloxía infantil. Diplomada en Traballo Social. Membro do Equipo Psicopedagóxico de Apoio en Ourense da consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Pertenceu a distintas comisións executivas do PSdeG-PSOE e coordinadora provincial do mesmo partido en Ourense. Concelleira Ourense dende 1999. Pertence á comisión executiva galega do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Congreso na III, IV, V e VI lexislaturas polo PSOE.

Foi secretaria primeira e, posteriormente, vicepresidenta primeira da Comisión de Política Social e Emprego, vocal da Comisión de Sanidade e Consumo e vicepresidenta primeira da Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo.

Senadora por Ourense na VII lexislatura polo PSOE.

É secretaria terceira da mesa do Senado e secretaria segunda da Deputación permanente.

Vicepresidenta da Delegación española no Grupo de Amistad con la Asemblea de la República Portuguesa; secretaria segunda da Comisión de Regulamento; vocal das Comisións de Sanidade e Consumo; Comisión Especial para la Prevención dos riscos laborales e Comisión Mixta dos Dereitos da Muller.

NÚÑEZ CARREIRA, Manuel

Naceu en Lugo o 20 de febreiro de 1948. Graduado social. Traballou en distintas empresas. Militou dende a súa fundación no PDP de Lugo, do que foi secretario xeral provincial, membro do comité rexional e do consello político nacional. Foi concelleiro e tenente de alcalde de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.
Foi secretario da Mesa do Parlamento de Galicia.



NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Victorino

Naceu en Quiroga (Lugo) o 20 de maio de 1936. Licenciado en Dereito. Secretario de Administración Local, exerceu en diversos concellos da provincia de Ourense. En 1971 incorpórase a Coren-Uteco e á Caixa Rural de Ourense. Foi secretario xeral de Caixa Rural de Ourense e de Coren-Uteco. Cofundador con Eulogio Gómez Franqueira de Acción Política Orensana, que se integraría en UCD. Fundador en 1985 de Centristas de Galicia. Xunto con Fraga Iribarne foi o artífice da fusión deste partido co Partido Popular de Galicia, que se materializaría en 1991. Foi concelleiro en Ourense. Foi vocal da Comisión Mixta de Transferencias Xunta de Galicia-Deputacións de 1977 a 1979. Conselleiro sen carteira da Xunta Preautonómica de Galicia, en representación da Deputación Provincial de Ourense de 1979 a 1981. Presidente da Deputación Provincial de Ourense de 1979 a 1990. Presidente do Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na III lexislatura por Coalición Popular-Centristas de Galicia.
Deputado por Ourense no Congreso na IV lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia.
Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia e na IV lexislatura polo Partido Popular. Nestas lexislaturas foi presidente do Parlamento.
Senador designado pola Comunidade Autónoma de Galicia na VI lexislatura e na VII lexislatura.
Nesta lexislatura é membro suplente da Deputación Permanente; presidente da Comisión de Interior e Réxime das Administracións Públicas e vocal da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas.





OLANO GURIARÁN, Eduardo (véx. Procuradores en Cortes)


OLIVES QUINTÁS, Antonio

Naceu en Ferrol en 1952. Diplomado en Maxisterio. Profesor de Idiomas e de Educación física. Empresario. Foi secretario xeral do PGI en Ferrol. Pasou a UCD cando o PGI se integrou nesta formación. Ingresou con posterioridade en Coalición Galega, para recalar finalmente no Partido Nacionalista Galego, do que foi un dos seus fundadores. Abandonou a política activa en 1989.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II lexislatura por Coalición Galega.

Foi secretario da mesa do Parlamento na I lexislatura.



OREIRO RODRÍGUEZ, José Domingo Cipriano

Naceu en Muros (A Coruña) en 1947. Profesor de EXB, na especialidade de Educación especial e Ciencias sociais, e licenciado en Xeografía e Historia. Foi alcalde de Carnota (A Coruña).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia IV lexislatura polo Partido Popular.



ORZA FERNÁNDEZ, José Antonio

Naceu en Boqueixón (A Coruña) en 1941. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi profesor axudante de clases prácticas de Economía e Facenda na Facultade de Dereito de Santiago entre 1967 e 1969. Pertence ó corpo superior de inspectores de Finanzas do Estado dende 1971 e prestou servizos en Madrid, Zamora, Bilbao e A Coruña. Foi director xeral de Tributos e Política Financieira da Xunta de Galicia entre 1982 e 1985. Foi conselleiro de Economía e Facenda en 1986. Durante o goberno

de González Laxe estivo en situación de excedencia e abriu un despacho privado na Coruña. Foi membro de distintos consellos de administración. Dende 1990 é conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

OTERO NOVAS, José Manuel

Naceu en Vigo o 23 de marzo de 1940. Licenciado en Dereito con premio extraordinario en 1961. Diplomado en Dereito Comparado Hispanoamericano. Ingresou no corpo de avogados do Estado en 1967 e estivo destinado en Lugo ata 1974. Neste ano foi xefe do gabinete técnico da subsecretaría de Facenda. Neste tempo exerceu tamén como avogado do Estado no Tribunal Supremo. Con posterioridade foi xefe dos servizos xurídicos do Banco Exterior de España. Foi director xeral de Política Interior no Ministerio de Gobernación en 1975, con Fraga Iribarne. En 1976 foi subsecretario técnico da Presidencia do Goberno. Foi un dos fundadores do grupo Tácito, que tivo destacada intervención durante a Transición. Pertenceu ó Comité Ejecutivo Nacional de UCD. Foi conselleiro da Editorial Católica, S.A., editora do diario Ya. Ministro da Presidencia e Asuntos da Administración de xullo de 1977 a abril de 1979, presidiu varias comisións de transferencias a entes preautonómicos. Ministro de Educación de abril de 1979 a setembro de 1980. Inspector dos Servizos do Ministerio de Hacienda na actualidade. Autor de diversas publicacións de tipo xurídico.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na I lexislatura por UCD.

Foi ademais senador por designación real na lexislatura Constituinte e deputado no Congreso por Zamora polo Partido Popular na IV lexislatura.

OUJO BELLO, Santos

Naceu en Ribeira (A Coruña) o 20 de xuño de 1943. Enxeñeiro superior de Telecomunicacións en 1968 e licenciado en Ciencias Empresariales (ICADE) en 1975. Titulado superior da Compañía Telefónica Nacional de España. Foi xefe de Relacións con Administracións Estranxeiras e delegado provincial. Foi director xeral do Servicio de Autoestradas y Autovías, S.A. ("SERAUSA"). Conselleiro de Industria, Comercio e Turismo da Xunta de Galicia de 1987 a 1990. Foi un dos fundadores de Coalición Galega. Foi membro do consello de administración da



Compañía de Radio Televisión de Galicia e do consello asesor de TVE en Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD, na II e III lexislaturas por Coalición Galega e na IV como independente polo PSDE.

Pertenceu ás Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes; Sanidade, Política Social e Emprego; Peticións;

Control da RTVG; Ordenación Territorial e Educación.

— P —



PADILLA CARBALLADA, Julio

Naceu en Melilla o 30 de xaneiro de 1950. Licenciado en Dereito pola Universidade de Barcelona en 1972. Coronel auditor do Cuerpo Jurídico Militar en excedencia. Avogado. Membro do Comité Executivo Rexional do Partido Popular de Galicia. Membro de Número de la Academia Gallega de Xurisprudencia e Lexislación. Foi vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial de 1990 a 1993. Vocal e Presidente do Comité de Dereitos e Garantías do Partido Popular de Galicia. Membro das asembleas parlamentarias do Consello de Europa e da unión Europea Occidental.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Na VI lexislatura foi presidente da Comisión de Xusticia e Interior e vocal das Comisións de Defensa e da Comisión Mixta para a plena profesionalización das Forzas Armadas.

Na VII lexislatura é presidente da Comisión de Política Social e Emprego e vocal da Comisión de Xusticia e Interior.



PADÍN SÁNCHEZ, Pablo

Naceu en Vigo o 29 de outubro de 1940. Cursou a carreira de Dereito nas Universidades de Oviedo e Madrid entre 1958 a 1962. Exerceu como pasante durante uns meses e fixo o curso de Dirección de Empresas do ICADE en Madrid. Foi concelleiro en Vigo durante dez anos. Foi tenente de alcalde e deputado provincial. Foi voceiro de UCD na comisión do estatuto dos 16. Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia de 1987 a 1990. Foi vicepresidente de Coalición Galega. Presidiu a Unión Comercial e Empresarial Galega.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Galega.

Presidiu a Comisión de Política Territorial e Urbanismo.

PALMOU LORENZO, Jesús Carlos

Naceu en Rodeiro (Pontevedra) o 17 de agosto de 1949. Licenciado en Dereito pola UNED. Titulado superior en Dereito Civil de Galicia e Dereito Medioambiental. Avogado. Ingresou no Corpo Superior de Policía en 1972, no que pediu a excedencia en 1981, como inspector xefe, para adicarse á actividade privada. Exerceu como avogado dende ese ano. Asesor xurídico da Semana Verde de Galicia dende 1982 a 1991, no que pasa a ser secretario xeral-letrado da Fundación Semana Verde de Galicia. Ingresou no Partido Popular en 1985. Foi concelleiro e tenente de alcalde da Estrada de 1987 a 1996. Dende 1992 forma parte do comité executivo do Partido Popular de Galicia. Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais de 1996 a 1999. Secretario xeral do Partido Popular de Galicia dende 1999. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración local dende xuño de 2003. É membro do Comité Ejecutivo Nacional do Partido Popular. Conta con diversas condecoracións, entre elas a Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Foi presidente da Comisión de Estatuto dos Deputados e vocal da Comisión Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Presidiu a comisión especial para o Estudo das repercusións socioeconómicas e sanitarias do narcotráfico en Galicia.

Na VI lexislatura pertence ás comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Regulamento.

PAMPÍN RÚA, Miguel Ramón

Naceu en Melide (A Coruña) o 26 de febreiro de 1963. Delineante industrial e cursou estudos de Marketing de empresa. É funcionario. Foi director do centro social Fogar da Terceira Idade de Melide. Foi secretario da asociación de empresarios da comarca de Melide. Alcalde de Melide dende 1991 polo Partido Popular. Presidente local do Partido Popular.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na VII lexislatura polo Partido Popular.

Pertence ás Comisións de Agricultura, Gandería, Pesca e Alimentación e Traballo e Asuntos Sociais.





PARAMO NEYRA, Juan Manuel

Naceu en Lugo o 15 de marzo de 1939. Enxeñeiro de Camiños pola Universidade Politécnica de Madrid. Técnico Superior de Urbanismo e graduado en Ordenación del Territorio. Decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos de 1988 a 1996 e de 2000 ata a actualidade. Director xeral de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente da Xunta de Galicia de 1979 a 1982. Tenente de alcalde do concello de Santiago por UCD de 1979 a 1983. Membro da 1ª Comisión Mixta de Transferencias de 1979 a 1982. Foi presidente da Xunta do Porto da Coruña ata 1982 e de 1996 a 1999. Presidente do PDL de Galicia así como membro do seu comité executivo nacional de 1982 a 1989. Foi conselleiro de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños da Xunta de Galicia de 1986 a 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.



PARDELLAS DE BLAS, Xulio Xosé

Naceu en Pontevedra o 9 de abril de 1949. Cursou estudos de Maxisterio. Doutor en Ciencias Económicas. Foi director do Centro de Información Pesqueira e Marisqueira da Consellería de Pesca. Tivo actividade sindical na Xunta de Galicia dentro de UGT. Profesor da Universidade de Vigo. Autor de distintas publicacións de tipo económico sobre temas relacionados coa pesca.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.



PARDO GÓMEZ, Fernando

Naceu en Madrid o 24 de setembro de 1922. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Especializouse en Endocrinoloxía na Universidade de Madrid entre 1947 e 1950, na cátedra do doutor Marañón. Especialista en Aparato Dixestivo e Nutrición na mesma universidade. Desenvolveu a súa actividade como especialista en endocrinoloxía no Ambulatorio Central de Lugo e nunha consulta particular na mesma cidade. Foi presidente do Colexio Oficial de Médicos de Lugo de 1966 a 1982. Dende este último ano é presidente de honra desa entidade. Ten a Encomienda con Placa de la Orden Civil de Sanidad. É académico da Real Academia

de Medicina y Cirugía de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular. Pertenceu ás Comisións de Sanidade e Suplicatorios.

PARDO MONTERO, José María

Naceu en Sobrado dos Monxes (A Coruña) en 1929. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado en Vilalba. Foi vocal no padroado da Universidade de Santiago. En 1977 integrouse na Agrupación Independiente de Lugo, auspiciada por Antonio Rosón, candidatura que era apoiada por UCD. Conselleiro de Ordenación do Territorio durante a etapa da Xunta preautonómica. Participou pola UCD na elaboración do Estatuto de Galicia. Na actualidade é presidente da Caixa Rural Galega.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD.


Senador por Lugo na I lexislatura por UCD.

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.

Deputado por Pontevedra no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular (Partido Liberal). No principio desta lexislatura estivo no Grupo de Coalición Popular, pasou despois ó Grupo Mixto dentro da Agrupación Partido Liberal (APL) e rematou no Grupo do CDS.

PARDO YÁÑEZ, Pablo

Naceu en Lugo o 9 de febreiro de 1945. Aparellador pola Escola de Madrid en 1968. Licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago en 1976. Foi profesor de debuxo no instituto feminino de Lugo. Foi secretario de organización do PSP de Galicia de 1976 a 1978. Foi xefe de formación dos Fondos de Promoción de Emprego entre 1986 e 1990. Director xeral de Quaternaire España de 1990 a 1995. Asesor do goberno vasco para o Plan Vasco de Formación Profesional entre 1995 e 1996. Dende 1996 é consultor de recursos humanos para o mesmo goberno vasco.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na I e II lexislaturas polo PSOE. Pertenceu ás comisións de Comercio e Educación.



PASTOR JULIAN, Ana María

Naceu en Cubillos del Pan (Zamora) o 11 de novembro de 1957. Licenciada en Medicina y Ciruxía pola Universidade de Salamanca. Funcionaria do corpo de Saúde Pública e Administración Sanitaria. Foi médico asistencial en varios centros de saúde. Xerente de Atención Primaria en 1993. Directora provincial do SERGAS en Pontevedra de 1994 a 1995. A partir deste último ano formou parte do equipo de Mariano Rajoy. Foi directora xeral de MUFACE e subsecretaria dos ministerios de Educación e Cultura e Presidencia. Presentouse na candidatura ó Congreso por Pontevedra en 1996 e non saíu elixida. Nas eleccións de 2000 á mesma cámara saíu elixida e foi deputada durante un mes ata que se incorporou ó Ministerio de Interior. Subsecretaria do Ministerio del Interior de marzo de 2001 a xullo de 2002. Dende o 10 de xullo de 2002 é ministra de Sanidad y Consumo.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso na VII lexislatura polo Partido Popular.



PAZ ANDRADE, Valentín

Naceu en Lárez (Pontevedra) o 23 de abril de 1898. Cursosou o bacharelato na súa cidade natal. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, onde traba contacto co pensamento galeguista. Dende 1921 exerceu a avogacía en Vigo. Dirixiu o diario *Galicia*, editado en Vigo entre 1922 e 1926 e no que colaboraron figuras destacadas do galeguismo. En 1927 comezou a asesorar á sociedade de armadores de Bouzas "La Marítima". Durante a República pertenceu ó Partido Galeguista. Foi candidato por Pontevedra nas eleccións de 1931 e 1936, non saíndo elixido deputado. Foi membro da ponencia que redactou o anteproxecto do Estatuto de Autonomía de 1936.

Comezada a guerra foi vixiado e sufriu desterro a partir de setembro de 1936 en Verín, Serra de Queixa e Villanueva de la Serena (Extremadura). En 1942 pasou a dirixir a revista *Industrias Pesqueras*, que se editaba en Vigo e que compaxinou coa súa dedicación á avogacía. Viaxou por distintos países hispanoamericanos impartindo cursos auspiciados pola FAO sobre economía pesqueira. Tivo problemas coas autoridades franquistas e mesmo será detido nalgunha ocasión. En 1960 é nomeado vicepresidente de "Pescanova". Despois da morte de Franco interveu na chamada "Comisión de los diez", que traballou durante a xestión da transición política. Ingresou na Real Academia Galega en 1978. Apartouse da política activa en 1979 e dedicouse ó seu despacho de avogado. Como xurista estivo vinculado ó mundo da empresa e mostrou sempre preocupación pola realidade socioeconómica galega, singularmente nos temas relacionados coa pesca. Conferenciante e autor de numerosas publicacións de tipo literario e ensaístico, nas que destaca a súa idea da maxinación de Galicia dentro

do Estado español. Faleceu en Vigo o 19 de abril de 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na lexislatura Constituínte pola Candidatura Democrática Galega.

PAZOS VARELA, Xosé Manuel

Naceu en Cangas do Morrazo (Pontevedra) en 1957. Diplomado en EXB na especialidade de Ciencias Sociais e Lingua galega. Funcionario da Consellería de Educación destinado en Cangas. Desenvolveu intensa actividade teatral dende 1975, como actor, autor e traductor. Concelleiro en Cangas polo PSG-EG entre 1990 e 1995 e por EU-EG entre 1995 e 1997. Voceiro nacional de UEG (Unidade da Esquerda Galega), grupo procedente do PSG-EG que non ingresou no BNG e fusionouse con Esquerda Unida, dando lugar a EU-EG (Esquerda Unida-Esquerda Galega).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EU-EG/OsVerdes. Ingresou no Grupo Parlamentario Mixto no comezo da lexislatura, froito do acordo electoral suscrito entre o PSdeG e EU-EG. Vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios; Educación e Cultura e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Pesca e Marisqueo.

PEDROSA GONZÁLEZ DE CASTEJÓN, Pilar

Naceu en Madrid en 1948. Cursou estudos de Secretariado Internacional. Traballou no Ministerio de Traballo en Madrid e nun estudio de arquitectura en Ourense. Foi secretaria da xunta local do Partido Popular de Ourense. Pertenceu ó comité executivo provincial.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia e na IV polo Partido Popular. Nesta última lexislatura foi vicepresidenta da Comisión de Control da Compañía RTVG e vocal nas Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios; Sanidade, Política Social e Emprego; Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia e membro suplente da Deputación Permanente.



PEDROSA VICENTE, Juan María Domingo

Naceu en Vigo o 28 de novembro de 1957. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais. Pertence ó corpo superior da Administración da Xunta de Galicia. Técnico de Administración Local. Interventor habilitado no concello de Tomiño de 1985 a 1989. Técnico interventor no mesmo concello de 1989 a 1992. Delegado provincial en Pontevedra da consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais entre 1993 e 1994. Director xeral de Relacións Laborais de novembro de 1994 a setembro de 1997. Secretario executi-



vo de Organización do Partido Popular de Galicia. Secretario local do Partido Popular de Vigo dende xuño de 2000.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi secretario da Mesa do Parlamento. Pertenceu ás Comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Economía, Facenda e Orzamentos. Foi vicesecretario do grupo parlamentario Popular de Galicia.

Na VI lexislatura é secretario do Parlamento de Galicia e secretario das comisións de Peticións e Regulamento e vocal da comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

PELETEIRO OTERO, Celestino

Naceu en Pontevedra en 1935. Profesor mercantil pola Escuela de Estudios Mercantiles de Oviedo. Industrial, propietario dunha fábrica de bebidas gaseadas no Carballiño. Faleceu en Ourense en 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na I lexislatura por UCD. Pertenceu á Comisión de Sanidade e Consumo.



PENA SOUTO, José Serafín

Naceu na Coruña o 22 de maio de 1928, aínda que vive en Lugo dende moi novo. Cursou o bacharelato superior. Industrial, adicado á vida empresarial. Concelleiro de Lugo dende 1973 ata a actualidade. Membro do comité executivo do Partido Popular en Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo Partido Popular.

Foi vicepresidente da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal das Comisións Institucional; Administración Xeral; Xustiza e Interior; Industrle,

Energía, Comercio e Turismo e Relacións co Consello de Contas.



PENSADO BARBEIRA, Fernando Alfredo

Naceu na Baña (A Coruña) o 5 de agosto de 1952. Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago en 1975. Diplomado en Sanidade. Especialista en Xestión e Administración Sanitaria. Exerceu nos municipios de Aranga, Irixoa, Navia de Suarna e Palas de Rei. Alcalde de Palas de Rei de 1983 a 1985. Primeiro tenente de alcalde de 1985 a 1999. Deputado provincial de 1983 a 1987. Alcalde de Palas de Rei dende maio de 1999 á actualidade. Presidente do comité local do Partido Popular de Palas de Rei dende 1983 á actualidade. Membro do comité exe-

cutivo da FEGAMP dende 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e pola mesma circunscrición na III, IV e parte da V polo Partido Popular.

Presidiu a comisión de Sanidade, Política Social e Emprego, e vocal nas Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Presidiu a Comisión non permanente de Seguimento do Plan de Xestión e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos e foi membro suplente da Deputación Permanente.

PÉREZ ÁLVAREZ, Manuel

Naceu en Sober (Lugo) o 3 de decembro de 1946. Doutor en Dereito. Inspector de Traballo e Seguridade Social dende 1974. Estivo destinado en Lugo en 1974-1975 e dende este último ano en Vigo. Vocal da Comisión Técnica Cualificadora de 1977 a 1982. Foi presidente da Comisión Territorial dos Fondos de Promoción do Emprego e profesor do seminario de estudos sociais na Escola de Graduados Sociais de Vigo. Concelleiro de Vigo de 1987 a 1989 e de 1991 a 1995. Portavoz do Partido Popular no concello de Vigo. Alcalde de Vigo de 1995 a 1999. Conselleiro de Traballo e Servicios Sociais da Xunta de Galicia en 1990-1991. Foi presidente do Partido Popular en Vigo, presidente do Eixo Atlántico e presidente da Fundación Pro Vigo.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e parte da IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións Institucional; Administración Xeral; Xustiza e Interior e Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.

Senador por Pontevedra na VI lexislatura polo Partido Popular.

Deputado no Parlamento Europeo dende 1999 dentro do Grupo do Partido Popular Europeo (Demócrata-Cristianos).

Pertence ás Comisións de Emprego e Asuntos Sociais e de Asuntos Económicos e Monetarios.

PÉREZ CORGOS, Jesús Manuel

Naceu nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña) en 1958. Licenciado en Dereito. Diplomado en Comunidades Europeas. Avogado. Foi secretario técnico da Asociación de Empresarios das Pontes. Concelleiro nas Pontes entre 1991 e 1995. Concelleiro da mesma localidade na actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Industria, Enerxía e Turismo;

Política Social e Emprego e Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas.

Na VII lexislatura pertenceu ás Comisións de Política Social e Emprego; Ciencia e Tecnoloxía e Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas.






PÉREZ HERRÁIZ, Margarita

Naceu en Lugo o 30 de maio de 1955. Graduada Social pola Escola universitaria da Coruña. Funcionaria administrativa. Membro Executiva Local. Ingresou no PSP en 1975 e no PSdeG-PSOE despois da disolución de aquel partido. Foi secretaria xeral da agrupación do PSdeG-PSOE de O Corgo e membro da comisión executiva galega deste partido. Na actualidade é membro do comité nacional galego e da comisión executiva da agrupación local de Lugo do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSdeG-PSOE.

É secretaria da comisión de Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia e vocal da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.



PÉREZ HORTAS, Maximino

Naceu en Valverde-Monforte de Lemos (Lugo) o 9 de xullo de 1917. Licenciado en Dereito pola Universidade de Salamanca en 1954. Participou na guerra como oficial do exército nacional. Dedicouse ó ensino e foi asesor de empresas. Exerceu como avogado en Monforte. Director e mestre dun colexio nacional de EXB. Tenente de alcalde en Monforte entre 1979 e 1983 por UCD. Concelleiro en Monforte polo CDS entre 1986 e 1989. Presidiu o comité local de UCD e despois do CDS en Monforte. Membro da Comisión de goberno da CRTVG e de TVE en Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.

Foi presidente da Comisión dos Deputados, vicepresidente da Comisión de Agricultura, Gandería, Montes e Pesca e vocal das Comisións de Traballo e Seguridade Social; Educación e Cultura; Obras Públicas e Facenda.

Foi vocal suplente da Deputación Permanente.



PÉREZ MARINO, Ventura

Naceu en Vigo o 29 de decembro de 1948. Cursou os estudos de Dereito na Universidade de Deusto entre 1967 e 1972. Doutor en Dereito pola Universidade Complutense en 1979. Foi profesor desta universidade entre 1972 e 1988. Exerceu a avogacía primeiro en Madrid e despois en Vigo. Ingresou na carreira xudicial en 1988. Como maxistrado estivo destinado nos xulgados de primeira instancia de Cuenca e Burgos. Con posterioridade foi adscrito ó gabinete técnico do Tribunal Supremo. En xaneiro de 1992 obtivo praza na sección terceira de la Sala de lo Penal da

Audiencia Nacional. En maio de 1993 solicitou a excedencia como maxistrado para concorrir ás eleccións ó Congreso que tiveron lugar ó mes seguinte, como independente dentro das filas do PSOE a invitación do propio Felipe González. En febreiro de 1995 renunciou ó escano e reincorporouse ó seu posto na Audiencia Nacional. En agosto de 1997 foi destinado como maxistrado á Sala de lo Contencioso Administrativo da Audiencia Nacional. En setembro de 1999 solicitou novamente a excedencia para exercer como avogado en Vigo. Alcalde de Vigo, como independente dentro das filas do PSOE, dende xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na V lexislatura, como independente dentro do PSOE. Foi voceiro do grupo socialista na comisión de Justicia e Interior.

PÉREZ PUGA, David (véx. Procuradores en Cortes)

PÉREZ QUEIRUGA, Ricardo

Naceu en Ribeira (A Coruña) o 10 de marzo de 1929. Profesor de EXB. Foi delegado do Fronte de Xuventudes en Ribeira e Bertanga del Bierzo. Foi alcalde de Bertanga del Bierzo durante seis anos. Con posterioridade foi destinado como mestre a Aguiño e elixido patrón maior da confraría de Ribeira. Foi director da Caixa de Aforros de Santiago en Aguiño. En 1975 foi nomeado alcalde de Ribeira e elixido para o mesmo cargo nas primeiras eleccións locais democráticas. Foi director xeral de Pesca e Portos Pesqueiros e director xeral de Ordenación Pesqueira na Xunta de Galicia. Pertenceu a Reforma Democrática e a Alianza Popular dende a súa fundación. Abandonou a política activa en 1993, ó remate da IV lexislatura do Senado.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II lexislatura por Coalición Popular. Pertenceu á comisión de Pesca, na que foi portavoz. Senador pola Coruña na IV lexislatura polo Partido Popular.

PÉREZ TOURIÑO, Emilio

Naceu na Coruña o 8 de agosto de 1948. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago en 1972. Doutor na mesma materia en 1981. Realizou estudos de especialidade no Instituto de Planificación de Desenvolvemento da Universidade de Grenoble (Francia) en 1983. Foi profesor Titular de Economía Aplicada na Universidade de Santiago e na actualidade é catedrático da mesma disciplina. Foi vicerrector de asuntos económicos da Universidade de Santiago



entre 1984 e 1985. Foi sucesivamente director do Gabinete do ministro e subsecretario do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacións entre 1985 e 1990. Foi secretario xeral para as Infraestructuras do Transporte do Ministerio de Obras Públicas entre 1991 e 1994. Secretario xeral do PSdeG-PSOE e líder dos socialistas galegos dende outubro de 1998. Autor de diversas publicacións, fundamentalmente relacionadas co desenvolvemento e a economía agraria.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na VI lexislatura polo PSOE. Pertenceu ás Comisións de Orzamentos; Infraestructuras e Medio Ambiente e Vocal da Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas.

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo PSOE. Na V lexislatura foi o voceiro do Grupo parlamentario dos socialistas galegos e vocal da comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior. Na VI lexislatura é o voceiro do Grupo parlamentario dos socialistas galegos e pertence á comisión de Regulamento.



PÉREZ VARELA, Jesús

Naceu en Redondela (Pontevedra) en 1946. cursou estudos de Maxisterio en Lugo e xornalismo na Escuela Oficial de Periodismo de Madrid. Foi Premio Nacional de Periodismo a Ciclostil en 1964. Foi redactor ó longo de quince anos nos seguintes medios de comunicación: diario *Marca*, *Sábado Gráfico*, *Arriba* (Madrid); *El Noticiero Universal* (Barcelona); *Aragón Express* (Zaragoza); *La Gaceta del Norte* (Bilbao); *Región* (Asturias) e *El Imparcial* (Madrid). Dirixiu *El Imparcial* de xuño a decembro de 1979. Foi xefe de publicacións e comunicación do Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid de 1981 a 1987. Foi director de comunicación da Dirección Xeral de Juventud e asesor do Grupo Popular no Senado. Foi profesor no Centro Español de Nuevas Profesiones en Madrid. Dirixiu a Oficina de Información Electoral do Partido Popular de Galicia na campaña que levou a Fraga ó goberno en 1989. En xaneiro de 1990 foi nomeado director do Gabinete de Comunicación do presidente da Xunta de Galicia. Secretario xeral de Comunicación da Xunta de Galicia de xullo de 1991 a xuño de 1996. Conselleiro de Cultura e Comunicación Social e Turismo en xullo de 1996. Dende decembro de 1997 é conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Coordinador da área de Comunicación do Partido Popular de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

PÉREZ VIDAL, Tomás

Naceu en Carballada de Valdeorras (Ourense) o 21 de decembro de 1954. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Complutense de Madrid. Doutor na mesma disciplina pola Universidade de Santiago en 2002. Diplomado en Estudos Avanzados pola mesma universidade. Cursou estudos de Dereito na Universidade María Cristina del Escorial. Foi subdirector xeral de Xestión Económica en 1982 e director xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia entre 1983 e 1986. Concelleiro de Ourense e deputado provincial en 1991. Concelleiro de Agricultura, Gandería e Montes dende outubro de 1991 a novembro de 1997, onde desenvolveu unha notable actividade neste sector. Foi membro da executiva rexional do Partido Popular e presidente adxunto da mesma. Entre 1994 e 1997 foi vicepresidente da Conferencia Sectorial do Ministerio de Agricultura. Entre 1991 e 1997 foi patrono da Fundación Expo-Ourense, conselleiro do Instituto Galego de Promoción Económica, vicepresidente executivo do Comité Galego de Incendios Forestais e membro dos consellos rectores de diversos Parques naturais. Ingresou en Alianza Popular en 1982. Foi membro da executiva rexional do Partido Popular e presidente adxunto da mesma. Na actualidade é director dunha asesoría xurídico-financieira, presidente dunha empresa de enxeñería e conselleiro de diversas empresas. É vocal do Consello económico e social do Partido Popular de Galicia.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular, na II por Coalición Popular e na III e IV polo Partido Popular. Vicepresidente do Parlamento de Galicia en 1986, na II lexislatura. Durante esta mesma lexislatura, despois do falecemento de Antonio Rosón, foi elixido presidente do Parlamento.

Foi ademais presidente da Deputación Permanente e presidente da Comisión Institucional, de Xustiza e Interior e da comisión de Peticións.

Designado senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na IV lexislatura.

PERNAS MARTINEZ, José María

Naceu en Vigo o 2 de agosto de 1928. Licenciado en Dereito pola Universidade de Madrid. Empresario. Foi concelleiro e tenente de alcalde en Vigo durante o réxime anterior. Durante a transición incorporouse á UDE, onde permaneceu uns meses, pasando a continuación ó PDC de F. Álvarez de Miranda. Formou parte da executiva nacional deste partido ata a fundación de UCD. Defendeu o proceso autonómico e a legalización do Partido Comunista. Participou na campaña pro Constitución no referéndum para a súa aprobación. Non interveu nas primeiras eleccións democráticas por solidariedade con compañeiros excluídos das listas electorais. Formou parte da asemblea de parlamentarios galegos. Permaneceu en UCD ata a



disolución do partido, cesando dende ese momento a súa actividade política.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na I lexislatura por UCD.

Pertencenzo ás Comisións de Obras Públicas, Vivenda e Transportes; Administración local; Terceira idade e Comisión Constitucional de aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia.




=====
PÍA MARTÍNEZ, Juan Luis

Naceu en Ferrol o 27 de setembro de 1928. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1954. Foi avogado en Ortigueira. Alcalde desa localidade de 1969 a 1979. En Ortigueira fundou con outras persoas unha academia. Durante o réxime anterior foi un dos impulsores da Asociación de cabezas de familia en Ortigueira, que presidiu durante moito tempo. Foi delegado comarcal desa entidade. Ingresou en Alianza Popular en 1980. Foi o primeiro conselleiro de Xustiza da Xunta de Galicia, nun dos gobernos de Fernández Albor. Pasou a ser director xeral do mesmo ramo cando desapareceu esa conselle-

ría. Faleceu en Ortigueira o 24 de decembro de 1988.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.



=====
PICO TEMBRÁS, Juan Eladio

Naceu na Capela (A Coruña) o 22 de marzo de 1957. Cursou o bacharelato superior. En 1980 ingresou en Endesa, no departamento de Investigación e Enxeñería, Sección de Hidroxecoloxía y Xeotecnia. Foi entrenador de baloncesto de 1981 a 1997. Incorporouse a Alianza Popular en 1981. Secretario do comité local de Alianza Popular en 1982-1985 e presidente do comité local do Partido Popular dende fins de 1990 a principios de 1996. Concelleiro nas Pontes polo Partido Popular dende 1999. No 2000 foi elixido secretario xeral do Partido Popular desa localidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

PILLADO MONTERO, Antonio

Naceu en Cambados (Pontevedra) o 22 de abril de 1936. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado e maxistrado en excedencia. Membro correspondente da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Alcalde de Cambados entre 1987 e 1990 e deputado provincial dende 1987 ata 1991. Deputado da xunta de goberno do Colexio de Avogados de Pontevedra. De 1999 a xuño de 2003 foi conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia.



Presidente da xunta local de Alianza Popular e do Partido Popular en Cambados, membro do comité executivo provincial, das xuntas rexional e nacional, vocal do comité nacional de Conflictos e Disciplina e vocal e secretario do comité Electoral Nacional. Autor de diversos traballos publicados en revistas do ámbito xurídico

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na III lexislatura por Coalición Popular. Foi vocal na Comisión de Xustiza e voceiro do seu grupo. Deputado por Pontevedra no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática e na IV, V e parte da VI lexislaturas polo Partido Popular. Nesta última lexislatura foi presidente da comisión de Peticións e vocal das Comisións de Xusticia e Interior; Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo.

PIN FERNÁNDEZ, Nazario

Naceu en Esqueira-Ribeira de Piquín (Lugo) o 1 de xuño de 1942. Profesor de EXB e licenciado en Educación Física polo INEF de Madrid. Presidente local do Partido Popular de Monforte dende 1984. Concelleiro de Monforte e voceiro do Partido Popular no concello. Dirixiu diversas sociedades recreativas e deportivas. Alcalde de Monforte de Lemos dende 1995 a xuño de 2003. Con posterioridade reingresou na docencia e é o xefe da oposición nese concello.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e, polo Partido Popular, na III e parte da IV lexislatura. Presidiu a Comisión de Agricultura, Gandería e Montes. Foi membro das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos, Educación e Cultura, Relacións co Consello de Contas e Comisión de Regulamento. Pertenceu á Deputación Permanente.

**PIÑEIRO AMIGO, José Manuel**

Naceu en Cambados (Pontevedra) o 27 de maio de 1938. Licenciado en Dereito. Foi conselleiro na Xunta preautonómica, de xaneiro a maio de 1979 e membro da comisión de transferencias Xunta-Deputacións. Foi secretario-interventor do concello de Ordes. Na actualidade é secretario da FEGAMP.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña na lexislatura Constituínte e na I lexislatura por UCD.

**PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón**

Naceu en Armea-Láncara (Lugo) o 31 de decembro de 1915. Fillo de labradores, pasou a infancia traballando no campo. Traballou tamén nun comercio en Sarria. Cursou o bacharelato no instituto de Lugo. Durante a República pertenceu á Federación de Mocidades Galeguistas, da que era presidente en Lugo cando estalou a guerra. Pasou nun principio momentos de tensión. Salvouse do perigo porque os galeguistas de Lugo non se uniran ó Frente Popular. Estivo alistado durante a guerra nas tropas nacionais.

Ó remate da guerra cursou a carreira de Filosofía e Letras nas Universidades de Santiago e Madrid. En 1946, ó regreso dunha viaxe a París comisionado para intentar que Castelao fora ministro do goberno da República no exilio en representación dos galeguistas, foi detido e pasou tres anos nos cárceres de Alcalá de Henares, Ocaña e Yeserías. Foi un dos fundadores da editorial Galaxia en 1950, que se converteu no refuxio do galeguismo posible naqueles momentos. Nos anos cincuenta e sesenta a súa casa de Santiago converteuse en foro de discusión dos medios intelectuais galeguistas. Foi inspirador dun tipo de galeguismo non vencellado a un determinado partido político. Entre 1966 e 1970 impartiu cursos de verán na universidade de Middelbury nos EE.UU. sobre cultura española.

Inspirou o colectivo Realidade Galega a fins dos anos setenta. En xuño de 1977 foi candidato ó senado pola Candidatura Democrática Galega por Lugo, non saíndo elixido. Foi un dos fundadores do Instituto Galego de Información. Escribiu diversos ensaios e desempeñou labor como traductor. Durante os seus últimos anos foi presidente do Consello da Cultura Galega. Faleceu en Santiago de Compostela o 17 de agosto de 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura como independente polo PSDE.

PIÑEIRO MOURIÑO, Ildfonso

Naceu en Lugo o 7 de maio de 1927. Diplomado en Enfermería pola Universidade de Salamanca en 1947 e diplomado en Podoloxía pola Universidade de Madrid en 1964. Asistente técnico sanitario titular de Chantada. Podólogo. Primeiro tenente de alcalde en Chantada entre 1983 e 1987 por Coalición Galega. Tenente de alcalde entre 1987 e 1991 por Alianza Popular e como independente entre 1991 e 1995. Desempeñou diversos cargos na Cruz Vermella en Chantada. Ten a medalla de bronce da Cruz Roja española.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Coalición Galega. Pertencou ás Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Pesca.

PIÑEIRO SÁNCHEZ, Miguel Gerónimo

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 14 de abril de 1946. Estudiu Arquitectura e Belas Artes en Madrid. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1973. Traballou nun bufete en Pontevedra durante tres anos e despois instalou o seu propio despacho en Vilagarcía. Foi letrado do Banco Exterior de España e do Banco Simeón nas súas sucursais de Vilagarcía e asesor de diversas empresas. Foi director xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e director xeral de Comercio. Afiliouse a UCD en 1980 e abandonou a actividade política cando rematou a I lexislatura do Parlamento de Galicia, para reintegrarse ó seu despacho en Vilagarcía.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Foi membro das Comisións Institucional e Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

PITA VARELA, Jaime Alberto

Naceu en Betanzos o 13 de xuño de 1944. Diplomado en NEXB e membro do corpo de directores escolares. Profesor de ESO. Exerceu a docencia na Escola de Ordenación Marítimo-Pesqueira. Participou en campañas de alfabetización de adultos en África. Diplomado en técnicas directivas polas Universidades de Navarra e Santiago. Empresario. Concelleiro en Betanzos de 1983 a 1998 e voceiro municipal do partido Popular. Presidente local do Partido Popular de Betanzos dende 1989. É vicepresidente



primeiro do comité executivo provincial do Partido Popular. Secretario da Xunta Electoral Provincial da Coruña de 1985 a 1989. Membro do comité executivo e do comité de dirección do Partido Popular de Galicia. Conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia dende febreiro de 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na IV lexislatura foi voceiro adxunto do Grupo Parlamentario Popular; vocal de Comisión de Educación e secretario da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos. Membro da Deputación Permanente.

En 1995 foi nomeado voceiro de Economía do Grupo Parlamentario Popular e da comisión non lexislativa para as relacións co Consello de Contas. Na V lexislatura foi voceiro do Grupo Parlamentario Popular, posto que tamén desempeña na VI lexislatura.

POL GONZÁLEZ, Antonio (véx. Procuradores en Cortes)



PORRO MARTÍNEZ, María Corina

Naceu o 1 de decembro de 1953. Enfermeira. Concelleira do Partido Popular en Vigo na Área de Benestar Social, Sanidade e Consumo dende 1995. Directora Xeral de Servicios Sociais dende decembro de 1999 a decembro de 2001. Conselleira de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia dende decembro de 2001 a xaneiro de 2003. Conselleira polo Partido Popular no concello de Vigo e xefa da oposición dende xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu á comisión de Regulamento.

PORTANET SUÁREZ, Rafael J. (véx. Procuradores en Cortes)



PORTEIRO GARCÍA, María Josefa

Naceu en Madrid o 25 de maio de 1952. Viviu de nova en Cuba. Licenciada en xornalismo. Foi delegada de *El País* en Pontevedra e xefa de prensa do concello de Vigo. Foi primeira tenente de alcalde do concello de Vigo de 1987 a 1990. Dende xuño de 2003 é concelleira en Vigo responsable da área de Medio Ambiente. Escribiu en diversos xornais e colaborou coa radio.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE.

POSE MESURA, Modesto

Naceu en Barizo-Malpica (A Coruña) o 29 de decembro de 1955. Licenciado en Medicina e Ciruxía pola Universidade de Santiago de Compostela en 1981. Inspector médico dende 1996, destinado en Pontevedra. É membro da Executiva Galega do PSdeG-PSOE dende 1997 e Coordinador Provincial de Pontevedra dende 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSOE.
Pertence ás comisións de Sanidade Sanidade, Política Social e Emprego e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.



PRADO LÓPEZ, Manuel

Naceu en Boborás (Ourense) o 5 de xuño de 1958. Licenciado en Filología Hispánica pola Universidade de Santiago en 1980. Profesor de ensino secundario (Lingua e Literatura galega) dende 1982 no instituto Chamoso Lamas de O Carballiño. Delegado provincial en Ourense da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia entre 1994 e 1995. Presidente da Mancomunidade de Concellos da comarca de Carballiño dende 1999. Alcalde de Beariz dende 1983 ata a actualidade. Deputado provincial de Ourense de 1987 a 1991 e de 1999 ata a actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na IV lexislatura polo Partido Popular-Centristas de Galicia.
Pertenceu ás Comisións de Facenda e mixta Congreso-Senado para las Relaciones con el Defensor del Pobo.
Senador por Ourense na VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.
Na VI lexislatura pertenceu ás comisións de Reglamente e Mixta Congreso-Senado Defensor del Pueblo.
Na VII lexislatura pertence ás Comisións de Asuntos Exteriores; Suplicatorios; Comisión Mixta para el Estudio del Problema de las drogas e Comisión Mixta para la Unión Europea.



PRIETO BARRIOS, Neftalí (véx. Procuradores en Cortes)

Q

**QUINTANA GONZÁLEZ, Anxo Manuel**

Naceu en Allariz (Ourense) o 25 de febreiro de 1959. Diplomado en Enfermería. Formou parte do servizo de Nefroloxía da Residencia do Hospital Cristal-Piñor de Ourense. Comeza a súa actividade política dentro do campo do nacionalismo galego en 1977. Concelleiro de Allariz de 1983 a 1989. Alcalde da mesma localidade de 1990 a 2000. Durante o seu mandato Allariz recibiu o Premio Europeo de Urbanismo e foi seleccionada polo Programa Hábitat da ONU como exemplo no Estado español de concello que conta cunha xestión en defensa do desenvolvemento sostenible. Vicepresidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de 1995 a 2000. Forma parte do BNG dende a súa fundación e na actualidade é membro da súa comisión permanente e do seu consello nacional. En abril de 2002 foi nomeado coordinador da Executiva nacional do BNG pola Asemblea nacional desa entidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Comunidade Autónoma de Galicia na VII lexislatura.

É membro suplente da Deputación Permanente e vocal das Comisións de Agricultura, Gandería, Pesca y Alimentación; Educación, Cultura y Deporte e Ciencia y Tecnología. É voceiro do Grupo Mixto na comisión xeral de Comunidades Autónomas.

**QUINTÁS SEOANE, Juan**

Naceu na Coruña o 14 de agosto de 1943. Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao en 1970. Catedrático de Economía e Estatística da Escola de Comercio da Coruña. Catedrático de Fundamentos da Análise Económica das Universidades de Santiago e a Coruña, entre 1970 e 1984. Foi director xeral adxunto de Caixa Galicia de 1984 a 1994. Foi directivo en diversas entidades públicas e privadas. Dende 1994 é director xeral da Confederación Española de Caixas de Aforros. Concelleiro electivo do Consejo de Estado dende xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na I lexislatura por UCD.

QUIROGA SUÁREZ, José

Naceu en Petín de Valdeorras (Ourense) o 4 de xullo de 1920. Courseu o bacharelato no instituto de Monforte de Lemos. Licenciouse en Medicina pola Universidade de Santiago con premio extraordinario en 1943. Dende esa data exerceu como médico na Rúa ata a súa xubilación en 1990. Foi alcalde da Rúa entre 1955 e 1956. Durante a transición foi un dos fundadores en Ourense do partido Acción Política Orensana, que se integraría no Partido Popular de Pío Cabanillas e posteriormente en UCD. Foi o primeiro conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, na etapa preautonómica. Sucedeu a Antonio Rosón como presidente da Xunta de Galicia. Durante o seu mandato, que vai do 9 de xuño de 1979 ó 8 de xaneiro de 1982, redactouse e aprobouse o Estatuto de Autonomía, texto que el mesmo defendeu no Senado. Nestes primeiros pasos do goberno galego, caracterizados pola carencia de recursos, asumíronse as competencias en Sanidade, Industria e Administración Pública. Durante o seu mandato Galicia ingresa como membro da Comisión das Rexións Periféricas de Europa e celebrouse o primeiro congreso desta entidade, que tivo lugar en Santiago. Realizou a primeira convocatoria de presidentes autonómicos en 1980. Compatibilizou a presidencia da Xunta de Galicia coa consellería de Traballo. Foi vicepresidente da Comisión de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas cara a 1980.



Foi o único senador de UCD que saíu elixido nas eleccións de 1982. Despois da desaparición de UCD pasou a Coalición Galega da que foi membro da súa xunta directiva. Foi un dos impulsores da denominada "Operación Roca" a mediados dos anos oitenta. Con posterioridade desvincularíase da actividade política. É membro de honra do colexio médico de Ourense e fillo predilecto de Petín de Valdeorras. Ten a Medalla del Senado, a do Parlamento de Galicia e a Medalla de Francisco Miranda de Venezuela. Colaborou en distintos medios de comunicación, entre eles *La Región* e *La Voz de Galicia*.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense nas lexislaturas Constituínte, I e II por UCD.

Foi secretario das comisións de Sanidade e Dereitos Humanos.

Foi representante do Senado na Comisión do Parlamento Europeo para o estudo do financiamento da seguridade social.

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Presidiu o Grupo Parlamentario de UCD.

— R —

RAJOY BREY, Mariano

Naceu en Santiago de Compostela o 27 de marzo de 1955. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Rexistrador da Propiedade. Foi director xeral de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia. Foi vicepresidente da xunta rexional de Alianza Popular presidente dese partido en Pontevedra. En febreiro de 1987 resultou elixido membro da comisión permanente de Alianza Popular. Foi presidente da Deputación de Pontevedra. Vicepresidente da Xunta de Galicia de novembro de 1986 a finais de setembro de 1987. Dende xaneiro de 1989 é membro do comité executivo nacional do Partido Popular. Foi vicesecretario xeral do Partido Popular dende 1991 a 2003. Ministro de Administracións Públicas de maio de 1996 a xaneiro de 1999. Ministro de Educación e Cultura de xaneiro de 1999 a abril de 2000. Vicepresidente Primeiro e ministro da Presidencia dende abril de 2000 a febreiro de 2001. Vicepresidente Primeiro e ministro de Interior dende febreiro de 2001 ó 9 de xullo de 2002. Dende esa data a setembro de 2003 foi vicepresidente primeiro e ministro da Presidencia, asumindo as funcións de portavoz do Goberno. En setembro de 2003 foi elixido, a proposta de José M^a Aznar, candidato do Partido Popular a presidente do Goberno nas próximas eleccións lexislativas de 2004. No mesmo mes de setembro de 2003 foi elixido secretario xeral do Partido Popular. Foi director de campaña do Partido Popular nas eleccións europeas de 1994, nas eleccións municipais de 1995 e nas eleccións lexislativas de 1996 e 2000 que levaron ó Partido Popular ó poder.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

Deputado por Pontevedra no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular, e na IV, V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Nesta última lexislatura é vocal da Deputación Permanente.

RAMALLO VÁZQUEZ, María Pilar

Naceu o 12 de agosto de 1970. Licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. Funcionaria interina do Corpo Superior da Xunta de Galicia. Concelleira e voceira adxunta do Grupo Municipal do Partido Popular en Marín. Presidenta da Autoridade Portuaria da Marín e Ría de Pontevedra dende o 14 de xullo de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

Foi vicepresidenta da comisión de Pesca e Marisqueo e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Peticións e Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia.

RAMILO FERNÁNDEZ-AREAL, Antonio Bernardino (vex. Procuradores en Cortes) ==

REBOLLEDO MACÍAS, Sinforiano

Naceu na Rúa (Ourense) o 18 de agosto de 1921. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1945 con premio extraordinario. Maxistrado xubilado na actualidade. Desenvolveu a súa carreira na xudicatura en Allariz de 1946 a 1949, en Vigo de 1950 a 1952, en Lalín de 1953 a 1960 e en Ourense de 1960 a 1989. Foi deputado independente no Congreso por Coalición Popular, aínda que con posterioridade ingresou no Partido Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular. Pertenceu á Comisión de Xustiza e Interior.



RECIMIL TÁBORA, José

Naceu na Estrada (Pontevedra) o 17 de setembro de 1930. Enxeñeiro Técnico Agrícola e licenciado en Dereito. Supervisor do Servizo de Extensión Agraria. Xefe das axencias de Extensión Agraria de Monterroso, Mondoñedo e Lugo. Foi xefe provincial do Servizo de Extensión Agraria de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e parte da IV lexislatura polo Partido Popular. Pertenceu ás comisións de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes; Economía, Facenda e Orzamentos e Control de Competición da RTVG.



REGO COBO, Benito Jesús

Naceu en Ribadeo (Lugo) o 29 de outubro de 1932. Licenciado en Veterinaria pola universidade de León, especialista en Reproducción Animal. Profesor de Fitopatología durante dezanove anos na Escuela de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo. Foi vicepresidente da Deputación de Lugo por UCD entre 1979 e 1982. Foi conselleiro de Caixa Galicia. Concelleiro de Lugo con Coalición Galega durante catro anos e outros catro co Partido Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso por Lugo na VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Agricultura, Gandería e Pesca e Sanidade e Consumo. Na VII lexislatura pertenceu ás mesmas comisións.





REGO GONZÁLEZ, Ismael

Naceu en Cangas de Foz (Lugo) o 23 de maio de 1951. Cursou o bacharelato. Desempeñou diversos oficios. De 1983 a 1987 foi concelleiro de Cervo. Dese ano ata 1993 foi primeiro tenente de alcalde. Membro da executiva do PSOE de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II, III, IV, V e VI lexislaturas polo PSOE. Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas,

Medio Ambiente e Servicios; Regulamento e Estatuto do Deputado.

Na VI lexislatura é secretario da comisión de Pesca e Marisqueo e vocal da comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.



REIGADA MONTOTO, Manuel Julio

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 8 de abril de 1935. Licenciado en Dereito pola universidade de Santiago en 1957. Notario. Estivo destinado en Calaceite (Teruel), Verín, Padrón, Vilagarcía, Pontevedra, Lugo e, na actualidade, en Santiago. Pertenceu á xunta directiva do colexio notarial da Coruña. Foi presidente de UNICEF en Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na II lexislatura por Coalición Popular.

Foi voceiro do seu partido na comisión de Constitución e membro da comisión de Justicia.

REVERTER SEQUEIROS, Estanislao

Naceu en Ourense o 1 de outubro de 1929. Era neto dun catalán que se instalou en Ourense a fins do século XIX. Cursou o bacharelato en Ourense. Comezou en Madrid Enxeñería Industrial, que non chega a rematar por problemas de saúde. Comezou a traballar nunha empresa familiar adicada á construción. Crea con outras persoas unha empresa de transportes de mercadorías por estrada e tivo ademais concesionarios de automóviles. Tivo tamén empresas de maquinaria agrícola e adicouse á explotación de canteiras de granito. Foi un coñecido piloto de automóviles de competición entre 1955 e 1975, sendo campión de España en varias ocasións e participando en rallies internacionais. Mesmo chegaría a recibir a Medalla de Plata al Mérito Deportivo en 1965. Foi presidente da Federación Galega de Automovilismo, vicepresidente da Real Federación Española de Automovilismo e membro da Federación Internacional de Automovilismo (FIA). Gañou as eleccións de concelleiro de Ourense polo tercio familiar en 1969, pero o gobernador civil da época impediu o seu nomeamento parece que por antecedentes familiares republicanos. Participou na formación de UCD en Ourense. Abandonaría posteriormente a política activa, parece ser que por


problemas con Gómez Franqueira. Faleceu repentinamente na súa localidade de nacemento o 3 de febreiro de 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD. Pertenceu ás comisións de Transportes e Trabajo.

REVIEJO ARES, Miguel Ángel

Naceu en A Coruña o 5 de novembro de 1955. Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela. Diplomado en Óptica Oftálmica e Acústica pola Escola de Óptica e Acústica Audiométrica da Universidade de Santiago de Compostela. Diplomado en Técnicas de Ortopedia pola Facultade de Farmacia da Universidade de Barcelona. Diplomado en Optometría pola Universidade de Granada. Farmacéutico. Membro da Rede Española de Atención Primaria e da Rede de Centros Promotores da Vida sin Tabaco. Presidente de Cooperativa Farmacéutica Galega (COFAGA). Presidente de FARMADATA S.A. Secretario de Organización da Xunta Executiva do Partido Popular da provincia de A Coruña



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior; Sanidade, Política Social; Emprego e Pesca e Marisqueo e Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia.

REVUELTA MÉNDEZ, Carlos

Naceu en Valladolid o 2 de abril de 1960. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Valladolid en 1984. Médico de Atención Primaria, en Puebla de Trives, Vilamartín de Valdeorras e dende 1990 no Centro de Saúde de O Barco de Valdeorras, onde foi coordinador médico ata o ano 1996. É membro de número da Asociación Española de Médicos Profesionales y Artistas (ASEMEYA) e do consello de redacción da revista A tu Salud, adicada á educación para a saúde. Foi promotor e responsable do programa municipal de Prevención das Drogodependencias do Concello de O Barco. Foi membro do grupo de traballo para a elaboración de materiais didácticos de prevención de drogodependencias da Xunta de Galicia. É autor de diversos artigos en revistas sobre relacionados coa saúde. Foi candidato a alcaldía de O Barco de Valdeorras nas eleccións municipais de 1999, sendo dende entón voceiro municipal do Partido Popular.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Congreso por Ourense na VII lexislatura polo Partido Popular. Vocal das comisións de Sanidade y Consumo; Medio Ambiente y Mixta para el Estudio del Problema de las Drogas.

REY BARREIRO, Jaime Máximo Óscar

Naceu en Pontevedra en 1938. Profesor de EXB. Alcalde de Redondela de 1979 a 1992 e dende 1999 á actualidade. Foi vicepresidente da Federación Galega de Concellos. Secretario xeral da agrupación local do PSdeG-PSOE de Redondela e presidente da agrupación comarcal de Vigo.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na V lexislatura polo PSOE.



RIESTRA PARIS, Miguel

Naceu en Ourense o 22 de abril de 1918. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1941. Avogado e funcionario do ministerio de Información e Turismo dende 1943 ou 1944. Foi secretario da delegación de Información Turismo de Ourense. Alcalde de Ourense de 1974 a 1977. Deputado provincial. Foi delegado en Ourense da consellería de Turismo, Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia de 1983 á súa xubilación en 1985. Faleceu en Pamplona, cidade onde estaba sendo tratado dunha grave enfermidade, o 19 de decembro de 1987.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na lexislatura Constituínte por Alianza Popular.



RIOBOO ALMANZOR, José María

Naceu en Alcazarquivir (Cádiz) o 14 de novembro de 1948. Licenciado en Ciencias Económicas e Doutor en Economía. Catedrático de Economía Aplicada (Estatística Económica e Empresarial) na Universidade de Santiago de Compostela. Foi director do Centro de Documentación Europea. Membro do Consello de Estatística do Instituto Galego de Estatística. Autor de diversas publicacións da súa especialidade.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na III lexislatura polo Centro Democrático e Social. Foi portavoz nas comisións de Economía y Hacienda e Presupuestos e secretario da comisión para o Seguimiento de las actividades del Instituto Nacional de Estadística.

RIVAS FONTÁN, José

Naceu en Pontevedra o 31 de agosto de 1941. Diplomado en Maxisterio pola Escola de Maxisterio de Pontevedra. Ingresou no Corpo de Mestres en 1963. Prestou servizos en Alfabetización e foi encargado dos primeiros servizos de Medios Audiovisuais aplicados ó ensino. Foi secretario do colexio público de Pontevedra. Entre 1970 e 1976 liderou un movemento sindical independente dentro do ensino. Secretario xeral da Xunta de Galicia na etapa preautonómica en 1978. Alcalde de Pontevedra de 1979 a 1991. Foi vicepresidente da Federación Española de Municipios e Provincias. Vocal do Consello Superior de Deportes en 1980. Membro da Delegación española no Consello de Europa, do comité executivo de Municipios e Rexións de Europa e da Comisión Nacional de Administración Local de 1980 a 1983. Vocal do CEP del Partido Popular. Abandona a política de 1991 a 1995 e funda unha empresa de servizos, "CITIGAL, S.L.", da que é administrador. Concelleiro de Pontevedra de 1995 a 1996. Dende xuño de 2003 é novamente concelleiro polo PP en Pontevedra.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado por Pontevedra no Congreso na lexislatura Constituínte por UCD, e na VI, e VII lexislaturas polo Partido Popular. Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Infraestructuras e Medio Ambiente e Réxime das Administracións Públicas. Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Defensa e Educación, Cultura e Deporte. Membro da delegación española na Asemblea Parlamentaria da OTAN.

RIVERA MALLO, José Luis

Naceu en Carril-Vilagarcía de Arousa o 5 de setembro de 1936. Foi presidente local do Partido Popular de Vilagarcía. Foi vocal da executiva provincial do Partido Popular e vocal da xunta directiva nacional. Foi alcalde de Vilagarcía. Presidiu a mancomunidade de municipios de Arousa. Foi presidente do consello de administración do Consorcio-Pro Feiras e Exposicións de Vilagarcía. Foi delegado en Vilagarcía do *Faro de Vigo* e corresponsal da axencia EFE. Presidiu a autoridade portuaria de Vilagarcía. En 1999 abandonou o Partido Popular e fundou Independientes por Vilagarcía (Ivii), formación pola que é concelleiro desa localidade na actualidade.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Senador por Pontevedra na IV e V lexislaturas polo Partido Popular. Pertenceu ás Comisións de Traballo e Suplicatorios.

**RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ, Jaime**

Naceu en Ferrol o 7 de abril de 1961. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Catedrático de Dereito Administrativo na Universidade da Coruña. Pertenceu ó comité executivo provincial da Coruña do Partido Popular. Relacionado con escolas de Administración Pública, foi director da EGAP. Foi subsecretario de Administracións Públicas. Foi director do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP).

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na VI lexislatura polo Partido Popular.

**RODRÍGUEZ ARES, Ramón**

Naceu en Sada (A Coruña) o 21 de febreiro de 1940. Empresario. Xuíz de Paz de Sada de 1975 a 1979. Alcalde de Sada dende 1979 ata xuño de 2003. Foi deputado provincial entre 1987 e 1995. Dende xuño de 2003 é concelleiro en Sada polo Partido Popular e xefe da oposición nese concello.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na VII lexislatura polo Partido Popular.

É secretario 1º da Comisión especial para a prevención dos riscos laborais e vocal nas Comisións de Asuntos Exteriores e Ciencia e Tecnoloxía.

**RODRÍGUEZ CORCOBA, Fernando**

Naceu na Coruña o 21 de marzo de 1948. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1971. Funcionario. Avogado en exercicio dende 1988 ata 1991 e asesor xurídico de empresas. En 1982 foi nomeado delegado provincial da Consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración en A Coruña. En 1984, presidente da Xunta Rectora do Patronato Provincial para a Mellora da Vivenda Rural en A Coruña (Consellería da Presidencia). En 1985 foi suplente do delegado xeral da Xunta en A Coruña. En 1986 foi nomeado secretario xeral técnico da Consellería de Educación. En 1991 foi delegado provincial de Traballo e Servizos Sociais en A Coruña. En 1993, delegado provincial de Xustiza, Interior e Relacións Laborais en A Coruña. Gobernador Civil da provincia de A Coruña en 1996 e subdelegado do Goberno en A Coruña dende 1997. Concelleiro na Coruña polo Partido Popular dende xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

RODRÍGUEZ CUERVO, M^a Inmaculada

Naceu en Madrid o 25 de maio de 1965. Licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid. Realizou diversos cursos e masters relacionados coa xestión comercial e o comercio exterior. Empresaria. Xerenta de Mecanizados Rodríguez Fernández S.L. Foi ademais xerente comercial en diferentes multinacionais. É autora asimesmo de diversas ponencias. É presidenta do Club de Empresa Familiar da Confederación de Empresarios de Ourense, membro da Comisión de Comercio Exterior da Cámara de Comercio e Industria de Ourense e profesora de Márketing Internacional no Máster de Comercio Exterior da Universidade de Santiago.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.
 É vicepresidenta 1^a do Parlamento de Galicia e vicepresidenta 1^a das comisións de Peticións e Regulamento.

RODRÍGUEZ DE PABLOS, Carlos

Naceu en Vigo en 1964. Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía pola UNED. Presidente de Novas Xeracións de Vigo de 1989 a 1991 e da provincia de Pontevedra entre 1990 e 1994. Secretario xeral do Partido Popular de Vigo entre 1992 e 1995 e dende 1994 secretario provincial de Formación do Partido Popular de Pontevedra. Foi asesor do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais. Asesor do delegado do goberno en Galicia de febreiro a decembro de 1998. Forma parte da Comisión Nacional de Defensa do Partido Popular.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra na Parlamento de Galicia na IV e V lexislaturas polo Partido Popular.
 Pertencou ás Comisións Institucional; Administración xeral; Xustiza e Interior; Economía, Facenda e Orzamentos; Política Territorial, Sanidade, Televisión e Regulamento. Na V lexislatura é vicepresidente da Comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios; Control de RTVG e Sanidade, Política Social e Emprego.

RODRÍGUEZ FEIXÓO, Alberte Xulio

Naceu en Barcelona o 24 de abril de 1954, nunha familia de emigrantes galegos. Licenciado en Dereito pola Universidad Central de Barcelona en 1977. Dende 1979 exerce como avogado laboralista en Lugo. Dende ese ano é avogado dos sindicatos nacionalistas nas súas sucesivas denominacións (ING, CTG, INTG, etc.). Membro do consello nacional do BNG dende 1989 e da súa comisión permanente por Esquerda Nacionalista dende 1995. Cesou en ambos postos en 2002. É membro de Esquerda Nacionalista dende



a súa fundación en 1992. Pertence á súa Comisión Coordinadora dende o mesmo 1992 e é secretario nacional da mesma formación dende 1994.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Foi vicepresidente da Comisión do Estatuto dos Deputados e vocal da Comisión sobre a repercusión do narcotráfico en Galicia.

Na V lexislatura foi secretario da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal da Comisión Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior. Na VI lexislatura é secretario da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal da comisión de Regulamento.



RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Francisco

Naceu en Ourense o 13 de abril de 1953. Courseu Mestría Industrial. Profesor de Formación Profesional en A Pobra de Trives entre 1976 e 1982 e dende este ano no centro de Formación Profesional "Chamoso Lamas" no Carballiño, do que é director dende 1994. Concelleiro en Ourense entre 1985 e 1991. Concelleiro no Carballiño dende 1999, dirixindo a área de Educación e Cultura.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na III e parte de IV lexislatura polo PSOE.

Na III lexislatura foi vocal das Comisións de Educación e Cultura e Control da RTVG.

Na IV lexislatura foi vocal das Comisións de Educación e Cultura e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.



RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Gregorio

Naceu en Vilar de Barrio (Ourense) en 1964. Industrial. Presidente do Partido Popular de Maceda (Ourense). Concelleiro e tenente de alcalde desa localidade de 1995 a 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Na V lexislatura é vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Relacións co Consello de Contas.

RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Maximino

Naceu en Vigo o 8 de abril de 1939. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado. Tenente de alcalde e concelleiro en Celanova. Voceiro do PP no concello de Celanova.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É vicepresidente da comisión de Educación e Cultura e vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e Regulamento.



RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, José Carlos

Naceu en Serra de Outes (A Coruña) o 14 de xuño de 1936. Licenciado en Dereito e Graduado Social pola Universidade de Santiago. Avogado en exercicio en Ourense e asesor de empresas. Foi un dos fundadores en Ourense de Alianza Popular. Concelleiro de Ourense en 1979 e voceiro de Coalición Democrática. Foi tenente de alcalde e deputado provincial. Foi o primeiro director xeral de Emigración da consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración, director xeral de Relacións coas Comunidades Galegas e vicealeador do Pobo. Faleceu en Ourense o 26 de febreiro de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular. Voceiro suplente do grupo de Alianza Popular no Parlamento de Galicia. Vicepresidente da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas e Medio Ambiente e Agricultura, Alimentación, Comercio e Turismo.



RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Manuel Luis

Naceu en Ourense. 48 anos. Mestre. Licenciado en Psicoloxía. Secretario Executivo da Executiva Nacional. Concelleiro na Peroxa.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSOE. É vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia.





RODRÍGUEZ OTERO, María Margarita

Naceu en Baamorto-Monforte de Lemos (Lugo) o 8 de xuño de 1934. Graduada social e técnico superior en Relacións industriais. Foi concelleira de Monforte e deputada provincial de Lugo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE.



RODRÍGUEZ PARDO, José Luis

Naceu na Coruña o 13 de decembro de 1936. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Exerce como avogado na Coruña dende 1965. Comezou a súa actividade política cando era estudante na Universidade de Santiago. Colaborou na fundación do Partido Socialista Gallego en 1963 e da agrupación cultural O Facho na Coruña. En 1977 encabezou a lista do PSG por Lugo ó Congreso, non saíndo elixido. Colaborou na creación dunha corrente dentro do PSG, denominada Colectivo Socialista, que se integrou no PSOE en abril de 1978. En xaneiro de 1979 formou parte da

denominada "Comisión dos 16" para a elaboración do proxecto de Estatuto de autonomía para Galicia. Participou na elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia nas Cortes Xerais como membro da Asamblea de Parlamentarios de Galicia, sendo o voceiro dos parlamentarios socialistas. Secretario xeral do PSdeG-PSOE de Galicia entre 1979 e 1980. Abandonou a política activa en 1993, dedicándose ó seu despacho profesional de avogado. Foi presidente do Colexio Xeral de Emigracións de 1994 a 1998. É vicepresidente primeiro da Asociación de Ex-Diputados e Ex-Senadores de las Cortes Generales e presidente da Asociación Galega de Avogados. Ten publicados diversos traballos sobre o Dereito Civil de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na I lexislatura polo PSOE.

Vicepresidente segundo da comisión de Réxime das Administracións Públicas.

Senador pola Coruña na II e III lexislaturas polo PSOE. Durante a II lexislatura foi secretario primeiro da mesa do Senado, voceiro socialista na Comisión Constitucional e vocal da Comisión de Xustiza. Na III lexislatura foi vicepresidente primeiro da Mesa do Senado e vocal das Comisións de Xustiza e Constitucional.

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo PSOE. Presidente do Grupo Parlamentario Socialista nesa lexislatura.

RODRÍGUEZ PEÑA, Xosé Henrique

Naceu en Ourense en 1942. Arquitecto superior pola Escola de Madrid, especialista en restauración de monumentos. Foi presidente da Delegación Oficial do Colegio de Arquitectos de Ourense. Foi responsable da área municipal e secretario xeral do Partido Galeguista e secretario xeral de Coalición Galega. Presidente do consello nacional e secretario xeral do Partido Nacionalista Galego-Partido Galeguista, cargo que ocupa na actualidade. Conselleiro de Pesca da Xunta de Galicia de 1987 a 1990, durante o "gobierno tripartito" (PSOE-PNG-CG). Membro da Comisión Permanente e do consello nacional do BNG, polo PNG. Foi portavoz municipal do BNG no Concello de Ourense.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Galega e na IV, V e VI polo BNG. Na V lexislatura foi secretario da Comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios. Na VI lexislatura é secretario da comisión para Asuntos Europeos e vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios e Pesca e Marisqueo.

RODRÍGUEZ PÉREZ, Fernando Carlos

Naceu en Rubián-Bóveda (Lugo) o 28 de maio de 1946. Licenciado en Farmacia pola Universidade Complutense de Madrid. Técnico Bromatólogo. Master pola Universidade de Santiago en Administración e Xestión Sanitarias. Farmacéutico dende 1975 en Rubián. Concelleiro de Bóveda entre 1979 e 1983 e dende 1987 a 1999. Foi alcalde de Bóveda de xuño de 1984 a decembro de 1985. Concelleiro de Sarria dende 1999. Deputado provincial de Lugo polo partido de Monforte entre 1979 e 1991. Delegado da Deputación de Lugo de Asistencia Social e Centros Asistenciais. Foi fundador e presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural "Río Lor" de 1992 a 1995 e asesor da mesma ata marzo de 2000. Membro da executiva provincial e galega do Partido Popular.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular e na III, IV e parte da V lexislaturas polo Partido Popular. Foi presidente da comisión non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e vocal das Comisións da Sanidade, Política Social e Emprego; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Economía, Facenda e Orzamentos. Senador por Lugo na VII lexislatura polo Partido Popular. Pertence ás Comisións de Agricultura, Gandería, Pesca e Alimentación, Suplicatorios, Mixta para o Estudio do Problema das Drogas e Mixta para as Relacións co Defensor do Pobo.




RODRÍGUEZ REZA, José

Naceu en Ourense en 1922. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1943. Industrial e empresario avícola e gandeiro. Tivo tamén negocios de hostalería. Foi un dos impulsores de Coren en Ourense. Foi conselleiro delegado de Cervexas San Martín. Comezou a súa actividade política da man de Gómez Franqueira. Deputado provincial polo tercio de entidades entre 1972 e 1979. Foi tesoureiro, vicepresidente e, por último, presidente de Caixa Rural de Ourense durante catro anos. Na actualidade é vicepresidente primeiro de Caixa Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na lexislatura Constituínte e na I lexislatura por UCD. Pertenceu ás Comisións de Agricultura e Industria.



RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Antonio

Naceu en Airoa-A Peroxa (Ourense) o 27 de maio de 1944. Perito mercantil e diplomado en profesorado de EXB. Secretario xeral do PSdeG-PSOE de Galicia de 1982 a 1985. Presidente do PSdeG-PSOE de 1985 a 1988. Membro do Comité Federal do PSOE en 1982, 1985, 1988, 1991 e 1994. Foi secretario xeral de Benposta-Nación de los Muchachos. Foi representante provincial dos mestres nas eleccións oficiais do ministerio de Educación en 1976. Foi vocal da Asamblea General de MUFACE en 1977. Presidente da Fundación Celso Emilio Ferreiro dende 1985 á actualidade.

Membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia dende o 13 de maio de 2002.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na I, II, III, IV e V lexislaturas polo PSOE.

Foi vicepresidente da comisión de Peticiones y Suplicatorios, secretario da comisión de Administración Territorial e vicepresidente da comisión do Defensor del Pueblo. Pertenceu ademais ás comisións de Educación, Obras Públicas.

Senador por Ourense na VI lexislatura polo PSOE. Foi vocal da Delegación española en el grupo de amizade con el Parlamento de Brasil, voceiro do Grupo Socialista na comisión de Agricultura, Ganadería y Pesca e membro suplente da Comisión Permanente.

RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Dositeo

Naceu en Ribas do Sil (Lugo) o 17 de setembro de 1935. Licenciado en Dereito e profesor mercantil. Funcionario do corpo de Intervención do Estado, corpo técnico do Ministerio de Facenda e corpo de xestión de Facenda Pública. Desempeñou os postos de interventor adxunto do Ministerio de Sanidade, xerente da Universidade de Santiago de Compostela e interventor xeral da Xunta de Galicia. De 1988 a fins de 1989 foi director xerente da Fundación Alfredo Brañas. Conselleiro de Presidencia e Administración Pública de 1990 a 1999, cargo no que cesou para presentarse como candidato do Partido Popular á alcaldía de Santiago. Concelleiro de Santiago e voceiro municipal popular dende 1999. É vicepresidente segundo da Deputación da Coruña e vicepresidente de Réxime Interior da Deputación da Coruña. Cordinador de área de participación e acción social do Partido Popular de Galicia.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura e parte da V polo Partido Popular.

RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco

Naceu en Ferrol o 22 de novembro de 1945. Doutor en Filoloxía Románica. Catedrático de Instituto de Lingua e Literatura. Foi un dos impulsores da organización sindical INTG e do Bloque Nacionalista Galego. Membro da comisión permanente e do consello nacional do BNG, pola UPG. Responsable da área de cultura do BNG. Autor de diversas publicacións sobre temas lingüísticos, literarios e políticos.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo BNG.

Deputado pola Coruña no Congreso na VI e VII lexislaturas polo BNG.

Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións Constitucional; Defensa; Educación e Cultura; Industria, Enerxía e Turismo e Infraestructuras y Medio Ambiente. Foi membro da Deputación Permanente.

Na VII lexislatura pertence ás Comisións Constitucional; Educación, Cultura e Deporte; Infraestructuras;

Política Social emprego; Peticións; Comisión de Control Parlamentario de RTVE e Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.



RODRÍGUEZ SEIJAS, María Dolores

Naceu en Chantada (Lugo) o 14 de marzo de 1951. Profesora de EXB, diplomada en Lingua galega. Especialista en Educación especial. Presidenta local do Partido Popular e concelleira no Carballiño dende 1981. Dirixiu a área de Cultura entre 1991 e 1995. Pertence á dirección provincial do Partido Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular. Na V lexislatura foi vocal das comisións de Educación e Cultura; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes. Na VI lexislatura é vocal das comisións de Educación e Cultura; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e Regulamento.

RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Ángel

Naceu en Viveiro (Lugo) o 30 de abril de 1924. Na súa mocidade compaxinou os estudos co traballo. Perito industrial pola Escola Oficial de Peritos Industriais de Vigo en 1956. Director técnico de Barro-Chavín de 1956 a 1980. Ingresou en UCD en 1980. Foi director do Instituto de Formación Profesional de Viveiro de 1964 ata a súa xubilación en 1989. En 2000 foille concedida a Medalla de Bronce de Galicia, por méritos na ensinanza e o desenvolvemento profesional.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD. Foi vicepresidente da Comisión de Educación e Cultura e vocal das Comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Sanidade, Política Social e Emprego.



ROJO NOGUERA, Pilar Milagros

Naceu o 23 de febreiro de 1960. Arquitecta. Funcionaria por oposición do Corpo de Arquitectos da Facenda Pública. Titulada pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña, nas especialidades de Edificación e de Urbanismo. Diploma de Directivo da Xunta de Galicia e Diploma de Alta Dirección do Instituto Nacional de Administración Pública. Foi delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Foi membro electo do Claustro Constituínte da Universidade de Santiago de Compostela. Conselleira de Familia, Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia dende xaneiro de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular. É presidenta da comisión de Educación e Cultura; vicepresidente da comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e vocal da comisión para Asuntos Europeos.

ROMAY BECCARIA, José Manuel

Naceu en Betanzos (A Coruña) o 18 de xaneiro de 1934. Licenciado en Dereito. Cursos os estudos de doutoramento. Ampliou estudos nas Universidades de Kiel e Heilderberg. Durante un breve tempo impartiu clases de Derecho Administrativo na Universidade de Santiago. Letrado do Consejo de Estado dende 1959. Foi secretario xeral de Sanidade, director do Instituto de Estudios de Administración Local, subsecretario da Presidencia del Gobierno e subsecretario do Ministerio da Gobernación. Foi vicepresidente do primeiro goberno autónomo de Galicia, no que se negociaron a maior parte das actuais transferencias. Foi concelleiro da Coruña e presidente da Deputación da mesma provincia. En 1990 foi nomeado conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes e en 1991 conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, ata maio de 1996. Presidente provincial do Partido Popular na Coruña dende 1985 a outubro de 1999. Foi vicepresidente nacional e rexional do Partido Popular. Presidente do comité electoral nacional do Partido Popular dende 1988 ata xaneiro de 1999, momento no que é nomeado presidente do comité de Dereitos e Garantías. Ministro de Sanidade e Consumo dende maio de 1996 ata marzo de 2000. Membro do comité executivo nacional do Partido Popular. Presidente do Consejo de Estado dende xaneiro de 2003.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática, na III por Coalición Popular e na IV, V e VII polo Partido Popular. Na VII lexislatura presidiu a Comisión de Xustiza e Interior e foi vocal de comisión Constitucional. Foi vocal suplente da Deputación Permanente e vicepresidente da Comisión de Investigación sobre Gescartera. Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

ROMERO BECERRA, José

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) o 20 de agosto de 1930. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1954. Foi administrador de Tabacalera en Xinzo de 1962 a decembro de 1985, data na que se suprimiron esas entidades. Avogado en exercicio ata a súa xubilación en decembro de 1995. Primeiro tenente de alcalde de Xinzo de Limia por UCD de 1979 a 1983 e por Coalición Galega de 1983 a 1987. Retirouse da actividade política a fins de 1989, unha vez rematada a II lexislatura do Parlamento de Galicia.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Galega. Na I lexislatura pertenceu ás Comisións de Ordenación Territorial, Agricultura e Estatuto do Deputado. Na II pertenceu ás Comisións de Ordenación Territorial, Agricultura, Traballo e Benestar Social e Control da Compañía de RTVG.

ROSÓN PÉREZ, Antonio (véx. Procuradores en Cortes)**RUBIDO RAMONDE, Leopoldo**


Naceu en Cedeira (A Coruña) o 28 de maio de 1942. Cursos o bacharelato en Ferrol. Graduado Social pola escola de Santiago. Exerceu como graduado social de 1971 a 1996. Profesor no instituto politécnico Marqués de Suanzes dende 1971. Profesor da Escola de Graduados Sociais de Ferrol entre 1971 e 1974. Foi Vicepresidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Galicia e presidente da Comarca de Ordenación Rural Eume-Ortegal. Concelleiro da MUNPAL (1983-1987) e do Consello Superior da Función Pública do Estado (1987-1991). Alcalde de Cedeira ininterrompidamente de 1973 a 1999. Deputado provincial de 1983 a 1987 e de 1991 a 1995. Ten a Cruz del Mérito Naval de 2ª Clase con Distintivo Blanco e a Encomienda de Isabel la Católica. Pertence ó Capítulo Noble de Caballeros de la Merced. Dende xuño de 2003 é alcalde de Cedeira.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura pertence ás comisións de Peticiones; Trabajo y Seguridad Social e Mixta para las relaciones con el Tribunal de Cuentas. Na VI lexislatura pertenceu ás comisións de Incompatibilidades; Defensa e Educación y Cultura.

Nesta última comisión foi viceportavoz.

**RUEDA CRESPO, José Antonio**


Naceu en Xaén o 9 de marzo de 1938. Enxeñeiro agrónomo. Foi xefe do servizo de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Foi vicepresidente da Deputación de Pontevedra. Concelleiro de Silleda de 1983 a 1987. Foi xefe provincial do IRYDA en Pontevedra. Ten a Encomienda da Orden Civil del Mérito Agrícola.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Pontevedra na II lexislatura por Alianza Popular-Partido Demócrata Popular e na III lexislatura por Coalición Popular. Nesta lexislatura ingresou no Grupo Mixto en setembro de 1987.

RUIZ RIVAS, Manuel

Naceu en Ribeira (A Coruña) en 1957. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Xuíz de distrito do concello de Ribeira e procurador dos tribunais. Directivo de sociedades deportivas. Concelleiro de Ribeira dende 1987, no que foi primeiro tenente de alcalde e voceiro do Partido Popular no concello. Foi membro da executiva provincial do Partido Popular entre 1993 e 1999. Pertence á executiva rexional do mesmo partido.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións Institucional, Administración xeral, Xustiza e Interior; Economía, Facenda e Orzamentos e comisión non lexislativa para as Relacións co Consello de Contas.

Na V lexislatura foi presidente da Comisión de Asuntos Europeas; vicepresidente da Comisión de Pesca e Marisqueo e vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Comisión de Estudio da Situación dos Emigrantes galegos.

Na VI lexislatura é vocal das comisións de Pesca e Marisqueo e Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.

— S —

SÁINZ GARCÍA, María Jesús Amparo

Naceu en Santander o 1 de setembro de 1949. Licenciada en Filología Románica. Catedrática de Lingua Literatura española. Inspectora de bacharelato. Foi directora xeral de Ensinanzas Medias e conselleira de Educación da Xunta de Galicia. Foi presidenta nacional da comisión de Educación de Alianza Popular. Concelleira e voceira do grupo popular no concello de Santiago de 1991 a 1999. Membro do comité executivo nacional do Partido Popular tra-la celebración do XI Congreso do partido. Presidenta do Partido Popular en Santiago. Vicesecretaría xeral do Partido Popular en Galicia. Pertence ó comité executivo nacional do Partido Popular.



REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senadora pola Comunidade Autónoma de Galicia na III lexislatura.

Deputada pola Coruña no Congreso na IV, V, VI e VII lexislaturas polo Partido Popular.

Na VI lexislatura foi vocal da Deputación Permanente e pertenceu ás Comisións de Educación e Cultura; Política Social e Emprego e Comisión Mixta dos Dereitos da Muller. Foi voceira adxunta do Grupo Popular.

Na VII lexislatura é secretaria 3ª da Mesa do Congreso e secretaria 1ª da Mesa da Deputación Permanente.

SALAZAR BELLO, Isabel

Naceu en México en 1949, no seo dunha familia de emigrantes galegos. Licenciada en Medicina. Médico de profesión. En 1981 ingresa na UGT, organización á que segue pertencendo. Ingresa no PSdeG-PSOE despois das eleccións xerais de 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo PSOE.

Vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Peticións.

**SALGADO GARCÍA, Juan Fernando**

Naceu en Monterroso (Lugo) o 28 de marzo de 1953. Licenciado en Ciencias da Información, rama de xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid. Traballou en *La Voz de Galicia* de 1981 a 1987, onde exerceu como xefe de sección de Economía dende a creación da mesma e fundou e coordinou os suplementos semanais "Economía e Consumo" e "Europa". Conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia entre 1987 e 1990. Foi secretario xeral da Fundación Galicia-Europa entre 1988 e 1990. Dimitiu como parlamentario en setembro de 1994 para volver á actividade xornalística. Director do diario *El Progreso* de 1994 a 2000. Dende setembro de 2001 é delegado provincial da Corporación Voz en Lugo. Profesor de Estructura Económica na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade da Coruña dende 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III e na IV lexislatura polo PSOE.

Vocairo do Grupo Socialista na comisión de Economía e Presupostos.

**SÁNCHEZ CASTIÑEIRAS, Cándido**

Naceu en Santiago de Compostela o 11 de decembro de 1941. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago en 1965. Pertence ó corpo Médico de Sanidad Nacional e ó corpo Médico de la Marina Civil. Foi subxefe provincial de Sanidad de Lugo de 1969 a 1971. Xefe provincial de Sanidad de Lugo de 1971 a 1979. Neste último ano pasa a desempeñar-la dirección de Salud de Lugo. Na actualidade é xefe do servizo de Promoción da Saúde na delegación da consellería de Sanidade en Lugo. Foi profesor de saúde pública na Escola de Enfermería de Lugo. Presidiu a Academia Médico Quirúrgica de Lugo dende a súa fundación en 1973 ata 1977. Vicepresidente da Comisión Delegada de UNICEF en Lugo de 1974 a 1995. Vicepresidente da Asociación Española de Biopatología Médica. É académico corres-

pondente da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia. É autor de diversos artigos de investigación sanitaria.

Tomou parte nas negociacións das transferencias de sanidade á Xunta de Galicia durante a etapa preautonómica. Pertenceu á executiva nacional de Coalición Galega. Foi presidente dese partido en 1990. Concelleiro de Lugo de 1987 a 1991 e deputado provincial nos mesmos anos. Está en posesión da Encomienda con Placa de la Orden del Mérito Civil.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na lexislatura Constituínte e na I por UCD. Na lexislatura Constituínte presidiu a Comisión de Sanidade e Seguridade Social. Na I lexislatura presidiu a comisión especial de Investigación de los Trabajadores Emigrados.

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II e III lexislaturas por Coalición Galega.

Foi voceiro deste partido no Parlamento nesas dúas lexislaturas.

SÁNCHEZ PRESEDO, Antolín

Naceu en Betanzos (A Coruña) o 5 de abril de 1955. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago entre 1972 e 1977. Militante do PSOE dende 1977. Concelleiro de Betanzos de 1979 a 1987. Alcalde de Betanzos de 1983 a 1985, elixido por maioría absoluta. Foi secretario xeral do PSdeG-PSOE entre 1985 e 1994 e membro do comité federal do mesmo partido de 1982 a 1994. Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia de xuño de 1987 a xaneiro de 1990. Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo entre 1988 e 1990. Avogado en exercicio, pertencente ó Colexio Provincial de Avogados da Coruña dende 1978. Dirixe un bufete na Coruña dende abril de 1996.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I, II, III e IV lexislaturas polo PSOE.

Voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entre 1990 e 1994.

Foi vocal das Comisións Institucional; Administración Xeral, Xustiza e Interior e Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios. Pertenceu á Deputación Permanente.

SÁNCHEZ ROEL, María Encarnación

Naceu en Mugardos (A Coruña) en 1956. Cursou estudos de administrativo e exerceu o seu labor profesional nunha empresa de Ares. Presidenta do comité local do Partido Popular de Mugardos. Foi concelleira desa localidade e voceira do Grupo Popular.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións Institucional; Administración xeral; Xustiza e Interior; Regulamento; Control da Compañía da RTVG e relacións co Consello de Contas.

SANCHO ROF, Jesús

Naceu en Madrid o 16 de decembro de 1940. Licenciado en Ciencias Físicas pola Universidad Complutense de Madrid. Doutor en Ciencias en 1965 pola mesma Universidade. Foi premio extraordinario no bacharelato, na licenciatura e no doutorado. Exerceu a docencia na Universidade de Madrid, na que foi profesor axudante (1962-1966), adxunto (1966-1968) e agregado (1968-1983). É catedrático de Óptica e Estructura da Materia na Universidade Complutense de Madrid dende 1983. Impartiu clases tamén na Escuela Técnica Superior de Ingenieros de

Caminos (1966-68) e no Instituto Oficial de Radio y Televisión (1967-69). Comezou a súa actividade política no Sindicato Español Universitario (SEU), desempeñando distintos cargos nesa organización ata chegar a conselleiro nacional (1962-64). Director do Gabinete de Estudos da dirección xeral de RTVE (1965-70). Director da Obra Sindical de Formación Profesional (1970-1973). Director xeral de Formación Profesional y Extensión Educativa (1973-1974). Director xeral de Obras Sindicales (1974). Director xeral de Radiodifusión y Televisión (1974-1975). Director xeral de Administración e Finanzas Sindicales (1976-1977). Director xeral de Política Interior (1977-1978). Subsecretario do Ministerio del Interior (1978-1979). Ministro de Obras Públicas y Urbanismo (1979-1981) e ministro de Trabajo, Sanidad y Seguridad Social en 1981. Foi conselleiro nacional de Educación (1972-1974), presidente da Empresa Nacional de Óptica (1982-1983) e vocal do consello de administración de RTVE, en representación do Senado (1990-1993). Foi un dos promotores da Federación Social Independiente, de orientación socialdemócrata que se disolveu ó aparecer a Unión de Centro Democrático. Formou parte da Asemblea Parlamentaria de Galicia. Ademais de deputado foi procurador en Cortes durante parte da X lexislatura pola Organización Sindical, como director do Secretariado de Asistencia y Promoción Sindical en dous períodos (de febreiro a decembro de 1974 e de marzo de 1976 ó final da lexislatura). Na actualidade é vocal do Consejo Nacional de las Telecomunicaciones e adícase á actividade privada. É presidente da Asociación Nacional de Empresas Regionales de Obra Pública (AERCO) e da Agrupación de Interés Económico (ABEDUL). Está en posesión das Grandes Cruces de Carlos III, Alfonso X el Sabio e Mérito Civil, entre outras condecoracións. Ten publicados diversos traballos de investigación sobre temas da súa especialidade.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso nas lexislaturas Constituinte e II por UCD e na III por Coalición Popular.

Na lexislatura Constituinte pertenceu ás comisións Constitucional e Interior.

Na II e III lexislaturas pertenceu ás comisións de Educación; Interior e Infraestructuras.

SANDE GARCÍA, Pablo Ángel

Naceu no Ferrol o 22 de marzo de 1955. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Foi profesor de Dereito civil na Universidade de Santiago. Maxistrado da Sala Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dende 1989. É autor de distintas obras de carácter xurídico.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.

Foi vicesecretario da Mesa do Parlamento de Galicia.

SANGIAO PUMAR, Antonio

Naceu en Arzúa (A Coruña) o 6 de abril de 1923. Traballou no ramo da hostelería en Cádiz de 1938 a 1942. Con posterioridade cursou estudos de electrónica, como técnico electricista na especialidade de televisión, en Igualada (Barcelona). En 1948 funda unha empresa de instalacións eléctricas na Estrada. Foi presidente de Alianza Popular na Estrada, na que ingresou hacia 1979. Contribuiu decisivamente ó desenvolvemento deste partido na comarca da Estrada nos seus primeiros tempos. Foi membro da súa xunta provincial e comité executivo e membro da xunta rexional



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA


Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II por Coalición Popular.

SANMARTÍN LOSADA, Miguel

Naceu na Estrada (Pontevedra) o 1 de outubro de 1932. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado en exercicio dende 1960. En novembro de 1986 incorporouse ó Banco Pastor como subdirector da Asesoría Xurídica. En xuño de 1989 foi nomeado director do departamento de Contenciosos. En xuño de 1992 é nomeado director dos servizos xurídicos reunificados. En febreiro de 1995 é nomeado secretario xeral e letrado asesor do consello. Dende maio de 1996 é secretario do consello de administración e membro dos comités de Control e Nomeamentos e Retribucións. Conselleiro de Interior e Administración local da Xunta de Galicia entre 1978 e 1982, na etapa preautonómica. Foi secretario xeral de UCD de Galicia. Participou activamente no proceso de elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi un dos asinantes, en representación de UCD, do denominado "Pacto del Hostal". Abandonou a política activa a fins de 1982.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na I lexislatura por UCD. Pertenceu ás comisións de Interior e Xusticia.



SANTALICES VIEIRA, Miguel Ángel

Naceu en Bande (Ourense) o 17 de marzo de 1955. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1978. Funcionario do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de Saúde pública, Xestión e Administración sanitaria. Foi director de ambulatorios na área de Vigo entre 1980 e 1982. Director xerente do Hospital Psiquiátrico de Toén (Ourense) entre 1984 e 1990. Director xerente dos Complexos Hospitalarios Xeral-Cies de Vigo (1990-1994) e do Complexo Hospitalario de Ourense (1994-2000). Secretario executivo de Asuntos Sociais do Partido

Popular de Galicia. Membro da executiva rexional do Partido Popular de Galicia dende 2002. Dende este mesmo ano é coordinador de Área do Partido Popular de Ourense.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi vicepresidente primeiro da mesa do Parlamento.

Vocal das Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego e Comisión de Estudo da Situación dos Emigrantes galegos.

Na VI lexislatura é presidente da comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e membro das comisións de Pesca e Marisqueo e Economía, Facenda e Orzamentos.



SEARA SOBRADO, Laura

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) en 1975. Licenciada en Dereito. Secretaria de Organización das Juventudes Socialistas de España. Vicepresidenta do Consejo de la Juventud.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSdeG-PSOE.

É secretaria da comisión de Educación e Cultura e vocal da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.



SESTELO FERNÁNDEZ, Ramón

Naceu en Gondomar (Pontevedra) o 14 de marzo de 1950. Diplomado en maxisterio pola Escola de Formación do Profesorado de Pontevedra en 1971. Profesor de Ensinanzas Secundarias no Instituto "Auga da Laxe" de Gondomar (Pontevedra). Alcalde de Gondomar de 1987 a 1999. Foi deputado provincial de 1995 a 1999. Membro dos comités executivos provincial e rexional do Partido Popular de Galicia. Tesoureiro do Partido Popular de Galicia. Presidente local do PP de Gondomar.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É presidente da comisión de Control da Compañía da Radio Televisión de Galicia, vicepresidente da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal das comisións Educación e Cultura e Relacións co Consello de Contas.

É portavoz adxunto do Grupo Parlamentario Popular.

SILVA REGO, María del Carmen

Naceu en Vigo en 1960. Mestre de Educación especial. Secretaria xeral da Agrupación Local Vigo-Oeste. Membro da Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE.


■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso na VI lexislatura polo PSOE.

Pertenceu ás Comisións de Industria, Enerxía e Turismo; Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas e Comisión Mixta de los Dereitos da Muller.

SINEIRO GARCÍA, Francisco Xavier

Naceu en Santiago de Compostela en 1949. Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Complutense en 1971. É profesor asociado de Economía e Política Agraria no Campus Universitario de Lugo. Ingresou no PSdeG-PSOE en 1988. Dende 1985 ata 1987 foi director territorial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Foi conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia de 1987 a 1990.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas polo PSOE.

Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Economía, Facenda e Orzamentos e Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes.

Na VI lexislatura é presidente da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos e vocal das comisións de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Asuntos Europeos.

SOMESO SALVADORES, Álvaro Antonio

Naceu na Coruña o 5 de novembro de 1936. Cursou o bacharelato e estudos de marketing. Traballou na Papelera Española en Vigo (1959-1961) e Barcelona (1961-1964). Neste último ano regresou á súa cidade natal e foi representante de distintas empresas e dedicouse despois a negocios familiares como traballador autónomo. Vinculado a distintas asociacións e entidades veciñais. Preside a Federación de Autónomos de Galicia. Concelleiro da Coruña de 1983 a 1987 como independente dentro da lista de "La Coruña Unida" e de 1991 a maio de 2003 polo Partido Popular.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na IV lexislatura, a V e a VI polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións de Traballo; Incompatibilidades; Peticións e Educación e Cultura.



SONEIRA TAJES, María Soledad

Naceu en Camariñas o 10 de decembro de 1954. Cursou o bacharelato superior. Desempeña o seu labor profesional no campo da artesanía. Ingresou no PSdeG-PSOE en 1993. Concelleira en Camariñas dende 1997 e dirixiu as áreas de Desenvolvemento local, Cultura, Ensinanza e Deportes. Na actualidade é a responsable de Pesca. Foi secretaria xeral da agrupación socialista de Camariñas e coordinadora da comarca da Costa Atlántica ata decembro de 2000. Responsable de políticas migratorias na comisión executiva nacional Galega do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada polo Coruña no Parlamento de Galicia na Ve VI lexislaturas polo PSOE.

Na V lexislatura pertenceu ás comisións de Pesca e Agricultura.

Foi voceira do Grupo Parlamentario Socialista na Comisión que estudia os problemas de emigración e vocal das Comisións de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Pesca e Marisqueo. Na VI lexislatura pertence ás comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Pesca e Marisqueo.

SOVELO VILLAR, José Enrique

Naceu en Cangas de Morrazo (Pontevedra) en 1959. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Exerceu a súa profesión na comarca do Morrazo. Militou en Alianza Popular dende 1977. Tenente alcalde de Cangas de 1991 a 1995. Membro do comité executivo provincial do Partido Popular. Coordinador electoral na comarca do Morrazo. Alcalde de Cangas na actualidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV e parte da V lexislatura polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións de Sanidade, Política Social e Emprego; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo; Regulamento e Control da Compañía de RTVG.



SOUTO PAZ, José Antonio

Naceu en Pontevedra o 9 de outubro de 1938. Doutor en Dereito pola Universidade de Navarra en 1967 e doutor en Dereito Canónico pola Universidade de Santo Tomás de Aquino de Roma en 1961. Foi profesor da Universidade de Navarra de 1964 a 1972. Catedrático da Universidade de Santiago de 1972 a 1982. Decano da facultade de Dereito de Santiago de 1975 a 1979. Alcalde de Santiago de 1979 a 1981. Catedrático da UNED de 1982 a 1993. Foi presidente da Asemblea de Alcaldes de Galicia en 1979 e presidente da Mancomunidade de Municipios de Santiago de 1979 a 1981.

Foi asesor do Defensor do Pobo, responsable da área de Educación e Cultura, entre 1986 e 1987. Deputado da xunta de goberno do Colexio de Abogados de Madrid entre 1987 e 1989. Catedrático de Derecho Eclesiástico del Estado da Universidade

Complutense de Madrid dende 1993. Desempeñou numerosos cargos académicos e é autor dun amplo abano de publicacións sobre temas da súa especialidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na IV lexislatura polo Centro Democrático y Social.

Foi membro das Comisións de Educación e Cultura; Xustiza e Interior e Asuntos Constitucionais.

Foi membro da Deputación Permanente.

SUANCES PEREIRO, Javier

Naceu en Ourense o 18 de outubro de 1932. Doutor Arquitecto. Foi decano do Colexio de Arquitectos de Galicia. Foi decano-presidente do Colegio de Arquitectos de Galicia e vocal do Consello Superior de Arquitectos de España. Na actualidade é profesor da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.



SUÁREZ CANAL, Alfredo


Naceu en Allariz (Ourense) en 1951. Licenciado en Matemáticas. Profesor de ensino secundario. Militou nas organizacións nacionalistas U.P.G. e A.N.P.G. dende 1972. Formou parte da dirección da organización estudiantil ERGA de 1973 a 1975. Participou en 1982 na fundación do BNG, formando parte dende entón da súa dirección. Como membro da dirección do sindicato de traballadores do ensino UTEG participou na fundación da Intersindical Nacional de Traballadores de Galiza (INTG). En 1979 foi elixido concelleiro do BNG en Allariz e deputado provincial. Membro da Comisión Permanente do BNG pola UPG.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi coordinador do Grupo Parlamentario do BNG, secretario da comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e vocal da comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.

Na VI lexislatura desempeña os mesmos cargos ademais de vocal da comisión de Asuntos europeos.



SUÁREZ COTELO, José Luis

Naceu en Ponteceso (A Coruña) en 1946. Licenciado en Filosofía y Letras (sección de Filosofía Pura) pola Universidade Central de Madrid. Catedrático de Filosofía de ensino medio, destinado na actualidade no instituto Eusebio da Guarda na Coruña. Foi secretario xeral do PSOE da comarca de Bergantiños e membro do consello nacional galego do mesmo partido. Foi alcalde de Ponteceso durante os dous primeiros mandatos democráticos. Membro fundador en 1998 na Coruña do Instituto de Estudios Políticos y Sociales.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.

Pertencen ás Comisións de Educación e Cultura; Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes e Pesca.

**SUÁREZ NÚÑEZ, José María**

Naceu en Santiago de Compostela o 17 de xullo de 1932. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago en 1953. Doutor na mesma disciplina en 1955. En 1966 gañou a cátedra de Anatomía da Universidade de Granada, en 1968 a de Estomatoloxía de Madrid e en 1969 a de Anatomía de Santiago. En Santiago foi secretario da facultade de Medicina en 1970 e vicedecano en 1975, vicerrector de Extensión Universitaria en 1976 e rector da Universidade entre 1978 e 1984. Durante a súa etapa como rector impulsáronse os Colexios Universitarios da Coruña, Lugo,

Ourense e Vigo, creáronse as Facultades de Física, Veterinaria e Estomatoloxía e conseguíronse novos edificios para a Universidade. Director da Escuela de Estomatología de 1983 a 1986. Membro fundador da Sociedad Española de Cirujía Maxilofacial. Dedicado á docencia e á investigación, foi relator e autor de numerosas publicacións sobre temas da súa especialidade. Foi vicepresidente da Asemblea de Parlamentarios de Galicia en 1977. Faleceu na súa localidade de nacemento o 3 de xuño de 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na lexislatura Constituínte por UCD.

**SUÁREZ-VENTE SANTISO, Javier**

Naceu na Baña (A Coruña) o 16 de agosto de 1935. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Funcionario do Instituto da Vivienda. Foi xefe do servizo de persoal de réxime interior do Instituto Nacional da Vivienda. Foi delegado provincial do Ministerio de Obras Públicas en Pontevedra. Ingresou en UCD hacia 1979 por influencia de Sancho Rof. Dimitiu deste cargo para presentarse como cabeza de lista por UCD en Pontevedra nas eleccións autonómicas de 1981. Foi o último secretario xeral da UCD gale-

ga. Foi conselleiro de Sanidade e Consumo, de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e de Educación e vicepresidente da Xunta de Galicia. Foi secretario xeral de Coalición Galega. A partir de 1990 abandona a política activa e adícase á actividade empresarial.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Popular.

SUEIRO PASTORIZA, Alberto

Naceu na Coruña o 6 de maio de 1962. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. En 1997 obtén o título de Posgrao en Contabilidade Superior pola Universidade da Coruña. Realizou os másters en Asesoría Fiscal e Administración de Empresas. Economista. Xerente de Desenvolvemento Comarcal. Profesor da Confederación de Empresarios de Galicia (Plan FIP) de 1995 a 2000.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo Partido Popular.

É vicepresidente das comisións de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Asuntos Europeos.

É vocal da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

SUEIRO PICÓ, Carlos

Naceu en Vigo en 1940. Cursou o bacharelato superior. Traballou na empresa Barreras de Vigo entre 1956 e 1969 e na empresa de servizos de petroquímica Censa como técnico de organización de 1969 a 1977. Foi enlace sindical. Durante a etapa preautonómica foi conselleiro sen carteira adxunto á Presidencia encargado dos temas relativos á emigración. Traballa dende 1982 na delegación da consellería de Xustiza en Vigo. Pertenceu ó comité local de Vigo de UCD e ó comité executivo provincial da mesma formación. Foi vicepresidente local do CDS en Vigo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no congreso por Pontevedra por UCD na lexislatura Constituínte.

Foi vocal das Comisións de Sanidade e Seguridade Social; Traballo e Industria.

— T —

**TABOADA RIVADULLA, Roberto Jesús**

Naceu en Pontevedra o 30 de abril de 1953. Diplomado en Maxisterio en 1978. Funcionario de Administración local. Concelleiro de Pontevedra de 1987 a 1995 e dende 1999 a 2003. Foi voceiro municipal socialista de 1991 a 1995 e candidato á alcaldía en 1999. Foi vicepresidente da Fundación Municipal Deportiva de Pontevedra. Concelleiro da RTVG de 1988 a 1990. Membro do consello de administración da Autoridade Portuaria de Marín. Ingresou no PSdeG-PSOE en 1981 e desempeñou diversos cargos de responsabilidade nese partido. É membro do comité

nacional galego de dito partido.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE.

Na III lexislatura pertenceu ás Comisións de Economía e Control da RTVG.

Na IV lexislatura foi membro de Deputación Permanente, vicepresidente da Comisión Institucional e vocal da Comisión de Estatuto dos Deputados.

TABOADA SOTO, Ramón

Naceu en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) o 4 de setembro de 1929. Coursou estudos de Náutica en Barcelona. Ingresou en Alianza Popular ó pouco da súa fundación. Concelleiro en Vilagarcía en 1979 e voceiro deste grupo. Foi presidente de Alianza Popular nesa localidade. Xerente dunha empresa de axentes marítimos. Colaborou con *El Correo Gallego*, do que chega a formar parte do seu consello de administración como secretario. Foi presidente do Club de Leones de Vilagarcía. Faleceu circunstancialmente en Matosinhos (Portugal) o 29 de outubro de 1995.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

TAPIA FERNÁNDEZ, María Jesús

Naceu en Burgos o 23 de xuño de 1961. Licenciouse en Dereito na Universidade de Valladolid en 1984. Diplomouse en Técnica da práctica xurídica nesa Universidade en 1987. Diplomada en Dereito Civil galego en 1992. De 1984 a outubro de 1988 traballou como avogado nun despacho en Valladolid. Foi directora de xestión do Hospital Comarcal de Monforte de decembro de 1991 ó mesmo mes de 1993. Exerce como avogada en Monforte de Lemos dende 1988. En 1979 foi secretaria rexional de Nuevas Generaciones en Murcia. Na actualidade pertence ó comité executivo local de Monforte e provincial de Lugo do Partido Popular. É membro electo do comité executivo rexional do Partido Popular de Galicia.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Na V lexislatura foi presidenta da comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e vocaf da comisión de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios.

Na VI lexislatura é vocaf da comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.

TEIJEIRO FRAGA, Ángel Manuel

Naceu en Ferrol o 27 de setembro de 1942. Licenciado en Filosofía y Letras (Sección Pedagogía) pola Universidade de Salamanca en 1966. Catedrático de Instituto de Lengua e Literatura española. Foi director do Instituto Femenino de Ferrol entre 1975 e 1982. Presidente do Ateneo desa cidade entre 1980 e 1982. Foi director dos Servicios da Alta Inspección do Estado do ministerio de Educación en Galicia. Foi secretario xeral do PSOE en Ferrol e membro do Grupo Federal de Emigración. Na actualidade é membro do comité nacional galego e pertence á comisión de Garantías do PSdeG-PSOE.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na II, III e IV lexislaturas polo PSOE.

Foi secretario da Comisión de Defensa. Foi membro da Comisión de Educación e Cultura e da subcomisión de Relaciones Este-Oeste. Representante español na Asemblea Parlamentaria da OTAN.

TEIJEIRO PIÑEIRO, Anxo

Naceu en Ferrol (A Coruña) o 26 de marzo de 1953. Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade Complutense de Madrid. Foi xefe do gabinete técnico da Presidencia da Xunta preautonómica. Xefe do gabinete da presidencia do Parlamento de 1982 a 1988. Na actualidade é xefe do servizo de publicacións do Parlamento de Galicia. Autor de diversas publicacións sobre a autonomía e o Parlamento. O seu paso como deputado foi testimonial pois tomou posesión do escano e cesou no mesmo día seguinte por propia iniciativa.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.



TEIXEIRO SANJUÁN, Enrique

Naceu en Fene (A Coruña) o 18 de agosto de 1944. cursou o bacharelato en Ferrol e estudos de Informática na Coruña. Traballou en Astano en 1968-1969, en Hertz de 1971 a 1972 e de novo en Astano de 1972 a 1990 como técnico de proceso de datos. Na actualidade dirixe unha asesoría en Ourense. Foi secretario xeral de UGT-Ferrol a mediados dos anos setenta. Secretario do comité de empresa de Astano en 1980. Secretario xeral da federación provincial de UGT-Metal na Coruña entre 1980 e 1988. Membro do comité federal de UGT-Metal de 1981 a 1989. Foi representante do

Senado na Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa en Estrasburgo entre 1987 e 1989. Gobernador civil de Ourense entre 1990 e 1996.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador pola Coruña na III lexislatura polo PSOE. Foi secretario da Comisión de Industria.

TEJADA LORENZO, Jaime

Naceu en Lobios (Ourense) o 13 de agosto de 1923. Maxisterio e licenciado en Dereito. Funcionario de Facenda. Recadador de Contribucións e Impostos do Estado. Formou parte do goberno preautonómico da Xunta de Galicia. Foi presidente rexional de Alianza Popular de Galicia. Foi presidente da Comisión de Finanzas do partido en Madrid e membro da executiva nacional.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso na I e II lexislaturas por Coalición Democrática.

Foi presidente da Comisión de Obras Públicas e Urbanismo e vocal das Comisións de Facenda, Agricultura e Estatutos.

TELLO LEÓN, Henrique



Naceu en Corcubión (A Coruña) en 1951. Licenciado en Filosofía e Letras. Catedrático de instituto. En 1978 ingresa na Unión de Traballadores do Ensino de Galicia, UTEG/INTG, da que chega a ser secretario nacional. Militante do BNPG dende 1979 e do BNG dende a súa fundación. Na actualidade é membro do consello nacional desta formación e voceiro no consello local da Coruña. Responsable da área educativa do BNG. Concelleiro na Coruña dende 1995.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi secretario da comisión de Pesca e Marisqueo e vocal da comisión de Educación e Cultura.

TESOURO ROMERO, Eladio

Naceu en Paderne de Arrabaldo (Ourense) o 18 de xuño de 1940. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais. Corredor de Seguros e resaguros. Fundador e presidente do grupo de empresas Tesouro e do despacho de abogados Tesouro, S.L. Conselleiro de diversas empresas. É vocal do Consejo de Colegios de Mediadores. Foi vocal da Cámara de Comercio e Industria de Ourense. Foi presidente do Colexio de Axentes de Seguros de Ourense. Foi presidente do Partido Liberal de Ourense e vicepresidente rexional de Democracia Progresista Galega. Ten a Medalla al Mérito en el Seguro, concedida en xuño de 2001.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.

TORRES COLOMER, José Luis

Naceu en Palmeira-Ribeira (A Coruña) o 22 de agosto de 1942. Capitán da Mariña Mercante. Estivo embarcado como oficial e capitán durante nove anos. Director xeral de Pesca e Marisqueo da Xunta de Galicia de 1982 a 1985. Membro do comité executivo do PDP da Coruña e do consello político nacional do mesmo partido. De 1987 a 1991 foi primeiro tenente de alcalde de Ribeira. Alcalde desa localidade dende 1991, polo Partido Popular. Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de 1991 a 1995; con anterioridade foi vicepresidente dása entidade. De 1995 a 1999 foi vicepresidente primeiro da Deputación da Coruña e responsable da Comisión de Vías e Obras. Presidente da Deputación da Coruña dende 1999.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD e na II por Coalición Popular. Foi voceiro da comisión de Pesca.

TORRES RODRÍGUEZ, Celestino

Naceu en Pobra de Brollón (Lugo) o 15 de marzo de 1921. Empresario. Foi membro do Consello Económico-Sindical de Galicia. Foi vocal nacional do Sindicato de la Madera. Foi alcalde de Monforte de Lemos de 1979 a 1993. Foi deputado provincial. Na actualidade é concelleiro de Monforte por Convergencia Nacionalista Galega, integrada en Iniciativa Galega (INGA).



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Galega e na IV polo PSOE. Na II lexislatura presidiu a comisión de Control da Compañía de RTVG e na IV lexislatura foi vicepresidente da comisión Institucional.



TRIGO DURÁN, Francisco

Naceu en Cambados (Pontevedra) o 22 dexuño de 1952. Cursou a carreira de Arquitectura Técnica. Exerceu a profesión de arquitecto técnico. Concelleiro en Cambados polo BNG. Membro do consello nacional e da Comisión Permanente do BNG dende a súa fundación. Na actualidade é membro da Comisión Permanente do BNG, polo Colectivo Socialista. Responsable da área pesqueira do BNG.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III, IV, V e VI lexislaturas.

Na V lexislatura foi vocal das comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios e Pesca e Marisqueo.

Na VI lexislatura é membro das comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios e Pesca e Marisqueo.



TRILLO LÓPEZ-MANCISIDOR, José Antonio

Naceu na Coruña o 18 de novembro de 1930. Cursou o bacharelato no colexio de El Pilar en Madrid e a carreira de Enxeñeiro Industrial na mesma cidade. Doutorouse nesa disciplina. Desempeñou varios postos profesionais, entre os que destaca o de secretario xeral da Asociación Española de Empresas de Ingeniería (Tecniberia), da que foi impulsor durante bastantes anos. Iniciou a súa actividade política nos anos setenta, como director xeral de Empresas y Actividades Turísticas, con Fernando Griñán como ministro. Foi despois gobernador civil de Lugo. Pouco antes do seu falecemento

foi elixido membro do consello de administración de RTVE en representación do Partido Popular. Faleceu en Madrid o 5 de decembro de 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso na II lexislatura por Coalición Democrática e na III por Coalición Popular.

Foi voceiro de Alianza Popular na Comisión de Defensa.

TRILLO TORRES, José Antonio

Naceu en Santiago de Compostela o 11 de setembro de 1936. Estudiu o bacharelato no Colexio de Areneros dos PP Xesuítas en Madrid. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1958. Exerceu como avogado e foi asesor xurídico de Coren e de Caixa Galicia sucesivamente. Iniciou a súa actividade política da man de Eulogio Gómez Franqueira. Foi conselleiro político da Xunta Preautonómica presidida por Quiroga Suárez. Foi membro dos comités provincial de Ourense e rexional de UCD. Foi un dos representantes da provincia de Ourense que negociou o Estatuto de Autonomía de Galicia. Disolta a UCD ingresou en Coalición Galega, abandonando con posterioridade a actividade política.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Congreso nas lexislaturas Constituínte e I por UCD. Pertencou á Comisión de Economía e Facenda.

U-V

ULLOA VENCE, Julio (véx. Procuradores en Cortes)

VALCARCE BAIGET, Rafael

Naceu en Ourense en 1952. Arquitecto técnico pola Universidade Politécnica de Madrid. Diplomado en Marketing. Exerceu nun estudio profesional de Arquitectura en Ourense durante cinco anos. Foi técnico de inspección inmobiliaria do Ministerio de Economía e Facenda. Concelleiro en Ourense de 1985 a 1989. Foi asesor de M. Rajoy, na súa etapa de vicepresidente da Xunta de Galicia. Vocal e secretario da Comisión Mixta de Transferencias entre a Xunta e o Goberno Central. Director xeral de Medios de Comunicación da Xunta de Galicia de 1990 a 1993. Foi asesor do conselleiro de Industria e Comercio. Vocal da Comisión Galega das Comunicacións e o Audiovisual. Na actualidade é director xeral e presidente de Arteixo Telecom, empresa do sector das telecomunicacións.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.

Foi secretario do Grupo Parlamentario Popular. Pertenceu ás comisións de Ordenación do Territorio; Industria e Radiotelevisión e Comunicación. Foi membro da Comisión Permanente.

VARELA ÁLVAREZ, Antonio

Naceu en Pobo de Brollón (Lugo) en 1945. Graduado social. Traballa na Renfe dende 1961. Xefe de estación en Monforte de Lemos. Presentouse ás eleccións municipais de 1974 polo tercio familiar. Militou en Alianza Popular dende a súa fundación e foi secretario local de Monforte.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular.

**VARELA COELLO, Guadalupe**

Naceu en Caracas (Venezuela) o 22 de xaneiro de 1961. Licenciada en Dereito. Exerce a avogacía dende 1990. Iniciou a súa traxectoria política en Novas Xeracións en 1983. Dirixiu esta organización en Galicia. Membro da executiva local e provincial de Pontevedra do Partido Popular. Entre 1987 e 1989 foi secretaria do grupo municipal popular de Vigo. Presidiu a Asociación Pontevedresa de Mulleres para a Democracia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular.

Presidiu a Comisión de Pesca e Marisqueo. Secretaria do Grupo Parlamentario Popular.

Pertenceu ás Comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior e Regulamento.

**VARELA FLORES, Manuel Guillermo**

Naceu en Lugo en 1950. Enxeñeiro técnico agrícola e licenciado en Dereito. Foi profesor de análise química na Escola Universitaria de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas. Enxeñeiro técnico do Ministerio de Economía e Facenda. Foi secretario de política institucional da comisión executiva galega do PSOE. Tenente de alcalde de Lugo de 1979 a 1983 e de 1987 a 1991. Concelleiro de Lugo de 1983 a 1987.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura polo PSOE.

Deputado por Lugo no Congreso na III, IV e V lexislaturas polo PSOE.

Senador por Lugo na VI lexislatura polo PSOE. Foi vicepresidente segundo da comisión de Xustiza e vocal titular da Delegación española na asemblea del Atlántico Norte.

**VARELA PÉREZ, Mauro**

Naceu en Lugo en 1941. Licenciado en Dereito. Avogado en exercicio dende 1965. Pertenceu á xunta de goberno do Colexio de Avogados de Lugo. Foi presidente do Círculo de las Artes de Lugo de 1972 a 1979, entidade da que é presidente de honra na actualidade. Presidiu o Consello de Área de Lugo de Caixa Galicia e foi vicepresidente do consello de administración de Caixa Galicia e presidente da comisión de control desa entidade. Foi membro do Consello Social da Universidade de Santiago de 1987 a 1996. Na actualidade é presidente do consello de administración de Caixa Galicia. É

académico da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso nas lexislaturas IV, V e parte de VI polo Partido Popular.

Pertenceu ás Comisións Constitucional; Réxime das Administracións Públicas e Regulamento.

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Presidente da comisión de Estatuto dos deputados e vocal das comisións Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior; Control da RTVG e Asuntos Europeos.

VARELA REY, Manuel

Naceu en Artes-Carballo (A Coruña) o 30 de decembro de 1953. Acadou o título de profesor de EXB, na especialidade de Educación Física, en 1974 pola Escola Normal da Coruña. De 1976 a 1978 estivo destinado en diferentes localidades galegas, de 1978 a 1979 en Barcelona e dende 1980 en Carballo. Director do Colexio Público " A Cristina " de Carballo entre 1985 e 1987. Alcalde de Carballo dende 1991 ata xuño de 2003. Dende esa data é concelleiro e voceiro municipal do Partido Popular. De 1995 a 1999 presidiu a comisión de Persoal da Deputación Provincial da Coruña. É membro do comité executivo provincial da Coruña do Partido Popular. Pertenceu ó padroado de distintas entidades, entre as que destacan o Museo do Pobo Galego, Fundación Alfredo Brañas e xunta rectora da UNED da Coruña.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III lexislatura polo Partido Popular.

Foi vicepresidente da Comisión de Educación e Cultura e vocal das Comisións de Política Territorial, Obras Públicas e Medio Ambiente e control da Compañía da RTVG.

VARELA SÁNCHEZ, Ricardo Jacinto

Naceu en Lugo o 24 de setembro de 1955. Diplomado en Relacións Laborais pola Universidade da Coruña en 1997. Diplomado Experto Sociolaboral pola Universidad Autónoma de Madrid e técnico superior en Prevención de Riscos Laborais. Traballou na Secretaría da Asociación de Empresarios da Construcción. É funcionario do Concello de Lugo. Formou parte do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais. Afiliouse á UGT e ó PSOE en 1984. De 1987 a 1997 foi secretario da UGT na provincia de Lugo. Dende 1997 é secretario provincial do PSOE de Lugo. É ademais secretario de Política Social e Ocupación da Comisión Executiva Nacional Galega dese partido.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na VI lexislatura polo PSOE.

É vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e Asuntos Europeos.



VARELA VÁZQUEZ, María Jesús Arrate

Naceu en Éibar (Guipúscoa) o 4 de marzo de 1953. Profesora de EXB, especialista en preescolar e educación especial. Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso por Pontevedra na VI e VII lexislaturas. Pertenceu ás comisións de Educación e Cultura; Agricultura, Gandería e Pesca; Sanidade e Consumo e secretaria primeira da Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas. Na VII lexislatura pertence á comisión de Política Social e Emprego e é secretaria primeira para a Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas.



VÁZQUEZ BLANCO, Ana Belén

Naceu en Bande (Ourense) en 1975. Licenciada en Dereito. Concelleira de Cultura e Deporte en Bande e 2ª tenente de alcalde. Foi presidenta de novas xeracións de Ourense. Pertence ó Corpo Superior de Policía.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Ourense no Congreso na VII lexislatura polo Partido Popular. Vocal da Comisión de Educación, Cultura e Deporte; da Comisión de Agricultura, Gandería e Pesca e da Comisión de Régimen de las Administraciones Públicas.

VÁZQUEZ CALVIÑO, José Antonio

Naceu en Bos Aires (Arxentina) en 1927 no seo dunha familia orixinaria de Lalín. Licenciado en Medicina. Exerceu como médico na Pobra de Brollón (Lugo) dende mediados dos anos sesenta. Foi alcalde desa localidade dende 1983 ata o seu falecemento. Faleceu na Pobra de Brollón en 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular.



VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Manuel

Naceu no Carballiño (Ourense) o 6 de febreiro de 1955. Licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago. Funcionario da consellería de Sanidade en Ourense. Foi xefe do servizo de epidemioloxía da provincia de Ourense. Ten unha consulta particular en Carballiño. Alcalde de O Carballiño polo PSOE e deputado provincial.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo PSOE.

VÁZQUEZ FOUZ, José

Naceu en Lugo o 19 de decembro de 1944. Cursou a carreira de Perito Agrícola en Madrid, que remata en 1967, e estudos de Dereito. Ó pouco de terminar peritaxe traballou durante uns meses nos servicios técnicos de Valoración del Impacto de los Regadíos del Alto Aragón e Bajo Guadalquivir da Comisaría para el Plan de Desarrollo. Profesor axudante na universidade laboral de Alcalá de Henares no curso 1968-1969. Ingresou no Servicio de Extensión Agraria en 1969 e estivo destinado en Ferrol, Porriño e Caldas de Reis, como xefe de Axencia Comarcal. Na actualidade é xefe de sección de Capacitación e Extensión agraria da Axencia de Vilagarcía de Arousa. Pertenceu á chamada "Comisión dos 16", e participou na elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia. Membro da comisión mixta de Transferencias Xunta de Galicia-Estado. Pronunciou numerosas conferencias en diversos países, sobre temas relacionados coa agricultura e a emigración. Autor de diversas publicacións e colaborador na prensa periódica. Foi deputado no Parlamento Europeo, designado en 1986 e elixido en 1987 e 1989.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Congreso na I e II lexislaturas polo PSOE.

Pertenceu ás Comisións de Agricultura, Pesca e Alimentación; Presidencia;

Defensa e Control de los Medios Públicos de Comunicación e Radio Televisión Española.

VÁZQUEZ GUILLÉN, Antonio

Naceu en Cee (A Coruña) en 1941. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago en 1964. Avogado en exercicio en Madrid dende 1965. Foi director xeral da Xuventude do Ministerio de Cultura en 1978 e 1979 e director xeral de Relaciones con las Cortes de febreiro de 1981 a outubro de 1982. Foi presidente do consello de administración das revistas *Ciudadano* e *Posible*.

**■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Congreso nas lexislaturas Constituínte e I por UCD.

Na lexislatura Constituínte pertenceu ás Comisións Constitucional; Control de la Compañía de RTVE e Xustiza.

Na I lexislatura pertenceu ás Comisións de Regulamento; Medio Ambiente; Control de Compañía de RTVE; Xustiza e pertenceu á xunta de voceiros como representante do Goberno.

Foi vocal titular da Deputación Permanente nesas dúas lexislaturas.

VÁZQUEZ IGLESIAS, José Jaime

Naceu en Ourense o 22 de xaneiro de 1944. Arquitecto. Presidente do Colexio de Arquitectos de Ourense. Presidente da comisión de control de Caixa Nova. Vicepresidente da Federación Galega de Atletismo.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.



VÁZQUEZ PORTOMEÑE, Víctor Manuel

Naceu en Pacios de Piñeira-Taboada (Lugo) en 1934. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Secretario de Administración Local e avogado. Foi un dos membros do denominado grupo dos 16, en representación de UCD. Foi conselleiro da Xunta de Galicia na etapa preautonómica. Conselleiro de Educación e de Cultura en sucesivos gobernos de Fernández Albor e Fraga e conselleiro de Relacións Institucionais con éste último.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado no Parlamento de Galicia por Lugo na I lexislatura por UCD, na II lexislatura por Pontevedra por Coalición Popular, na III e IV lexislaturas por Pontevedra polo Partido Popular. Foi vocero do Grupo Popular no Parlamento de Galicia. Senador designado pola Comunidade Autónoma de Galicia na VI lexislatura. Senador por Lugo na VII lexislatura polo Partido Popular. É presidente da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas. Vocal na Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas. Membro suplente da Diputación Permanente.



VÁZQUEZ VÁZQUEZ, Amador

Naceu en Vilamarín (Ourense) o 17 de maio de 1947. Enxeñeiro técnico industrial e graduado social. Profesor de ensino secundario no Instituto Politécnico de Ourense de 1970 a 1990. Foi secretario dese centro de 1973 a 1978 e director de 1978 a 1990. Na actualidade é catedrático de ensino secundario no Instituto Otero Pedrayo de Ourense. Conselleiro-asesor da delegación provincial de Educación en Ourense de 1979 a 1982. Conselleiro-secretario do Consello de Administración de Caixa Ourense de 1987 a 1990. Delegado provincial da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Vivenda en Ourense entre 1990 e 1995. Alcalde de Vilamarín ininterrompidamente dende 1983 ata a actualidade. Deputado provincial de 1983 a 1999 e portavoz do Partido Popular na Deputación de 1990 a 1999. Membro do Consello Social da Universidade de Vigo dende febreiro de 1997. En febreiro de 1999 foi elixido delegado do Consello Social no Campus de Ourense. Secretario executivo de Educación do Partido Popular de Galicia dende outubro de 1999.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na VII lexislatura polo Partido Popular. É viceportavoz da Comisión de Ciencia e Tecnoloxía, membro da Ponencia encargada do estudo do Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2000-2003), constituída no seo da Comisión de Ciencia e Tecnoloxía; vocal da Comisión de Xustiza.

VÁZQUEZ VÁZQUEZ, Francisco José

Naceu na Coruña en 1946. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Avogado. Ingresou no corpo de inspectores de Traballo en 1974 e permaneceu en activo ata 1979. Ingresou no PSOE pouco antes da morte de Franco. Foi presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) de 1991 a 1995 e posteriormente vicepresidente. Membro do Comité das Rexións da Unión Europea entre 1991 e 1995. Foi secretario xeral da executiva galega do PSdG-PSOE e membro da comisión executiva federal. Alcalde da Coruña dende 1983 ata a actualidade. A súa eficaz xestión nesa cidade



fixo que acadase a maioría absoluta en sucesivas convocatorias electorais aínda que nas eleccións locais de maio de 2003 conseguiu esta maioría absoluta por escaso marxe de votos. Home emblemático do socialismo coruñés, a súa xestión ó fronte da alcaldía coruñesa contribuíu a que sumase importantes apoios en torno seu. Foi candidato á presidencia da Xunta de Galicia nas primeiras eleccións autonómicas. Participou nos traballos de elaboración da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso dende a lexislatura Constituínte ata a VI lexislatura polo PSOE.

Foi presidente da comisión de Regulamento e presidente da Comisión de Traballo.

Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Réxime das Administracións Públicas e Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo.

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura polo PSOE.

Senador pola Coruña na VII lexislatura polo PSOE.

É vocal titular da Delegación del Senado en el grupo de amistad España-Francia e vicepresidente 2º da Comisión de Defensa.

VÁZQUEZ VÁZQUEZ, Guillermo

Naceu en Pontevedra en 1952. Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago. Profesor no Instituto de Ensino Secundario Frei Martín Sarmiento de Pontevedra. Membro do Consello Nacional do BNG. Pertenceu á Comisión Permanente desa formación. Dende xuño de 2003 é tenente alcalde do concello de Pontevedra.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Pontevedra no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo BNG.

Foi vocal da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego.

Deputado por Pontevedra no Congreso na VI e VII lexislaturas polo BNG.

Na VI lexislatura foi voceiro titular da Xunta de Portavoces e pertenceu ás Comisións de Orzamentos, Agricultura,

Gandería e Pesca, Política Social e Emprego e Sanidade e Consumo.

Na VII lexislatura é portavoz nas comisións de Asuntos Exteriores e Agricultura, Ganadería y Pesca e portavoz adxunto nas de Medio Ambiente e Presupostos.

**VEGA FUENTE, Agustín**

Naceu en León o 10 de abril de 1954. Foi secretario xeral de UGT de Ourense. Concelleiro de Ourense e voceiro socialista. Foi deputado provincial e concelleiro en Amoeiro (Ourense).

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na IV lexislatura polo PSOE.

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na IV lexislatura polo PSOE.

**VEIGA ALDARIZ, Flora**

Naceu en Lugo o 6 de xaneiro de 1938. Rematou a carreira de Maxisterio en Lugo en 1956. Ingresou no corpo de Maestros de Enseñanza Primaria en 1957. Non chega a exercer como mestra xa que nese mesmo ano acadou unha bolsa e licencia de estudos. Trasládase a Madrid e cursa a carreira de Filosofía e Letras, especialidade pedagogía, que remata en 1963. Nese mesmo ano ingresa no corpo de Inspección de Enseñanza Primaria. Inspectora en Lugo dende febreiro de 1964 a xullo de 1974. Delegada provincial de Educación en Ourense de xullo de 1974 a novembro de 1977. De novembro de 1977 ó mesmo mes

de 1979 foi delegada provincial de Educación en Lugo. Nesa última data pasa novamente á Inspección técnica de Educación de Lugo, onde permanecerá ata a súa morte. Atacada por unha grave enfermidade dexenerativa non deixou de exercer ata o día anterior ó seu falecemento, que tivo lugar en Lugo o 20 de setembro de 1997.

REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na I lexislatura por UCD.

**VEIGA BUXÁN, Xesús Manuel**

Naceu en Tuiriz-Pantón (Lugo) o 3 de xullo de 1951. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Bilbao. Profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. Entre 1973 e 1992 é dirixente do Movemento Comunista de Galiza (MCG), ata a conversión desa organización en "Inzar", colectivo do que é voceiro na actualidade. Membro do consello nacional e da Comisión Permanente do BNG, por Inzar.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na IV, V e VI lexislaturas polo BNG.

Na V lexislatura foi secretario de comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e vocal da comisión de Economía, Facenda e Orzamentos. Na VI lexislatura é vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos e Relacións co Consello de Contas.

VEIGA POMBO, Manuel

Naceu en Ourense o 12 de decembro de 1951. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariales pola Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou no PSOE en 1977. Propietario dunha asesoría fiscal en Ourense dende 1977. Elixido concelleiro de Ourense nas eleccións de 1979 e 1983, nas que foi cabeza de lista. Voceiro do Grupo Municipal Socialista dende 1979 a 1987. Alcalde de Ourense dende 1987 ata 1990 e dende 1991 ata 1995. Foi secretario provincial, membro do Comité Federal e vicesecretario xeral do PSdeG-PSOE.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na II lexislatura e na V lexislatura polo PSOE.

Na II lexislatura foi membro das Comisións de Industria e control da RTVG.

Na V lexislatura é vocal da Comisión Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior.

VENTOSO MARIÑO, José Antonio

Naceu en Ribeira (A Coruña) o 30 de maio de 1950. Licenciado en Filosofía e Letras, especialidade en Historia, pola Universidade de Santiago en 1975. Profesor de ensino secundario no Instituto Politécnico de Lugo e despois no de Coroso (Ribeira). Foi alcalde de Ribeira. Pertenceu á executiva do PSdeG-PSOE de 1988 a 1994, como responsable de Pesca e de Política municipal. Abandonou a militancia en dito partido en febreiro de 2003. Foi colaborador de *La Voz de Galicia* e fundador e codirector da *Revista de Estudios Sociais*. Autor de diversas obras de carácter literario e de pensamento.



■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III e IV lexislaturas polo PSOE.

Pertenceu ás comisións de Pesca, Marisqueo e Acuicultura; Educación e Cultura; Presidencia; Economía e Facenda; Relacións co Consello de Contas; Agricultura e Control da RTVG.



VICENTE VÁZQUEZ, Ramón de

Naceu en Vigo en 1932. Enxeñeiro Naval pola Universidade Politécnica de Madrid en 1964. Doutor enxeñeiro naval en 1969. Traballou en ASTANO dende 1964. Profesor da Escuela de Peritos Navales de Ferrol dende 1964. Foi director da Escola de Enxeñería Técnica Naval de Ferrol de 1977 a 1988 e da Escola Universitaria Politécnica de 1988 a 1991 e de 1996 a 1997. É profesor emérito da Universidade da Coruña. Concelleiro en Ferrol por Alianza Popular entre 1979 e 1991. É membro do comité comarcal de Alianza Popular de Ferrol. Foi conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio da Xunta de Galicia entre 1982 e 1984. Autor de diversas publicacións sobre a súa especialidade.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II por Coalición Popular. Na II lexislatura foi presidente da Comisión do Estatuto e vicepresidente da Comisión de Industria e presidente da comisión non permanente de seguimento das repercusións da entrada no Mercado Común. Na I lexislatura foi presidente da Comisión non Permanente para o estudo e seguimento do proceso de integración de España na CEE e a súa repercusión en Galicia).



VILA LÓPEZ, Constantino

Naceu en Monterroso (Lugo) o 29 de maio de 1931. En 1950 ingresou na RENFE como factor de explotación. Máis tarde solicitou a excedencia para dedicarse á actividade empresarial. En 1985 foi elixido primeiro presidente da Federación Galega da Construcción. Membro do comité executivo da Confederación de Empresarios de Galicia.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Lugo no Parlamento de Galicia na II lexislatura por Coalición Popular.



VILA PÉREZ, José Manuel

Naceu en Seixas-Malpica (A Coruña) o 18 de novembro de 1958. Diplomado en EXB. Desempeña o seu labor profesional como docente. Secretario da confraría de pescadores de Malpica dende 1977 e secretario provincial da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña de 1980 a 1989. Concelleiro de Malpica polo Partido Popular de 1987 a maio de 2003. Dende xuño de 2003 é primeiro tenente alcalde de Malpica por unha agrupación independente.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Parlamento de Galicia na III, IV e V lexislaturas polo Partido Popular.

Foi vicepresidente da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo e vocal nas Comisións de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos e Pesca e Marisqueo. Na V lexislatura foi vocal das Comisións de Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio ambiente e Servizos; Economía, Facenda e Orzamentos; Pesca e Marisqueo e Relacións co Consello de Contas.

VILA RODRÍGUEZ, Isaac

Naceu en Mosteiro de Riveira-Xinzo de Limia (Ourense) en 1936. Estudiu Filosofía no Seminario de Ourense. Diplomouse en Maxisterio na Escola Normal de Ourense en 1958, aínda que non exerceu. Director da sucursal do Banco Pastor de Xinzo de Limia dende 1962 a 1987. Foi xefe de Zona de 1987 a 1997. Tenente de Alcalde de Xinzo de 1973 a 1979 e alcalde de 1979 a 1997. Deputado provincial e vicepresidente da Deputación Provincial de Ourense de 1979 a 1997. Presidente do Instituto Orensano de Desenvolvemento Económico (INORDE) de 1986 a 1997. Presidente da Mancomunidade de Concellos da Limia de 1988 a 1997. Presidente ou conselleiro delegado de diversas empresas en Galicia-Norte de Portugal, Asturias e Cantabria. Alcalde de Xinzo de Limia dende xuño de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Ourense na IV lexislatura polo Partido Popular. Foi voceiro do Grupo Popular.

Membro do consello de dirección da Comisión Asuntos Iberoamericanos. Foi vocal da Comisión de Industria.

VILARIÑO SALGADO, Nona Inés

Naceu en Ferrol o 19 de abril de 1944. Cursou a carreira de Filosofía e Letras nas universidades de Salamanca e Madrid entre 1962 e 1967. Dende 1969 é profesora en Ferrol en Maxisterio, bacharelato e Educación Secundaria Obrigatoria na actualidade. Participou nos debates sobre o Estatuto de Autonomía na comisión Constitucional como representante da Asemblea de Parlamentarios de Galicia. Foi xefa do gabinete parlamentario do ministro de Educación F. Mayor Zaragoza dende 1981 a finais de 1982. Con posterioridade abandona a actividade política ata 1987.



Neste ano sae elixida concelleira en Ferrol polo CDS e foi reelixida en anos sucesivos ata 1999 en que abandona definitivamente a actividade política. De 1987 a 1991 foi voceira do seu grupo municipal. De 1991 a 1995 foi tenente de alcalde, concelleira delegada de Cultura e do Campus Universitario e vicepresidenta pro feiras e exposicións. Está en posesión do Lazo de Dama de Alfonso X El Sabio.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada pola Coruña no Congreso nas lexislaturas Constituínte e I por UCD. Pertenceu ás comisións de Defensa e Educación.

Desta última foi vicepresidenta e voceira do grupo parlamentario de UCD.



VILLANUEVA CENDÓN, Manuel Ángel

Naceu en Ourense o 7 de abril de 1935. Licenciouse en Dereito na Universidade central de Madrid. Avogado, empresario e asesor de sociedades. Xerente de empresa. Pertenceu á Confederación de Empresarios de Ourense. Concelleiro en Ourense en 1979, por Alianza Popular como independente. Foi tenente de alcalde desde concello. Conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes entre 1982 e 1985 e conselleiro da Presidencia de 1985 a 1987. Conselleiro da Compañía de Radiotelevisión de Galicia dende 1990.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado por Ourense no Parlamento de Galicia na I lexislatura por Alianza Popular e na II por Coalición Popular. Foi presidente da Comisión da Presidencia. Membro da Deputación Permanente.



VILLAR JAR, Lucita

Naceu en Lodeiro-Lalín (Pontevedra) en 1941. Cursou o bacharelato. Presidenta da Asociación de Mulleres Rurais "Deza". Concelleira de Lalín dende 1991.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Congreso na VI e VII lexislaturas polo Partido Popular. Na VI lexislatura pertenceu ás Comisións de Sanidade e Consumo e Medio Ambiente. Na VII lexislatura pertence ás Comisións de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento; Comisión Mixta de Relacións co Defensor do Pobo e Comisión Mixta dos Dereitos da Muller.



VILLARINO SANTIAGO, María Dolores

Naceu en Xinzo de Limia (Ourense) en 1945. Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais (sección Económicas) pola Universidade de Santiago de Compostela en 1978. Asesora de empresas, traballou nunha empresa de consultoría en Vigo. De 1989 a 1991 foi asesora económica do concello de Santiago. Foi concelleira de Vigo de 1991 a 2003 e terceira tenente de alcalde.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Pontevedra no Parlamento de Galicia na V e VI lexislaturas polo PSdeG-PSOE. Na V lexislatura foi vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos e Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. Na VI lexislatura é vicesecretaría do Parlamento de Galicia e vicesecretaría das comisións de Peticións e Regulamento e vocal das comisións de Economía, Facenda e Orzamentos.

W-Z

WERT ORTEGA, José Ignacio

Naceu en Madrid o 18 de febreiro de 1950. Licenciado en Dereito pola Universidad Complutense de Madrid en 1972 e diplomado en Socioloxía política polo Instituto de Estudios Políticos en 1974. Traballou na RTVE de 1973 a 1979. Foi subdirector xeral do Centro de Investigaciones Sociológicas de 1979 a 1982. Foi profesor de Teoría de la Comunicación na Facultade de Ciencias de la Información e profesor de Socioloxía política na Facultade de Ciencias Económicas da Universidade Autónoma de Madrid. Foi concelleiro de Madrid polo PDP de 1983 a xuño de 1986. Foi membro do comité executivo dese partido e secretario de Información. De 1992 a 1994 foi concelleiro delegado de GDM, empresa comercializadora de publicidade do Grupo Prisa. É presidente de Demoscopia, S.A., empresa adicada á investigación de opinión e mercado, dende outubro de 1987. Preside dende 1994 a empresa Sofres A.M. Dende 1999 preside ANEIMO, a asociación patronal española de empresas de investigación de mercado. É tesoureiro de ESOMAR, a Asociación Mundial dos Profesionais da Investigación de Mercados. Autor de diversas publicacións sobre socioloxía política e socioloxía da comunicación.

**REPRESENTACIÓN POR GALICIA**

Deputado pola Coruña no Congreso na III lexislatura por Coalición Popular. Ingresou no Grupo Mixto e con posterioridade na Agrupación de la Democracia Cristiana (ADC) dentro do mesmo Grupo Mixto.

Foi vocal das comisións de Cultura e Control de RTVE.

YEBRA MARTUL-ORTEGA, Perfecto

Naceu en La Habana (Cuba) o 16 de xullo de 1939. Cursou a carreira de Dereito na Universidad de Santiago entre 1962 e 1966. Doutor na mesma disciplina en 1970. Ampliou estudos nas Universidades alemáns de Salzburgo e Heidelberg. Profesor de Facenda pública e Dereito financeiro e tributario na Facultade de Dereito de Santiago dende 1966. Catedrático na mesma Facultade dende 1990. Maxistrado suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia entre 1990 e 1993. Membro do Consello de Europa en representación de UCD en 1979, do Consello de Dirección da Unión Interparlamentaria entre 1979 e 1982 e da Comisión Mixta Parlamento Europeo-Parlamento Español de 1979 a 1982. Director xeral de Xustiza da




Xunta de Galicia de outubro de 1987 a febreiro de 1988. Vocal da Xunta Electoral de Galicia de 1982 a 1994, salvo un curto paréntese. Concelleiro de Santiago polo Partido Popular dende maio de 1999 ó mesmo mes de 2003. Vocal del Patronato do Museo do Pobo Galego e membro de diversas asociacións. Autor de diversas publicacións sobre temas relacionados co Dereito financeiro e tributario.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputado pola Coruña no Congreso pola Coruña nas lexislaturas Constituínte e I por UCD.

Pertencou ás comisións de Economía y Hacienda e Presupostos.



YEBRA-PIMENTEL BLANCO, Julio Manuel

Naceu en A Barrela-Carballado (Lugo) o 31 de agosto de 1954. Licenciado en Farmacia pola Universidade de Santiago entre 1976 e 1981. Alcalde de Carballado dende 1983 ata a actualidade. Deputado provincial de 1983 a 1991. Foi inspector farmacéutico municipal de 1983 a 1986.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Senador por Lugo na IV, V e VI lexislaturas polo Partido Popular.

Nesta última lexislatura foi secretario primeiro na comisión de Sanidade e Asuntos Sociais. Foi vocal da Comisión de Agricultura.



YEGUAS SÁNCHEZ, Ascensión

Naceu en Salamanca o 27 de xuño de 1955. Licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Salamanca en 1980. Diplomada en sanidade. Master en xeriatría e xestión sanitaria. Foi médico titular de Pobra de San Xiao e Sarria de 1983 a 1991. Xerente de Atención Primaria do SERGAS en Lugo de 1991 a 1997. Foi xefa do gabinete da consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude. Vocal provincial da Organización Médica Colexial. Delegada provincial da consellería de Asuntos Sociais en Lugo dende decembro de 2001 ó 23 de xaneiro de 2003.

■ REPRESENTACIÓN POR GALICIA

Deputada por Lugo no Parlamento de Galicia na V lexislatura polo Partido Popular.

Presidenta da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e vocal das Comisións Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e Ordenación Territorial, Obras públicas, Medio Ambiente e Servicios.

AN APÉNDICES ONE
ELECTORAL



entre els anys de 1957 i 1960. Fou el Kuri Dandini de Cuba de 1957 a 1960, amb una gran presència. Començà de treballar amb el PCC el 1950 i fou el 1952 el que el va portar a l'Exili. Fou el 1952 el que el va portar a l'Exili. Fou el 1952 el que el va portar a l'Exili. Fou el 1952 el que el va portar a l'Exili.

RESUMEN DE LA VIDA

Resumen de la vida de **YVES ROBERT BLANCH**, nacido el 27 de mayo de 1922 en A Bayona-Cubulcoch-Lugo y fallecido el 27 de mayo de 1982 en La Habana, Cuba.



YVES ROBERT BLANCH, Jules Robert

Nascut el 27 de maig de 1922 a Bayona-Cubulcoch-Lugo. Va estudiar a l'Escola Normal de Bayona entre 1941 i 1945. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1945 i 1947. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1947 i 1949. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1949 i 1951.

RESUMEN DE LA VIDA

Resumen de la vida de **YVES ROBERT BLANCH**, nacido el 27 de mayo de 1922 en A Bayona-Cubulcoch-Lugo y fallecido el 27 de mayo de 1982 en La Habana, Cuba.

APÉNDICES



YVES ROBERT BLANCH, Jules Robert

Nascut el 27 de maig de 1922 a Bayona-Cubulcoch-Lugo. Va estudiar a l'Escola Normal de Bayona entre 1941 i 1945. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1945 i 1947. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1947 i 1949. Va treballar a l'Escola Normal de Bayona entre 1949 i 1951.

RESUMEN DE LA VIDA

Resumen de la vida de **YVES ROBERT BLANCH**, nacido el 27 de mayo de 1922 en A Bayona-Cubulcoch-Lugo y fallecido el 27 de mayo de 1982 en La Habana, Cuba.

AS CIRCUNSCRICIONS ELECTORAIS

The text in this section is extremely faint and illegible, appearing to be a paragraph of introductory text.

The text in this section is extremely faint and illegible, appearing to be a paragraph of text.

AS CIRCUNSCRICIONS ELECTORAIS

The text in this section is extremely faint and illegible, appearing to be a paragraph of text.

The text in this section is extremely faint and illegible, appearing to be a paragraph of text.

The text in this section is extremely faint and illegible, appearing to be a paragraph of text.

AS CIRCUNSCRICIONS
ELECTORAIS

AS CIRCUNSCRICIÓN S ELECTORAIS

Para que os lectores poidan interpretar axeitadamente cáles eran as unidades de representación electoral, unhas veces as provinciais, outras os distritos, nalgunha ocasión as seccións, ofrecemos un cadro de fácil comprensión sobre as unidades de representación electoral :

1. Eleccións de 1810 e 1813

Nas primeiras eleccións de 1810 a representación electoral fíxose polas sete provincias históricas de Galicia, proporcionalmente á súa poboación, mais dous deputados : un que representaba á Xunta do Reino de Galicia e outro que lle correspondía historicamente a Galicia nas Cortes de España. Este deputado rotaba entre as sete provincias e agora correspondeulle á provincia de Tui.

Por conseguinte os deputados galegos nestas eleccións representaron ás provincias de:

Santiago

Betanzos

A Coruña

Lugo

Mondoñedo

Ourense

Tui

Ademais había dous deputados, un pola Xunta do Reino de Galicia e outro por Tui, como cidade á que lle correspondía unha presenza en Cortes.

Na elección de 1813, desapareceron os representantes da Xunta do Reino e das cidades, e permaneceu a representación unicamente das sete provincias, pero reducido drasticamente o número de deputados por cada provincia.

2. Eleccións do Trienio Constitucional

Como se estaba preparando a nova división en provincias, pareceulle ás Cortes mais oportuno prescindir da división en sete provincias e constituir unha unidade de toda Galicia. Por iso os deputados representan a Galicia.

3. De 1834 á 1846

Feita xa a división provincial e dividida Galicia en catro provincias tódalas eleccións celebradas fixéronse tomando a provincia como unidade electoral.

Desde 1834 ata 1836 Galicia tiña 21 deputados e desde 1836 a 1846 tivo 29 deputados.

4. De 1846 a 1854

A representación faise por distritos electorais. Para iso cada provincia foi dividida en distritos, da seguinte maneira :

Provincia da Coruña	12 distritos
Provincia de Lugo	10 distritos
Provincia de Ourense	9 distritos
Provincia de Pontevedra	10 distritos

5. Bienio Progresista (1854-1856)

Recupérase a unidade provincial, correspondéndolle a cada provincia os mesmos deputados, é dicir, A Coruña: 12; Lugo: 10; Ourense: 9 e Pontevedra: 10.

6. De 1856 a 1865

Vólvese á representación por distritos. Galicia elixe 41 deputados exactamente o mesmo que no período entre 1846-1854.

7. De 1865 a 1871

Aparece unha nova división electoral. Desaparecen os distritos e en cada unha das provincias establécense dúas seccións. A situación queda así :

Provincia da Coruña	Sección da Coruña
	Sección de Santiago
Provincia de Lugo	Sección de Lugo
	Sección de Mondoñedo

Provincia de Ourense	Sección de Ourense Sección de Xinzo
Provincia de Pontevedra	Sección de Pontevedra Sección de Vigo

8. De 1871 ata 1923

Recupéranse novamente os distritos.

A Coruña ten agora	14 distritos
Lugo	11 distritos
Ourense	9 distritos
Pontevedra	11 distritos

No ano 1879 verifícase unha corrección dos distritos nas provincias da Coruña e Lugo. Na Coruña intégranse na capital tres distritos: o da capital, o de Carral e o de Carballo, de maneira que ese macrodistrito ten tres deputados.

O mesmo sucede en Lugo. Intégranse na capital os distritos de Lugo, Sarria e Vilalba. Por iso o macrodistrito de Lugo elixe tres deputados. Os demais distritos non experimentan variacións a non ser de cambio da capital.

9. As asembleas corporativas (1927-1929 e 1943-1977)

Polo que respecta á Asamblea Nacional de Primo de Rivera (1927-1929) e as Cortes da época de Franco (1943-1977), hai que indicar que ambas cámaras eran de tipo corporativo. No referente á representación territorial destas cámaras, obxecto deste traballo, aparece nos respectivos apartados unha breve introducción que explica a grandes rasgos a súa composición, para unha maior comprensión do lector.

10. As Cortes da II República (1931-1939)

Polo que atinxe ás Cortes da II República, o sistema electoral polo que se elixían ós deputados tomaba como base a circunscrición provincial. Había sen embargo algunhas provincias (por exemplo Madrid, Barcelona, Vizcaya, Zaragoza, Valencia, etc.) que polo seu número de habitantes ou algunha outra circunstancia especial tiñan dúas circunscricións, unha correspondente á capital da provincia e a outra á "provincia". Nesta circunstancia non se atopaba ningunha das provincias galegas.

Por outro lado o sistema electoral da II República diferenciaba un cupo de escaños correspondentes á "maioría" e outro á "minoría".

De acordo co anterior o número de escaños das provincias galegas nas Cortes da II República quedou establecido así:

Congreso dos Deputados (1931-1939)

Lexislatura	Número de escanos por provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
1931-1933	Maioría: 12	Maioría: 8	Maioría: 7	Maioría: 9	47
	Minoría: 4	Minoría: 2	Minoría: 2	Minoría: 3	
	Total: 16	Total: 10	Total: 9	Total: 12	
1933-1936	Maioría: 13	Maioría: 8	Maioría: 7	Maioría: 10	49
	Minoría: 4	Minoría: 2	Minoría: 2	Minoría: 3	
	Total: 17	Total: 10	Total: 9	Total: 13	
1936-1939	Maioría: 13	Maioría: 8	Maioría: 7	Maioría: 10	49
	Minoría: 4	Minoría: 2	Minoría: 2	Minoría: 3	
	Total: 17	Total: 10	Total: 9	Total: 13	

11. A etapa actual

A Constitución de 1978 establece no seu artigo 68.2, no que se refire ó Congreso, que a circunscrición electoral é a provincia e que unha lei distribuirá o número total de deputados asignando unha representación mínima inicial a cada circunscrición e distribuindo os demais en proporción á poboación.

No que se refire ó Senado, o artigo 69 da carta magna di que a cada provincia correspóndenlle catro senadores, un máis pola Comunidade Autónoma e outro máis por cada millón de habitantes, designación que corresponderá ás asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas. O actual Estatuto de Autonomía de Galicia di no seu artigo 10.1 que corresponde ó Parlamento de Galicia en cada lexislatura das Cortes Xerais designar ós senadores representantes da Comunidade Autónoma, de forma proporcional á representación das distintas forzas políticas existentes no Parlamento de Galicia. Esta designación comezou en 1982, a partir da II lexislatura das Cortes Xerais.

Respecto ós deputados do Parlamento de Galicia, o mesmo Estatuto de Autonomía establece no seu artigo 11 que a circunscrición electoral será a provincia e que o Parlamento será elixido de acordo cun sistema de representación proporcional que asegure, ademais, a representación das diversas zonas do territorio galego.

De acordo con todo isto o número de escanos das tres cámaras indicadas quedou establecido así:

Congreso dos Deputados (1977-2003)

Lexislatura	Número de escaños por provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituínte (1977-1978)	9	5	5	8	27
I (1979-1982)	9	5	5	8	27
II (1982-1986)	9	5	5	8	27
III (1986-1989)	9	5	5	8	27
IV (1989-1993)	9	5	5	8	27
V (1993-1996)	9	5	5	8	27
VI (1996-2000)	9	4	4	8	25
VII (2000-...)	9	4	4	8	25

Senado (1977-2003)


Lexislatura	Senadores da Comunidade Autónoma	Número de escaños por provincia				Total
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituínte (1977-1978)	-	4	4	4	4	16
I (1979-1982)	-	4	4	4	4	16
II (1982-1986)	4	4	4	4	4	20
III (1986-1989)	4	4	4	4	4	20
IV (1989-1993)	4	4	4	4	4	20
V (1993-1996)	4	4	4	4	4	20
VI (1996-2000)	4	4	4	4	4	20
VII (2000-...)	4	4	4	4	4	20

Parlamento de Galicia (1981-2003)

Legislatura	Número de escaños por provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
I (1981-1985)	22	15	15	19	71
II (1985-1989)	22	15	15	19	71
III (1989-1993)	24	15	15	21	75
IV (1993-1997)	24	15	15	21	75
V (1997-2001)	24	15	14	22	75
VI (2001-...)	24	15	14	22	75

RELACIÓN DE DEPUTADOS
POR LEGISLATURAS
1810-2003

**RELACIÓN DE DEPUTADOS
E SENADORES POR LEGISLATURAS
(1810-2003)**



RELACIÓN DE DEPUTADOS POR LEXISLATURAS Período 1810-1923

LEXISLATURA 1810-1813

ALONSO Y LOPEZ, José	Xunta do Reino de Galicia	
CASTRO LAVANDEIRA, Vicente	Provincia de Santiago	
HERMIDA Y PORRAS, Benito Ramón	*	
PARDO Y PATIÑO, Francisco	*	
PARGA, Antonio María	*	
ROS DE MEDRANO, Manuel	*	
SUÁREZ DE RIOBOO, José María	*	
TENREIRO Y MONTENEGRO, Joaquín	*	
BERMUDEZ DE SANGRO	Provincia de Betanzos	(substituto)
RIBERA PARDO, Pedro	*	
RODRÍGUEZ DEL MONTE, Luis	"	(morre)
LOPEZ DEL PAN, José Salvador	Provincia de A Coruña	
PAYÁN, Antonio Agustín	*	
BAAMONDE, Antonio	Provincia de Lugo	
BECERRA Y LLAMAS, José Ramón	*	
GARCÍA QUINTANA, Domingo	*	
VALCARCEL SAAVEDRA, Manuel	*	
VÁZQUEZ DE PARGA Y		
ABADÍN GUERRA, Antonio	Provincia de Mondoñedo	
FREIRE CASTRILLÓN, Manuel	"	
ARIAS TEIXEIRO, Veremundo	Provincia de Ourense	
CORTIÑAS, Pedro	*	
MARTÍNEZ, Bernardo	*	
QUIROGA Y URÍA, Juan Bernardo	"	
DURAN Y CASTRO, Antonio	Provincia de Tui	
MOSQUERA Y LIRA, Benito	Por unha das sete cidades con representación en cortes (corresponde a Tui)	
RODRÍGUEZ BAAMONDE, Agustín	*	

LEXISLATURA 1813-1814

DOMÍNGUEZ, Buenaventura	Provincia de Santiago	
GONZÁLEZ DE MONTAOS, Manuel Gaspar	"	
MÚZQUIZ, Rafael de	"	(non tomou posesión)
RODA, Ignacio Ramón	"	
TENREIRO MONTENEGRO, Joaquín	"	
MARTELO, Manuel	Provincia de Betanzos	(non tomou posesión)
FORTE, Bernardo	Provincia de A Coruña	(non tomou posesión)
GAYOSO, Antonio José	Provincia de Lugo	
VÁZQUEZ, Gerardo	"	
MARIÑO DE ILLADE, José	Provincia de Mondoñedo	
ARIAS DE PRADO, Benito	Provincia de Ourense	
BLANCO, Fermín	"	
FERNÁNDEZ DE CASTRO, Pablo	"	
MOSQUERA, Roque María	"	
ABALLE, Manuel María	Provincia de Tui	
RODRÍGUEZ CORREA, Policarpo	"	(non tomou posesión)

LEXISLATURA 1820-1822

ALONSO Y LÓPEZ, José	Galicia
BECERRA Y LLAMAS, José Ramón	"
FONDEVILA, Joaquín	"
LORENZANA, Manuel Benito	"
LOSADA, Ramón	"
MARTÍNEZ, Francisco Javier	"
MOSCOSO, José María	"
NOVOA, Ramón	"
PEÑAFIEL, Estanislao	"
PÉREZ COSTA, Antonio	"
QUIROGA, Antonio	"
RODRÍGUEZ BAAMONDE, Agustín	"
RODRÍGUEZ CASAL, José	"
RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, José	"
RUIZ DE PADRÓN, A. José	"
RUIZ Y PRADO, Pedro	"
TEMES, Juan Andrés de	"

LEXISLATURA 1822-1823

ALCALDE, José	Galicia
CORTES, Domingos	"
ENRÍQUEZ, Francisco María	"
FERNÁNDEZ CID, José Rafael	"
LAMAS Y MENÉNDEZ, Ramón	"
LLORENTE, Manuel	"
MOURE, Juan José	"
MURO, José Santiago	"
NÚÑEZ FALCÓN, Joaquín	"
PATIÑO, Joaquín	"
PEDRALBES, José Francisco	"
PUMAREJO, José	"
REY, Vicente	"
ROJO DEL CAÑIZAL, Andrés	"
SARABIA, Fernando	"
SOMOZA, Domingos	"
TABOADA Y MONDRAGÓN, José	"

LEXISLATURA 1834-1835

BERMÚDEZ DE CASTRO	Provincia de A Coruña
Y VILLAR, Pedro	"
COTÓN Y ZÚÑIGA, Miguel	"
FLÓREZ, Xacobo	"
GUTIÉRREZ DE CAVIEDES, Manuel	" (substituto)
LLORENTE, Xacobo	"
PARDIÑAS, Ramón	" (substituído)
VÁZQUEZ MOSCOSO, Manuel	"
BECERRA Y LLAMAS, José	Provincia de Lugo
MIRANDA Y OLMEDILLA, Fernando	"
MOSCOSO DE ALTAMIRA, José	"
VÁZQUEZ QUEIPO, Manuel María	"
VEGA ROSENDO, José da	"
ÁLVAREZ PESTAÑA, José	Provincia de Ourense
CALDERÓN COLLANTES, Saturnino	"
LOSADA, Manuel María	"
MARTÍNEZ ENRÍQUEZ, Francisco Javier (Marqués de Valladares)	"
PUGA, Pedro Ventura de	"
ALCALDE, José	Provincia de Pontevedra (substituto)

ALVAREZ LORENZANA, Francisco (Marqués de Vilagarcía)	Provincia de Pontevedra	(substituído)
CUESTA, Sebastián	"	
LLORENTE, Manuel	"	(substituído)
MONTENEGRO, Antonio María	"	
PARDO BAZÁN, Miguel	"	
VALLADARES, José	"	(substituto)

LEXISLATURA: febreiro a marzo de 1836

ALSINA, Vicente	Provincia de A Coruña	
ALLENDE, Santos	"	
ESPOZ Y MINA, Francisco	"	(non tomou posesión)
FLÓREZ, Xacobo	"	
MARTÍNEZ TABOADA, Antonio	"	
QUIROGA, Antonio	"	
VIZCAINO, Joaquín (Marqués de Ponteijos)	"	(substituto)
BECERRA Y LLAMAS, José R.	Provincia de Lugo	
BERMÚDEZ DE CASTRO, José M ^a	"	
MIRANDA Y OLMEDILLA, Fernando	"	
OSORIO Y PARDO, Diego	"	(renuncióu)
SEOANE, Antonio	"	
SUAREZ DE DEZA, Apolinar	"	(substituto)
ALVARADO, Buenaventura	Provincia de Ourense	
CALDERÓN Y COLLANTES, Saturnino	"	
MOURE, Juan José	"	
SAENZ MARTÍNEZ, Santiago	"	
ALVAREZ LORENZANA, Francisco (Marqués de Villagarcía)	Provincia de Pontevedra	
FERNÁNDEZ PEREIRA, Benito	"	
PARDO BAZÁN, Miguel	"	
PIÑEIRO Y CÁRDENAS, Pedro	"	

LEXISLATURA: outubro de 1836 a novembro de 1837

ALSINA, Vicente	Provincia de A Coruña
CABALEIRO TORRENTE, Antonio	"
CUETOS, Olegario	"
FERNÁNDEZ DEL PINO, Juan	"
FERRO MONTAOS, Francisco J.	"
LASAÑA, Juan	"

POSE, Luis	Provincia de A Coruña	
SUANCES, José M ^a	"	
BECERRA, José Ramón	Provincia de Lugo	
BERMÚDEZ DE CASTRO, José M ^a	"	
MIRANDA Y OLMEDILLA, Fernando	"	(non tomou posesión)
PEDROSA Y MOSCOSO, A. Ramón	"	
TEIXEIRO, Ramón	"	(non tomou posesión)
VÁZQUEZ MOSCOSO, Vicente	"	
VÁZQUEZ DE PARGA, José	"	
ÁLVAREZ PESTAÑA, José	Provincia de Ourense	
ANDRADE YÁÑEZ, Juan	"	
MIRANDA RODRÍGUEZ, Fernando	Provincia de Ourense	
MOURE, Juan José	"	
PARDO OSORIO, Ramón	"	
SAENZ MARTÍNEZ, Santiago	"	
ACEVEDO Y POLA, Manuel M ^a	Provincia de Pontevedra	
BEZARES, Nicolás	"	
FONTÁN, Domingos	"	
FALCÓN, Cristóbal	"	
GARCÍA FLÓREZ, Ramón	"	
MAQUIEIRA, Ramón	"	
OTERO, Hipólito	"	

LEXISLATURA: novembro de 1837 a xullo de 1838

FERNANDEZ BOLAÑO, Nicolás	Provincia de A Coruña	
FERRO MONTAOS, Francisco Javier	"	
HENRY, Ricardo	"	
LASAGRA, Ramón	"	
LORIGA, Antonio	"	(substituto)
MOSCOSO PODRIZO, José	"	(non tomou posesión)
MURO, José Fermín	"	
PITA PIZARRO, Pío	"	
POSE, Luis	"	
RIVA, Nicolás da	"	
CASTRO BOLAÑO, José	Provincia de Lugo	(non tomou posesión)
FONTAN, Domingos	"	
MIRANDA, Antonio María	"	
MOSCOSO DE ALTAMIRA, José María	"	
NEIRA MONTENEGRO, Ramón	"	

QUIROGA Y FRIAS, Gregorio	Provincia de Lugo
VÁZQUEZ MOSCOSO, Vicente	"
VÁZQUEZ QUEIPO, Manuel	"
PARDO MONTENEGRO, José M ^a	"
RODRÍGUEZ DEL VALLE, Julián	" (substituto)
CALDERÓN COLLANTES, Saturnino	Provincia de Ourense
FEIJOO Y RÍO, Manuel	"
GARCÍA, Mauricio	"
MARTÍNEZ, José	"
MOURE, José	"
MONTENEGRO DE PUGA, Antonio M ^a	"
(Marqués de Leis)	"
VALLADARES, José	"
ALVAREZ LORENZANA, Francisco	Provincia de Pontevedra
(Marqués de Vilagarcía)	"
CADAVAL, Juan José	"
FERNÁNDEZ VILLAVERDE, Pedro M ^a	"
FONTÁN, Domingos	"
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	"
LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón	"
PARDIÑAS, Ramón	"
VÁZQUEZ QUEIPO, Vicente	"

LEXISLATURA: 1 de setembro de 1839 ó 31 de outubro de 1839

ABASCAL, Juan	Provincia de A Coruña
ARIAS URÍA, José	"
CHACÓN, José M ^a	"
FERRO MONTAOS, Francisco Javier	"
GONZÁLEZ, Francisco	"
LASAÑA, Juan	"
LLAMAS, Juan José	"
POSE, Luis	"
SUANCES, José M ^a	"
BECERRA LLAMAS, José R.	Provincia de Lugo
FONTÁN, Domingos	"
MOSCOSO, Juan José	"
NEIRA MONTENEGRO, Ramón	"
RODIL, Xeneral	"
RODRÍGUEZ, Anselmo	"
SEOANE, Antonio	"

CALDERÓN COLLANTES, Saturnino	Provincia de Ourense
CASTRO, Joaquín Eugenio	"
GARCÍA, Mauricio	"
MERELLES, Domingos Antonio	"
SANJURJO, Pedro	"
SUÁREZ DE PUGA, Tomás	"
ALVAREZ LORENZANA, Francisco (Marqués de Vilagarcía)	Provincia de Pontevedra
FERNÁNDEZ VILLAVERDE, Pedro	"
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	"
PITA PIZARRO, Pío	"
RODRÍGUEZ BAAMONDE, Florencio	"
VÁZQUEZ, Ramón	"

LEXISLATURA: 18 de febreiro de 1840 ó 11 de outubro de 1840

BASADRE, Diego María	Provincia de A Coruña
BASADRE, Pascual	"
FERNÁNDEZ BOLAÑO, Nicolás	"
LASAGRA, Ramón	"
LORIGA, Antonio	"
LLAMAS, Juan José	"
MURO, José Fermín	"
REY, Ángel	"
RIVA, Nicolás da	"
VIÑAS, Juan José	"
NEIRA MONTENEGRO, Juan Ramón	Provincia de Lugo
PARDO MONTENEGRO, José Ramón	"
QUIROGA Y FRÍAS, Gregorio	"
RODRÍGUEZ DE CAMPOMANES, Manuel (Conde de Campomanes)	"
SAAVEDRA Y PANDO, Ignacio	"
VÁZQUEZ MOSCOSO, Vicente	"
YÁÑEZ RIVADENEIRA, Timoteo Ignacio	"
CALDERÓN Y COLLANTES, Saturnino	Provincia de Ourense
CASTRO, Joaquín Eugenio de	"
FEIJOO Y RÍO, Manuel	"
SANJURJO, Pedro	"
SUÁREZ DE PUGA, Tomás	"
ALCALÁ GALIANO, Antonio	Provincia de Pontevedra
ARMERO, Luis	"

FERNÁNDEZ VILLAVERDE, Pedro	Provincia de Pontevedra	(Renuncia)
GONZÁLEZ ZÚÑIGA, Claudio	"	(substituto)
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	"	
LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón	"	
LORENZANA, Francisco	"	
(Marqués de Vilagarcía)	"	
RODRÍGUEZ VAAMONDE, Florencio	"	

LEXISLATURA: 19 de marzo de 1841 ó 3 de xaneiro de 1843

ALSINA, Vicente	Provincia de A Coruña	
ARIAS URÍA, José	"	
FERNÁNDEZ, Juan Francisco	"	
FERRO MONTAOS, Francisco J.	"	
GARCÍA UZAL, Manuel	"	
GONZÁLEZ, Francisco	"	
IRIARTE, Martín José	"	
POSE, Luís	"	
SUANCES, José M ^a	"	
ÁLVAREZ MIRANDA, Vicente	Provincia de Lugo	
ARIAS DE LA TORRE, José	"	
FARIÑA, José	"	
RODRÍGUEZ, Manuel Anselmo	"	
SOMOZA Y SAAVEDRA, Ramón	"	
TEIXEIRO, Ramón	"	
VÁZQUEZ MOSCOSO, Vicente	"	
BECERRA, José Ramón	Provincia de Ourense	
GARCÍA, Mauricio	"	
MERELLES, Domingos Antonio	"	
MORAS, Judas Ambrosio das	"	
PARDO OSORIO, Joaquín	"	
PRADA DE MONASTERIO, Antonio	"	
ALONSO, Juan Bautista	Provincia de Pontevedra	
ARIAS SEOANE, Antonio	"	
FONTÁN, Domingos	"	
MARTÍNEZ MONTAOS, Ramón	"	
MATHEU, Manuel	"	
OTERO, Hipólito	"	
OTERO, Manuel	"	

LEXISLATURA: 3 de abril de 1843 ó 26 de maio de 1843

ALFONSO, Domingos	Provincia de A Coruña
ALSINA, Vicente	"
ARIAS URÍA, José	"
GARCÍA UZAL, Manuel	"
OTERO, Hipólito	"
RODRÍGUEZ, Patricio	"
SUANCES, José María	"
VÁZQUEZ BUGUEIRO, José	"
ALONSO, Benito María	Provincia de Lugo
ARIAS DE LA TORRE, José	"
PLA, Buenaventura Miguel	"
RODRÍGUEZ, Manuel Anselmo	"
SOMOZA Y SAAVEDRA, Ramón	"
FUENTE, José da	Provincia de Ourense
GARCÍA CAMBA, Miguel	"
GÓMEZ NOVOA, José	"
MORAS, Judas Ambrosio das	"
MOURE, José	"
PRADA DEL MONASTERIO, Antonio	"
ALONSO, Juan Bautista	Provincia de Pontevedra
AREAL, Esteban	"
BUCH, Ramón	"
FONTÁN, Domingos	"
OTERO, Hipólito	"
PATIÑO, Juan Ramón	"
PITA PIZARRO, Pío	"

LEXISLATURA: 15 de outubro de 1843 ó 10 xullo de 1844

ARMERO, Luis	Provincia de A Coruña
CALDERÓN COLLANTES, Fernando	"
COIRA, Antonio María	"
DÍAZ, Nicomedes Pastor	"
MALVAR, Bernardino	"
MUÑIZ, Plácido	"
REY, Ángel	"
SOLER, Juan Félix	" (non tomou posesión)
VIÑAS, Juan José	"
ALONSO, Benito María	Provincia de Lugo

ALONSO, Juan Bautista	Provincia de Lugo	
ARIAS DE LA TORRE	"	
PLA Y CANCELA, Benito	"	
ROBLES, Roberto	"	
SOMOZA DEL RIO, Juan Manuel	"	
SOMOZA SAAVEDRA, Ramón	"	
<hr/>		
ALVARADO, Buenaventura	Provincia de Ourense	
LAFUENTE, José da	"	
LOBIT, Vicente	"	
LLORENS, Mariano	"	(non tomou posesión)
MORAS, Judas Ambrosio das	"	
PRADA, Antonio	"	
<hr/>		
ARÉAL, Esteban	Provincia de Pontevedra	
FONTÁN, Domingos	"	
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	"	
LÓPEZ VÁZQUEZ, Joaquín	"	
PITA PIZARRO, Pío	"	
RODRÍGUEZ BAAMONDE, Florencio	"	

LEXISLATURA: 10 de outubro de 1844 ó 31 de outubro do 1846

ARMERO MILLARES, Luis	Provincia de A Coruña	
CALDERÓN Y COLLANTES, Fernando	"	
CASTRO, Joaquín Eugenio de	"	
COIRA, Antonio María	"	
FERREIRA CAAMAÑO, Juan	"	
GUTIÉRREZ DE RUBALCAVA Y CASAL, Joaquín	"	(substituto)
MALVAR, Bernardino	"	(substituído)
VARELA DE MONTES, José	"	
VIÑAS, Juan José	"	
<hr/>		
BLANCO DE LATOJA, Juan	Provincia de Lugo	
CALDERÓN Y COLLANTES, Saturnino	"	
DÍAZ, Ventura	"	
PARDO MONTENEGRO, José	"	
SAAVEDRA Y PANDO, Ramón	"	
SACO, Agustín María	"	(substituído)
TABOADA LOSADA, Francisco	"	
VÁZQUEZ QUEIPO, Manuel María	"	(substituto)
YÁÑEZ RIVADENEIRA, Manuel	"	
<hr/>		
ÁLVAREZ PESTAÑA, José	Provincia de Ourense	
ESTÉBANEZ CALDERÓN, Serafín	"	

LAFUENTE, José da	Provincia de Ourense	
SANJURJO, Pedro	"	
SUÁREZ DE PUGA, Tomás	"	
TOUBES, Julián	"	
TUTOR, Manuel	"	
ALVAREZ LORENZANA, Francisco (Marqués de Vilagarcía)	Provincia de Pontevedra	
FERNÁNDEZ VILLAVERDE, Pedro M ^a	"	
HERMIDA, Bartolomé	"	(renuncia)
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	"	
LÓPEZ VÁZQUEZ, Joaquín	"	(substituto)
LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón	"	
RODRÍGUEZ BAAMONDE, Florencio	"	
ULLOA PIMENTEL, José	"	

LEXISLATURA: 31 de decembro de 1846 ó 4 de agosto de 1850

	Provincia	Distrito	
ALSINA, Vicente	A Coruña	A Coruña	
BARREIRO, José Joaquín	"	Arzúa	
INFANTE, Facundo	"	Betanzos	(renunciou)
SANTIAGO, Leonardo de	"		(substituto)
AMARELLE, Andrés	"	Carballo	(renunciou)
FERNÁNDEZ HEREDIA, Antonio (Vizconde del Cerro de las Palmas)	"	Carballo	(substituto)
FERREIRA CAAMAÑO, Juan	"	Cee	
DORAL, Antonio	"	Ferrol	(substituto)
GUTIÉRREZ DE RUBALCAVA, Joaquín	"	Ferrol	(renunciou)
MALVAR, Bernardino	"	Noia	
CALDERÓN Y COLLANTES, Fernando	"	Ordes	
VIÑAS, Juan José	"	Ortigueira	
MÉNDEZ, Victor	"	Padrón	
FITZ JAMES, Santiago (Duque de Alba)	"	Pontedeume	
ARMADA VALDÉS, Álvaro	"	Santiago	
ARCE, Carlos Luis de	Lugo	Lugo	
BLANCO DE LATOJA, Juan	"	Chantada	
GARCÍA TASSARA, Gabriel	"	Fonsagrada	(substituto)
RODRÍGUEZ GUERRA, Miguel	"	Fonsagrada	(renunciou)
SEIJO, Patricio	"	Mondoñedo	

SACO, Agustín M ^a de	Lugo	Monforte	
VÁZQUEZ QUEIPO, Vicente	"	Quiroga	
PAZ Y MEMBIELA, Pablo María	"	Ribadeo	
QUIROGA, Salvador María	"	Sarria	(morre)
SOMOZA, Juan Manuel	"	Sarria	(substituto)
PARDO MONTENEGRO, José M ^a	"	Vilalba	
COIRA, Antonio M ^a	"	Viveiro	
<hr/>			
GÓMEZ DE LA SERNA, Pedro	Ourense	Ourense	
FUENTE, José da	"	Allariz	
TUTOR, Manuel	"	Bande	
BERMÚDEZ DE CASTRO, Salvador	"	Barco de Valdeorras	(substituto)
FLÓREZ DEL PÁRAMO, Ildefonso	"	Barco de Valdeorras	(renunciou)
SEIJAS LOZANO, Manuel	"	Carballiño	
CALDERÓN Y COLLANTES, Saturnino	"	Celanova	(nomeado Senador)
PAZ Y MEMBIELA, Ángel M ^a	"	Celanova	(substituto)
SUÁREZ DE PUGA, Tomás	"	Poboa de Trives	
ALFARO, Agustín	"	Ribadavia	(substituto)
RODRÍGUEZ VAAMONDE, Florencio	"	Ribadavia	(nomeado senador)
TOUBES, Julián	"	Verín	
<hr/>			
LÓPEZ BALLESTEROS, Diego	Pontevedra	Pontevedra	
BUCETA RAMÍREZ, José	"	Caldas	(substituto)
VARELA SARMIENTO	"	Caldas	
ÁLVAREZ LORENZANA, Francisco (Marqués de Vilagarcía)	"	Cambados	(renunciou)
CUENCA, Lorenzo	"	A Caniza	
TAMES HEVIA, Francisco	"	Consolación	
ESPINOSA, Benito	"	Prado	
FERNÁNDEZ VILLVERDE, Pedro M ^a	"	Pontecaldelas	
PEREIRA, Juan Manuel	"	Ponteareas	
LÓPEZ VÁZQUEZ, Ramón	"	Tui	
RODRÍGUEZ ARIAS, Francisco	"	Vigo	

LEXISLATURA: 31 de outubro de 1850 ó 7 abril de 1851

	Provincia	Distrito	
BRANA, Victoriano	A Coruña	A Coruña	
BARREIRO, José Joaquín	"	Arzúa	
SANTIAGO, Leonardo de	"	Betanzos	
AMARELLE, José Andrés	"	Carballo	(renuncia)
FERREIRA CAAMAÑO, Juan	"	Carballo	(substituto)

POSE, Manuel	A Coruña	Cee	
ROCA DE TOGORES, Mariano (Marqués de Molins)	"	Ferrol	
HOMBRE, Segundo	"	Noia	
CALDERÓN COLLANTES, Fernando	"	Ordes	
PITA Y LAMAS, Leandro	"	Ortigueira	
MÉNDEZ, José Víctor	"	Padrón	
FITZ JAMES, Luis (Duque de Alba)	"	Pontedeume	
ARMADA VALDÉS, Álvaro	"	Santiago	
OSORIO, Gonzalo	Lugo	Lugo	
YÁÑEZ RIVADENEIRA, Ignacio Timoteo	"	Chantada	
NEIRA MONTENEGRO, Ramón	"	Fonsagrada	
SEJO, Patricio	"	Mondoñedo	
VÁZQUEZ QUEIPO, Vicente	"	Monforte	
SACO, Agustín María	"	Quiroga	
PASARON Y LASTRA, Ramón	"	Ribadeo	
SOMOZA, José Antonio	"	Sarria	
VILLARONTE, Juan	"	Vilalba	
COCIÑA, Vicente Manuel	"	Viveiro	
SANJURJO, Pedro	Ourense	Ourense	
YÁÑEZ RIVADENEIRA, Matías Clemente	"	Allariz	
CALLEJA, Juan nepomuceno	"	Bande	
AREITIO, Toribio	"	Carballiño	
PAZ Y MEMBIELA, Ángel M ^a	"	Celanova	
